

Revista GALEGa
de filoloxía

monografía 12

**Sobre historiografía
gramatical e
codificación
lingüística
(1955-1971).**

*O Epítome de
gramática galega
e outros textos*

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Revista GALEGA
de filoloxía

monografía 12

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Sobre historiografía gramatical e codificación lingüística (1955-1971).

*O Epítome de
gramática galega
e outros textos*



Grupo de Investigación Lingüística
e Literaria Galega

Director: Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

Subdirector: Xoán López Viñas (Universidade da Coruña)

Secretaria: Estefanía Mosquera Castro (Universidade da Coruña)

Edita: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña

Depósito Legal: C 1733-2017

ISBN: 978-84-9749-671-1

Distribúe: Consorcio Editorial Galego: pedimentos@coegal.com

Deseño: Torné Asociados

Maquetación: Antonio Souto

Índice xeral

Presentación	11
<hr/>	
I. Estudo introdutorio	15
<hr/>	
0. Contextualización histórica	15
1. O fracasado proxecto gramatical da Academia Galega	20
2. A gramática de Galaxia e outras iniciativas normativizadoras na década de 60	37
3. As normas ortográficas e morfolóxicas da Academia (1970-1971)	45
4. O labor filolóxico-gramatical de Leandro Carré Alvarellos	58
5. Antecedentes do <i>Epítome de gramática galega</i>	64
6. O texto do <i>Epítome de gramática galega</i> . Consideracións previas e criterios de edición	77
II. <i>Epítome de gramática galega</i>	83
<hr/>	
III. Correspondencia e documentos anexos	131
<hr/>	
1. Escrito do presidente da RAG a Sebastián Martínez-Risco (23-04-1955)	131
2. Carta de Leandro Carré Alvarellos a Sebastián Martínez-Risco (03-03-1956)	132
3. Informe de Sebastián Martínez-Risco ao presidente da RAG (07-03-1956)	132
4. Escrito de Sebastián Martínez-Risco ao presidente da RAG (27-03-1956)	133
5. Escrito do presidente da RAG a Sebastián Martínez-Risco (27-03-1956)	134
6. Carta do presidente da RAG a Sebastián Martínez-Risco (27-04-1956)	134
7. Escrito do secretario da RAG a Sebastián Martínez-Risco (20-11-1958)	135
8. Escrito do secretario da RAG a Sebastián Martínez-Risco (01-12-1958)	135
9. Carta de Carvalho Calero a Fernández del Riego (13-02-1961)	136
10. Carta de Sebastián Martínez-Risco a Victoriano Taibo (24-02-1961)	136
11. Carta de Victoriano Taibo a Sebastián Martínez-Risco (03-03-1961)	138
12. Carta postal de Chao Espina a Sebastián Martínez-Risco (28-11-1961)	140
13. Carta de Fermín Bouza Brey a Sebastián Martínez-Risco (23-01-1962)	141
14. Carta de Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (26-01-1962)	142
15. Carta de Sebastián Martínez-Risco a Fermín Bouza Brey (29-01-1962)	144
16. Carta de Ramón Piñeiro a José Luís Pensado (04-02-1962)	146
17. Carta de Chao Espina a Sebastián Martínez-Risco (07-02-1962)	147

18. Carta de Chao Espina a Sebastián Martínez-Risco (11-02-1962)	148
19. Carta de Antonio Fraguas a Sebastián Martínez-Risco (12-02-1962)	148
20. Carta de Sebastián Martínez-Risco a Chao Espina (14-02-1962)	149
21. Carta de Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (17-02-1962)	150
Texto anexo: Informe de Ramón Piñeiro á RAG	151
22. Carta de Victoriano Taibo a Francisco Vales Villamarín (10-11-1962)	157
23. Carta de Sebastián Martínez-Risco a Antonio Fraguas (05-03-1962)	157
24. Carta de Leandro Carré Alvarellos a Sebastián Martínez-Risco (01-05-1965)	158
Texto anexo: “O AO Ô Ó”	159
Texto anexo: “Verbas romatadas en ZON ou CION”	164
25. Carta de Carvalho Calero a Fernández del Riego (31-05-1965)	164
26. Carta de Carvalho Calero a Fernández del Riego (16-07-1966)	166
27. Carta de Leandro Carré Alvarellos a Sebastián Martínez-Risco (01-02-1967)	168
Texto anexo: “Objeciones a las respuestas relativas a mi proposición de 1 de mayo de 1965”	168
28. Carta de Leandro Carré Alvarellos a Sebastián Martínez-Risco (08-03-1968)	175
29. Carta de Leandro Carré Alvarellos a Sebastián Martínez-Risco (01-06-1969)	176
30. Carta de Leandro Carré Alvarellos a Sebastián Martínez-Risco (28-09-1969)	176
31. Carta de Sebastián Martínez-Risco a Leandro Carré Alvarellos (04-10-1969)	177
32. Carta de Leandro Carré Alvarellos a Sebastián Martínez-Risco (22-10-1969)	178
33. Carta de Leandro Carré Alvarellos a Sebastián Martínez-Risco (29-10-1969)	179
34. Carta de Sebastián Martínez-Risco a Leandro Carré Alvarellos (02-11-1969)	181
35. Escrito de Filgueira, Carvalho e Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (20-11-1969)	182
36. Escrito de 5 académicos a Sebastián Martínez-Risco (05-01-1970)	182
37. Escrito de Filgueira Valverde ao presidente da RAG (04-02-1970)	183
38. Carta de Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (19-02-1970)	183
39. Carta de Sebastián Martínez-Risco a Ramón Piñeiro (s. d., 1970)	184
40. Carta de Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (09-03-1970)	185
41. Carta de Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (09-03-1970)	186
42. Escrito de Sebastián Martínez-Risco á Academia (20-03-1970)	186
43. Carta de Ramón Piñeiro a Basilio Losada (22-03-1970)	186
44. Carta de Carvalho Calero a Fernández del Riego (16-04-1970)	189
45. Carta de Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (21-04-1970)	192
[Folio anexo]	192
46. Carta de Basilio Losada ao Departamento de Filoloxía Románica da USC (14-03-1971)	193
47. Carta de Ramón Piñeiro a Basilio Losada (22-03-1971)	194
48. Carta de Basilio Losada a Ramón Piñeiro (26-03-1971)	196
49. Carta de Ramón Piñeiro a Basilio Losada (27-05-1971)	197

50. Carta de Carvalho e Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (09-06-1971)	198
Texto anexo: “Algunhas normas para a unificación morfolóxica da lingua galega”	199
51. Carta de Ramón Piñeiro a Basilio Losada (verán, 1971)	204
52. Carta de Vales Villamarín a Carvalho Calero (10-07-1971)	205
53. Carta de Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (12-10-1971)	205
54. Carta de Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (12-11-1971)	206
55. Carta de Sebastián Martínez-Risco a Ramón Piñeiro (01-12-1971)	207
56. Escrito do Instituto Eusebio da Guarda ao presidente da RAG (04-02-1972)	208
57. Carta de Xaime Seixas Subirà a Sebastián Martínez-Risco (17-01-1972)	209
58. Carta de Xaime Seixas Subirà a Sebastián Martínez-Risco (13-02-1972)	210
59. Carta de José Morente Torres a Sebastián Martínez-Risco (15-03-1973)	211
IV. Outros textos	213
1. Moción de Manuel Banet Fontenla á RAG sobre ortografía (1960)	213
2. Informe da Comisión Académica da RAG sobre o idioma galego (1961)	215
3. Programa do curso “Gramática galega”, de Leandro Carré Alvarellos (A Coruña, 1964)	215
4. Tres artigos de Manuel Rabanal sobre a estandarización do galego	217
4.1. “Primera carta a la Academia. Sobre variaciones o variantes del gallego” (1962)	217
4.2. “Consultas gallegas” (1965)	218
4.3. “Consulta y buena noticia” (1965)	219
5. Actas das reunións do “Seminario didáctico da lingua galega” (Vigo, 1966)	220
5.1. Reunión de 24 de agosto de 1966	220
5.2. Reunión de 25 de agosto de 1966	222
5.3. Reunión de 26 de agosto de 1966	223
6. Entrevista con Ricardo Carvalho Calero (1970)	224
7. Entrevista con Sebastián Martínez-Risco na radio (1971)	227
8. Intervención de Sebastián Martínez-Risco na televisión	230
Referencias bibliográficas	231

Para Xoel e Icíá

Presentación

A elaboración dunha gramática do galego de carácter institucional foi obxectivo fundacional da Real Academia Galega que recibiu un grande impulso durante a presidencia de Sebastián Martínez-Risco (1960-1977). É certo que polas décadas de 50 e 60 do século pasado, e menos aínda nas precedentes, non había apenas lingüistas na Academia, mais nas décadas posteriores ingresaron moitas persoas na institución con preparación lingüístico-filolóxica e, con todo, aínda hoxe non se conseguiu levar a cabo a elaboración e edición dunha gramática do galego co carimbo académico. Se nos inicios dos anos 60 da anterior centuria foi Ramón Piñeiro quen paralizou o proceso de elaboración mesmo dunha síntese gramatical da entidade con base na falta de especialistas galegos competentes na materia, desaparecido aquel e cos bancos académicos ategados de lingüistas e filólogos/as, aquel proxecto gramatical continúa sen saír á luz.

Unha gramática e un dicionario constitúen metas comúns das entidades que teñen como obxectivo o estudo e coidado das linguas. Por iso a Academia Galega tamén as incorporou ao seu programa de actividades fundamentais desde a súa fundación en 1906, consciente de esas dúas ferramentas seren imprescindíbeis para un idioma ser considerado lingua culta dentro da propia comunidade lingüística e tamén no exterior, ben como para atinxir prestixio social, necesario para unha lingua minorizada se poder normalizar. Após transcorreren 55 anos anos desde a fundación, a entidade académica non foi capaz de elaborar a súa gramática, como sinalara Piñeiro, mais outros 55 anos despois, tampouco. É por iso que o coñecemento a fondo daquel proceso pode deitar algunha luz tamén sobre o presente.

No entanto, polos anos 60 da anterior centuria elaboráronse gramáticas de autoría individual, en concreto a de Carvalho Calero e a de Leandro Carré Alvarellos, o primeiro apoiado pola Editorial Galaxia e por todo o que esta representaba, tamén dentro da Academia, e o segundo practicamente desde a soidade institucional, a pesar de sempre recabar o apoio da entidade para as súas propostas sobre a codificación do galego. O propio Piñeiro, no seu informe presentado á Academia en 1962, suxería a posibilidade de non ser esta a que guiase o proceso de fixación normativa do idioma, como acontecera no catalán con Pompeu Fabra, e de facto a partir do ano 1971 será

o Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela o que acabará por impor o seu criterio e por dirixir o proceso normativizador.

Fracasada a tentativa gramatical da década de 60, incluído o propósito de lle dar certo recoñecemento a un *Epítome de gramática galega* elaborado en 1969 por Leandro Carré, será no inicio da década seguinte cando a Real Academia Galega consiga publicar unhas limitadas normas ortográficas (1970) e morfolóxicas (1971) feitas e aprobadas con certa urxencia perante a perspectiva de o galego se incorporar timidamente ao sistema educativo.

Sobre eses dous acontecementos intimamente ligados –o fracaso na realización dunha gramática da entidade e a aprobación dunhas normas para o uso da lingua– dáse información pormenorizada nas páxinas que veñen a seguir, proveniente da documentación que existe no arquivo particular de Sebastián Martínez-Risco (AMR) e tamén no da Academia Galega (ARA). A organización da información permite dúas lecturas complementares de todo o proceso de non-elaboración da gramática institucional e de redacción, aprobación e divulgación das normas ortográficas e morfolóxicas: unha a través do “Estudo introdutorio” e outra a través da correspondencia, cos seus pertinentes documentos anexos cando for o caso. De aí que, alén do material inédito, absolutamente maioritario e procedente dos dous arquivos citados, se inclúa igualmente algún documento xa editado previamente en publicacións dispersas, mais necesario para a secuenciación e mellor comprensión dos feitos narrados.

Entre a documentación inédita que se dá a coñecer inclúese o texto íntegro dun *Epítome de gramática galega* (capítulo II) que figura no arquivo particular de Martínez-Risco e que, con certeza, é da autoría de Leandro Carré Alvarelos, embora non conste o seu nome no orixinal. Inclúese igualmente outra documentación relativa á codificación do galego na altura, nomeadamente toda a correspondencia sobre o tema existente neste mesmo arquivo particular e algunha da depositada na Academia, pois toda non foi posíbel polas dificultades materiais para a súa reprodución total, aínda que parcialmente se cite na parte introdutoria deste traballo. E tamén se reproducen outros documentos relativos á gramática, ás normas académicas e a outras iniciativas sobre a codificación do idioma na altura, indicando en cada caso a súa procedencia e incluídos como documentos anexos a algunha das cartas reproducidas no capítulo III (informe de Ramón Piñeiro, propostas de Leandro Carré, primeira redacción das normas académicas de unificación morfolóxica etc.) ou no capítulo IV de “Outros textos” (moción de Banet Fontenla, artigos de Manuel Rabanal, actas das reunións dun seminario celebrado en Vigo etc.), segundo os casos.

Por último, quero deixar constancia do meu agradecemento á familia de Sebastián Martínez-Risco polas facilidades dadas para a consulta do seu arquivo particular e tamén ao persoal do arquivo da Real Academia Galega.

Siglas utilizadas

AMR = Arquivo de Sebastián Martínez-Risco

ARA = Arquivo da Real Academia Galega

BRAG = Boletín da Real Academia Galega

ILG = Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago

RAG = Real Academia Galega

USC = Universidade de Santiago de Compostela

I. Estudo introdutorio

0. Contextualización histórica

Torna bastante evidente que inclusive a historiografía gramatical e o proceso de codificación dun idioma manteñen unha forte relación de dependencia co contexto social e político en que se desenvolven, nomeadamente en casos como o do galego, que ficou historicamente subordinado a outra lingua imposta desde un poder dominante de procedencia foránea. Cómpre, pois, unha breve contextualización do período de 1955 a 1971 que se vai tratar nas páxinas que veñen a seguir a respecto de acontecementos de natureza sociopolítica que terán algunha incidencia no proxecto elaboración e dignificación da lingua galega.

O inicio da Guerra Civil de 1936 presupuxo a parálise de todo o proceso galeguizador precedente, que se verá definitivamente reafirmada en 1939 ao resultar vencedor o bando do ditador Franco. A represión xeneralizada tivo unha especial incidencia sobre as linguas e as culturas de expresión non castelá no Estado español, destruindo no caso galego todo o esforzo anterior (institucións, revistas, editoriais) e a se cobrar vidas de persoas entregadas á defensa da lingua e da cultura galegas, como Xaime Quintanilla, Ánxel Casal ou Alexandre Bóveda. Outras, en troca, conseguirán salvar as súas vidas, aínda que pagando o prezo da perda da súa liberdade con duras penas de cárcere polas súas ideas galeguistas, como Carvalho Calero ou Ramón Piñeiro, que serán protagonistas principais dos feitos que nestas páxinas se narrarán; ou sufrirán algún tipo de represión dun réxime ditatorial que tamén as condenou ao silencio interior, como pode ser o caso de Fernández del Riego, Leandro Carré Alvarelos ou Sebastián Martínez-Risco, cun papel tamén destacado no proceso de codificación do galego no período que aquí se analizará. E aínda outras, claro está, tiveron de fuxir ao exilio, onde falecerán, como é o caso de Castelao, ou onde permanecerán durante un longo período, como Rafael Dieste. Mesmo houbo intelectuais galeguistas que se integraron no franquismo triunfante, como Vicente Risco ou Filgueira Valverde, tamén actores con algún papel no percurso estandarizador do idioma. Uns eran xa na

altura, e outros hano ser con posterioridade, membros dunha Real Academia Galega que consegue sobrevivir nos duros anos da represión, non sen contradicións, co ditador convertido en membro de honra.

Así pois, na inmediata posguerra a Galiza entra nesa “longa noite de pedra” do franquismo. Co obrigado silencio das persoas galeguistas que ficaron no interior e o exilio doutras, o centro da cultura galega deslócase á América e fundamentalmente á cidade de Bos Aires, onde vai residir Castelao e outros escritores e intelectuais. A lingua galega vai ter alí unha presenza cultural que lle é negada no seu propio país: cursos de galego, emisións radiofónicas, representacións teatrais, publicación de libros ou conferencias etc. A ditadura franquista persegue con dureza o uso consciente do galego, converténdoo practicamente nunha lingua clandestina de uso familiar e coloquial, pois o seu emprego público podía presupor a perda do posto de traballo ou mesmo da liberdade, situación que inclusive chegará a ser denunciada por entidades galegas da emigración e do exilio americanos perante a UNESCO no ano 1954 (Alonso Montero, 2003). Nese ambiente de persecución lingüística vanse distribuír pola Galiza panfletos denigrando o galego e as persoas que o falan, moitas das cales, nomeadamente labregos e labregas economicamente afogados pola España de “paz e orde”, non van dar con máis saída que a emigración, grave eiva da sociedade galega promovida por intereses espurios e satirizada por escritores como Manuel María ou Celso Emilio Ferreiro. Esa Galiza emigrante, ou exiliada, na América será visitada por Sebastián Martínez-Risco, presidente da Academia Galega desde 1960, ao tempo que estaba a traballar con grande empeño en que esta levase a cabo o seu compromiso na unificación idiomática (Freixeiro Mato, 2016b).

De todos os modos, e a pesar dese clima de represión sobre a cultura galega, a RAG presidida por unha persoa nada hostil ao réxime franquista como Manuel Casás, e con outros membros ideoloxicamente tamén afíns a ese sistema político, contou co apoio do Goberno español para organizar e levar a cabo unha primeira “Asamblea Lusitano-Gallega” na cidade de Braga os días 29 e 30 de outubro de 1955 e mesmo unha segunda na Coruña os días 14, 15 e 16 de agosto de 1961 na Coruña. As actas destes encontros, que foron publicadas bastantes anos despois pola Editora Nacional de Madrid, están dedicadas “Al Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne”, na altura membro correspondente da RAG como se lembra no texto introdutorio desas mesmas actas (Real Academia Gallega, 1967: 12). Torna evidente que a corporación fundada na Coruña nos primordios do século XX por aqueles anos contaba coa tolerancia da ditadura militar franquista, que non achaba maior problema en permitir e apoiar eventos de aproximación cultural con personalidades e entidades dun Portugal que tamén estaba sometido a outro réxime político ditatorial de características bastantes similares ás do español. Será co impulso de Sebastián Martínez-Risco na presidencia da RAG desde finais de 1960 cando esta se vai ir renovando de modo significativo

coa entrada de novos membros alleos ao réxime, provenientes do ámbito galeguista e inclusive do exilio antifranquista, como por exemplo Rafael Dieste que, após 20 anos exiliado na América, é nomeado membro numerario en 1967 e le o discurso de ingreso en 1970.

A guerra e as súas consecuencias tamén afectaran, naturalmente, a edición de libros en lingua galega. Se antes do conflito bélico se viñan publicando obras en galego con certa frecuencia no interior do país, aínda que poucos en xeral –en 1935, por exemplo, saíron do prelo 15–, despois o labor editorial en galego practicamente desaparece, mais non totalmente, pois algúns libros –arredor de sete entre 1938 e 1946–, uns de pouca importancia e outros reedicións case sempre de autores afíns ao novo réxime, aparecen legalmente publicados; non existía, en consecuencia, un decreto formal que prohibise publicar en galego, mais iso resultaba en si máis prexudicial para a causa do galego que se existise tal disposición, que sempre podería ser contestada en foros internacionais (Alonso Montero, 1991: 104-105). Con todo, o réxime franquista puxo en andamento, para alén de múltiples controis represivos, “unha intensa campaña de degradación, minusvaloración e envilecemento” do galego, catalán e éuscaro (Gómez Torres, 2005: 17). Por iso, o galeguismo que se irá reagrupando nos anos 50 arredor da Academia e de Galaxia vai pór o acento na recuperación escrita do idioma mediante a publicación de obras literarias, na procura dun prestixio social de que carecía, e para tal obxectivo cumpría dar pasos na conformación dun estándar acaído. Neste sentido, é tamén preciso mencionar que no ano 1958 o membro numerario da RAG Sebastián Martínez-Risco conseguiu que a entidade se dirixise á Real Academia Española para que retirase algunhas acepcións pexorativas que a voz “gallego” tiña no seu dicionario, feito que tamén se aproveitou para substituír nunha desas acepcións a denominación de “dialecto” pola de “lengua” (Freixeiro Mato, 1994: 61-65).

Coincidindo con certa apertura do réxime ditatorial imposta polas circunstancias da política internacional, comezan a aparecer xa algúns síntomas de recuperación para a lingua e a literatura galegas en finais da década de 40. En 1949 Otero Pedrayo, que fora desposuído da súa cátedra no ensino secundario, emprega de novo o galego publicamente nunha conferencia en Ourense. Aparece tamén por eses anos a colección de poesía Benito Soto, dirixida por Celso Emilio Ferreiro en Pontevedra; fúndase a editorial Bibliófilos Gallegos en Santiago, que organiza o primeiro premio de novela en galego, e Monterrey en Vigo; ao mesmo tempo, o xornal santiagués *La Noche* tira do prelo un suplemento semanal bilingüe de carácter literario en que aparecen textos en galego e tamén outros en español que van tratar sobre a cuestión da codificación idiomática, como se verá; inclusive un escritor tan novo como era Manuel María funda en 1949, con 19 anos, a revista *Xistral*, de que sairán dous números e onde o poeta chairego publica o seu primeiro poema en galego.

Para o que aquí interesa é de extraordinaria relevancia o feito de no ano 1951 un grupo de galeguistas –Otero Pedrayo, Fernández del Riego, Illa Couto, Ferro Couselo, Ramón Piñeiro, Sebastián Martínez-Risco etc.–, dando por perdida a loita política, optaren polo abandono desta en favor da actividade cultural e fundaren a Editorial Galaxia, que se converte nun vehículo importante para a recuperación do galego no ámbito escrito durante esta época e tamén para a recuperación da cultura galega; alén de editar ou reeditar obras literarias, promociona o ensaio e a prosa científica coa creación das revistas *Grial* e *Revista de Economía de Galicia*, mais tamén se preocupa polo estandarización do idioma e así promove unhas normas internas de modernización da ortografía, á parte das iniciativas que vai tomar neste tema dentro dunha RAG que pasa a controlar; convértese así o grupo de Galaxia no axente codificador fundamental no período que é obxecto deste estudo. Por un lado, o control exercido pola censura das autoridades franquistas e, por outro, o propio perfil ideolóxico da maior parte dos promotores dese grupo, sempre temerosos de calquera suposto radicalismo ideolóxico-político, fixeron de Galaxia un proxecto en exceso culturalista e elitista que deixou fóra o galeguismo máis militante e comprometido, o que tamén terá repercusións no proceso de elaboración da lingua e no conflito normativo que máis adiante se desatará na sociedade galega.

En contraposición con ese galeguismo culturalista que representaba Galaxia, polos anos 60 van aparecer no panorama galego dous partidos políticos –a Unión do Povo Galego (UPG, 1964) e o Partido Socialista Galego (PSG, 1965)–, lóxicamente dentro da clandestinidade, de ideoloxía nacionalista de esquerdas, que teñen entre os seus obxectivos irrenunciábeis a defensa do galego como lingua oficial e que, por tanto, consagran a praxe lingüística no noso idioma na actividade política, de tal forma que o resto de organizacións políticas clandestinas, mesmo as de obediencia estatal, acabarán tamén por asumir, cando menos formalmente¹. Arredor deste nacionalismo político emerxente e seguindo o camiño de recuperación cultural e de ruptura do silencio a que a Galiza, privada de se expresar publicamente na súa lingua, ficara reducida, polos anos 60 van aparecer tamén diferentes asociacións culturais –O Facho na Coruña, O Galo en Santiago ou Abrente en Ribadavia– que serán focos de resistencia ideolóxica ao franquismo e de dinamismo cultural na procura da dignificación da lingua e do país no seu conxunto; algunha delas, como O Facho, vai promover cursos de galego e tomar iniciativas para a normativización do idioma. Deste modo, o asociacionismo cultural, unido ao político, converterase no primeiro axente galeguizador do país, levando o idioma a todas as esferas da vida social onde tiña algunha incidencia e facéndoo visíbel pola primeira vez en ámbitos de que até entón estivera afastado. Máis aínda do que Galaxia ou outras

1 Sobre as orixes, configuración e desenvolvemento inicial do nacionalismo galego, nomeadamente da UPG, no período 1959-1974, véxase Rubiralta Casas (1998); tamén Fernández Baz (2003) para os anos 1963-1984.

iniciativas editoriais, foron, pois, o nacionalismo e o galeguismo político e cultural dos anos 60 e 70 os verdadeiros motores da recuperación da cultura galega e do espallamento social do uso público do galego, a crearen paseniñamente unha base social monolingüe e concienciada que aínda hoxe constitúe a máis firme esperanza para a normalización da lingua galega.

Ao mesmo tempo, a produción literaria en galego vai recuperando paulatinamente o pulso de preguerra e autores como Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco-Amor, Carvalho Calero e outros van consolidar unha importante obra xa iniciada naquela época. Igualmente, outras autoras e autores máis novos van dándose a coñecer e entre todos levan outra vez a lingua galega á categoría de lingua literaria de relevancia, capaz xa de dar soporte a sucesos editoriais como *Memorias dun neno labrego* (1961) de Neira Vilas ou *Longa noite de pedra* (1962) de Celso Emilio Ferreiro, que tamén dan acollida nas súas páxinas á temática lingüística, reivindicando a dignidade do galego no momento mesmo en que a RAG trataba de elaborar a súa gramática. Polos anos 60 e parte dos 70 a defensa da lingua galega foi unha constante entre escritoras e escritores, e mesmo cantautores, a se converter tamén en obxecto de reivindicación en actos culturais moito diversos.

A lingua e a literatura galegas, aliás, foron conseguindo nos anos 60 certo recoñecemento, ou polo menos tolerancia, desde a esfera oficial. Así, en 1963 a RAG presidida por Sebastián Martínez-Risco, que acababa de ter un debate intenso a respecto da elaboración dunha gramática oficial, obtén autorización governamental para instituír a celebración do Día das Letras Galegas, dedicado a partir de entón cada 17 de maio a unha figura literaria, a comezar por Rosalía de Castro nese ano en que se conmemoraba o centenario da publicación de *Cantares gallegos*. Outro feito relevante é que en 1965 a lingua e a literatura galegas se incorporan, da man de Ricardo Carvalho Calero, aos estudos de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, en cuxo seo vai xurdir en 1971 o Instituto da Lingua Galega; ambos os feitos terán extraordinaria importancia no proceso de codificación do idioma.

Outrosí, foron aparecendo novas editoras e revistas monolingües, ben como igualmente se produciu unha tímida iniciación á liturxia en galego, tan tímida que Afonso Álvarez Gándara publica un extenso artigo en *La Voz de Galicia* (3-12-1966) co título de “La Iglesia no habla la misma lengua que los gallegos”, gañador do Premio Fernández Latorre do ano 1967, en que termina preguntando as razóns que desaconsellan á Igrexa dar ao idioma da Galiza o mesmo tratamento que lle merecen o idioma de Castela ou de Cataluña; en 1968 xorde o movemento da Nova Canción Galega; e metidos xa na década de 70, algunhas asociacións culturais imparten aulas de lingua galega e mesmo certos colexios e institutos o farán con carácter voluntario e fóra do horario escolar, como mostran algúns textos incluídos neste volume.

Feito excepcionalmente relevante para o tema que nos ocupa foi a incorporación do galego ao sistema educativo oficial, tamén tímida; o 17 de abril de 1970, após as intervencións de Rosón Pérez e do académico Filgueira Valverde, as Cortes franquistas admitiron “definitivamente o galego nas aulas”, aínda que só fose “o principio da legalización” (Ferro Ruibal, 2015: 160), ao aprobaren a Lei de Educación promovida polo ministro Villar Palasi; como se verá, foi o anuncio desta posibilidade o que desencadeou a acelerada elaboración e aprobación das primeiras normas lingüísticas da RAG.

Todo isto vén a demostrar que nos últimos anos da ditadura franquista se van dando pasos para que a lingua que aínda fala unha boa parte da poboación galega, a pesar da constante perda de falantes e do seu desprestixio social, recupere ámbitos de uso tendentes a superar unha situación tan desfavorábel e tente avanzar no proceso de unificación normativa na escrita. Máis que nunca, o galego era nesa altura, coa deserción case total das clases altas e medias acomodadas das cidades e vilas importantes, a “lingua proletaria” do pobo galego, como a definira poeticamente Celso Emilio Ferreiro na composición “Deitado fronte ao mar...” (1962); e outro poeta de fondas raíces populares, Manuel María, instaba a “defender o idioma como sexa” en “Canción para cantar todos os días” (1970). A RAG, por seu turno, presa na altura do proxecto culturalista e elitista do grupo de Galaxia que a controla e afastada das pulsións populares, vai ver usurpada a súa autoridade en materia de codificación lingüística por un ILG que acabará por impor unha concepción máis foneticista e popular dun idioma en parte desconectado da súa tradición histórica.

En conclusión, no período que vai de 1955 a 1971 a ditadura franquista que perseguíu a lingua e a cultura galegas tolerou, porén, a existencia dunha RAG que nun principio non resultaba problemática para o réxime. Co paso dos anos a forzada apertura deste posibilitou tamén a renovación da Academia e unha máis directa e intensa implicación desta no proceso de restauración cultural e lingüística da Galiza, que contou co impulso decisivo dun emerxente nacionalismo político-cultural de base máis popular.

1. O fracasado proxecto gramatical da Academia Galega

A RAG, creada co esforzo e compromiso de persoas galeguistas da emigración americana en colaboración con personalidades relevantes da cultura galega no propio país, tiña como obxectivos fundacionais a elaboración dun dicionario e dunha gramática do galego, segundo figura expresamente nunha circular enviada pola Comisión Organizadora da “Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega” da Habana ás persoas simpatizantes do proxecto con datación de 24 de xuño de 1905: “Primero: Constituir en el punto que mejor convenga de Galicia,

una Academia gallega sin más carácter que el de dar unidad al idioma gallego por medio de la publicación de una ‘Gramática’ y un ‘Diccionario’; estudiar las ciencias; cultivar la Literatura y las Artes [...]” (en López Varela, 2001: 121). Canto ao dicionario, a nova entidade domiciliada na cidade da Coruña deu algúns pasos significativos; porén, con relación á gramática, practicamente non fixo nada en todo o período anterior á Guerra Civil de 1936, para alén de traducir para o español o apéndice de gramática galega da obra *Gramática Portuguesa* de J. Cornu nos primeiros números do boletín.

Constituíuse, iso si, na Xunta Ordinaria de 3 de marzo de 1907 unha Comisión Ortográfica para a elaboración do dicionario, que estaba presidida por José Pérez Ballesteros e que tiña Manuel Lugrís Freire como secretario, coa encomenda de decidiren sobre a ortografía do proxecto lexicográfico; nese mesmo ano pasou a ficar constituída por Martínez Salazar como presidente e Salvador Golpe, Lugrís Freire, Pérez Barreiro e Uxío Carré. Esta Comisión emitiu un informe o 15 de abril de 1909 (publicado no nº 26 do *BRAG*) favorábel á adopción da ortografía etomolóxica non só por ser a utilizada por todas as academias “cultas” como por a vulgar a máis conveniente para os estudos filolóxicos.

No entanto, deberon de ser certamente escasas e sen apenas repercusión as iniciativas para a elaboración dunha gramática académica, “a xulgar polo que se desprende do desenvolvemento das súas Xuntas”, segundo afirma López Varela, quen unicamente alude a un “pretendido estudio que as diferentes Comisións da Academia tiñan sobre a celebración dun concurso cun premio en metálico para a mellor *Gramática de la lengua gallega* que se puidese achegar seguindo criterios científicos e acorde co progreso da filoloxía do momento” (López Varela, 2001: 136). Mais non temos noticia de ese concurso se chegar a celebrar nin de tal gramática aparecer.

Non conseguí, por tanto, a Academia levar a cabo o obxectivo de elaborar unha gramática do galego antes de 1936 nin durante o período de posguerra, inclusive cando en 1960 Sebastián Martínez-Risco accedeu á presidencia e fixo propósito firme de editar, cando menos, unha síntese gramatical. De tal compromiso deixou clara constancia Franco Grande (2004: 253-254):

O que moi poucos saben (desaparecido Ramón Piñeiro, penso que son eu o único que o sabe) é que a idea máis cara a don Sebastián era a publicación da *Gramática galega* da Academia. Pensaba que esa ía ser a grande aportación da súa presidencia. E tiña tanta ilusión en que esta idea se fixese realidade que un día quixo concertar con Piñeiro a maneira de que a súa idea saise adiante. Pero Piñeiro, home realista e con grandes coñecementos do caso, con moito vagar foille suxerindo que esa idea, polo de agora, era impracticable e que conviña (e saíu o verbo que Piñeiro tanto conxugou na súa vida) agardar: unha gramática moderna, ao seu xuízo, na Galicia daquel momento (1960 ou 1961), non había

ninguén que a puidese facer, que se trataba de traballo que tiña que agardar e que, en calquera caso, non estaba en condicións a Academia para asumir naquel momento a paternidade dunha gramática, da súa gramática. Don Sebastián quedou visiblemente amolado por esta contrariedade, pero aínda así propuxo que ao mellor podía facerse unha gramática que fose unha sorte de posta ao día da de Saco e Arce. Piñeiro reiterou os argumentos ditos e engadiu aínda que unha gramática galega moderna tiña que ser outra cousa: outros tiñan que ser os criterios e, ao mellor, nin sequera podía ser obra individual senón máis ben colectiva. Unha gramática podía facela el, ou Carballo Calero –díxolle–, pero esa non era a gramática que tiña que facer a Academia. Percibín a súa contrariedade naquel ricto seu, que acostumaba debuxárselle nas vistas, ou cando algo non lle parecía ben ou estaba en tensión. Pero, penso, comprendeu moi ben a tese de Ramón Piñeiro, por máis que quedou insatisfeito ao ter que deixar a unha beira o que sen dúbida era unha ilusión da súa vida.

Mais ese obxectivo non o puido ver cumprido Martínez-Risco durante todo o seu mandato na institución, onde estivo sometido á presión desa necesidade perentoria para a cultura galega nun momento en que a recuperación literaria do idioma propio xa atinxira un grao de desenvolvemento importante, que facía insoportábel a carencia duns criterios mínimos de unificación normativa da escrita. A modo de exemplo, así o pon en evidencia o profesor Manuel Rodrigues Lapa nas cartas que dirixiu a Fernández del Riego (Lapa, 2001) a propósito das sucesivas edicións da súa sucesosa obra sobre estilística do portugués, onde incluía exemplos literarios procedentes de escritores galegos. Nunha carta de outubro de 1963 manifesta, no entanto, algunhas cautelas para o incremento da presenza do galego perante a ausencia dunha “gramática aceitábel” que xulgaba “de uma urgência suprema”; e advertía do perigo da demora na súa realización por pretender facer unha obra “ideal”:

Não estejam à espera duma gramática ideal, que não existe. Façam uma coisa razoável, de sentido prático; mas primeiro procedam a uma uniformização da ortografia, para evitar os disparates que correm por aí. Também isso não é um instrumento definitivo, nem pode ser. Como vê, sempre penso nessa terra e na sua gente (Lapa, 2001: 195).

Esa demora, que se prolonga até a actualidade, foi o que finalmente aconteceu por intervención directa de Ramón Piñeiro. Por iso, a preocupación de Rodrigues Lapa pola falta dun modelo común de galego culto continuaba aínda en finais de década de 60, como manifesta noutra carta de 1969 a propósito dunha visita de Silvio Santiago para lle pedir un prólogo para a súa obra *O silencio redimido*: “Pois no texto encontro una constante vacilación em formas como *conecer, coñecer, conocer, República, Repúbriica*, etc. Isto não pode consentir-se numa língua que aspira a ser um instrumento literário” (Lapa, 2001: 281). Aínda en carta de 1973, após a RAG

ter aprobado as súas primeiras normas, insiste no problema de falta de codificación do galego e propón un debate público: “Não acha que deveríamos ventilar esse problema publicamente, enquanto é tempo? O galego está ou não está ameaçado de se converter em ‘francastrapo’ e em seguida desaparecer? Estou muito preocupado com isso. Quem está fora vê melhor o perigo” (Lapa, 2001: 330).

Esa preocupación de quen era membro de honra da entidade fundada na Coruña existía tamén na nova corporación presidida por Martínez-Risco. Consérvanse no ARA notas manuscritas do presidente, preparatorias das xuntas que celebraba a entidade, onde o tema da elaboración da gramática está presente xa nos primeiros meses do seu mandato; así, para a Xunta Ordinaria da RAG de 11 de decembro de 1960 figura unha anotación manuscrita cun punto tres que inclúe a proposta de nomeamento de vogais dunha comisión para redixir unha antoloxía e unha gramática galegas. Hai outrosí no ARA unha moción sobre ortografía de Manuel Banet Fontenla, datada a 20 de novembro de 1960, onde consta que a Academia tomara o acordo de facer unha síntese gramatical (véxase IV.1), o que vén a significar que a entidade xa se conformaba co obxectivo de publicar unha modesta síntese de gramática inmediatamente despois de Martínez-Risco acceder á presidencia. Tamén a pouco de entrar en funcións presidenciais Martínez-Risco, a dirección da Academia visita Compostela e contacta cos catedráticos máis cualificados en materia lingüística, segundo comenta Ramón Piñeiro a Carvalho Calero en carta de febreiro de 1961:

Os da Academia semella que entraron nunha fase de gran aitividade. Eiquí estiveron un día a visitar a totalas autoridades. En xeneral acóllenos ben. O Moralejo e mailo Rabanal quedaron moi ledos de que lles pediran a sua asistencia a unha das xuntanzas que tivéstedes recentemente (en Alonso Girgado, Cuquejo Enríquez, & Fariña Miranda, 2004: 37).

A este respecto cómpre termos en conta que a Academia foi, e aínda en parte é vista por algúns sectores da sociedade, con receo polo que fai referencia á súa fidelidade e preocupación pola lingua, tal como dixera xa Alonso Montero nun artigo en *La Noche*, de 27 de febreiro de 1961: “Y fueron las piedras, los refranes y los condes quienes acapararon la atención de los académicos. El idioma, objeto evidentemente de más singularidad y enjundia, fue a veces marginado”. Porén, Sebastián Martínez-Risco afirmaba en 1962 ser o galego a lingua habitual da institución, embora iso nin sempre fose así: “Los académicos saben el gallego. Es lo que se habla en el seno de la Academia. Ahora no todos poseen el mismo hábito de perfección”. E entre os obxectivos marcados para a institución no ano 1963 o presidente citaba especialmente a fixación normativa: “Esta tarea de fijación de la lengua la pensamos realizar de manera inmediata. Realmente hace falta una norma de unificación. Hay palabras que se escriben hasta de doce formas distintas, circunstancia que si bien acredita

la riqueza del idioma, puede ocasionar cierto confucionismo”². Como logo se verá, o argumento do polimorfismo viña sendo reiterado por Ramón Piñeiro, tamén na correspondencia co presidente da RAG, e no seu informe á entidade (véxase anexo á carta nº 21) porá algúns exemplos comentados criticamente por Santamarina (2009). Torna evidente que Piñeiro estaba a influír de modo decisivo no pensamento de Martínez-Risco a respecto da lingua e das súas necesidades.

Xa antes de acceder á presidencia da Academia, Martínez-Risco fora requirido por esa corporación para emitir opinións de carácter técnico sobre unha gramática galega elaborada por Leandro Carré Alvarellos³. Mais cando en 1960 accedeu ao cargo, aínda persistía a necesidade de elaboración dunha gramática galega, que era un dos obxectivos prioritarios marcados por el propio. A posterior incorporación lenta e tímida do galego a reducidos ámbitos do ensino faría aínda máis necesaria a existencia desa gramática emanada da Academia, obxectivo sempre proposto e xamais conseguido, e dunhas normas de unificación ortográfica e morfolóxica.

Sebastián Martínez-Risco asumiu o cargo o 9 de outubro e poucos días depois, con data de “20 de San Martiño de 1960”, figura no ARA, nunha carpeta rotulada “Comisións para a creación dunha gramática e dunha antoloxía galegas. Correspondencia e informes”, un escrito ao “Sr. Presidente da Real Academia Galega” de pouco máis de tres páxinas, asinado por M. Banet Fontenla, en que comeza por afirmar que na última reunión ordinaria da Academia fora tomado, entre outros, o acordo de facer “un epítome ou síntesis da Gramática Galega”, como se viu, para a seguir presentar unha “moción en col da ortografía da nosa fala” en que trata do alfabeto galego e fai observacións concretas sobre o uso das consoantes, dos signos de puntuación, dos acentos e do apóstrofo, co rogo final de que sexa tomada en consideración pola entidade (véxase IV.1); cómpre indicar que Banet Fontenla foi un dos poucos aliados con que contou na Academia Leandro Carré Alvarellos, autor que protagonizará os últimos capítulos deste estudo introdutorio e que sempre estivo preocupado igualmente pola codificación do galego, para cuxo obxectivo tamén presentou propostas na RAG, como se verá. Outrosí, hai no ARA un escrito do secretario da RAG, datado a 26 de xaneiro de 1961, en que convoca os membros da Comisión de gramática para unha sesión de constitución o día 18 de febreiro e unha nota manual cos nomes dos membros da Comisión, formada pola

2 A respecto do artigo de Alonso Montero e das declaracións de Martínez-Risco véxanse os datos precisos en Freixeiro Mato (1994: 159).

3 Véxanse as cartas que van do nº 1 ao 8 do capítulo III (“Correspondencia e documentos anexos”) deste volume. No sucesivo todas as referencias concretas a cartas numeradas incluídas no presente traballo remiten para ese capítulo; por exemplo, coa indicación “carta nº 18” remítese para o capítulo III, carta número 18. As referencias a outras cartas non reproducidas nese capítulo fanse coa indicación “ARA”, relativa á súa custodia no arquivo da RAG, ou mediante a referencia bibliográfica correspondente, segundo os casos.

Xunta de Goberno da entidade e os señores Vicente Risco, Fermín Bouza-Brey, Filgueira Valverde, Victoriano Taibo, Aquilino Iglesia Alvariño (marcado cunha cruz e entre parénteses o nome de Ramón Piñeiro), Enrique Chao Espina, Ricardo Carvalho Calero, Abelardo Moralejo Laso e Manuel Rabanal Álvarez. Como consta noutros documentos e segundo se deduce da correspondencia, sería Fermín Bouza-Brey quen actuase como presidente da Comisión.

Así pois, a Comisión de gramática da RAG ficou constituída o 18 de febreiro de 1961 cos membros antecitados. Mais a posterior morte de Aquilino Iglesia Alvariño en finais de xullo dese mesmo ano propiciou a incorporación de Ramón Piñeiro para ocupar o posto daquel na Comisión, feito que vai ter unha grande transcendencia, pois a partir dese momento será o autor natural de Láncara quen dirixa todo o proceso de codificación lingüística no seo da entidade. Para isto contará de modo especial con Ricardo Carvalho Calero, outro membro do Partido Galeguista de preguerra que pasara polo cárcere franquista coma el nos primeiros anos da posguerra e que máis adiante desempeñará un papel fundamental tanto na historiografía gramatical canto no proceso de codificación lingüística; no entanto, por eses primeiros anos da década de 60 Carvalho tiña pouca dispoñibilidade para colaborar activamente coa Comisión de gramática, xa que a dirección dun colexio lucense e as aulas que nel impartía, por un lado, e a elaboración para Galaxia da historia da literatura galega, por outro, absorbíanlle todo o tempo e inclusive é probábel que non asistise á sesión constitutiva da Comisión, segundo el propio comenta en carta a Fernández del Riego do día 13 de febreiro (carta nº 9). De todos os modos, poucos anos despois será el quen enfrente a elaboración dunha gramática para a mesma editora e no tránsito da década de 60 a 70 terá un papel fulcral na redacción e aprobación das primeiras normas ortográficas e morfolóxicas da RAG (Real Academia Gallega, 1971). Mais, tanto nun caso como noutro, Carvalho estará sempre en contacto directo con Ramón Piñeiro, con quen partillaba na altura un punto de vista similar a respecto dos problemas da lingua galega e das súas posíbeis solucións.

Outro membro nomeado para a Comisión de gramática era o escritor Victoriano Taibo, que ofrece resistencia a facer parte dela tanto por motivos de saúde derivados da súa avanzada idade, canto por se non considerar persoa capacitada para esa misión polo feito de non ter a condición de gramático nin de filólogo; no entanto, propón que sexan os académicos con esa condición os que sinteticen e actualicen a gramática de Saco Arce:

A nosa gramática penso que está virtualmente feita por Saco Arce. Os que poñan n'iso as súas mans terán agora que extractala e póla ó día. E isto derradeiro é o máis importante, e só o poderán facer os profesionais, filólogos e gramáticos (carta nº 11).

Tal proposta é posíbel que estivese na mente doutros académicos como Carré Alvarellos, por exemplo, pois en certo modo xa a levara á práctica na elaboración do seu *Compendio de gramática galega* (R. A., 1919; véxase I.6). Taibo voltará a utilizar estes argumentos en carta a Vales Villamarín de finais de 1962, que se pode interpretar como a súa renuncia definitiva a facer parte da Comisión: “Coido que é cousa de Licenciados en Filosofía e Letras, e na Academia hainos e competentes. Para eles o traballo será bon de levar. O fundamental téñeno en Saco Arce, Lugris e Couceiro” (carta nº 22). Mais xa por esa altura pouco valor podía ter a súa renuncia, pois a Comisión de gramática estaba na práctica no proceso de cesamento de funcións.

Aínda por finais de 1961 pouco ou nada avanzara a Comisión nos seus traballos, segundo se desprende dun escrito de Vales Villamarín, secretario da RAG, de 13 de outubro de 1961, en que solicita aos membros daquela que dean conta por escrito do traballo realizado. Responden practicamente todos, como consta no ARA, mais a resposta de Carvalho Calero ten un interese especial pois nela deixa ver que o que se acordara fora crear unha subcomisión constituída por Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé Filgueira Valverde, Abelardo Moralejo e Manuel Rabanal, e que sería esta a que se encargaría de realizar un traballo previo á intervención do resto dos membros. Tal versión vese confirmada outrosí no escrito de resposta de Chao Espina e doutros máis; o propio Chao, en carta-postal posterior ao presidente da RAG, fala de que é urxente dispor dun guión da gramática (carta nº 12). Ten igualmente especial relevancia a carta de Abelardo Moralejo ao presidente da entidade, de 20 de novembro de 1961, pois nela di falar tamén en nome de Manuel Rabanal e suxire a conveniencia de ambos renunciaren a facer parte dunha Comisión que segundo el nunca chegara a se reunir:

Desde luego ninguno de los dos hemos hecho nada en relación con la proyectada Gramática Gallega. No recuerdo si la Comisión designada para su preparación y elaboración había de reunirse, pero nunca se ha reunido [...].

En nuestra conversación conveníamos en que se trata de un trabajo que ha de ser realizado principalmente por gallegos y que sientan la lengua desde dentro, cosa que nosotros no podemos sentir (ARA).

Como se ve, aínda que Piñeiro confiaba moito en persoas non galegas coma eles polos seus coñecementos técnicos sobre a materia, son eles propios os que derivan a responsabilidade para as persoas que teñen o galego como lingua propia.

De todos os modos, a Comisión de gramática parece que finalmente se reuniu en Santiago de Compostela, no Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, o 30 de decembro de 1961, coa presenza dos profesores Moralejo e Rabanal, alén de Ramón Piñeiro e Paulino Pedret, que non figuraba na relación de membros daquela, e presidida por Fermín Bouza-Brey; tamén participaría na reunión

Antonio Fraguas polo feito de se achar alí naquel momento. Así é como consta nun escrito de Bouza-Brey a Martínez-Risco que se custodia no ARA, do cal se pode deducir que o ter a morada en Compostela era factor determinante tanto para facer parte da Comisión como para participar nas súas reunións aínda non sendo membro dela; ao mesmo tempo, por tanto, a súa composición tamén parece estar suxeita a unha certa flexibilidade en función das circunstancias. Continúa a informar Bouza-Brey nese mesmo escrito de que na reunión se acordou facer un esquema a partir do cal se acrecentarían as conclusións que fosen sendo asumidas polos demais membros da Comisión ou polo resto de académicos e de que se barallaron outros nomes para aquela, que foron desbotados por xulgaren as persoas presentes na reunión que non era precisa a ampliación por a tarefa a desenvolveren ser sinxela e poder ser realizada por eles sen máis problema que o da falta de tempo. Tamén dá conta Bouza-Brey de que se comentou na mesma reunión que Cesáreo Saco, de Monforte de Lemos, tiña feito un epitome gramatical e de que encargaron Piñeiro para que llo pedise para así o poderen estudar. Con efecto, Piñeiro faría a xestión, como explica en carta ao presidente da RAG de 26 de xaneiro de 1962: “O lus fun a Monforte e falei con Cesáreo. Prometeu facilitarnos o seu material unha vez revisado i ordeado, que será labor de pouco tempo. Despois estará a disposición da comisión pra que o utilice como lle conveña” (carta nº 14). No entanto, ou ben Cesáreo Saco non chegou a entregar o seu traballo revisado ou ben Piñeiro e/ou a Comisión non o consideraron válido, aínda que nunha carta de Bouza-Brey a Sebastián Martínez-Risco, de 30 de marzo de 1962 (ARA), di que Piñeiro non chegou a presentar ese epítome do seu “amigo”; con todo, tamén puido acontecer que a parálise e fracaso final daquela invalidase calquera contributo de interese.

Con efecto, a Comisión de gramática acabará por fracasar tanto por decisión persoal de Piñeiro, segundo a seguir se verá, canto polos conflitos xurdidos entre os seus membros por cuestións de método e por outras dificultades que se presentaron. Así, en xaneiro de 1962 Manuel Rabanal, na súa sección “Nebulosa” de *La Noche*, publicou unha “Primera carta a la Academia. Sobre vacilaciones o variantes del gallego”, onde afirma: “Es indudable que una Gramática académica –algo muy distinto de un Tratado universitario, o de una tesis de contenido dialectológico– tiene que aspirar a ser una especie de canon del mejor decir y no un inventario de peculiaridades coloquiales” (véxase IV.4.1). Como consecuencia deste artigo Fermín Bouza-Brey escribe unha carta, con data de 23 de xaneiro de 1962, ao presidente da RAG, en que manifesta:

Se trata de que durante la reunión tenida, Rabanal manifestó que, mientras no hubiese trabajos monográficos respecto del gallego, esto es, estudios gramaticales sobre las distintas partes de la oración, no podría hacerse una Gramática en forma, pues había tales variantes en una porción de casos que, mientras no hubiese una norma que se impusiese, sería difícil escoger. Objeté que eso no era obstáculo para la formación de un compendio gramatical como

el que se buscaba, pues todo consistía en buscar una norma general, que iría en el impreso en letra redonda corriente, y colocar en letra de tipo menor las excepciones o variantes de la misma, y que si se tuviese forzosamente que escoger entre varios criterios o cuestiones fácticas, esta labor la realizaría la Academia con su autoridad y después expondría, como dignos de nota los demás criterios en menor cuerpo de imprenta. Entonces añadió que me daría a mi, personalmente, una serie de palabras análogas, con sus variantes, que él tenía agrupadas. Acepté. Pero, con sorpresa, he visto en “La Noche” el artículo que te acompaño y que ruego me devuelvas referente a la cuestión, por el que daba publicidad o estado público a la conversación conmigo tenida, y haciéndolo en forma que se dirigía a la Academia, como ves (carta nº 13).

Tamén lle traslada Bouza-Brey nesta carta o malestar dalgúns dos asistentes á reunión, como Paulino Pedret, coa indiscreción de Rabanal, con quen afirma terse posto en contacto para lle solicitar que deixase de publicar artigos sobre o tema do epítome gramatical; e tamén solicita a mediación do presidente da RAG para preservar a confidencialidade das deliberacións académicas. Martínez-Risco expresa a Bouza-Brey na súa resposta de 29 de xaneiro a opinión da Xunta de Goberno da Academia, bastante coincidente coa do seu interlocutor:

De nuevo tengo que agradecerle tu interés en relación con el asunto, que tanto nos preocupa a todos, de la redacción de un compendio de Gramática Gallega, interés demostrado, una vez más, por la información y opiniones que me suministras en tu dicha carta. En cuanto a lo principal de ella, he de decirte que ya conocía esa «Primera carta a la Academia», publicada en «La Noche» por nuestro ilustre colega D. Manuel Rabanal, y que la conocían también mis compañeros de Junta de gobierno, con los que en una anterior al recibo de tu carta tratamos del problema académico que planteaba, en sus diversos aspectos, llegando a conclusiones unánimes, coincidentes con tus opiniones y con la decisión que, fundado en ellas, te anticipaste a adoptar.

Uno de esos aspectos –el más importante–, es el de la presunta incompatibilidad de los trabajos periódicos anunciados por el articulista, y los trabajos internos de la Comisión a que aquél pertenece. Para nosotros –aludo a la Junta de gobierno–, y salvando el criterio que al respecto puedan tener los demás académicos, y desde luego la Junta general, la publicación de esos trabajos supone una desviación hacia el terreno público de la labor, más que útil efficacísima, que su autor puede y debe realizar en el seno de la Comisión [...] porque se trata de redactar un epítome para uso de escolares, que venga a llenar el sensible vacío sufrido hasta ahora, y no de realizar una labor exhaustiva que abarque el aspecto filológico, y alcance a las variantes fonéticas, morfológicas y sintácticas (carta nº 15).

Nesta misiva ponse o acento no nó da cuestión que se debe dilucidar como criterio metodolóxico a seguir. En canto Bouza-Brey, Martínez-Risco e a Xunta de Goberno

da RAG, xunto con outros académicos, falan de elaborar nun curto período de tempo un sinxelo epítome gramatical para uso escolar que veña preencher unha lacuna existente, Rabanal propón demorados estudos dialectais previos que deixarían o proxecto sen un horizonte temporal definido. Aínda que a opinión maioritaria parece coincidir cos primeiros, o feito de Ramón Piñeiro se adherir ás teses de Rabanal vai resultar definitivo para o desenvolvemento do proxecto.

Neste sentido, a incorporación de Piñeiro á Comisión de gramática en substitución do desaparecido Iglesia Alvariño vai ser de singular importancia para o desenvolvemento do seu labor. Ramón Piñeiro falaba do seu recente nomeamento e do pequeno papel que lle correspondería desempeñar nesa Comisión –o que non se compadecerá coa realidade dos feitos que logo se desenvolverían– en carta a Carvalho Calero de 14 de decembro de 1961:

Hai aínda poucos días que recibín o oficio da Academia comunicándome a desaiñación. Nin tempo tiven de falar cos outros membros da Comisión. Como eu non son gramático, máis ben asumirei o papel de estimular ós que o son e facerlles algunhas suxerencias nadas do meu coñecemento da língoa. Outra cousa non podo facer (en Alonso Girgado, Cuquejo Enríquez, & Fariña Miranda, 2004: 37).

Mais, en lugar de ‘estimular’ a realización dunha gramática académica, puxo freo a ese proceso. Neste sentido, fica claro, á vista de toda a documentación existente, que a dirección de tal proceso estivo nas mans de Ramón Piñeiro, “home moi amigo de controlalo todo”, como afirma Franco Grande (2004: 330), quen mantivo con el unha profunda relación de amizade e colaboración. Tamén non torna fácil achar unha explicación clara á escolla de Piñeiro para esa Comisión cando el aínda non era membro numerario da RAG –o acto de recepción pública tería lugar varios anos despois, o 25 de novembro de 1967 (Monteagudo, 2008: 14-18)– e non posuía título de lingüista, embora cumpra ter en conta que neste último caso había outros académicos; tamén debeu de ter a súa importancia o feito de morar en Compostela como outros membros da Comisión; en finais da década fará parte da equipa redactora das normas ortográficas e morfolóxicas da RAG xunto con Carvalho Calero e Filgueira Valeverde, que si eran filólogos e exercían profesionalmente como profesores de lingua e literatura. Con todo, na opinión de Santamarina (en Fernández Rei, 2008: 994) Piñeiro posuía máis “coñecementos gramaticais” que estes dous e “tiña máis sentido idiomático e común” que os demais membros de Galaxia.

Nese papel de director na práctica do proceso de elaboración da gramática, será Piñeiro quen chame o presidente da RAG, en carta de 26 de xaneiro de 1962, á prudencia no tema gramatical, facéndolle ver as carencias tanto da entidade como del propio no relativo á capacitación técnica e a apelar á súa responsabilidade institucional:

I a Academia non debe, *non pode* dar un paso en falso no problema idiomático. Estamos nun semi-caos lingüístico. Pra saíremos dil necesitamos da autoridade normativa da Academia. Eso obrígalle a proceder con moito tino e coa meirande responsabilidade. Pensar que no estado aital dos nosos coñecementos lingüísticos pode a Academia publicar a Gramática «académica» do galego é bastante alarmante pra quen teña conciencia da nosa realidade idiomática e dos seus intrincados, múltiples e delicadísimos problemas.

Ora, como considero que teño o deber de contribuír coas miñas cativas forzas ó acerto do labor académico —e por ser, de toda a aitividade da Academia, a súa responsabilidade idiomática a que máis me preocupa e me interesa—, teño mentes de vos enviar un informe craro e preciso sobre todo isto, con un plan positivo pra que a Academia poida levar a cabo, con realismo i eficacia, a súa elevada misión neste terreo. Pro antes quero falar con Moralejo e Rabanal, pois si iles coinciden pódennlle dar moita máis autoridade.

Pro, independentemente de todo isto, a min gustárame moito que comprobases a ouxetividade destas dificultás de que che falo. Mesmamente pola responsabilidade representativa do teu cárego, considero moi comenente que dispoñas dos mellores e máis solventes asesoramentos en materia tan importante e na que ti non eres especialista, como lles ocorre ós restantes académicos, pois os dous únicos que o son —Rabanal e Moralejo— nin son galegos nin conocen o galego na medida necesaria (carta nº 14).

Como se ve, é nesta mesma misiva cando Piñeiro anuncia ao presidente da RAG o envío dun informe ao respecto. El foi falando cos diferentes membros da Comisión para os convencer da conveniencia de adoptaren unha posición prudente na cuestión da gramática, segundo se deduce da correspondencia de inicios de 1962 (véxase, por exemplo, Alonso Girgado, Cuquejo Enríquez, & Fariña Miranda, 2004: 50), mais outros académicos, nomeadamente Chao Espina, continuaban a pedir urxencia a Martínez-Risco e á RAG (véxase, por exemplo, cartas nº 17 e 18). Este, na súa condición de presidente da entidade, inclínase inicialmente pola posición de Chao (carta nº 20)⁴, mais será Piñeiro quen acabe por impor o seu criterio, para cuxo obxectivo elaborou aquel informe que prometera ao presidente sen que este nin a institución como tal llo pedisen (véxase a carta nº 21, seguida do informe). Martínez-Risco fala del en carta de 5 de marzo a Antonio Fraguas:

4 Nese afán de acelerar o proceso de elaboración da gramática, Chao Espina realizou un esquema de compendio gramatical, ou “Índice”, segundo consta na correspondencia con Martínez-Risco, seguindo “o mesmo método pedagóxico dos meus libros de Portugués”, pois impartía aulas de lingua lusa na Coruña e era autor de obras como *Curso de Lengua Portuguesa*, publicado no ano 1958 en Viveiro. Con efecto, na subcarpeta correspondente ao ano 1962 que figura no ARA está o “Índice” de Chao Espina, que ocupa cinco páxinas manuscritas e que é bastante parecido ao da súa gramática portuguesa antecitada (Chao Espina, 1958: 147-151).

Andamos co da Gramática. Temos recibido un interesante informe de Piñeiro que propón cuestións dinas de sopesar polos membros da Comisión, e acordamos sometelo á opinión de cada un deles. Unha vez emitidas todas, convocaremos unha Xunta extraordinaria pra acordar o que mellor conveña encol do asunto. Piñeiro propón a ouservancia de tres etapas: estudo dos feitos lingüísticos, é dicir, da multiplicidade polifórmica do galego; unificación selectiva, e redacción da Gramática. Considera que a primeira debe ser sometida ós nosos lingüistas, e que as outras dúas competen á Academia. Tal é, sustancialmente, o informe que, como vostede comprenderá, supón un sensible axornamento na execución do noso acordo inicial. Alá veremos. Coido que o asunto é capital (carta nº 23).

Ese informe, editado hai uns anos por Santamarina (2009) no boletín da RAG con abundantes notas críticas ocupa catro páxinas e mecanografadas e está custodiado no ARA, xunto con copias dos escritos de envío del aos membros da Comisión de gramática e respostas dalgúns destes. Está dividido en catro seccións, cos seus títulos correspondentes: “A nosa situación lingüística”, “A nosa necesidade lingüística”, “O papel da Academia” e “O que a Academia pode facer” (véxase texto anexo á carta nº 21). No primeiro punto céntrase na falta de unidade do idioma, isto é, na inexistencia dun ‘galego común’, expresión reiterada ao longo do texto e que logo fará parte, significativamente, do título da gramática de Galaxia elaborada por Carvalho Calero. O galego segundo el non chegou a se unificar por falta de “consagración oficial da modalidade falada na zona da capital política”, ou sexa, por carecer de “oficialidade política”, e outrosí por “falta de fixación literaria da lingua culta”. O galego tamén non conseguiu o equilibrio das dúas forzas que operan en todas as linguas, a diversificación e a unificación, de modo que máis que existir o galego, “existen varios galegos” que evoluíron “de maneira ceibe e autónoma”. A seguir Piñeiro fornece un amplo abano de exemplos de diversificación dialectal do léxico que afecta as diferentes clases de palabras: 10 verbos diferentes co mesmo significado do español “jadear”, 9 nomes para “orzuelo”, 6 para “corda para atar o carro cargado”, 9 para “talo da col”, 8 para “salamandra”, 16 para “llovizna”, 13 para “copo de neve”, 6 para o verbo “podar” etc., algúns de cuxos exemplos reitera na súa correspondencia. Mais tal “superabundancia” léxica non equivale segundo el tanto a riqueza como “denuncia a fragmentación xeográfica do galego” e obedece a diferenzas de orixe das palabras. Mais tamén sinala exemplos de pluralidade de formas derivada da evolución fonética dunha mesma palabra e distincións morfolóxicas na conjugación verbal, no sistema pronominal ou na formación do plural dos nomes, alén da “contaminación que exerce o castelán”, para terminar esta primeira sección coas seguintes palabras:

A resultante de todo isto é, como dixemos inantes, que Galicia está convertida nun mosaico lingüístico moi complexo i entrambilicado. Sobre un fondo xa diferenciado pola polixénesis, polos varios focos de formación, aituaron sin freio nin contrapeso as forzas espontáneas da diversificación dialectal. Faltou sempre a forza ou corrente unificadora que poidese crear o “galego común”.

Foi nesta primeira parte do informe onde Piñeiro se parou máis, a se recrear na proliferación de exemplos que dan unha visión do galego como lingua moito fragmentada, o que Santamarina considera unha exaxeración con relación mesmo a outros escritos do autor e que lle merece algunha puntualización: “Habería que matizar estas palabras de Piñeiro, pois o galego, de Ribadeo a Tui, ten infinidade de innovacións compartidas; o que demostra que ademais da forza disgregadora a que se refire hai unha forza integradora que está garantida porque hai unhas redes sociais que xeneralizan os cambios” (Santamarina, 2009: 8, nota 2).

Na segunda sección do informe, “A nosa necesidade lingüística”, Piñeiro sinala como grande necesidade cultural a unificación do idioma para o librar do “poliformismo anárquico” que caracteriza a lingua popular, mais que tamén ameaza o galego literario. Os dous camiños que sinala para esa desexábel unificación serían a imposición dunha determinada variedade dialectal como oficial ou a “unificación normativa baseada na total realidade lingüística de Galicia”, opción por que se inclina; mais, en calquera caso, ambos os camiños exixirían un “conocemento previo –e profundo– da nosa realidade lingüística”, de modo que “a nosa primeira e máis urxente necesidade” será “facer ise estudo, percurar ises datos, acadar ise conocimiento”.

Na terceira parte, “O papel da Academia”, comeza por recoñecer que esta é “a única autoridade ‘lexislativa’ con que contamos” en materia lingüística, embora isto sexa así por “analogía inconsciente ca Academia Española”. Afirmo que a “misión máis alta” da RAG é “crear a unificación do galego”, o que para el quere dicir “dar as normas que farán do galego o ‘galego común’”, e iso implicaría seguir tres etapas que xulga “forzosas”: (i) estudo da realidade lingüística, (ii) redución da “multiplicidade polifórmica eisistente” (para o que suxire os criterios da pureza fonética ou etimolóxica, da maior afinidade co portugués e da maior eufonía) e (iii) a elaboración da “Gramática normativa do galego, ou seña, da Gramática académica”. É nesta sección onde Piñeiro fixa con clareza a súa posición a respecto do tema que motivou o seu informe, a realización dunha gramática do galego por parte da RAG á altura de 1962; e o seu ditame é claro: “a Academia non está en condicións, hoxe en día, de publicar a Gramática do galego, ou seña, a súa Gramática, a Gramática da Academia”. E, por se ficaren algunhas dúbidas ao respecto, aínda vai máis alá e nega categoricamente a posibilidade de a RAG realizar unha simple síntese gramatical, que era o que na altura estaba a se dilucidar realmente: “Mentres non eisista a Gramática académica non poderá facerse un resumo académico desa Gramática. Os problemas e dificultás son enteiramente os mesmos. Non se pode resumir algo que aínda non eisiste”. Por tanto, con este informe Piñeiro frea o proceso de elaboración da gramática e marca a folla de rota a seguir no futuro, que será a que realmente se percorra:

Xa temos visto que no estado aital dos nosos coñecementos lingüísticos a tentativa de Gramática académica do galego é prematura. Fáltalle base ouxetiva, fáltalle os necesarios datos sistemáticos. Non interesa, en absoluto, que a Academia publique unha Gramática galega máis, un novo ensaio provisional de Gramática galega. A Academia ten que publicar a Gramática do galego, que é cousa abondo distinta. As Gramáticas provisionás son necesarias e compre que se publiquen, cantas máis mellor. Pro esa non debe de ser responsabilidade da Academia senón persoal dos seus autores. Poden e deben publicarse Gramáticas galegas, pro con carácter individual, sin comprometer máis autoridade que a persoal do seu autor, que pode ser moita. A Academia non pode comprometer a súa autoridade máis que na Gramática normativa do galego.

Unha vez fixada a posición, o informe termina cun ben significativo “O que a Academia pode facer”, onde, das tres etapas sinaladas na sección anterior, reserva para esta as dúas últimas: redución do polimorfismo e elaboración da gramática normativa, a deixar para os lingüistas o estudo da realidade do idioma. Como esta primeira etapa é previa ás outras dúas e a RAG non dispón de persoas capaces de a realizaren, o que esta pode facer é “convocar un concurso sobre os temas fundamentás” e “xuntar o diñeiro preciso pra promover o estudo do noso idioma”. De se seguiren estas etapas, Piñeiro atreveuse a aventurar un período de catro ou cinco anos para atinxir “a unificación ‘gramatical’ do galego”, o que conduciría a que a RAG “se cubra de gloria”. Ese vaticinio non se cumpriu, como é evidente, mais o que si acabou por se facer realidade foi o aviso que Piñeiro lanza á RAG no parágrafo final do seu informe alertándoa da posibilidade de a súa autoridade en materia de codificación lingüística lle ser arrebatada desde o ámbito científico:

Un deber de lealtade obrígame a confesar que no ánimo dos máis preocupados polos problemas do noso idioma –entre os que me conto– foi madurecendo dende hai tempo a idea de percurar a solución unificadora ó marxe da Academia, ou seña, de substituir a autoridade académica pola autoridade científica. Un equipo de lingüistas galegos que está en formación, dentro de poucos anos poderá acometer e resolver científicamente o problema sin necesidade de contar coa autoridade da Academia.

Con efecto, será unha equipa de lingüistas universitarios a que a inicios da década de 70 usurpe a autoridade da RAG e se faga co control da estandarización do galego (véxase I.3). Pola citación do informe que se acaba de facer semella que Piñeiro xa tiña esa advertencia polo que vulga un deber de lealdade. A súa profecía cumpriuse porque el así o quixo e porque deu os pasos precisos para que acontecese dese modo –profecía autocumprida, por tanto–, aínda que logo lamentase, en parte,

os resultados por non coincidir coa visión foneticista e dialectal que primará nos manuais de aprendizaxe do galego elaborados polo ILG nos anos 70 nin coa súa orientación contraria á aproximación ao portugués e afastada da tradición literaria (véxase I.3). Piñeiro, en fin, conseguiu controlar a RAG e impor nela o seu criterio sobre a cuestión da gramática, logo propiciou a transferencia do poder en materia de codificación lingüística á autoridade científica –isto é, ao ILG– e finalmente non foi quen de condicionar a actuación deste e el propio acabará por perder o control do proceso de estandarización do idioma e por se someter aos criterios do instituto universitario.

Mais, voltando ao informe que Piñeiro enviou á RAG e que esta distribuíu entre os membros da Comisión de gramática, el mesmo comenta a súa difusión con Carvalho Calero en carta de 1 de xuño de 1962 e nela fica claro, máis unha vez, que na realidade non confía na capacitación da RAG nin dos seus membros para elaborar unha gramática, tarefa para a cal só considera competente, entre as personalidades galegas, o profesor universitario José Luís Pensado:

Recibín a tua carta e maila copia do teu dictame sobor do informe que eu lles enviara. A min xa me dixeran o presidente, días despois de telo recibido, que iban facer copias i enviarvolas a todos os membros da comisión. Por esa razón desistín de cha enviar eu mesmo, como pensaba facer, inda que xa tiña trocado impresións contigo sobre o problema. A copia que fixera para che mandar a ti decidín enviarlla ó Pensado, porque xa tiñamos falado tamén do problema, e ademais porque, sendo il a meirande autoridade romanística con que contamos hoxe os galegos (a menos que quiramos facer moito fincapé na galeguidade de Menéndez Pidal, que non é prudente), prá miña tranquilidade íntima era moi importante saber a súa opinión, que resultou ser confirmativa. Entre outras cousas, di: “Estoy enteramente de acuerdo con tu visión certera y exacta”. Iste respaldo dame bastante tranquilidade. E polo que leo no teu dictame vexo que no tocante ó labor inmediato tamén coincides. Polo menos servirá pra que a Academia tome plena conciencia do problema e das suas dificultás. Refírome, naturalmente, á Academia como conxunto e non a uns cantos académicos, entre iles ti, Filgueira, etc., que tedes máis crara conciencia que eu e que xa vos ocupástedes do problema nos tempos do Seminario de Estudos Galegos (en Alonso Girgado, Cuquejo Enríquez, & Fariña Miranda, 2004: 57-58).

Pensado na altura exerce fôra da Galiza e vai recibir a oferta de Piñeiro para facer el esa gramática galega, o que vén a demostrar que o que o autor de Lâncara non quere é que sexa a RAG a que a elabore por non confiar na súa capacitación para esa tarefa. Bouza-Brey parece entender ben o que Piñeiro quere dicir no seu informe e por iso escribe a Martínez-Risco con data de 30 de marzo de 1962 para lle comunicar a súa decisión de causar baixa na Comisión de gramática que el propio presidía:

Si os especialistas de ista cras se non moven; si o Piñeiro que chamaba a si un epitome que tiña disposto un amigo de él nono presenta, non teño que facer senon decriñar a miña interferenza pra botar a andar a Comisión ahí nomeada. Polo visto é a hora dos lingüistas. Calquera que sexa a opinión sobre de como se ten de chegar a facer a Gramática, éu non fago nada entre eles.

Recibe, pois, como Presidente, a decriñación dos meus probes poderes (ARA)

En troca, Piñeiro valoriza de modo positivo os potenciais contributos de persoas alleas á realidade lingüística do país, ben galegas afastadas profesionalmente deste, caso de Pensado, ben foráneas con dedicación docente e investigadora na USC, caso de Rabanal, Moralejo ou outros profesores con destino provisorio nesta, do que dá boa mostra nunha carta a Carvalho Calero de 1 de novembro de 1962:

A seición de Románicas comenará xa neste curso. Veñen dous profesores de fora, o Diego Catalán Menéndez-Pidal e mais o Clavería, pra se encargaren das asinaturas de Gramática Histórica e Gramática Xeneral. Xa ves, unha vella arela cultural que ó cabo se convirte en realidade. Agora é cando os nosos estudos lingüísticos comenarán a marchar por bó camiño. Normalmente eso debe dar como resultado a prósima iniciación dunha verdadeira escola de Lingüística galega, que tanto se bota de menos na nosa cultura.

Ora, eu penso que a cadeira de Língua e Literatura Galega, que comenará a funcionar dentro de dous anos, correspóndelle de modo natural ó autor da gran “Historia da Literatura Galega” que vai saír, ben oportunamente por certo [...] (en Alonso Girgado, Cuquejo Enríquez, & Fariña Miranda, 2004: 63).

Con certeza, confía Piñeiro en Carvalho para ser a figura de referencia da literatura galega, mais non así da lingua, para o que parece preferir un filólogo de prestixio universitario aínda que non estea instalado no idioma nin teña investigado previamente sobre el. Por iso, finalmente será un profesor con este perfil, Constantino García, quen nos primordios da década de 70 se faga co control do proceso de codificación do galego, a llo arrebatat á RAG e ao propio Piñeiro, e promova unha reorientación no discurso sobre a lingua na Galiza (véxase I.3), a se cumprir así aquela profecía con que terminaba o seu informe á corporación. Na realidade, non é que Piñeiro estivese en contra da elaboración da gramática académica e mesmo da súa urxencia; o que acontecía é que non confiaba na preparación técnica dos académicos nin dos filólogos do país e residenciais nel, feito que se demostra na carta de 2 de xaneiro de 1962 a José Luís Pensado, escrita antes de elaborar o seu informe, en que lle propón que sexa el quen realice esa gramática académica a pesar de lle respostar en español ás misivas que lle envía en galego:

Os da Real Academia Gallega andan agora moi preocupados co problema da Gramática do noso idioma. Nomearon unha Comisión, hai varios meses, integrada por Moralejo, Rabanal e máis Iglesia Alvariño, encargada de redactar unha Gramática que logo sería sometida a consulta a unha comisión máis ampla, formada por Filgueira, Bouza, Taibo e Carballo Calero. Como morreu Iglesia Alvariño, e como os outros dous ponentes –Moralejo e Rabanal– estaban en Santiago, desináronme a mín pra substituír a Aquilino. Ora, tanto Moralejo como Rabanal, que son dous linguistas moi ben preparados, consideran que iles teñen un fallo importante: non seren galegos nativos. Ocorre, en cambio, que o único romanista galego con plena responsabilidade científica eres tí. Non sei o que pensas sobre a posibilidade de facer hoxe en día unha Gramática Galega “oficial”, ou seña, da Academia. Gustaríame moito falar longamente contigo diste asunto. De todos os xeitos, agradézoche que me poñas dúas liñas decíndome a tua opinión. Animariaste a facer tí a Gramática? Se así for, eu comunicarllo á Academia, que levaría gran alegría (en Alonso Girgado, Abal Santorum, & Cillero Prieto, 2009: 41-42).

O ofrecemento de Piñeiro para Pensado elaborar a gramática galega “oficial” da RAG é claro. Mais Pensado, de todos os modos, declinará a proposta, como se deduce doutra carta (nº 16) que lle dirixe Piñeiro con data de 4 de febreiro de 1962. E será, con certeza, entón cando este redixa o seu informe e llo envíe ao presidente da RAG con data de 17 de febreiro (véxase carta nº 21 e texto anexo), sen querer con todo desvincular Pensado do proceso, a ratificar así máis unha vez a súa dirección e control deste, como mostra na carta de 26 de febreiro que lle escribe:

Como che anunciaba na miña anterior, envíelles ós da Academia un informe aconsellándolles que procedan con orde e sistema. Mándoche copia, pois gústame e interésame que teñas coñecemento dereito de todo o problema tal como se vaia desenrolando. As primeiras novas que me chegaron da Academia indican que o informe fixolles certa impresión. Tratan de o enviar ós académicos máis relacionados co problema pedíndolles opinión. Semella que están dispostos a modificar o programa de traballo. Xa te informarei de todo (en Alonso Girgado, Abal Santorum, & Cillero Prieto, 2009: 46).

Sabemos pola documentación manexada que se convocou unha sesión académica extraordinaria para o 16 de decembro de 1962 co obxectivo de ler e estudar os ditames dos membros da Comisión de gramática sobre a edición da proxectada síntese gramatical, que incluírían seguramente o informe de Piñeiro; e, a pesar de carecermos de máis información ao respecto, parece lóxico deducirmos que nela se daría, dalgún modo, a aprobación maioritaria, embora non unánime, a ese informe por varios dos ditames lle seren favorábeis.

Dese modo, o epítome gramatical non se levará a cabo, como propuña Piñeiro, podéndose dar por fracasado ao final de 1962 un proxecto que Sebastián Martínez-

Risco quería converter nun dos emblemas do seu mandato presidencial, aínda que se resistía a abandonalo definitivamente, pois cara a finais da década de 60 continuaba a insistir na súa necesidade (S. Risco, 1968: 25). Mais ese fracaso non significou a desaparición do tema gramatical da axenda dos membros da RAG, xa que algúns deles –Carvalho Calero e Leandro Carré Alvarellos– levarán a cabo na segunda parte da década proxectos individuais, o primeiro coa colaboración do grupo de Galaxia dominante na entidade e o segundo en solitario, como a seguir se verá.

2. A gramática de Galaxia e outras iniciativas normativizadoras na década de 60

Após ver fracasada a opción de Pensado como autor da gramática académica e unha vez que a RAG desistiu de elaborar o epítome gramatical, Ramón Piñeiro dirixe a atención cara a Carvalho Calero, que xa publicara a súa historia da literatura galega, mais para o animar a que leve adiante o proxecto de elaborar unha gramática da súa exclusiva autoría dentro do proxecto editorial de Galaxia, non para facer a gramática académica. O profesor ferrolán vai enfrontar a tarefa con “compromiso, esforzo e disciplina” (Freixeiro Mato, 2011: 73-77), pois asumira desde o inicio da súa actividade profesional a obriga persoal de traballar polo galego, con plena consciencia do duro labor que iso supuña. Así o pon de manifesto o seu epistolario a Fernández del Riego (Carballo Calero, 2006) de que a seguir se tirarán algunhas citacións. Desas cartas podemos deducir que a inicios da década de 60 xa parece ter asumido a necesidade dese esforzo persoal constante en prol da lingua como responsabilidade histórica que o destino lle reservou, segundo poñen en relevo estas dúas reflexións ao amigo, que mostran igualmente a firmeza e decisión con que encara o cumprimento do seu deber: “poñámonos un e outro a traballar nas nosas ineludibles angueiras, se non máis descansados, un pouco desfogados. Ninguén pode fuxir o seu destino” [25/08/1961]⁵; “Un fungueiro na man dereita, unha lanterna na esquerda e un coitelo antre os dentes, hai que avanzar ate chegar ao fin pola furna tebgosa da vida” [07/01/1962].

Por esas mesmas datas e a respecto da revisión final da súa historia da literatura galega, o autor é consciente da precariedade en que se acha a codificación da lingua e comeza a enxergar a necesidade de el propio facer a súa gramática: “Vou intentar unificar un pouco máis a morfoloxía, pero dado o dialectalismo da nosa fala e as dimensións de obra, é ilusorio pensar nunha unificación rixida. Tería que facer primeiramente a miña Gramática Galega, e sería o conto de nunca acabar”

5 Cítase neste caso e nos sucesivos pola datación de cada carta para unha mellor contextualización temporal, sempre de acordo coa ordenación cronolóxica que figura en Carballo Calero (2006).

[05/03/1962]. Nesa altura participa no debate da RAG sobre o tema gramatical: “estóu mesturado no asunto de si se debe ou non facer unha gramática” [11/12/1962]; e algunha intervención debeu ter, aliás, en que esa institución asumise o uso escrito do galego cando afirma a respecto da recepción dunha misiva académica: “O oficio ven en galego, como resultado dos acordos derradeiros” [02/11/1963]. En finais de 1963 xa aceptara disciplinadamente o compromiso de facer a gramática para Galaxia, a pesar de coñecer as dificultades da misión e de dispor de pouco tempo libre para esa encomenda; mais fica claro que conta co apoio de Fernández del Riego e de Galaxia:

Xa que anunciades a miña Gramática teréi que pensar en facela. Conviría que me mandarás todo o que teñas de antecedentes; pois eu carezo de libros de filoloxía galega [...]. Temos que convir nun plan, tendo en conta o horrible desgaste do Colexio pra xerarquizar as miñas angeiras, e decidir qué é o máis ou menos urxente entre as moitas cousas que teño que facer [22/12/1963].

Con todo, a tarefa resúltalle dura e complexa, e as dúbidas asáltano: “Da Gramática polo de agora non hai máis que darlle voltas na cabeza. É horrible” [19/01/1964]; “Agora percuró non comprometerme con outros traballos pra poder encetar a Gramática, que estóu ordeando na mente. Pero os problemas do Colexio abáfanme e amargúranme de xeito que non sei o que poderéi facer” [09/03/1964]. Con certeza, a carga de traballo que soporta é grande, pois ten de combinar a dirección e as aulas no Colexio Fingoi de Lugo coa gramática, coa elaboración do segundo volume da historia da literatura e con outros encargos que lle fan, normalmente artigos para *Grial*: “O escaso tempo que non invirto en me desesperar por mór do Colexio, emprégoo nos traballos preparatorios da *Gramática*, tendo arrumbadas as follas xa escritas do segundo capítulo do segundo tomo da *Historia*” [13/04/1964]. Mais uns poucos meses despois xa se acha inmerso na elaboración da gramática e solicita os *Elementos de gramática histórica gallega* de García de Diego para poder avanzar, a insistir nas dificultades: “Traballo en moi malas condicións” [24/08/1964]. Noutra carta de maio do ano seguinte reincide nesas dificultades e deixa ben claro que o seu labor gramatical é un traballo político que asume por compromiso e responsabilidade:

Logo teño moitos materiais pra un segundo Pondal. Pero ¿quén pensa niso coas triganzas da *Gramática*?

Hoxe mesmo traballéi nela. Recibíu un certo pulo. Non sei se viches no boletín interior do ‘Facho’ unha noticia sobre ela. Vai inzando, mais é imposíbre se facer ilusións: nas condicións en que traballo se non pode prever cándo a remataréi. Presenta, como podes comprender, mil dificultades, e os problemas boligan arredor de cada cuestión. Hai unha corrente de opinión desfavorable á empresa. Os seus representantes coidan que istas enerxías debínan consagrar ao segundo tomo da *Literatura*, porque a *Gramática* non pode saír tan ben que xustifique

o tempo empregado en compoñela. En fin, eu estou xa embarcado na empresa, que me resulta penosa, e que posiblemente non satisfaga a ninguén: pero se a considerades necesaria ¿quen a ía facer? Os capacitados pra elo dificilmente quererían arriscar o seu prestixio nista tarefa, que considerarán política e non científica. Terán medo a Dámaso Alonso, que ten dito que por moito tempo non será posible unha Gramática galega como a catalana de Badía. Isto é certo, pero nós queremos facer outra cousa. Mais hai moitos que consideran que isa outra cousa non hai por qué a facer. É dicir, que creen que o mellor é non facer nada [31/05/1965].

Nesta mesma carta patentiza, aliás, o seu compromiso xeral co idioma galego, en que se insire a gramática, e a súa oposición a que a RAG dea acollida a quen o non emprega, a se mostrar plenamente integrado e identificado co grupo Galaxia: “Dende logo, coido que no sucesivo, e salvo casos moi especiás, non debemos votar a quenes non escriban en galego [...]. E nada de sabios que non escriban en galego ou de boas persoas que se supón que nos ven con simpatía, mentras teñamos xente acretada que siga a nosa liña”. Nas seguintes misivas volta a pór en relevo o esforzo que lle supón a elaboración da gramática nun contexto en que as obrigas se acumulan: “Agora estou con esames, e atendendo a certos contratemplos domésticos. Se liquido todo felizmente, teré que reorganizar as miñas xornadas pra avanzar na *Gramática* decisivamente” [24/09/1965]. A esas obrigas acrecentará a nova docencia en Compostela e a impartición de numerosas palestras, que atrasan o anseio de terminar a obra, para cuxo obxectivo está disposto a sacrificar as ferias:

¿A *Gramática*? Desgraciadamente, a miña vida partida entre Santiago e Lugo repercutiu desfavorablemente na marcha da mesma. Non só as viaxes me rouban moito tempo, senón que aquí e alí malamente dou abasto ao meu traballo cotián. Pero o peor son as conferencias [...]. Trataré de dar un pulo á *Gramática* nistas vacacións, e de rematala nas do vran. Estou xa cos verbos irregulares. Se me deixades acougar, sen me encarregar traballos especiais intentaré darvos a *Gramática* denantes do outono [27/03/1966].

As tarefas acumúlanse, con certeza, para un Carvalho Calero comprometido a fondo co proxecto de restauración cultural de Galaxia e personalidade cada vez máis recoñecida como profesor, escritor e conferencista. Realmente, pór o ramo á gramática convértese nunha obsesión para el:

Fas moi ben en supor que ando moi atafegado coa *Gramática*. Tiraniza a miña vida. Decidín me choer en Fingoy, sen acaroarme ao mar iste vran, pra poder rematala, sexa como sexa, en setembro. Rexeití, asimesmo, firmar un contrato que me enviou “Anaya” pra unha edición do *Caballero de las Botas Azules*, inda que me deixaban en branco o prazo de entrega, pois de momento non quero máis compromisos. Traballo moi arreo, e a cousa vai marchando, e xa medio lle vexo o fin. Teño feitas as partes que corresponden a xeneralidade,

morfoloxía e fonética, e agora estou nada menos que coa sintaxe. Éche un grande lío, e a cada momento descubro cousas que me obrigan a refacer dous e tres veces o texto primeiramente redactado. Xa veremos cómo sai todo. O meu propósito é ir persoalmente a che entregar o manuscrito algún día de setembro [...].

Inda que todo o meu traballo, mesmo as miñas leituras, están orientadas á *Gramática* de cuia posesión demoníaca desexo me liberar, adicaréi algún tempo a *O espello*, pra poder cumprir o compromiso xa contraguído [16/07/1966].

Foron moitas as dificultades que tivo de superar, mais nas misivas seguintes xa fala Carvalho do tamén cansativo traballo de corrección de probas de impresión da gramática por partes, até que ao se aproximar o final do ano xa dá conta da recepción dunha obra tan longamente anhelada: “Recibín a *Gramática*, que editorialmente resulta un fremoso volume. As erratas son numerosas, inda que, miragrosamente, todas as que vin, de escasa importancia” [22/11/1966]. O obxectivo está cumprido após duros esforzos só soportábeis pola firmeza do compromiso adquirido; e a seguir vén a alegría por ver o galego dotado de instrumentos necesarios: “Vin a *Gramática* de Carré, e merquêina. Agora agardo que chegue por eiquí a de Saco, que tamén adquiriréi. ¡De súpeto, puxémonos moi ben de Gramáticas!” [19/08/1967]. En 1967, con efecto, publica Carré Alvarellos a súa gramática (véxase I.4 e I.5) e sae do prelo unha segunda edición da gramática decimonónica de Saco Arce. Porén, logo virán para Carvalho novas angueiras motivadas polas sucesivas reedicións ampliadas da gramática, que irá afrontando co mesmo espírito de compromiso e sacrificio con que elaborou proximamente a obra, como moito claramente expresa nestoutra carta:

O máis importante que teño que che decir refírese á *Gramática*. Renunciando ao veraneo, pensaba adicar oito horas diarias nas vacacións a traballar no segundo tomo da *Historia*; pero Piñeiro díxome que se daba por esgotada a primeira edición da *Gramática*, e que despóis de maduras reflexións considerábase que a preparación da segunda edición debía ter prioridade sobre a elaboración do segundo tomo da *Historia*. Coa disciplina que constituí o meu principal defeito, non ben me vin en Lugo, adiquei dez horas diarias a ese traballo, pois como sabes tiña moitísimas papeletas dispostas, e hoxe rematéi o meu labor. Axiña, enviaréche, pois, un exemplar da *Gramática* ao que teño engadido, na forma máis crara posíble, as novas aportacións, e no que fixen tamén as correccións que me pareceron oportunas [30/06/1968].

Eis a “disciplina” con que Carvalho Calero traballou en prol da lingua galega, posta ao descuberto con toda a clareza e espontaneidade nas palabras dirixidas ao amigo Fernández del Riego. Así como durante a Guerra Civil loitara disciplinadamente a favor da causa da liberdade e da democracia, pagando o seu compromiso e a súa

coherencia coa privación da liberdade, unha vez conseguida esta e incorporado á vida civil na súa propia terra, traballou co mesmo esforzo e sacrificio ao servizo da causa galeguista, simbolizada no seu caso na defensa, estudo e dignificación do idioma propio. A *Gramática elemental del gallego común* constitúe, pois, unha clara manifestación de esforzo solidario e disciplinado do seu autor dentro dun proxecto galeguista colectivo que naquel momento representaba o grupo de Galaxia a que el propio pertencía.

Alén destas referencias á súa correspondencia con Fernández del Riego en que o tema da gramática está significativamente presente, pois este axe como verdadeiro colaborador de Carvalho para, en representación de Galaxia, lle facilitar toda a infraestrutura material necesaria na realización do proxecto, hai outras cartas que tamén poñen en evidencia o seguimento deste por parte de Ramón Piñeiro, que observa con atención o desenvolvemento do proceso de elaboración e posterior edición da primeira gramática da editora cuxas publicacións el propio dirixe, a se cumprir así o deseño traxado no seu informe á RAG, que contemplaba a realización de gramáticas de autoría individual en lugar dunha institucional. Neste sentido, Piñeiro, en carta de 4 de febreiro de 1964, xa escribía a Carvalho Calero: “Alégrome ben de que vaia madurecendo na tua mente o plan da futura Gramática” (en Alonso Girgado, Cuquejo Enríquez, & Fariña Miranda, 2004: 76); e noutra de 4 de maio de 1965 móstralle a súa coincidencia coa “absoluta prioridade da Gramática a calquer outro traballo” (en Alonso Girgado, Cuquejo Enríquez, & Fariña Miranda, 2004: 90). Finalmente, a *Gramática elemental del gallego común* de Carvalho Calero, mais tamén de Galaxia por se tratar dunha obra que é produto da solidariedade entre autor e casa editora, sairá do prelo no ano 1966, embora Carvalho Calero pouco poida descansar desas preocupacións gramaticais, pois logo terá de emprender as sucesivas reedicións revistas e acrecentadas dunha gramática do galego que vai ser a referencia da segunda metade da década de 60 e de toda a década de 70.

Naquela altura os antigos membros da Comisión de gramática da RAG, entre os que tamén se contaba Carvalho Calero, estaban ocupados en ditaminaren os informes de Leandro Carré, presentados en 1965, sobre as terminacións *-ción/-zón* e sobre as grafías *ao/ó/ô* (véxase I.4). Precisamente cando Manuel Rabanal emite o seu ditame a través das páxinas dun xornal compostelán sobre este último aspecto, a mostrar a súa preferencia por *ao*, tamén aproveita para saudar a saída do prelo da gramática de “Ricardo Carballo, gramático cabal y bien informado”, que “ha venido a llenar un hueco que urgía llenar”⁶. De calquera forma, convén deixar constancia da referencia ao ‘galego común’ no título da gramática de Carvalho por esa expresión estar constantemente presente no informe de Piñeiro de febreiro de 1962 (texto anexo á

6 Véxase “Nebulosa. Consulta y buena noticia”, artigo asinado co pseudónimo “R. del Camino” en *La Noche* e cuxo recorte figura no ARA sen datación (reproducido en IV.4.3).

carta nº 21), como se viu. Tal coincidencia, embora poida ser fortuíta, parece apuntar máis ben a que a influencia de Piñeiro continuou a se producir, dalgunha maneira, na gramática de Galaxia.

De todos os modos, a obra de Carvalho non foi a única tentativa de codificación do galego escrito na altura. Perante a inoperancia, falta de competencia ou atrancos con que bateu a Academia para a elaboración da súa gramática, iranse tomando outras iniciativas individuais ou de grupo para facilitar e potenciar o estudo do idioma galego e a súa utilización na escrita. Alén das propostas que en 1965 fixo Leandro Carré Alvarellos sobre algúns aspectos da estandarización do galego, que se verán no punto 4 deste estudo introdutorio, o profesor Alonso Montero organiza en marzo de 1966 un “Curso de Lingüística comparada (Gallego-Castellano)” no Círculo de las Artes de Lugo, dirixido especialmente para mestres e mestras, co obxectivo de “señalar e interpretar las diferencias existentes entre el gallego y el castellano”, na perspectiva de que de “tal estudio la primera de las gramáticas beneficiadas es la castellana”⁷. Por outro lado, en agosto dese mesmo ano vaise constituír en Vigo, á marxe da Academia, un “Seminario didáctico da língoa galega” co obxectivo de elaborar unhas normas para o ensino do galego, que realizou polo menos tres sesións, das cales se conservan as actas (véxase IV.5); ás reunións, presididas por Xosé Ramón Fernández-Oxea e con Méndez Ferrín a axir como secretario, asistiron tamén sempre Albino Núñez, Alonso Montero e Álvarez Gándara, alén da participación máis irregular de Xohán Bernárdez, Agustín R. Caamaño, Isidoro Millán, Constantino R. Caamaño, Xesús Ferro Couselo e Xosé Luís Rodríguez Pardo; na reunión do primeiro día tamén recolle a acta que se leu unha comunicación de Leandro Carré Alvarellos, mais nada dela se di, aínda que podería ter relación cos informes sobre *-ción/-zón* e *ao/ó* que enviara á RAG (véxase I.4); de calquera maneira, en ambos os casos son rexeitadas as propostas de Carré en prol de *-zón* e de *ao* nos acordos dese seminario, que mostran “unha concordancia básica coa normativa Galaxia e o pautado que a principios dos setenta sería oficializado pola Real Academia” (Alonso Pintos, 2006: 24). Con todo, este “Seminario didáctico da língoa galega” pretendía ir para alén dunhas breves orientacións normativas e, así, na última sesión de que temos acta, de 26 de agosto, acorda facer un “Compendio de Insino do Galego” que conteña orientacións metodolóxicas para o profesorado, prontuario de gramática e antoloxía de textos, de cuxa primeira redacción se encargarían Fernández-Oxea, Ferrín e Alonso Montero; mais xa non dispomos de máis información ao respecto.

Alén destas tentativas de codificación do galego, na segunda parte da década de 60 foi a gramática de Carvalho Calero a que marcou a pauta do proceso e axiu como elemento fundamental de referencia. A *Gramática elemental del gallego común* saíu

7 Trabajo mecanografiado, que consta de introdución, programa do curso e bibliografía comentada sobre o castelán da Galiza, elaborado polo profesor Alonso Montero para ese curso. Unha copia deste traballo está custodiada no AMR.

do prelo após o autor ter finalizado a historia da literatura galega, ambas as obras a faceren parte do proxecto editorial e político-cultural de Galaxia seguindo o deseño ideolóxico de Piñeiro e coa inestimábel colaboración operativa de Fernández del Riego. A gramática de Carvalho, aliás, tamén obedece en parte ás novas necesidades da lingua galega, incorporada neses anos ao ensino universitario, e ao labor docente e investigador do autor, que se encarga das aulas de galego na USC e que ao mesmo tempo se está a preparar para optar á primeira cátedra de Lingua e Literatura Galegas desa universidade. El propio o explicita así:

En 1966 publica-se, efectivamente a primeira edizón da miña *Gramática*. É unha gramática concebida como instrumento de traballo nas clases, nas aulas de Língua Galega que estaban ao meu cargo. E, naturalmente é un instrumento de traballo que pretende ser eficaz e que, polo tanto, deseña-se tendo en conta as circunstancias en que ia ser usado (en Fernán-Vello, & Pillado Mayor, 1986: 175).

Neste mesmo libro de conversas Carvalho fala a seguir das sucesivas modificacións que foi introducindo nas distintas edicións da súa gramática, cuxa evolución “segue unha liña absolutamente recta”, segundo el, de acordo co avance dos tempos, co debilitamento do “régime imperante” e co correspondente acrecentamento da “liberdade con que un profesor pode expresar a súa doutrina a propósito da lingua galega”. Recoñece que as diversas edicións da obra se fan de acordo con esas circunstancias, mais rexeita categoricamente que a sétima edición de 1979, a anterior á súa xubilación como profesor universitario, “supoña unha rectificación da primeira edición publicada en 1966”; a insistir na prudencia e precaución que exixía a evolución da situación política, acrecenta:

Así que a sétima edizón da miña *Gramática* está implícita na primeira, e entre a primeira e a derradeira edizón mais que evoluzón de doutrina, hai aplicación sucesiva dunha doutrina que se vai acomodando, na súa exposición en cada caso, ás posibilidades reais de actuación práctica de cada momento. É evidente que nas edicións derradeiras se expresa este pensamento segundo o cal o galego é unha parte do sistema lingüístico do galego-portugués, con maior insistencia. Mas esta doutrina é xa exposta na primeira edizón da gramática, porque é a doutrina xeral dos romanistas daquel tempo, dos romanistas españois, dos romanistas portugueses, dos romanistas universais (en Fernán-Vello, & Pillado Mayor, 1986: 177).

Se as anteriores edicións da obra podían ser asumidas polo proxecto cultural e lingüístico que representaba Galaxia, esta sétima e última edición viña a supor de facto a ruptura da obra e do autor con tal proxecto para avanzar nunha vía reintegracionista en que o núcleo dirixente do grupo editorial xa non acreditaba ou na realidade non acreditara nunca e que nesa altura directamente rexeitaba; a

mudanza do sistema de acentuación (do modelo do español ao do portugués) e a separación do pronome átono enclítico do verbo mediante trazo constitúen unha barreira que para Galaxia se torna infranqueábel. Carvalho terminaba o prólogo á sétima edición anunciando novos pasos na vía reintegracionista en vindeiras edicións (Carballo Calero, 1979: 12); porén, xa non as haberá e a intensa e prolongada relación do autor con Galaxia irá minguando até á extinción, como tamén minguará a relación de amizade entre dúas persoas, Carvalho e Piñeiro, que partillaran un evidente compromiso de traballo e esforzo en prol da dignificación da lingua galega⁸. No fondo, o distanciamento entre ambos debeu de ser progresivo e en certo modo condicionado pola evolución ideolóxica seguida por ambos, pois en canto Carvalho se mantivo fiel ao pensamento nacionalista como vello militante do Partido Galeguista de preguerra, Piñeiro abandonou esa concepción ideolóxica para asumir un galeguismo difuso que pretendía impregnar con tal verniz os partidos políticos de obediencia estatal; ese abandono do movemento nacionalista levaríao tamén a se afastar da concepción sobre a lingua que este maioritariamente viña mantendo; en tal sentido, é sintomático que Piñeiro estivese disposto a lle entregar a *autoritas* en materia de codificación do galego a Pensado e logo acatase nos inicios da década de 70, embora con moitos reparos, os criterios impostos por Constantino García e a súa equipa como autoridade científica, algo que xa ficaba suxerido no seu informe de 1962; primaba, pois, a capacitación técnica sobre outros factores.

Leandro Carré Alvarellos, por seu turno, ao ano seguinte da aparición da primeira edición da gramática de Carvalho, tamén vai publicar a súa *Gramática gallega* sen contar cos apoios que tivo a do profesor da USC. A partir do *Compendio* que publicara en 1919 e desa gramática da súa autoría, Leandro Carré realizaría nese período unha versión sintetizada a que puxo por título o mesmo que a RAG estivera a manexar para o seu proxecto durante os anos iniciais da década, *Epítome de gramática gallega*. O exemplar mecanografado que coñecemos e que agora se edita no capítulo II deste volume está depositado no AMR e, segundo afirma Maceira (2014: 519) e como tamén logo se verá en I.5, foille encargado pola Xunta de Goberno da RAG de 15 de febreiro de 1969, embora nas carpetas do ARA que xa se citaron non apareza documentación ao respecto nin achemos referencias a este encargo da Academia na correspondencia dalgúns dos membros máis pendentes do tema, como Piñeiro, Carballo Calero ou Fernández del Riego. Pódese dicir que este contribunto até agora inédito fecha o ciclo de propostas gramaticais da década de 60 da anterior centuria.

Con todo, aínda cómpre tomar en consideración que no mesmo ano 1967 en que Carré Alvarellos publica na Coruña a súa gramática tamén se reedita en Ourense

8 Véxase, respectivamente, Freixeiro Mato (2011) con relación ao compromiso de Carvalho Calero co galego, e González González (2006) sobre ese mesmo compromiso de Ramón Piñeiro. Sobre a súa relación co ILG no proceso de codificación do galego son de interese as opinións dalgúns destacados membros daquel recollidos en Fernández Rei (2008).

a *Gramática gallega* de Saco Arce, o que non deixa de ser, en certo modo, máis un contributo aos estudos gramaticais galegos por a primeira edición, a punto de facer un século, ser de coñecemento e acceso moito restrito na altura. Para unha xusta ponderación dese evento deberá terse en conta que practicamente todas as gramáticas posteriores, incluídas as da década de 60, son debedoras dunha ou doutra forma da de Saco, que aínda resistía ben o paso do tempo, como o fora tamén a de Lugrís Freire na época das Irmandades da Fala e mesmo os traballos de Joseph Cornu e Leite de Vasconcellos sobre o galego, ou a obra de Santiago Gómez de 1918 (Sánchez Rei, 2009: 109). Por iso algún académico propuña, como se viu anteriormente, que o que a RAG debía facer era un resumo dela, máis do que unha nova.

En conclusión, vista con perspectiva histórica, a década de 60 do século XX torna de especial relevo para a historiografía gramatical galega, tanto polo debate que se mantivo no seo da RAG sobre a realización dunha gramática institucional durante a primeira parte do período, canto polas obras gramaticais de autoría individual publicadas ou elaboradas na súa segunda metade, para alén doutras iniciativas e propostas de natureza lingüístico-gramatical que foron aparecendo por eses anos. Neste sentido, ben se podería falar dun novo ciclo gramatical que coincide tamén con outro período de recuperación ou renacemento da literatura galega⁹.

3. As normas ortográficas e morfolóxicas da Academia (1970-1971)

A Real Academia Galega non fora capaz de consensuar e divulgar unhas normas mínimas para a escrita do idioma en máis de 60 anos de existencia. No inicio do seu mandato como presidente, Sebastián Martínez-Risco tentou con todas as forzas levar a cabo o proxecto gramatical, mais este fracasou antes de completar dous anos no cargo e, finalmente, tivo de se contentar coa aprobación dunhas breves e incompletas normas ortográficas e morfolóxicas xa pasado o ecuador do seu mandato presidencial.

Isto foi o que lle permitiu o núcleo de Galaxia dominante na Academia, capitaneado por Ramón Piñeiro, quen mesmo antes de formalmente ingresar como académico numerario o 25 de novembro de 1967, xa tiña en mente unha rápida solución nese

9 Lémbrase o suceso editorial de *Memorias dun neno labrego* (1961) de Neira Vilas e de *Longa noite de pedra* (1962) de Celso Emilio Ferreiro, alén da obra de autores como Fole, Cunqueiro, Blanco-Amor, Manuel María etc. Se o primeiro ciclo gramatical é coincidente co Rexurdimento decimonónico e o terceiro coa época das Irmandades da Fala e da Xeración Nós (Fernández Salgado, 2000: 122-123), non semella despropositado falarmos dun cuarto ciclo gramatical que conflúe cun novo período de florecemento literario.

sentido, pois así o deixa translucir no discurso pronunciado ese día e previamente preparado, como é natural. Cando trata do ‘prexuízo lingüístico’ (Piñeiro, 2007: 79-86), sinala tres feitos que considera obxectivos e que serven de base para aquel: “o polimorfismo dialectal, a anarquía ortográfica e o desprestixio social”; do primeiro di que se trata “dun atraso técnico que se poderá superar nun prazo curto, tan pronto como a nosa Academia considere facedeiro establecer as normas de unificación e os nosos escritores as impoñan na lingua literaria”; canto á anarquía ortográfica, afirma que se debe mudar a “vestimenta externa” do galego para lle dar “o ornato da cultura”, a lle mudar “a súa coroa labrega de xuncos polo manto académico de liño”, e que isto “[c]ómpre facelo. Temos que o facer. Farémolo sen grandes dificultades”; no entanto, a “batalla do prestixio social preséntase máis difícil”. Non ve Piñeiro, por conseguinte, grave problema para o galego na falta de unificación normativa, tanto no plano ortográfico como no morfolóxico (ou dialectal), pois el xa ten en mente, con certeza, a elaboración dunhas normas básicas da Academia, como explicita nese mesmo discurso: “o escepticismo baseado no dialectalismo e na anarquía ortográfica do galego teñen pouca importancia porque, de feito, a unificación normativa e a unificación ortográfica están ao noso alcance e serán realidade dentro de pouco” (Piñeiro, 2007: 85).

Ese curto período de tempo de que falaba Piñeiro vai durar aproximadamente dous anos. Como relata este a Basilio Losada en carta de 22 de marzo de 1970, máis de un ano antes un reducido grupo de académicos pertencentes á súa órbita ideolóxica decidiu de modo extraoficial iniciar o proceso de elaboración das normas unificadoras:

Hai cousa de ano e medio matínamos algúns académicos na necesidade de poñer en marcha unha iniciativa encamiñada á aprobación dunhas *Normas de unificación ortográfica* por parte da Academia. Como na Xunta de Goberno da Academia hai membros –concretamente o Carré– con criterios ortográficos rixidos e hoxe pouco aceptables, decidimos levar o problema polo camiño inverso, creando unha Comisión *espontánea* de académicos –Filgueira, Carballo, Millán e mais eu– que elaborase unha ponencia que se comunicaría aos demais académicos e que, unha vez conocida i en principio aceptada por estes, presentárase oficialmente á Academia pra ser discutida por todos en vista á súa aprobación e publicación ulterior con carácter oficial (carta nº 43).

No entanto, non deixa de sorprenden que, após frearen con anterioridade a elaboración dunha síntese gramatical, Piñeiro e Carvalho Calero, tamén coa colaboración de Filgueira Valverde, emprendan nesa altura unha rápida carreira por aprobaren e daren ao prelo unhas normas ortográficas do galego, coincidindo xustamente coa ausencia de Sebastián Martínez-Risco, que permaneceu en Xirona desde marzo de 1969 até abril de 1970 (Freixeiro Mato, 1994: 117), período en que se acelerou todo o proceso. De acordo coa documentación que consta no ARA so o rótulo de

“Normas ortográficas 1970”, Piñeiro, Carvalho e Filgueira dirixen un escrito ao presidente, con data de 20 de novembro de 1969, en que lle comunican a entrega da proposta de normas para que a RAG as adopte como propias e as publique e difunda nos medios de comunicación coa máxima urxencia posíbel (carta nº 35). Entre a restante documentación sobre o tema hai cartas de Carvalho e Piñeiro onde fica claro que o texto o elaboraron entre os tres citados e que o primeiro foi o encargado de lle dar a redacción final, após algunhas modificacións aprobadas polo plenario da Academia. O propio Carvalho asumirá a súa plena responsabilidade na elaboración desas primeiras normas académicas:

A miña aportazón a estas normas foi tan particular como xeral: pode-se dizer que as fixen case na súa totalidade. Houvo algunhas observazóns que fixeron outros colegas e que se tiveron en conta. Pero en realidade fun eu o redactor principal destas normas que están publicadas, como vedes, en plena ditadura franquista. Sería ridículo pedir-me a min, pedir à Académia ou pedir a quen quer que fose, que neste momento se lograsen unhas normas que negasen, de maneira directa e violenta, a política vixente en matéria de xerarquizazón idiomática. O galego vivía en estado selvaxe. Non somente nas falas coloquiais que non estaban naturalmente codificadas, senón na súa própria literatura e na súa própria ortografía. O que se considerou que se podía fazer naquel momento era codificar os usos da lingua escrita de entón para apresentar un conxunto coerente. Non se tratava máis que de pór por escrito a normativa maioritaria naquela época e resolver as opzóns dalguns puntos. Por iso se eleixiron uns poucos puntos fundamentais, mas non se tratava de inovar, porque se deixava para mellor ocasión esa inovazón, cando a inovazón fose posíbel. Doutra banda, hai que ler con ollos desprovistos de teas de araña, e observará-se que están implícitas nesta codificación as liñas xerais que depois se desenvolveron dentro dunha política lingüística de aceitación do sistema xeral ao que o galego pertence (en Fernán-Vello, & Pillado Mayor, 1986: 182-183).

Aliás, hai no ARA escritos de varios académicos en que se dirixen de modo bastante parecido ao secretario Vales Villamarín por finais de xaneiro e inicios de febreiro de 1970 para lle recriminaren, de forma máis ou menos velada, que a Academia non publicase as normas aprobadas nin que as difundise polos medios de comunicación, e para lle transmitiren que eles propios as enviaran a diferentes xornais. Un pouco antes, con data de 5 de xaneiro, os académicos Fernández del Riego, Ferro Couselo, Xoaquín Lorenzo, Otero Pedrayo e García-Sabell asinan un escrito ao presidente da RAG en que solicitan a convocatoria urxente da “Xunta Xeneral extraordinaria da Real Academia Gallega pra someter a discusión, e ulterior aprobación, si procede, o Proieito de Normas ortográficas da língoa galega, que se axunta á presente solicitude” (carta nº 36).

No folleto que recolle as normas ortográficas consta que se acabou de imprimir o 24-02-1970 e que foron aprobadas na reunión do 15-02-1970 (véxase Real Academia

Galega, 1970). Deste modo informa Piñeiro ao presidente da RAG en carta de 19 de febreiro de 1970:

O plan trazado pra sacar adiante na Academia unhas «Normas de unificación ortográfica» deu o resultado previsto: Xa están aprobadas. Houbo, sí, rosmadelas previas, como era de agardar, pro na sesión reinou entusiasmo, espírito de colaboración e respecto mutuo. Todo foi ben. Agora trataremos de que os xornás lle dean a meirande difusión pra o gran público e que a Academia as publique de contado nun breve folleto. Trátase dun primeiro paso moi importante. Si se consolida —e debemos agardar que se consolide—, podemos intentar un segundo paso máis importante e decisivo: a unificación normativa da lingua (carta nº 38).

Martínez-Risco congratúlase na resposta do acordo académico, mostra desexos de completar o labor de unificación da lingua, reconece o importante contributo de Piñeiro nesa tarefa, anima tamén a intensificar os contactos con Constantino García e a súa equipa universitaria, e anuncia o seu rápido regreso á Coruña (carta nº 39). Ao mesmo tempo, varios académicos mandaron o acordo ortográfico aos diferentes xornais, que entre finais de febreiro e inicios de marzo informan del con grandes titulares e reproducen o texto completo. Véxase, por exemplo, “As normas Ortográficas do idioma galego” (*El Ideal Gallego*, 26-02-1970), “Normas de ortografía de la lengua gallega” (*La Voz de Galicia*, 26-02-1970), “Unificación ortográfica da lingua galega. Normas aprobadas pola Real Academia Galega” (*El Pueblo Gallego*, 27-02-1970), “En reciente reunión de la Real Academia Gallega fueron aprobadas las normas de ortografía de la lengua gallega que publicamos seguidamente” (*La Región*, 28-02-1970), “Ortografía galega” (*Faro de Vigo*, 01-03-1970), “Ortografía galega” (*El Correo Gallego*, 04-03-1970). Alén disto, Piñeiro escribe unha carta (ARA) a Vales Villamarín, como secretario da RAG e responsábel da actuación desta perante a ausencia de Martínez-Risco, con data de 25 de febreiro de 1970, en que nun ton de enfado lle fai notar a “urxencia de facer presente iste paso idiomático en vísperas da inminente discusión nas Cortes do problema do bilingüismo escolar” e acusa a Xunta de Goberno da entidade de se inhibir neste tema.

Como mostran as cartas entre Leandro Carré Alvarellos e Sebastián Martínez-Risco correspondentes ao período de ausencia deste da Coruña (cartas nº 29-34), certamente o comportamento de Vales Villamarín naquela altura en que o presidente estaba destinado en Xirona non deixa de parecer estraño; Carré semella axir como persoa de confianza do presidente, a quen informa da falta de dedicación e de decisión do secretario, que se acharía confuso a respecto de quen debería presidir de modo provisorio as sesións plenarias e as Xuntas de Goberno da RAG; finalmente, en escrito do 20 de marzo de 1970 o presidente comunica á Xunta de Goberno da entidade que xa se acha en condicións de asumir novamente a presidencia (carta nº 42). Mais tamén semella que a urxencia de Piñeiro por dar a coñecer publicamente

as normas ortográficas estaba en relación coa posibilidade que se abría no debate político de as linguas minorizadas do Estado se incorporaren timidamente ao sistema educativo e coa posibilidade de a falta de codificación do galego servir de escusa para o deixar á marxe do proceso, como manifestaba na citada carta de 25 de febreiro a Vales Villamarín ao falar do “inminente” debate do bilingüismo escolar nas Cortes franquistas.

En dúas cartas datadas no mesmo día, 9 de marzo, Piñeiro dá conta ao presidente da boa acollida das normas por parte do Instituto Padre Sarmiento e de Rodrigues Lapa (cartas nº 40 e 41), e noutra de 21 de abril indícalle a quen as debe enviar a Academia (carta nº 45), a se demostrar máis outra vez que aquel fai un seguimento directo dun proceso codificador que na práctica dirixe. Ao mesmo tempo, nunha misiva especialmente interesante de Piñeiro a Basilio Losada, de 22 de marzo, transmítelle que os académicos eran partidarios dunha maior aproximación ao portugués, mais que por motivos prácticos de momento se facían depender do castelán, á espera de no futuro seguir un proceso gradual de achegamento ao ámbito natural do galego:

Xa ves que as *Normas de unificación ortográfica* son abondo prudentes. Parten da realidade actual dentro da evolución cultural da lingua. En conxunto case tódolos académicos coidan que se deberán achegar máis ó portugués, pro tivemos moi en conta que a única cultura gramatical e ortográfica dos mestres e dos nenos (e dos lectores) galegos é a castelá e convén partir dise feito pra facilitar a asimilación do galego como lingua escrita. Dentro de algúns anos, cando o cultivo do galego esteña plenamente afianzado, será ocasión de que a mesma Academia dea un paso máis á percura das afinidades posibles do portugués, poisque ó cabo o noso ámbito cultural *natural* é o galego-luso-brasileiro. O que ocorre é que temos que partir da situación creada pola dominación escrusiva do castelán e debemos de seguir un proceso evolutivo gradual, sin caéremos na tentación simplista de aceptar de plano e con carácter definitivo o dominio ortográfico castelán, como tan asañadamente pretende o Manolo Vidán, según terás visto na *Voz de Galicia* (carta nº 43).

Cómpre repararmos en que Piñeiro afirma que “case tódolos académicos” eran partidarios dun maior achegamento ao portugués; debía de ser esta, pois, a posición que tamén primaba entre os numerarios non pertencentes ao grupo de Galaxia e que era a historicamente dominante nunha entidade que en 1955 e 1961, aínda en anos duros da ditadura franquista, organizou a primeira e a segunda asemblea lusitano-galega, respectivamente en Braga e na Coruña, en cuxas actas logo editadas se achaban continuas proclamas de afinidade cultural e espiritual entre a Galiza e Portugal (véxase Real Academia Gallega, 1967). Noutra carta de Piñeiro a Basilio Losada ánimo a escribir en galego nunha revista portuguesa desde unha perspectiva de aproximación entre as linguas: “Coido que os comentarios debes facelos en galego, si ben acentuando as afinidades” (carta nº 49). Parece, pois, que

nesta altura o pensamento de Piñeiro a respecto do futuro da lingua e da súa relación co portugués non difería moito do de Carvalho Calero, tal como este o expón, por exemplo, en Fernán-Vello, & Pillado Mayor (1986: 175-183). Explica igualmente Piñeiro na carta de 22 de marzo a Losada as tentativas de Vidán Torreira por facer parte da equipa de redacción das normas académicas co obxectivo de conseguir que as que el utilizou na tradución do misal para o galego se convertesen nas oficiais da Academia. Contrapón Piñeiro estas manobras en que se mesturaban “os intereses materiáis e mais os espiritoás” co recto proceder institucional:

Na Academia, en cambio, todo ocorreu máis doadamente do que coidabamos. Celebrouse unha sesión extraordinaria pra tratar das *Normas*. Houbo gran animación e un sincero desexo de que a Academia dese ise paso necesario. Presentáronse e discutíronse varias enmendadas á ponencia, algunhas das cales foron aprobadas, de xeito que o texto final é en realidade obra colectiva da Corporación. Non houbo atrancos negativos. Si resulta ben iste ensaio, haberá que proceder a unha segunda etapa unificadora nos eidos morfolóxico e sintáctico (carta nº 43).

As normas ortográficas da Academia serán complementadas en 1971 coas normas morfolóxicas, asinadas tamén por Filgueira Valverde, Ricardo Carvalho Calero e Ramón Piñeiro, como consta no ARA, onde figura igualmente unha carta ao presidente asinada só por Carvalho e Piñeiro, datada a 9 de xuño, en que lle comunican o envío das normas morfolóxicas como “continuación das normas ortográficas anteriormente arprobadas” e lle solicitan a súa rápida tramitación na Academia (carta nº 50), e un escrito de Sebastián Martínez-Risco a Vales Villamarín, de 19 de xuño, en que lle comunica o envío das normas morfolóxicas que elaboraron Filgueira, Carvalho e Piñeiro para exame e aprobación dos académicos. No AMR hai, outrosí, un “Saúda” do presidente da RAG dirixido a si propio como académico, e por tanto con seguranza a todos os demais, onde di que se comprace en

remitirille, adxuntas, as normas morfolóxicas que someten á consideración da Academia, para a súa posible aceptación pola mesma, os académicos numerarios D. Xosé Filgueira Valverde, D. Ricardo Carballo Calero e D. Ramón Piñeiro López, pregándole (sic) teña a ben estudalas para dar o seu informe na sesión extraordinaria que ao efecto celebrará a Corporación o día 4 de xullo próximo.

Leva data de 19 de xuño de 1971, a mesma que outro escrito de convocatoria de Xunta Extraordinaria da Academia para o 4 de xullo, asinada por Vales Villamarín como secretario co visto e prace de Martínez-Risco como presidente e con un único punto na orde do día: “Estudo e resolución, se procede, da proposta presentada, con data de 9 do corrente mes, por varios señores académicos numerarios encol da unificación morfolóxica da nosa lingua”. Noutra carta desa altura, sen datar,

de Piñeiro a Losada o primeiro fala da “ponencia que presentamos o Filgueira, o Carballo e mais eu” e de que nela “habera modificacións” ao seu paso polo plenario académico, o que confirma a documentación depositada no ARA e esta mesma carta do verán de 1971: “Hai unha importante enmenda á norma 2, que eu apoiarei canto poida porque me parece moi asisada. Coido que prosperará, co cal ganará notablemente o conxunto das Normas” (carta nº 51).

Houbo, pois, modificacións nas normas morfolóxicas ao seu paso polo plenario da RAG, como se pode comprobar ao confrontar o texto orixinal (véxase anexo á carta nº 50) co finalmente publicado (Real Academia Gallega, 1971: 19-30). A modo de exemplo, confróntanse os puntos 2 e 10:

2.- Na formación dos plurais dos nomes –sustantivos, adxetivos, pronomes– rematados en *-l* hai que distinguir o caso dos monosílabos e o dos que teñen máis dunha sílaba. Os monosílabos forman o plural engadindo o morfema *-es*: *mal, males; mel, meles; mil, miles; mol, moles; tul, tules*. Os polisílabos substitúen *-l* por *-is*: *animal, animais; papel, papéis; cadril, cadris, español, españois, azul, azúis*. Manténse esta norma no caso de que o acento da palabra non vaia na vocal que precede ao *-l*: *increíbel, increíbeis; útil, utis*. Como se ve nos exemplos propostos, o sufixo *-is* funde na escrita o seu *-i* co *i* do singular que resulte inmediato pola perda do *l*: *cadris, utis*. Hai palabras compostas de monosílabos nos que estes seguen a regra correspondente: así, o plural de *aquel* é *aqueles*, o de *pirifol*, *pirifoles*.

[...]

10. O sufixo latino *-bile*, propio de adxetivos incorporados á lingua cando ésta xa estaba formada, resólvese en *-bel*: *estábel, solúbel*. Fican coas súas formas primitivas aqueles poucos vocábulos que nos foron legados pola lingua antiga, como *nobre*, e os cultismos usuais, como *móvil, débil* (véxase texto anexo á carta nº 50).

2.- Na formación dos plurais dos nomes –sustantivos, adxetivos, pronomes– rematados en *-l* hai que distinguir o caso dos monosílabos e o dos que teñen máis dunha sílaba. Os monosílabos forman o plural engadindo o morfema *-es*: *mal, males; mel, meles; mil, miles; mol, moles; tul, tules*. Os polisílabos substitúen *-l* por *-is*: *animal, animais; papel, papéis; cadril, cadris, perol, peróis, azul, azúis*. Como se ve, o sufixo *is* funde na escrita o seu *-i* co *i* do singular que resulte inmediato pola perda do *l*: *cadris*. Edebén, os adxetivos polisílabos do galego actual rematados en *-il* non acentuado, sen tradición ou con tradición vacilante no galego histórico, ateráanse na formación do plural ao padrón etimolóxico, engadindo *-es*: *áxil, áxiles; fácil, fáciles, etc*. Os monosílabos finais de palabras compostas seguen a regra correspondente: así, o plural de *aquel* é *aqueles*, o de *pirifol*, *pirifoles*.

[...]

10. O sufixo latino *-bile*, propio de adxetivos incorporados á lingua cando ésta xa estaba formada, resólvese en *-bel*: *estábel*, *solúbel*. Fican coas súas formas primitivas aqueles poucos vocábulos que nos foron legados con outras solucións pola lingua antiga, como *nobre*. Os de moderna incorporación, non respaldados polo uso popular ou literario nas formas indicadas, admiten a solución *-ble* do sufixo (Real Academia Gallega, 1971: 27-29).

Como se pode observar, trátase de modificacións substanciais que afectan aspectos fulcrais do modelo normativo que aínda hoxe están en discusión. Mais a partir do momento da aprobación, a RAG debía divulgar e socializar o uso das normas, que nacían con discrepancias tanto internas canto externas. Basilio Losada era consciente da oposición que estas suscitaban, pois en carta a Piñeiro de 20 de xuño dese ano afirma: “Hoxe lin no *Faro* de Vigo as novas normas da Academia. Dende logo vai costar traballo impoñelas. O mellor é aplicalas rixidamente dende Galaxia” (Piñeiro, & Losada, 2009: 867). Carvalho Calero, por seu turno, levou as normas académicas ás aulas universitarias desde o primeiro momento, a comezar polas ortográficas (Carballo Calero, 2006: 503-505). Á altura do 25 de agosto de 1971 parece que aínda non saíran do prelo as normas morfolóxicas, que tamén Carvalho mostra a intención de utilizar na súa actividade académica, como se desprende da carta a Del Riego desa data:

Os traballos van revisados de xeito que a ortografía está absolutamente unificada en todo o libro, de acordo coas Normas da Academia. Canto á morfoloxía, fíxose o que se puido; pero, de acordo con Piñeiro, estimóuse que non era rentable un esforzo desmesurado, pois nin hai todavía normas morfolóxicas oficiáis (Carballo Calero, 2006: 519-520).

Con todo, a publicación das normas morfolóxicas debeu de ser inminente, pois en nota previa da edición consta que foran aprobadas pola RAG en reunión de 4 de xullo dese ano e o seu colofón di que se acabaron de imprimir o 14 de agosto de 1971; nesta edición incluíranse tamén as normas ortográficas xa publicadas no ano anterior (Real Academia Gallega, 1971). De todos os modos, aínda tardou un pouco a distribución das normas impresas, que se debeu de producir a inicios de outubro segundo se deduce da carta (nº 53) do día 12 de Piñeiro a Martínez-Risco. No ARA hai dous albarás da Imprenta Moret, de setembro de 1971, onde consta que fixo entrega á Academia duns 1.000 folletos das normas ortográficas e morfolóxicas do galego, ben como diferentes escritos de entidades que agradecen o envío das normas nos meses de outubro e novembro.

A pesar do difícil contexto en que aparecen, como deseguida se verá, Piñeiro tenta destacar os aspectos positivos destas normas para a entidade que as elaborou e aprobou, pois acha que a partir dese momento “ninguén poderá dicir –como viñan dicindo– que a Academia non cumpre coa súa misión no tocante á lingua” e que hai que “aproveitar a oportunidade da aparición do folleto para que a Academia

se faga presente en moitas entidades que a desconocen ou teñen unha idea vaga e distante da súa existencia” (carta nº 53); e chega inclusive a cualificar esa “unificación idiomática” que levou a cabo como “un dos acordos máis trascendentes na historia da nosa Academia” (carta nº 54). Hai, pois, un claro desexo por parte da RAG de rendibilizar esas normas para a mellor proxección da súa imaxe na sociedade (véxase tamén a carta nº 55). Aínda en anos inmediatamente posteriores diversas asociacións se dirixirán tamén á entidade corporativa para se interesaren por esas normas (véxanse, a modo de exemplo, as cartas nº 57 e 58).

De todos os modos, cómpre incidir no carácter reducido das normas académicas, que só trataban uns poucos casos e deixaban fóra moitos aspectos de natureza ortográfica e morfolóxica, de xeito que a súa utilidade práctica era bastante limitada. Non constituían certamente nada parecido a unha gramática nin tan sequera a unha pequena síntese gramatical. É por iso que, por exemplo, aínda en 1973 unha “Comisión Interdiocesán prá Liturxia en Lingua Galega” anda á procura dunhas normas lingüísticas acaídas e mesmo pasa un cuestionario sobre o tema ao propio presidente da RAG (carta nº 59).

Por outro lado, convén termos en conta as circunstancias contextuais en que estas normas aparecen, xusto no momento en que desde o ámbito universitario se van tomar iniciativas na codificación do idioma á marxe da Academia, como consecuencia da creación do Instituto de la Lengua Gallega (véxase Fernández Rei, 2008) —máis tarde Instituto da Lingua Galega— na USC baixo a dirección de Constantino García, tamén na altura director do Departamento de Filoloxía Románica. Este discrepou abertamente das normas da RAG, como se deduce dunha carta de Basilio Losada a Piñeiro de 26 de marzo de 1971: “O que resulta incomprensible é a actitude do Departamento, prantexando a custión dun enfrentamento ca Academia nun intre en que semellaba que as normas académicas foran aceptadas sin reservas. Unha duplicidade normativa sería agora unha catástrofe” (carta nº 48). O propio Losada respondera anteriormente á consulta do departamento universitario sobre as normas a seguir no seu método de *Gallego 1* e expresaba esta mesma idea, ao tempo que alertaba sobre a necesidade de seguir as normas da RAG e de non se afastar do portugués:

Con relación á súa consulta, coido que conviría manterse o mais achegados que se poida ás normas ortográficas de Academia [...]. Por outra parte, as normas académicas teñen a ventaxa de manter no posible a vencellación do galego ao ámeto lingüístico portugués, do que non convén alonxarnos por unha chea de razóns entre as que conta tamén a difusión dos nosos libros en Portugal e no Brasil (carta nº 46).

Tamén Piñeiro reconece o problema da “visión de fonetistas e dialectólogos” dos membros do Departamento de Filoloxía Románica, que na súa opinión presentan prexuízos “antiacadémicos e anti-varias-cousas” porque só contemplan a realidade

da lingua falada e non comprenden “a perspectiva cultural do problema” (carta nº 49). Por conseguinte, o enfrontamento entre os ‘novos lingüistas’ do ILG e os ‘vellos académicos’ da RAG existe (véxase carta nº 47), embora Piñeiro tente minimizalos, como pon en relevo en carta a Losada de 25 de maio de 1971, onde comenta a saída do prelo do manual de galego antecitado:

O libro universitario quedou ben e ten grande éxito no público. Evidentemente, no Seminario de Filoloxía Románica hai prexuícos que se reflexan no libro. Teñen a visión de fonetistas e de dialectólogos, que xa é de seu unha limitación –¡a eterna limitación da técnica!–, e a maiores uns certos prexuícos antiacadémicos e anti-varias-cousas. O Constantino, en realidade, leva a iniciativa, o peso e a responsabilidade da promoción realizadora, pro nos problemas do galego acepta os puntos de vista dos seus colaboradores [...]. O que pasa é que o criterio da Academia é un criterio no que se pensa a lingua como instrumento *culto* de cultura e non como mero instrumento oral de comunicación. Pártese da distinción entre a lingua coloquial e a lingua escrita. Esta segunda pode unificarse; a primeira, non. Para os do Seminario, a única realidade é a lingua falada. Non comprenden a perspectiva cultural do problema. De tódolos xeitos, a Academia proseguirá o seu labor na liña do seu criterio. En definitiva, os escritores serán quenes decidan. Que haxa unhas certas diverxencias, non é grave (carta nº 49).

Esta distinción que fai Piñeiro entre lingua escrita ou literaria e lingua coloquial está ben reflectida na gramática de Carvalho Calero, que declara a intención de mostrar nela “una lengua viva” que non é “el gallego vulgar, profundamente alterado en su pureza por la erosión de la lengua oficial”, mais que é “el gallego culto, el gallego literario, que aspira a ser un instrumento cabal de cultura, el que nos interesa” (Carballo Calero, 1966: 13). Inclusive a outra gramática desta época incide tamén nesa distinción e na defensa do purismo lingüístico: “Los gramáticos, como los literatos, debemos procurar corregir defectos en los cuales incurre el vulgo iletrado, y usar un lenguaje correcto, de acuerdo con la esencia misma del idioma, y puro” (Carré Alvarellos, 1967: 8). Ambas as gramáticas publicadas na segunda parte da década de 60 subliñaban outrosí a conveniencia de aproveitar, dunha ou doutra forma, o portugués para a fixación do galego culto, pois en canto Carvalho defende que “sólo los arcaísmos y los portuguesismos pueden llenar las lagunas que se observan” (Carballo Calero, 1966: 32), Carré Alvarellos (1967: 8) apela ás “fuentes riquísimas de aquella época en que Galicia fue centro de la cultura hispánica de la reconquista y prez de la literatura que sirvió de aprendizaje a los poetas castellanos”, isto é, a época da escola lírica galego-portuguesa.

Esa posición era a tradicional do galeguismo e tamén da RAG no seu conxunto, pois se Carvalho Calero representaba a do grupo dominante de Galaxia, Carré Alvarellos podía recoller neste punto a doutros sectores minoritarios e de académicos numerarios

non adscritos a correntes concretas¹⁰. No entanto, desde inicios da década de 70 vaise producir unha ruptura no discurso tradicional sobre o galego coa irrupción dunha liña discursiva que vira as costas ao portugués, propiciada polo Departamento de Filoloxía Románica da USC e apoiada no prestixio da institución universitaria e na súa presumíbel superioridade científica sobre a Academia. O Departamento ameaza a autoridade da RAG e deste feito era consciente Ramón Piñeiro cando en marzo de 1971 escribía a Basilio Losada:

Como che tiña dito, no ámbito interno do Departamento fórase desenvolvendo unha tendencia autarquizante e unha certa tensión –non moi disimulada– coa Academia. Tratouse de presentar como un frente de *novos lingüistas* e outro de *vellos académicos*, o primeiro baseado na *ciencia* e o segundo na *literatura* (pronunciando esta palabra co desdén con que un positivista pronuncia a palabra *metafísica*), e, en realidade, na lista dos convidados percibíase a intención de asegurar o predominio do Dep. frente aos *vellos académicos*. Con todo, ocorreu unha cousa excelente: que nas respostas que foron recibindo, tanto de novos como de vellos, aparecía moi crara a adhesión á autoridade da Academia. Non en todas, pro sí en moitas.

O xefe do Dep., Constantino García, decatouse moi ben do panorama e actuou con moito tino. Comenzou por declarar que por ter a Universidade a responsabilidade idiomática dos textos escolares pra o ensino do galego –responsabilidade encomendada recentemente polo ICE–, decidiran facer un Método en tres gradós que será editado oficialmente pola Universidade. Que pra istes textos escolares cómpre unificar o galego, e que o Dep. leva a cabo esa iniciativa unificadora “sin máis pretensións que esas do uso escolar e sin pretender entrar na esfera propia da Academia”. Esta declaración previa, feita con certo instinto diplomático, dispou os receios e facilitou o desenvolvemento do coloquio, que foi aberto e cordial, ás veces abondo vivo e movido (carta nº 47).

A pesar de Piñeiro tentar disimular a subordinación da Academia á vontade dos “novos lingüistas” con base nas habelencias ‘diplomáticas’ –ou políticas– de Constantino García, antes de recoñecer a propia impotencia e a da entidade para se oporen aos designios daqueles, na mesma carta recoñece a virada antiportuguesa e a opción pola fala popular que vai imprimir o Departamento da USC:

10 Cómpre lembrarmos aquí os relatorios presentados por académicos como o propio Carré Alvarellos, Salustiano Portela Pazos, Henrique Chao Espina ou José Luis Bugallal Marchesi, entre outros, na “Primera Asamblea Lusitano-Gallega” realizada en Braga os días 29 e 30 de outubro de 1955, todos a incidiren na estreita relación cultural entre a Galiza e Portugal; ou os relatorios de Francisco Vales Villamarín, José Crespo ou Julio Rodríguez Yordi no mesmo sentido na “Segunda Asamblea Lusitano-Gallega” celebrada na Coruña os días 14, 15 e 16 de agosto de 1961, alén doutros que tamén interviñeran na asemblea anterior; poden lerse os textos completos en Real Academia Gallega (1967). Parece evidente que inclusive os membros da RAG non adscritos ideoloxicamente ao movemento galeguista asumían formalmente o discurso da vinculación lingüístico-cultural da Galiza con Portugal.

En xeral, o Dep. tiña –e sigue tendo– dous puntos de vista fundamentais: non distinguir entre lingua falada e lingua escrita (poderíase dicir que todo o reducen á fala) e o fanatismo antiportugués.

Para che resumir a miña impresión direiche que é francamente boa, porque quedou anulada a pretensión encuberta de desplazar á Academia e porque o Dep. tuvo ocasión de comprobar que no país hai gran preocupación polo problema da lingua e solidariedade coa Academia, ademais de comprobar igualmente que o sentir da maioría non coincidía con todas as formas propostas por iles (carta nº 47).

Non atribúe Piñeiro ao Departamento universitario unha simple preferencia pola fala popular face ao ideal galeguista de aproximación ao portugués. Acúsa directamente de “fanatismo antiportugués” e reconece a súa tentativa de usurpar as funcións da Academia, que na práctica se vai producir a pesar das boas palabras de como Constantino García. Así parece interpretalo tamén o receptor da carta, Basilio Losada, cando na súa resposta lle transmite o temor por unha duplicidade de normas, como xa se comentou (carta nº 48). De facto, a dupla normativa existiu desde 1971 –as normas ortográficas e morfolóxicas da RAG face ás do método de *Gallego 1* e sucesivos do ILG–, a pesar de Piñeiro tentar de lle restar importancia para non reconecer o seu fracaso. Mais débese ter en conta que as dúas se fan desde o español, isto é, tomando a norma castelá por modelo, aínda que as da RAG como vía estratéxica provisoria en canto non for posíbel unha maior aproximación ao portugués e as da entidade universitaria como opción definida de base foneticista e popular. Na realidade, as persoas que elaboraron o método de *Gallego 1* xulgaban que “o modelo de lingua culta tiña que partir da fala popular e da tradición literaria, pero ambas depuradas” (Fernández Rei, 2008: 1001), como tamén explicitaban no prólogo (Instituto de la Lengua Gallega, 1971: 6); neste sentido, son de grande interese as opinións que individualmente expoñen en Fernández Rei (2008: 993-998).

Así pois, a virada antiportuguesa no discurso dominante a respecto do galego fica substanciada nese ano 1971 en que se crea o ILG da USC, vinculado ao Departamento de Filoloxía Románica; será entón cando o grupo Galaxia que domina a RAG perda o control do proceso de estandarización do idioma. E vai ser o director do ILG, nun artigo publicado na altura na mesma revista da editora, quen dite sentenza sobre o final da influencia codificadora de Galaxia:

Compre reconocerlle á Editorial Galaxia o mérito de empezar unha tentativa de unificación que, por outra banda, non soubo aproveitar, sendo, como foi, a editorial máis importante de Galicia durante tantos anos. Coidamos que unha policía ríxida houbera acabado radicalmente coa anarquía ortográfica.

As normas tácitas de Galaxia duran hastra 1970, en que se dan á publicidade as Normas ortográficas da RAG. Estas normas, ao noso ver, supuxeron un franco

retroceso, en canto alonxan máis a lingua escrita da falada do que o viñan facendo calquera das grafías empregadas hastra daquela [...].

Parece que nas Normas académicas hai unha tendencia lusizante, sin dúbida co fin de que algún día o mercado de libros galegos poida estenderse ós países de fala portuguesa (García, 1971: 132-133).

Como se ve, Constantino García –cualificado por Vaqueiro, & Xamardo (2017: 76) de antilusista “visceral” por estas palabras– ditamina o fracaso normativizador de Galaxia e da Academia na revista *Grial* que Piñeiro controla, sen que este responda no mesmo ton descualificador noutro artigo en que elude entrar en polémica (Piñeiro, 1971: 363). Interesa neste punto, de modo especial, a opinión dun daqueles ‘novos lingüistas’ do ILG de que falaba Piñeiro na súa correspondencia, Antón Santamarina, que exercerá grande influencia na codificación lingüística nas décadas posteriores ás tratadas neste traballo; el reafirmase nos seus postulados a respecto da estandarización do galego e verbaliza a evidencia de que foi Piñeiro e a RAG os que cederon e aceptaron os criterios do ILG, a pesar de recoñecer que tamén el ten feito cesións, mais sempre no curso de negociacións políticas e non por mudanza de filosofía lingüística:

O retintín desdeñoso de “novos gramáticos” é bastante claro. E agora pode preguntarse o lector: ¿quen foi o rego de quen? Eu persoalmente non teño a impresión de ter mudado de ideal lingüístico: é verdade que entre Gallego 1 e as Bases e as Normas houbo algunha mudanza, que polo que a min respecta case sempre obedeceron a transaccións de carácter “político”; as normas, para ampliar o abano de adeptos, tiveron que ir pasando por varias negociacións e compromisos nos que houbo que ir cedendo (do que ás veces resultou unha perda de coherencia); pero nesa negociación as discrepancias non foron entre os puntos de vista dos novos lingüistas e os vellos académicos, que, á parte de Piñeiro eran bastante pouco expertos en lingua, se descontamos a Carballo, que nisto deixou de ser mesmo “vello académico” cando optou pola fuxida para o portugués. Así é que, non habendo necesidade de ir un ó rego do outro temos que interpretar aquelas reticencias de Piñeiro sobre o primeiro ILG (do que eu era un xoven) como un prexuízo escasamente fundado (Santamarina, 2009: 16, nota 32).

Mais eses feitos posteriores a que se refire Santamarina xa exceden o límite de 1971 marcado para este traballo e, alén do máis, están contados e analizados por Fernández Rei (2008), por Vaqueiro, & Xamardo (2017), por Samartim (2005 e 2012) e por Alonso Pintos (2002, 2006), entre outros, desde diferentes ópticas. Do que aquí interesaba deixar constancia era de que foi xustamente nese inicio da década de 70 cando o discurso que tradicionalmente viña mantendo o galeguismo dominante a respecto da substancial unidade galego-portuguesa, embora moitas veces non pasase de simple retórica, se reorienta para situar o galego como lingua autónoma, independente tanto do español como do portugués.

En conclusión, as normas ortográficas de 1970 e as morfolóxicas de 1971 son as primeiras que publica a RAG nos seus máis de 60 anos de existencia, e a súa rápida elaboración e aprobación debeuse á inminencia da incorporación do galego aos sistema educativo nos derradeiros anos da ditadura franquista. Mais tamén se poden considerar as últimas normas de responsabilidade única desa institución, pois no sucesivo a autoría normativa terá de a partillar co ILG da USC, que na realidade será o que dirixa e controle o proceso de codificación do galego, alén de impor a súa liña discursiva sobre el. Por consecuencia, aquelas normas académicas de inicios da década de 70 tiveron un breve percurso e escasa incidencia social, tamén pola súa limitada utilidade derivada dos moitos aspectos que deixaban sen tratar ao teren un carácter tan reducido.

4. O labor filolóxico-gramatical de Leandro Carré Alvarellos

O membro numerario da RAG e tesoureiro da súa Xunta de Goberno Leandro Carré Alvarellos (A Coruña, 1888-1976) non posuía unha formación filolóxica regrada, de modo que o seu contributo á lingüística e á gramática galegas debe medirse basicamente pola capacidade de tomar iniciativas neste ámbito que puñan en evidencia a necesidade de crear ferramentas de utilidade para a fixación do galego escrito. Por un lado, el atreveuse a emprender a elaboración de gramáticas e dicionarios, a contribuír así para a unificación normativa do idioma e, por outro, converteuse no “elemento motivador ou o revulsivo” (Maceira, 2014: 517) para a emerxencia doutros estudos gramaticais e propostas estandarizadoras antes da guerra –Lugrís Freire (1922) e Couceiro Freijomil (1929, 1935)– e despois dela –Carballo Calero (1966) e Real Academia Gallega (1970, 1971)–. Ao mesmo tempo, as iniciativas que levou a cabo no ámbito filolóxico tiñan como intención supliren as carencias da propia RAG, incapaz de desenvolver os seus proxectos programáticos no campo da codificación do idioma.

Non era, certamente, Leandro Carré unha persoa con preparación académica en temas filolóxicos, mais si con moita vocación por eles e cunha constante e entusiasta dedicación, o que o levou a percorrer toda a Galiza para coñecer a lingua que falaba a xente, alén de recoller lendas e tradicións populares. Tamén se preocupou por acudir ás fontes escritas existentes sobre a materia, desde os recuados tempos medievais até os máis achegados á actualidade. Esas inquietudes filolóxicas levárono igualmente a se interesar polo portugués, sobre o cal posuía coñecementos teóricos e prácticos reforzados pola súa estada temporal no país veciño e pola relación con intelectuais e escritores desa nacionalidade. Así o explica el propio:

Estudié nuestro idioma desde mi infancia y he recorrido nuestra tierra toda por el litoral, por el interior, por los valles y las montañas, en las villas, en

las aldeas y en los pueblecitos marineros. Por eso conozco la lengua y las costumbres; los cuentos y los cantares; los refranes y las leyendas y romances; tengo recogido muchísimas frases para conocer las modalidades sintácticas... Pero he estudiado también los libros, los cancioneros, los documentos, los códices, las crónicas...

[...]

Conozco también el idioma portugués; porque he tenido que usarlo, y lo estudié durante mi estancia en la ciudad de Porto cerca de tres años, continuando desde entonces relacionándome con amigos y escritores lusitanos, y colaborando en algunas revistas; y tengo el honor de pertenecer a varias instituciones culturales: el Instituto Histórico do Minho, la Sociedade Martins Sarmiento, y el Instituto Portugués de Arqueología, Historia y Etnografía (texto anexo á carta nº 27)¹¹.

Antes da Guerra Civil de 1936 participou activamente no movemento nacionalista irmandiño, que se marcara como obxectivo a elaboración de ferramentas e recursos para o idioma galego, tarefa en que el se comprometeu persoalmente desde o primeiro momento. Neste sentido, das dúas gramáticas que se encadran no período que vai de 1916 a 1931, a primeira é un *Compendio de gramática galega* da súa autoría asinado coas letras iniciais de ‘Ramón Alvariño’, pseudónimo utilizado por el noutras ocasións, e saído do prelo apenas tres anos despois da fundación das Irmandades (R. A., 1919), a que logo seguiría a máis completa *Gramática do Idioma Galego* publicada por Lúgris Freire en 1922 e reeditada en 1931 (Sánchez Rei, 2016). O modesto contributo de Carré Alvarellos ten, no entanto, o mérito de ser a primeira gramática redixida en galego e tamén de non obedecer a unha concepción tan marcadamente diglósica, isto é, que non ten o español como elemento constante de comparación, segundo por exemplo acontece coa decimonónica de Saco Arce, de que é directamente debedora, ou coa posterior de Carvalho Calero dos anos 60 da centuria precedente.

Ben se sabe que non houbo gramáticas renacentistas galegas, como si as houbo do portugués ou do castelán, e que non é até a segunda metade do período oitocentista que aparecen as primeiras descrições gramaticais do galego (Sánchez Rei, 2005): a de Mirás, de 1864, e as de Cuveiro e Saco Arce, ambas de 1868. A pesar da novidade que supuñan, ningunha delas foi merecente dunha segunda edición naquela altura, incluída a máis que notábel de Saco. Entre este “primeiro ciclo de produción gramatical” e un segundo formado pola obra lingüística de Manuel R. Rodríguez, os contributos de Martínez Salazar e os *Elementos de Gramática Histórica Gallega* de García de Diego, dirixidos estes cara á diacronía da lingua, transcorren uns 30 anos –de 1868 a 1898–, en canto entre a publicación desta última obra (Burgos, 1909) e

¹¹ Con efecto, na súa *Gramática gallega* de 1967 constan os títulos de membro “de la Real Academia Gallega, de la Sociedad Martins Sarmiento y del Instituto Portugues de Arquiologia, Historia y Etnografía” debaixo do nome do autor da obra (Carré Alvarellos, 1967).

o inicio dun terceiro ciclo gramatical, “monolingüe no seu tratamento do galego e normativo nas súas intencións” (Fernández Salgado, 2000: 122-123), coa síntese de Leandro Carré, de 1919, só hai unha década de distancia. Tres anos despois aparece a gramática de Lugrís Freire e estas dúas obras constitúen a achega gramatical das Irmandades da Fala, non só por entraren plenamente no período temporal destas como por os seus autores seren membros destacados do movemento irmandiño e elas mesmas responderen ao deseño programático deste (Freixeiro Mato, 2016a).

A gramática de Lugrís tivo unha segunda edición ampliada e revista en 1931 e o *Compendio* de Carré dalgún modo tamén, pois con certas modificacións foi reimpresso no prólogo do *Diccionario Galego-Castelán* deste autor (Carré Alvarellos, 1928 e 1931). Neste sentido, non semella casual que o primeiro ciclo gramatical coincida co primeiro Renacemento literario e que este terceiro veña a se producir durante o segundo Renacemento (Rodríguez, 1996)¹²; nin tampouco que, sendo Carré e Lugrís membros fundadores da primeira Irmandade de Amigos da Fala creada na Coruña o día 18 de maio de 1916 e tamén membros do comité editorial do seu voceiro *A Nosa Terra*, o artigo 28 do *Regramento das “Irmandades da Fala”* (A Coruña, 1918) establececese nove obxectivos culturais e lingüísticos, o terceiro dos cales era “Procurar a divulgazón e fixación do galego, faguendo e axudando a faguer e imprimir gramáticas, dicionarios y-en xeneral, libros galegos” (en Fernández Salgado, 2000: 125). A síntese gramatical de Carré sae do prelo ao ano seguinte de se aprobar este regulamento como obra que inaugura a “Biblioteca Galeguista”, cuxa ‘comisión editora’ estaba constituída por Ramón Vilar Ponte, Bernardino Varela, Lois Peña Novo e Roberto Blanco Torres, todos catro membros da Irmandade da Coruña como o propio Carré; e, face á dura crítica descualificatoria que recibiu na única recensión aparecida na imprensa coruñesa, saíron na súa defensa tanto esta comisión como *A Nosa Terra*, o que vén a demostrar a clara implicación das Irmandades da Fala nesta publicación, que facía parte do seu proxecto ideolóxico:

Mentres que o público pretendido e atinguido por Saco e García de Diego consistía en estudiosos –“eruditos galegos”–, Carré e os seus editores –as *Irmandades*– procuran a través do seu libriño achegarse “de xeito pouco pretencioso”, a un público máis amplo, menos especializado e aparentemente menos crítico. Pero deixando a un lado a súa adecuación ós fins perseguidos podería resultar interesante saber se as masas de campesiños e traballadores ordinarios das cidades galegas, ou mesmo as pequenas clases medias, se mostraban realmente receptivas á nova oferta lingüística ou, se pola contra, máis que ante unha demanda popular como alegaban os editores nacionalistas estamos ante un simple acto de propaganda ideolóxica (Fernández Salgado, 2000: 131).

12 Tamén non semella de todo casual que na década de 60 do século XX se produza un novo ciclo gramatical que vén a confluír con outro florecemento literario na Galiza (véxase I.2).

A outra gramática das Irmandades da Fala é a de Lugrís Freire (Sánchez Rei, 2009 e 2016), cuxo autor, igual que Carré, non posuía título universitario, sentía grande inclinación polo teatro e pola literatura, e mantiña un forte compromiso galeguista dentro das Irmandades, no cal se debe inserir a elaboración da súa *Gramática do Idioma Galego*. Lugrís e Carré eran conscientes da má situación social do galego e da anarquía que gobernaba o seu uso, de modo que cumpría endereitalo, e como máis ninguén emprende esa tarefa –téñase en conta que a Facultade de Letras da Universidade de Santiago se crea no ano 1923–, acométena os dous para atenderen unha necesidade urxente e para dotaren o galego de instrumentos de utilidade imprescindíbel. Debido a esa situación caótica da lingua, ambas as gramáticas adoptan un ton prescritivo na procura de respecto e prestixio para un idioma que na altura carecía deles. Os dous autores eran ben conscientes de que para iso unha lingua precisaba ter unha gramática; ou dito con outras palabras, as Irmandades da Fala, a que ambos pertencían e servían, no seu propósito de converteren o galego nunha verdadeira lingua nacional desde a consideración de dialecto rexional dominante na sociedade da altura, necesitaban dotalo dunha gramática e para tal fin Carré e Lugrís tórnanse improvisados gramáticos. Como acontecera coa do primeiro, tamén a de Lugrís bateu co “rexeitamento das directrices normativizadoras” que propugnaba (Ínsua, 2016: 387-389). E se os dous autores cultivaron igualmente antes da guerra o teatro e outros xéneros literarios, Leandro Carré atreveuse con outra das grandes tarefas filolóxicas pendentes: a elaboración dun dicionario galego, que culminou no inicio da década de 30 coa edición do segundo volume (Carré Alvarellos, 1928 e 1931) e que pouco despois reeditou conxuntamente (Carré Alvarellos, 1933), con certeza o seu contributo filolóxico que atinxiu un maior suceso editorial, pois após a guerra tivo máis tres edicións.

O interese e preocupación de Leandro Carré polos temas filolóxicos galegos non decreceu na dura posguerra dunha ditadura cruel que el mesmo padeceu. O seu discurso de ingreso na RAG, lido o 3 de marzo de 1945, tiña por título “El idioma gallego en la Edad Media” e sobre aspectos diacrónicos do idioma versaron igualmente outros traballos seus no franquismo, como un artigo sobre a palabra galego-portuguesa medieval *ler* en 1949; tamén se ocupou do fenómeno fonético da gheada, desaconsellando a súa representación na lingua escrita, nun artigo de 1955 que, con algunhas variantes, apareceu en varias publicacións; mais non desatendeu o labor máis directamente militante en prol da causa do galego, como mostra o artigo “Hai que cultivar o idioma” aparecido en 1952 na prensa da emigración porteña so o pseudónimo de “L. da Rúa”, entre outros moitos (véxase ao respecto Maceira, 2014: 494-511). A pesar de certas carencias académicas, Leandro Carré Alvarellos foi unha persoa sempre interesada pola historia da Galiza e da súa lingua, e con base no esforzo e na dedicación, chegou a adquirir coñecementos notábeis sobre o percurso seguido polo idioma, de cuxa xénese e vinculación co portugués nos ofrece unha visión coincidente co pensamento galeguista máis esclarecido

ao respecto; así o deixa ver nunha réplica aos académicos que rexeitaban as súas propostas normativas:

[...] y demuestran la forma real como se usaba nuestro idioma en el antiguo Reino de Galicia; e incluso en Castilla, cuando los castellanos, andaluces y los de Extremadura, imitaban a los poetas gallegos, de los cuales aprendieron el arte de trovar, usando la misma lengua, como ha dicho el Marqués de Santillana. Y aquellas formas, aún hoy son empleadas en Portugal, porque, como he dicho y es bien sabido, el idioma gallego fué el mismo del nuevo Estado portugués. Lengua romance *culta* es la de Portugal, aún cuando sea diferente, y se manifiesta en ella también una cultura diferente; pero no inferior a la castellana. Lengua y cultura que es la expresión y el espíritu de unos 86.000.000 de personas (texto anexo á carta nº 27).

Polos anos 50, xa avanzada a posguerra e iniciado o camiño da recuperación do galego escrito, a RAG non conseguía dar pasos no obxectivo inicialmente marcado de elaborar un dicionario e unha gramática do galego, pois os personalismos existentes no seu interior, xunto con manobras de poder e con posicionamentos de carácter elitista, “mantiveron paralizados os proxectos das comisións encargadas” de os elaboraren, como recolle Maceira (2014: 517) a partir dun artigo do ano 1951 do propio Carré que leva por título “A Academia Galega e o seu Dicionario”, publicado co mesmo pseudónimo e no mesmo medio impreso da capital arxentina que o último anteriormente citado. Se nos inicios do movemento das Irmandades da Fala e co impulso delas publicara o *Compendio de gramática galega*, alén do dicionario saído do prelo entre 1928 e 1931, unha vez transcorridos os primeiros, e máis duros, anos da ditadura militar, Carré Alvarellos empéñase en que a RAG, a que pertence xa como membro numerario, poida dispor desas ferramentas imprescindíbeis para a recuperación literaria do galego e, nese sentido, ofrece o seu traballo e o seu labor precedente na procura de apoio institucional e aval de prestixio para a súa propia obra filolóxica. Porén, nunha RAG xa controlada polo grupo de Galaxia Carré Alvarellos non vai achar apoio nin comprensión para as súas propostas filolóxicas, de modo que desenvolverá o seu labor nesta materia desde a soidade de quen defende posicionamentos minoritarios nunha entidade dominada por unha maioría a que non pertence e cuxos postulados sobre a lingua non partilla, para alén de puntuais excepcións. Así describe Maceira a situación de Carré dentro dunha entidade totalmente controlada polo grupo de Galaxia a partir dos anos 50:

Nese período, a maioría das propostas estratéxicas de Carré chocaban coa orientación da comisión de goberno da Real Academia Gallega. O sentido da responsabilidade histórica fixo que o académico asumise as derrotas, mais conforme á súa integridade intelectual insistiu en abrir temas que tiñan idéntica resolución: un clamoroso silencio. Pretendeu dinamizar a comisión redactora do dicionario da institución, propuxo a súa gramática co fin de desencadear

a reflexión que resolverse crear unha oficial e protestou contra as manobras dilatorias na confección dun dicionario e mais dunha gramática da Academia. Desde os anos cincuenta, arremeteu contra o enmudecemento e a desviación do espírito con que fora creada esta entidade [...]. Aínda en maio de 1975 esixía que a xunta xeral da RAG afrontase a necesidade de editar unha gramática, segundo os estatutos da institución, que partise duns criterios tradicionais e que combatese a castellanización do galego (Maceira, 2014: 545-546).

A pesar de na correspondencia publicada sobre o período, ben como na existente na RAG, non existiren, de modo un tanto sorprendente, demasiadas referencias ás propostas de Carré e á súa soidade dentro da institución, poden acharse algunhas que tornan esclarecedoras (véxanse, por exemplo, as cartas nº 3, 11 e 43). Mais, de todos os xeitos, Carré Alvarellos non se desanimou e nas décadas de 50 e 60 traballou na elaboración dunha gramática completa do galego, á vez que fixo propostas sobre a codificación do idioma tanto enviando informes á Academia (véxanse textos anexos á carta nº 24) como ao “Seminario didáctico da lingua galega” que no verán de 1966 se reuniu en Vigo (véxase IV.5). Tamén hai constancia de que Carré impartiu un curso de gramática galega na Coruña en 1964, cuxo programa reproduce as partes habituais nas gramáticas da altura: fonética, morfoloxía e sintaxe (véxase IV.3). En 1967 sairá do prelo a súa *Gramática gallega* e pouco despois elaborará un *Epítome de gramática galega* para entregar á RAG, como se verá nos capítulos seguintes. Tanto nestes traballos gramaticais canto nos outros textos da súa autoría que tratan temas relativos dalgunha maneira á codificación do idioma, Carré defende un modelo de lingua auténtica e descastellanizada, ao tempo que adaptada ás necesidades do momento, sen por iso perder as súas raíces históricas nin sucumbir ás tentacións de trasladar as formas vulgares á lingua culta, como ben explicita neste texto:

No es, pues, que los gallegos querramos diferenciar nuestra lengua de la castellana; sino todo lo contrario. Es decir; que los castellanos han ido diferenciando su lengua de la nuestra, que habían empleado en los albores de su cultura y de su poesía. Lo que pretendemos nosotros; lo que yo deseo hacer comprender, es conservar el idioma propio, usándolo con nuestras auténticas palabras y cuidando que estas no se pierdan sustituidas por otras ajenas o por ellas corrompidas [...].

Por otra parte: para *modernizar* o *actualizar* nuestra lengua ¿debemos recoger y usar en escritos *cultos* las formas populares de aquellas personas que, sobre todo en los arrabales de las ciudades más populosas emplean un lenguaje muy corrompido? ¿Hemos de aceptar las odiosas geadas que tanto daño han hecho a nuestra hermosa lengua? ¿O los barbarismos “aer”, por onte; “chaval”, por neno; “manteñer”, por manter; “destiño”, por destino; “ventán”, por fenestra o vidreira; “juevo” por ovo; “ajua”, por auga, etc. etc.? (texto anexo á carta nº 27).

A modo de conclusión, pódese dicir que Leandro Carré Alvarellos enmarcou todo o seu labor cultural, e por tanto tamén filolóxico, dentro do proceso de reconstrución nacional da Galiza, de que foi constante activista. Deste modo, os seus traballos gramaticais estiveron movidos por un sentido práctico que tiña como finalidade a utilidade social e o servizo patriótico, como demostra a orientación didáctica de todos eles, baseados nunha mínima carga teórica e na profusión de exemplos concretos. No tocante á ortografía, consideraba a unificación un dos temas máis urxentes, rexeitaba tanto a proposta foneticista de Aurelio Ribalta como a etimolóxica practicada en ocasións por Carré Aldao ou Vaamonde Lores, defendía as propostas “maduradas na Cova Céltica e no Seminario de Estudos Galegos” e preconizaba un achegamento ao portugués “para encher os baleiros que se atoparan na estandarización da lingua” (Maceira, 2014: 511). Como este mesmo investigador afirma, o obxectivo que guiaba o seu modelo de lingua era a depuración, a simplificación e a unificación ortográfica para así construír un idioma culto, adaptado ao tempo que se vivía e accesíbel para o pobo. En último termo, o que Carré pretendía era socializar a lingua sen provocar rexeitamentos e neste sentido debe interpretarse a súa aceptación da aproximación do galego ao portugués e mesmo da incorporación de solucións portuguesas que non violentasen a estrutura interna do idioma, mais tamén a súa oposición á unificación ortográfica entre galego e portugués que propuña Viqueira nos anos 20. E isto a pesar de ser un dos poucos galeguistas que utilizaba a norma portuguesa na súa correspondencia cos escritores do país veciño¹³ e tamén en colaboracións en medios escritos lusos (por exemplo, Carré Alvarellos, 1974). Aínda que nas súas formulacións sobre a filosofía que debía guiar a codificación do galego tiña bastantes puntos de coincidencia co Piñeiro e co Carvalho dos anos 60 e inicios dos 70, incluída a aproximación ao portugués e a importancia da lingua literaria, porén non foi tido en conta por eles no proceso de elaboración das normas académicas, nomeadamente pola súa radicalidade na defensa dun galego depurado de españolismos, de que o seu empeño no uso de *-zón* é o exemplo máis claro.

5. Antecedentes do *Épitome de gramática galega*

Como informa Maceira (2014: 518), Leandro Carré andou a traballar nos inicios da década de 50 nunha obra escrita en galego e intitulada *Gramática galega*, que presentaría a un concurso convocado polo Lar Gallego de Caracas, onde conseguiu o terceiro premio. Esa mesma obra sería presentada polo autor á RAG en 1955 para que esta ditaminase sobre o seu valor científico, se callar co propósito de que a recomendase ou mesmo lle dese algún tipo de recoñecemento como obra

¹³ Véxanse cartas a Francisco José Velozo, de 19-02-1952, a Arlindo Ribeiro, de 01-12-1957. e a António Pereira Cardoso, de 06-07-1954, reproducidas no tomo 2 da tese de doutoramento de Maceira Fernández (2005: 239-244).

de referencia. Neste sentido e segundo documentación depositada no AMR, foi nomeada unha comisión que emitiu informes particulares dos seus membros e un informe final (véxanse as 8 primeiras cartas da correspondencia que se inclúe en III). No mesmo arquivo figura copia dun escrito da RAG, asinado por Manuel Casás como presidente e con data de 22 de abril de 1955, en que se comunica a Sebastián Martínez-Risco o seguinte acordo da Xunta de Goberno do día 16 do mesmo mes:

Conforme también a lo acordado en la junta general ordinaria de 3 de abril corriente, en la que se adoptó el acuerdo de que por la Junta de Goberno se designasen los Numerarios que habrían de dictaminar respecto de la Gramática Gallega que el señor Carré Alvarellos presentó a informe de la Academia, así como su moción acerca de la unificación de la ortografía, fueron designados para tal menester los señores don Paulino Pedret Casado, don Fermín Bouza Brey, don José Filgueira Valverde, don Ramón Otero Pedrayo, don Sebastián Martínez-Risco y Macías y don Manuel Banet (carta nº 1).

Após a transcrición literal deste acordo, o escrito dirixido a Martínez-Risco continúa do seguinte modo: “Y siendo V. S. uno de los Académicos expresados, me complazco en remitirle la Gramática de que se trata para que se digne examinarla y en su oportunidad emitir el informe que se solicita”. Así pois, Leandro Carré non só presentou a inicios de 1955 á RAG unha gramática para que esta a avaliase como tamén formulou unha moción sobre a unificación ortográfica, outro dos temas recorrentes que facía parte das preocupacións deste académico a respecto da lingua galega e que o levará outrosí a elaborar dous informes en 1965 sobre propostas normativas concretas, como se verá. Noutro escrito de Manuel Casás a Martínez-Risco, de 27 de marzo de 1956, case un ano despois do anterior, agrádecelle a devolución da “Gramática Gallega que para su examen y dictamen de V. S. se le había enviado oportunamente” e comunícalle que ese “original de don Leandro Carré Alvarellos, pasa con esta fecha a examen y dictamen, según acuerdo de la Junta de Gobierno, de don Manuel Banet Fontenla, como V. S. designado para formar parte de la Comisión correspondiente” (carta nº 5). E xusto un mes despois, o 27 de abril de 1956, Manuel Casás asina outro escrito a Martínez-Risco en que lle solicita o envío do seu ditame sobre a gramática sometida a avaliación:

Próximos a ser entregados los informes individuales de los señores Académicos residentes en Santiago de la Gramática gallega que el Numerario don Leandro Carré Alvarellos sometió a dictamen de la Corporación, y antes de que se celebre la oportuna reunión en que cada uno habrá de defender el suyo, le ruego muy encarecidamente tenga a bien enviarme el que usted ha formado para que conste con la debida antelación en esta Secretaría (carta nº 6).

Con todo, o ditame de Martínez-Risco xa debía de estar en poder da RAG, aínda que o presidente non o lembrase. Se en carta de 3 de marzo de 1956 de Carré

Alvarellos a Sebastián lle lembra “o asunto da miña Gramática” (carta nº 2), tal recordatorio debeu de producir efecto inmediato xa que, datada catro días despois, figura unha carta-informe de Martínez-Risco ao presidente da RAG (carta nº 3), onde, após indicar que examinou con atención o libro “Gramática Gallega” de que é autor Leandro Carré Alvarellos e de facer dúas obsevacións de pormenor sobre a inconveniencia de usar a letra <y> e a profusión de apóstrofos e trazos, conclúe afirmando “el interés y la utilidad del libro examinado”. Noutra carta de 27 de marzo dese mesmo ano 1956, data coincidente co escrito citado anteriormente en que o presidente lle agradece o envío do exemplar da obra de Carré, Martínez-Risco comunica ao presidente da RAG a devolución do orixinal da gramática daquel para que poida ser examinada polos demais membros da Comisión (carta nº 4).

De todos os modos, tamén se debe constatar que o asunto non foi tratado precisamente con moita dilixencia, pois non será até o 20 de novembro de 1958, máis de dous anos e medio despois de Martínez-Risco ter enviado o seu informe, cando o secretario da RAG lle comunique por escrito que xa recibiu todos os ditames dos membros da Comisión e que o convoca a unha reunión o día 27 dese mesmo mes (carta nº 7) para elaborar o informe definitivo, á cal só comparecen tres dos seis membros, polo que se adía para o 9 de decembro (carta nº 8). Esta reunión debeu de ter lugar a teor do seguinte “Informe” que figura sen datación:

La “Gramática Gallega” que su autor D. Leandro Carré Alvarellos sometió a dictamen de la Real Academia Gallega constituye, a juicio de esta Corporación, un trabajo muy estimable en cuyo texto aparecen cumplidos los propósitos abrigados, sin duda, por su distinguido autor de componer una obra que dé a conocer de una manera clara, elemental y sencilla los caracteres de la lengua gallega; y atendidas esta orientación y la utilidad general que ha de reportar, esta Real Academia la considera digna de los mejores elogios.

Este breve texto que figura no AMR está escrito de puño e letra de Sebastián Martínez-Risco nunha versión pasada a limpo sobre un rascuño previo en que, alén do que figura no texto reproducido, se pode ler o que parece ser un extracto doutro informe previo de Otero Pedrayo: “Otero: que para la enseñanza, difusión y mejor conocimiento de nuestra lengua gallega, el tratado elemental y bien trabajado, el tratado elemental de nuestro compañero es merecedor de toda” (sic). E tamén outro extracto dun posíbel informe de Filgueira Valverde: “Filgueira: El informe no contiene reparos ni indicaciones que parecen ociosas, dado el carácter de la obra. La obra sólo merece elogio por su orientación y por la gran utilidad que ha de reportar. Trata de dar a conocer de una manera clara, elemental y sencilla los caracteres de la lengua gallega”. Todo indica que Martínez-Risco foi quen elaborou o informe definitivo a partir dos anteriores. Aínda que está sen datar, debe de ser de finais de 1958 ou inicios de 1959, seguindo a secuenciación das cartas anteriores.

O périplo académico desa *Gramática gallega* de Leandro Carré, que posibelmente fose a ampliación traducida para o castelán do orixinal premiado no concurso caraqueño¹⁴, semella terminar con este informe, de que non temos constancia de se ter aprobado formalmente na RAG, embora se poida supor que si pola autoridade das persoas que o avalan. Varios anos despois, en 1967, sae do prelo na Coruña unha obra de Carré co mesmo título e na parte prologal o autor comeza por afirmar que a redixira inicialmente en galego, mais que por pedimento de amigos e filólogos estranxeiros a publicara finalmente en español para así conseguir unha maior difusión e facilitar o coñecemento “de nuestra lengua” ás persoas interesadas nela, de modo que “[a]ntendiendo aquellas razones y considerando que no hay en ello mayor perjuicio, en lengua española sale a luz, puesto que también la conocemos y usamos los gallegos” (Carré Alvarelos, 1967: 7).

Un ano antes saíra do prelo, tamén en español, a *Gramática elemental del gallego común* de Carballo Calero (1966), auspiciada e promovida polo grupo de galeguistas de Galaxia que controlaba a RAG baixo as directrices de Ramón Piñeiro (véxase I.2). É digno de resaltarmos que ambas as gramáticas, para alén das notábeis diferenzas existentes entre elas, partillan un común carácter prescriptivo e o afán purista por se afastaren da fala coloquial ou vulgar, que achán corrompida pola interferencia do español e por deformacións populares: “En su estado actual, el gallego rústico tiene que ser depurado y completado para convertirse en lengua literaria” (Carballo Calero, 1966: 32); “[...] así tampoco el gramático debe aceptar a ojos cerrados las formas populares incorrectas” (Carré Alvarelos, 1967: 8). Porén, en canto Carré non parece pór límites á depuración lingüística nin ao aproveitamento dos recursos “del antiguo idioma del Reino de Galicia, tomando como base aquellos elementos que a partir de la Edad Media han persistido hasta hoy en el lenguaje popular” (Carré Alvarelos, 1967: 7-8), sen tamén non renunciar a solucións lingüísticas tradicionais como a terminación *-zón* ou o sufixo *-bele* de *apracibele* ou *comestibele* (Carré Alvarelos, 1967: 24-25), Carvalho sinala expresamente que “la lengua española es el término de referencia de nuestro estudio” (Carballo Calero, 1966: 16), que resulta “más adaptable para el gallego la ortografía castellana que la portuguesa” (Carballo Calero, 1966: 29) e que non se debe incorrer no excesivo rigor contra os españolismos:

Frente a la lengua hablada, más o menos castellanizada actualmente, como hemos dicho, está la lengua literaria, que se cuida de evitar los castellanismos, a veces con rigor excesivo. De aquí una notable distancia entre la lengua popular –excesivamente castellanizada– y la lengua literaria de algunos escritores –excesivamente descastellanizada (Carballo Calero, 1966: 32).

14 De facto, nas dúas páxinas finais desa *Gramática gallega* figura unha relación de obras de Leandro Carré e, máis en concreto, unha listaxe de “Obras de lingüística e estudos varios” en que aparece “Gramática galega (premiada por el Lar Gallego de Caracas, 1955)” (véxase Carré Alvarelos, 1967).

Estes criterios pragmáticos de Carvalho eran na altura partillados por Piñeiro e polo grupo de Galaxia. Carré, no entanto, nunca quixo ceder a ese pragmatismo de recoñecer como inevitábel certa deriva castelanizadora e por iso as súas propostas en materia de codificación lingüística serán continuamente rexeitadas na RAG. E por iso tamén terá de acudir a profesores estranxeiros na procura, en certo modo, do aval científico da súa gramática: “Y para terminar este prefacio, he de agradecer a los notables filólogos, Dres. Joseph M. Piel y Ernst Zellmer, profesores de lenguas románicas y buenos conocedores del galaico-portugués, que se han dignado supervisar esta gramática” (Carré Avarellos, 1967: 9). Coinciden, porén, ambas as obras no recoñecemento da substancial unidade do galego e do portugués no período medieval como linguas cunha orixe común que comezaron a evolucionar de forma diverxente na Baixa Idade Media. Carvalho apunta ao período postrobadoresco como inicio da separación lingüística entre o portugués e o galego, que de todos os modos se podería xulgar como unha variante daquel:

En todo caso, esta lengua era sustancialmente común a los gallegos y a los portugueses. No se puede hablar todavía de gallego y portugués como lenguas diferenciadas.

Sin embargo, las vicisitudes políticas separaron inevitablemente en dos ramas la lengua común. La lengua de los poetas de la llamada escuela gallegocastellana, y la de los escritos en prosa del siglo XIV en adelante es ya una lengua genuinamente gallega que no se puede confundir con el portugués, aunque sea realmente una variante del mismo (Carballo Calero, 1966: 28).

Carré, por seu turno, pon o acento na separación política de Portugal, que se produciu no século XII por división do reino medieval da Galiza, de maneira que ese novo reino peninsular era en orixe galego, como xa sostivera Castelao e como hoxe fica ben demostrado pola historiografía máis rigorosa; por iso Carré reivindica tamén como galegos os textos antigos conservados no país veciño:

La lengua gallega tiene una gran semejanza con la portuguesa (si bien actualmente por tendencias individuales y por la influencia del castellano, va diferenciándose apreciablemente no sólo en la fonética sino también en el vocabulario), no en vano fueron casi una sóla y única antes de constituirse el Reino de Portugal, en el siglo XII, surgido por segregación e independencia del Condado Portucalense que comprendía la parte Sur del antiguo Reino de Galicia [...].

Mas podemos considerar también como de nuestra lengua todos aquellos escritos, toda aquella riqueza histórico-literaria que se conserva de la misma época en Portugal, puesto que en su composición como en su grafía apenas se diferencian entre sí (Carré Alvarellos, 1967: 11-13).

De acordo con estes postulados sobre a lingua e ao mesmo tempo que redixía e/ou ampliaba e revisaba a súa gramática, Carré facía proposicións sobre aspectos concretos da codificación do idioma. Se sorprende que na documentación sobre o debate gramatical na RAG relativa aos anos anteriores, especialmente 1962, non apareza o nome de Leandro Carré Alvarellos, membro numerario da Academia e sempre preocupado polas cuestións filolóxicas e pola estandarización do galego, no ARA hai unha carpeta coa anotación “Propostas de Leandro Carré sobre varias formas gramaticais galegas. Correspondencia, recortes de prensa e informes” e a indicación do período “1965-1968”; nunha subcarpeta anotada como “Propostas gramaticais de Leandro Carré 1965” figuran dous textos extensos e mecanografados, un intitulado “Verbas romatadas en ZON ou CION”, onde Carré defende a primeira como tradicional e lexítima para o galego, e outro “O AO Ô Ó”, en que se inclina pola representación *ao* para o encontro da preposición co artigo ao tempo que condena o uso de *a* co complemento directo (véxanse os textos anexos á carta nº 24). El mesmo explica que esta cuestión lle fora formulada polo alumnado do curso de galego que impartira na Coruña en 1964 (véxase programa en IV.3):

Cando eu espiquéi unhas leicións de lingua e gramática galega a pedido da “Agrupación Cultural O Facho”, composta na súa maioría por xente nova, preguntáronme por qué algúns escritores usaban a forma *ao* (contraición da proposición e artículo) e outros *ô* ou *ó*. E pedíronme se lles eu podería explicar concretamente non só como debía ser en realidade, senon tamén por qué, e se había regras fixas encol deso (carta nº 24).

Estas dúas propostas de Carré foron enviadas a varios membros da antiga Comisión de gramática, que agora se constitúen como “Comisión Prop. Sr. Carré”, segundo consta nun papeliño manuscrito incluído na xa citada subcarpeta e onde figuran os nomes de Bouza-Brey (presidente), Filgueira Valverde, Piñeiro López, Moralejo Laso e Rabanal Álvarez, coa anotación de “Asistirá don Leandro Carré”. Tamén figura copia dun escrito da Academia dirixido aos membros que se acaban de citar e que di así:

Para que teña a ben informar sobor do particular, comprázome en remitir a V. S., adxunto, traballo do Académico numerario don Leandro Carré Alvarellos, encol do emprego de diversas formas gramaticales, que foi presentado na última sesión ordinaria celebrada por esta Academia, e na que foi acordado designar a V. S. e demais señores Académicos que figurarán o pé para facelo correspondente dictame.

Deus garde a V. S. moitos anos.

A Cruña, 11 de xuño de 1965

O Secretario

Un dos membros da Comisión, Manuel Rabanal, envía ao presidente desa a seguinte nota manuscrita nun cartón co seu nome: “Querido D. Fermín: Como he aprovechado *mis opiniones* sobre los temas consultados por la Academia para hacer ‘nebulosas’, creo que es mejor enviarle esos textos impresos que mis notas manuscritas, mal ordenadas y no bien legibles. Puede usted, si le parece, unirlos a los papeles que yo le transmití. Suyo”. Con efecto, nesa mesma subcarpeta da RAG hai dous recortes de xornal, ambos co antetítulo de “Nebulosa” e asinados por “R. del Camino”; un leva por título “Consultas gallegas” (véxase IV.4.2) e nel Rabanal pronúnciase dun modo un tanto ambiguo a favor da terminación *-ción* para os cultismos ou latinismos e tamén do uso da preposición *a* con complemento directo en certos casos, a se apoiar no portugués e na gramática de Lugrís; o outro recorte intitúlase “Consulta y buena noticia” (véxase IV.4.3) e nel mostra preferencia pola grafía *ao*, embora comprendendo os defensores de *ó*, e aproveita para saudar a aparición da gramática de Carvalho Calero. Estamos, pois, xa en 1966, ano en que se datan as respostas que van asinadas por Ramón Piñeiro e por Abelardo Moralejo ás propostas de Leandro Carré. O primeiro apóiase na opinión de Rabanal e di non ter máis que dicir ao respecto, aínda que aproveita para remarcar a súa oposición á terminación *-zón* e a arcaísmos ou pseudoarcaísmos:

Como norma xeral, coído que a Academia debe evitar moi coidadosamente o comprometerse en tentativas destinadas a forzar a rehabilitación masiva de arcaísmos fonéticos ou a preconizar seudo-arcaísmos que nos levarían a unha língoa académica inútilmente artificial e alonxada da realidade idiomática viva. A rehabilitación de arcaísmos léxicos, sintácticos ou fonéticos deberase facer con moito tino, i os seudo-arcaísmos débense evitar. Endaxamáis os galegos dixeron *absoluzón*, *condenazón*, *relazón*, *conceizón*, etc. ¿Por qué, entón, escribilas? (ARA)

Canto a Moralejo, rexeita tamén *-zón*, defende o uso ou non da preposición *a* con complemento directo segundo os casos, a se basear na gramática de Saco Arce, e vulga válidas tanto a grafía *ao* como *ó*, con preferencia para a primeira, aproveitando tamén para criticar o uso da forma *romatar* que figura nos informes de Carré.

Entre estes papeis depositados no ARA hai un longo escrito de resposta de Leandro Carré aos informes anteriores que leva por título “Objeciones a las respuestas relativas a mi proposición de 1 de mayo de 1965 acerca de temas filológicos” (véxase texto anexo á carta nº 27); nel o autor comeza por lamentar que Rabanal respondese a través dos artigos de xornal, pondo en dúbida a validez dese proceder, e por xustificarse irónicamente o seu uso do castelán no feito de os membros da Comisión non teren entendido ben os seus razoamentos iniciais escritos en galego; descualifica a seguir os para el inconsistentes e superficiais argumentos utilizados polos académicos e acaba por demandar un novo estudo das propostas. Na súa eficaz

liña argumentativa Carré pon ao descuberto certas contradicións no posicionamento dos informantes:

Otra cosa que me gustaría saber es: ¿Por qué en el primer caso (las terminaciones en “zon”) el Sr. Rabanal, y los otros señores Académicos que suscriben su opinión y aceptan como bueno su criterio, prefieren las formas *cultas* (según ellos) de la terminación castellana en “ción” a las populares (según ellos) de “zón”; que son las que figuran en el Diccionario de la Academia); y en cambio en el caso de la contracción “ao” (culto y más clara), prefieren las formas *populares* (que no lo son, sino convencionales y casi me atrevería a decir, caprichosas) “ó” y “ô” (que son más confusas e inciertas)? (texto anexo á carta nº 27)

Este escrito de obxeccións acompañouno Carré dunha carta ao presidente da RAG, con data de 1 de febreiro de 1967, en que xustificaba a súa proposta no sentido de adaptar o boletín e as publicacións académicas ao dicionario da entidade, a lle expresar igualmente que “aquelas respostas non din nada en concreto, e os pareceres nelas expostos non se axustan á realidade do noso idioma” e reiterando a solicitude de que “o asunto poida ser estudado novamente con mais conocimiento da cousa e mais da causa” (carta nº 27).

Non se conformou, pois, Carré cos informes académicos desfavorábeis á súa proposta e o asunto continuou vivo na entidade. Así, datado a 25 de febreiro de 1968, hai nese arquivo académico copia dun ‘Saúda’ do presidente Sebastián Martínez-Risco a Xosé Filgueira Valverde convocándoo á “xuntanza que se celebrará o día 10 de marzo, as once horas, no Instituto P. Sarmiento, de Santiago, co obxeto de tratar sóbor da proposición formulada por don Leandro Carré en col de cuestiós gramaticás”. A esa reunión debía de estar tamén convocado Carré, pois nunha carta deste, de 8 de marzo do mesmo ano, a Martínez-Risco comunicalle que, lamentándoo moito, non poderá acudir a Compostela por problemas de saúde (carta nº 28). Tamén nun cartón postal de Rabanal ao presidente, datado a 19 de maio e custodiado no mesmo arquivo académico, o profesor da USC descúlpase de non ter podido asistir á reunión do 10 de marzo por estar fóra nunhas oposicións e non lle ter chegado a convocatoria, a mostrar a súa dispoñibilidade a ter feito un esforzo por acudir caso de a ter recibido. A partir de aquí non demos con máis documentación sobre o asunto no ARA nin no AMR; non sabemos, pois, se esa reunión no Padre Sarmiento se chegou a celebrar ou non, nin que se acordou no caso de se ter realizado. É posíbel que as propostas de Carré decaesen nese mesmo ano, pois, como a seguir se verá, a inicios de 1969 xa nos encontraremos co sorprendente encargo da Xunta de Goberno da RAG de realizar o epitome gramatical, se callar como compensación pola negativa recibida, e cara a finais do ano aparece de forma precipitada o proceso de elaboración das normas ortográficas da institución (véxase I.3).

Se a gramática de Carré de 1967 segundo Maceira (2014: 518) “tivo un grande éxito e unha divulgación internacional moi importante”, a se basear en declaracións do propio autor de agosto de 1968 en que afirma que a edición estaba case vendida en un ano e na correspondencia que se conserva no seu arquivo particular, con todo non chegou a ser reeditada, en canto a gramática de Carvalho tivo unha segunda edición en 1969, a que seguiron outras, até atinxir a sétima en 1979. De todos os modos, aínda en finais da década de 60 Sebastián Martínez-Risco, como se viu, continuaba coa idea de elaborar unha gramática da Academia, embora nesa altura só se falase dunha síntese. Maceira (2014: 519) informa de que na reunión da Xunta de Goberno da RAG de 15 de febreiro de 1969 se tomou o acordo de encargar a Leandro Carré “un epítome de Gramática gallega, con un vocabulario anexo, para someter á consideración da comisión académica correspondente”, expresión literal que procedería dunha carta da RAG a Carré asinada polo presidente e o secretario, e que se acharía no arquivo particular do tesoureiro da entidade, aínda que non demos con copia dela no AMR. Consultada a acta da Xunta de Goberno da Academia dese día, nela constan como asistentes Sebastián Martínez-Risco, Leandro Carré Alvarellos e Francisco Vales Villamarín e a redacción comeza así:

En la ciudad de La Coruña, a quince de febrero de mil novecientos sesenta y nueve, reunidos en el domicilio social, Palacio municipal, los señores relacionados al margen, presididos por el señor Martínez-Risco y actuando de Secretario el señor Vales Villamarín, celebraron Junta de Gobierno. Eran las doce horas.

E entre os acordos tomados figura o seguinte: “Asimismo se acordó encomendar a don Leandro Carré Alvarellos la presentación de un epítome gramatical gallego, con su vocabulario, para que la Academia pueda hacer uso de él en su oportunidad”.

No arquivo de Martínez-Risco áchase, iso si, un texto mecanografado, sen indicación de autoría e sen datar, que leva por título *Epítome de gramática galega*, que con certeza debe ser de Leandro Carré Alvarellos por se tratar dunha síntese da *Gramática gallega* deste, tanto polo modelo xeral de lingua que propón, canto pola coincidencia de definicións e exemplos, ben como por certas similitudes co compendio de 1919. Porén, no AMR non demos con ningún documento en que expresamente conste que é Carré o autor do texto, a pesar de existiren dúas carpetas con título manuscrito da man de Sebastián Martínez-Risco, unha a indicar “Academia Gallega. Antecedentes relativos a la Gramática Gallega. 1962” e outra “Academia Gallega. Asunto redacción Gramática Gallega”, este último título sen data. A referencia máis explícita provén dunha carta do propio Carré Alvarellos a Sebastián Martínez-Risco, datada a 29 de outubro de 1969 e custodiada no AMR, onde consta a posibilidade de dar a obra ao prelo:

Como nas conversas que seguiron na xuntanza do domingo aludíuse ao proxecto da imprentazón do Epítome de Gramática Galega, vou enviarlle as

copias das tres ou catro respostas que temos encol dela, e por se se tratar na próisima xunta xeral dese asunto, rógoille me envíe un escrito decindo por qué me foi encargada por vostede a redaizón, e ouxetos que se pretenden con ela (carta nº 33).

Tamén non localizamos este escrito, se é que existiu, nin esas copias das respostas que lle tería enviado Carré a Martínez-Risco, pois naquel momento este estaba destinado en Xirona e as posibilidades de a documentación se perder eran certamente maiores. Mais da carta de Carré, que por esa altura está a axir como persoa de confianza de Sebastián na Xunta de Goberno da RAG perante o comportamento estraño e distante do secretario Vales Villamarín (véxanse cartas nº 30-34), pode desprenderse con clarezza que aquel recibira realmente do presidente a encomenda de elaborar ese epitome e que nesa altura xa estaba terminado e mesmo fora obxecto dalgún informe particular; e talvez igualmente do informe conxunto dunha comisión nomeada para tal propósito, segundo se deduce dun escrito de Filgueira Valverde ao presidente da RAG, de 4 de febreiro de 1970, en que lle comunica o acordo dos membros da “Ponencia” de “[r]edactar o informe conxunto encol do libro da ‘Gramática’” (carta nº 37), que con certeza se refire ao *Epítome* de Carré, e tamén de “[f]acer nosas as ‘Normas’ ortográficas pranteadas por vinte señores académicos”, o que demostra que o proceso de avaliación da síntese gramatical do tesoureiro da RAG e de aprobación das primeiras normas desta foron máis ou menos paralelos. Mais o que non se substanciou foi esa posibilidade de “imprentazón” por razóns que non se achán explicitadas en ningún documento que coñezamos. Nin tampouco hai máis referencias a aquel “vocabulario” anexo que figuraba na encomenda académica e que non aparece no texto conservado do *Epítome de gramática galega*; tamén non inclúe Carré ningún anexo vocabular na súa gramática de 1967, aínda que si unha listaxe de variacións dialectais (Carré Alvarellos, 1967: 199-206). Con todo, é posíbel que Carré tivese preparado un apéndice dese tipo para o caso de o epítome ser publicado pola RAG, pois era autor dun dicionario galego e a tarefa resultarlíalle doada de levar a cabo.

Interpreta Maceira (2014: 519) que aquela petición da Xunta de Goberno da Academia a Carré tiña por obxectivo “dispor dun material que contraponer a outras gramáticas como a de Carballo Calero” e que as “liñas de actuación do grupo de numerarios afíns ao proxecto da Editorial Galaxia, dentro da Academia, ían destinadas á marxinación de Carré e a prescindir das súas propostas normativas”. É difícil de constatar todo isto, pois por un lado Martínez-Risco parecía apoiar o labor gramatical de Carré, mais ao mesmo tempo era un home de Galaxia (Monteagudo, 2008: 15) e seguía, ás veces talvez con pouco entusiasmo, as directrices de Piñeiro, que xa nos inicios de 1962 (carta nº 14) mandara parar as urxencias gramaticais da Academia, o que conseguiu a pesar de outros académicos como Chao Espina, por exemplo, exixiren

a máxima celeridade no tema (cartas nº 17 e 18). Débese ter en conta, de todos os modos, que a encomenda de Carré realizar o epitome gramatical foi un acordo da Xunta de Goberno, órgano reducido a que pertencía el propio, e que tiña como finalidade algo tan pouco definido como que a Academia “pueda hacer uso de él en su oportunidad”, segundo se viu. É posíbel que tal acordo fose só unha cortesía dos membros que compuñan a dirección da entidade con relación a un pedimento expreso dun compañeiro, sen maior transcendencia nin compromiso concreto.

O que si é constatábel é que o presidente da Academia se ausentou da Galiza poucos días despois de a Xunta de Goberno que presidía facer a encomenda a Carré, entre abril de 1969 e marzo de 1970, para reingresar na carreira xudicial, con destino en Xirona, e nese período a RAG tamén elaborou as “Normas ortográficas” (véxase I.3) do galego, aprobadas en reunión de 15 de febreiro de 1970, como figura en nota previa a Real Academia Gallega (1970) e como se deduce da carta de 19 de febreiro de Piñeiro, que tivo un grande protagonismo no proceso, a Martínez-Risco, onde comeza por lle comunicar que o “plan trazado pra sacar adiante na Academia unhas ‘Normas de unificación ortográfica’ deu o resultado previsto. Xa están aprobadas”, a pesar de que houbo “rosmadelas previas, como era de agardar” (carta nº 38); con certeza, algunhas desas “rosmadelas” proviñan de Leandro Carré. Uns anos antes, cando en 1961 había que cubrir unha vacante na Academia, este apostou no seu irmán Luís Carré e procurou apoios para el, como conta Piñeiro, que propuña Xosé María Álvarez Blázquez para o posto, en carta a Fernández del Riego de 3 de maio de 1961: “De Lugo ofrecéronlle os votos Vázquez Seixas e Vázquez Saco. De Ourense tamén lle escribiron no mesmo senso. Da Coruña ten os votos de Sebastián Risco, de Banet, e probablemente de Freire de Andrade e López Abente” (en Fernández del Riego, 2006: 186). Téñase en conta que Carré Alvarellos desempeñou o cargo de tesoureiro da RAG durante toda a presidencia de Martínez-Risco, até o seu pasamento en 1976, alén de ambos faceren parte do grupo coruñés da entidade desde os anos 50.

Xa ficara claro (véxase I.3) que o proceso de elaboración das normas ortográficas da Academia se iniciou de maneira extraoficial porque o grupo dominante, capitaneado por Piñeiro, sabía da oposición de Leandro Carré ás súas ideas ao respecto e quería evitar os “criterios ortográficos rixidos e hoxe pouco aceptables” (carta nº 43) do tesoureiro. Tamén informa Maceira de que Carré enviou unha carta ao presidente da Academia, con data de 3 de xuño de 1970, en que solicitaba someter a debate da Comisión esas normas ortográficas aprobadas, mais que tal petición formal fora ignorada. Na carta facía unha valoración negativa delas, que xulga moito dependentes das do castelán:

Eu entendo que nada temos que ver na nosa fala galega coa ortografía castellana, senon que debemos axeitarnos ás características especiaes do idioma que empregamos como característico e noso que é.

Señor Presidente: tanto estamos a trocar as formas propias da nosa lingua que vai ser mellor escribirmos en castellano escrusivamente para que poidan nos entender mais doadamente e con craridade os que non son galegos ou que, aínda sendoo lles non interesa coñecela e usala tan (sic) como el é (en Maceira, 2014: 520).

Con efecto, na “Introducción ás normas ortográficas” (Real Academia Gallega, 1970: 5-10), que curiosamente comeza afirmando que “a ortografía dunha lingua non se elabora científicamente por unha comisión de espertos”, incídese constantemente na subordinación á ortografía do español:

A actual ortografía galega, como non podía menos de suceder, formóuse sobre a castelá, única que os galegos aprendían nas escolas ao tempo que o Renacemento das nosas letras creou a necesidade dunhas normas da espresión escrita. Esta ortografía víuse obrigada a se afastar do seu modelo no caso dos fonemas consonánticos inesistentes no español oficial [...].

Aínda con esas chatas, ten a ventaxa de ser de doada asimilación para todo aquel que coñeza a ortografía oficial, é decir, para todo galego non analfabeto [...].

Aos fins prácticos, e tendo en conta as circunstancias socioculturás do momento, dáse por coñecida a ortografía castelá, que se toma como punto de referencia, xa que ten o carácter de supletoria da galega usual [...].

Finalmente, convén manifestar que no caso do uso do acento gráfico parecéu conveniente formular as regras nos casos posibles, aínda nos que coinciden enteiroamente coa práctica castelá [...]. Pero en xeral omitimos aquelas normas ortográficas que coinciden coas castelás, cando esta omisión non comporte perigo razoablemente previsible de confusión (Real Academia Gallega, 1970: 6-10).

Alén desta castelanización das normas, Carré realizaría outras “acusacións semellantes ás anteriores que apuntaban unha involución no proceso de dignificación lingüística e un retroceso perante a presión españolista”, e dirixe “a censura ás liñas de estudo vinculadas á universidade compostelá” (Maceira, 2014: 520). Non era Carré, certamente, filólogo de formación nin tiña unha especial preparación científica na materia, mais tomou iniciativas e levou adiante proxectos filolóxicos que outras persoas, talvez máis preparadas, non puideron ou quixeron emprender. O seu compendio gramatical de 1919 foi moito criticado, mais tamén é o primeiro publicado en galego nun tempo onde nada semellante existía, e a súa gramática en español de 1967 xa naceu marcada pola impronta da de Carvalho Calero, tamén en español mais de maior calidade e rigor científico a pesar do seu carácter diglósico. Por último, o *Epítome de gramática galega*, posibelmente de 1969, ficou esquecido nunha carpeta na morada particular de Sebastián Martínez-Risco, de onde agora se resgata como contributo á historiografía da gramática galega, sen que a Academia dese

ningún uso ao seu encargo, aínda que hai no ARA un escrito xa citado anteriormente de Filgueira Valverde ao presidente da entidade, de 4 de febreiro de 1970, en que dá conta de que a “Ponencia”, en “cumprimento dos acordos corporativos recollidos na súa apreciada comunicación do día 24 de xaneiro”, acordou redixir un informe conxunto sobre un libro de gramática que ben se podería referir ao epitome de Carré. Mais non se localizou ese informe, de existir.

Con todo, Leandro Carré Alvarellos non se desanima nin desiste do seu espírito colaborativo coa institución a que pertencía e menos coa lingua galega a que dedicara tanto entusiasmo e tantos esforzos. Así, en 1975 aínda atende a petición da Academia para traducir para o galego dous capítulos de *Don Quixote de La Mancha*, a pesar das discrepancias que mantiña coa opción ortográfica da institución. Mais a preocupación pola fixación gramatical do galego e pola socialización deste foi unha constante ao longo da súa vida, como demostra o feito, xa aludido, de en outubro de 1964 impartir un “Curso de Gramática Galega” na Casa da Cultura da Coruña, organizado pola Agrupación Cultural O Facho, que constituía “unha introdución gramatical ambiciosa, estruturada en vinte e seis leccións que examinaban os distintos campos gramaticais” (Maceira, 2014: 522), como se pode constatar no programa que se conserva no arquivo particular do autor (véxase IV.3). A organización dese programa é bastante similar á da *Gramática gallega* de 1967: as tres primeiras leccións do curso correspóndense co capítulo primeiro da gramática, onde se inclúen as nocións de fonética, fonoloxía, prosodia e ortografía; desde a lección nº 4 á nº 22 do curso trátase a morfoloxía (artigo, substantivo, adxectivo, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección), que vén a corresponder cos capítulos segundo (“Morfoloxía”), terceiro (“Del nombre o substantivo”), cuarto (“Del nombre adjetivo”), quinto (“Del pronombre”), sexto (“Del artículo”), sétimo (“Del verbo”) e oitavo (“De las palabras invariables”) da gramática, a destacar en ambos os casos a atención concedida á conxugación dos diferentes tipos de verbos; as leccións 23, 24 e 25 do programa están dedicadas á sintaxe das clases de palabras tratadas anteriormente, en canto a gramática dedica á sintaxe os capítulos nono (“Sintaxis”), décimo (“La concordancia”), décimo primeiro (“Del verbo”), décimo segundo (“Del adverbio”), décimo terceiro (“De la preposición”) e décimo cuarto (“De la conjunción”); a derradeira lección do curso dedícase a temas extragramaticais, como modismos, toponimia, meses, estacións, días etc., en canto a gramática se ocupa no capítulo décimo quinto de complementar nocións de “Ortografía”, no décimo sexto trata “De las letras mayúsculas” e no derradeiro capítulo de “Variaciones dialectales”; cómpre acrecentar que o programa do curso costuma incluír en moitos capítulos “Vocabulario” e “Ejercicios”. A estrutura do *Epítome* inverte un tanto a orde anterior, pois comeza pola morfoloxía e continúa coa sintaxe, para terminar coa prosodia e a ortografía, a coincidir, iso si, coa importancia que se outorga á conxugación verbal, que nesa síntese gramatical de 1969 ocupa máis ou menos a metade do espazo.

En conclusión, ese *Epítome de gramática galega* da autoría de Carré Alvarellos, de que se vai tratar igualmente na seguinte sección e que se edita no capítulo II deste volume, é produto dunha preocupación constante do autor pola unificación normativa do galego, que el quería descastelanizado e fiel ás súas raíces históricas e á tradición literaria, e ten como antecedentes os diversos traballos de contido lingüístico-gramatical que foi elaborando ao longo e largo dunha vida dedicada ao estudo, cultivo e defensa da lingua galega. De todos os xeitos, os antecedentes máis inmediatos da obra son, para alén da posíbel influencia dese curso de gramática impartido en 1964, as propostas de 1965 do autor sobre *-zón* e *ao*, solucións sistematicamente utilizadas nela, e a *Gramática gallega* da súa autoría publicada en 1967.

6. O texto do *Epítome de gramática galega*. Consideracións previas e criterios de edición

O *Epítome de gramática galega* que se acha custodiado no AMR consta de 45 páxinas mecanografadas, e carece de datación e de indicación de autoría. Non conseguimos dar con ningunha referencia expresa, tanto cartas como calquera outro documento, á existencia deste texto nin no arquivo onde está depositado nin no da RAG; tampouco coñecemos ningunha referencia bibliográfica que deixe constancia do feito. Con todo, non torna difícil podermos precisar a autoría e a data aproximada de elaboración, como xa en parte ficou suxerido en páxinas precedentes.

Neste sentido, non existen dúbidas a respecto de o texto ser redixido por Leandro Carré Alvarellos; a razón principal é porque estamos perante unha síntese da súa *Gramática gallega* publicada en 1967, embora moito reducida, pois das 317 páxinas impresas que esta contén pásase a apenas esas 45 mecanografadas. Mais hai coincidencia xeral tanto nas definicións que figuran no epítome como nos exemplos que este inclúe, practicamente todos eles presentes naquela. Coincide igualmente o modelo de lingua que se deixa translucir en ambas as obras, a pesar de a gramática estar escrita en español e só podermos deducilo a través dos exemplos e da enumeración das unidades gramaticais.

Para alén dos antecedentes da obra referidos na sección precedente, a secuencia completa que se podería establecer sería a seguinte: en primeiro lugar, Leandro Carré elabora o *Compendio de gramática galega* (R. A., 1919); logo, con algunhas modificacións inclúe este como “Prontuario Ortográfico” no seu *Diccionario galego-castelán*, tanto na primeira edición de cada un dos dous volumes (Carré Alvarellos, 1928 e 1931) como na segunda edición conxunta (Carré Alvarellos, 1933); na posguerra iría ampliando ese compendio gramatical até facer unha gramática completa en galego, que traduciría finalmente para o español con motivo da súa publicación en 1967; e a partir desta obra elaboraría o *Epítome*

de gramática galega ao recibir en febreiro de 1969 ese encargo por parte da Xunta de Goberno da RAG, a que o propio Carré pertencía como tesoureiro. O epitome ficaría esquecido por o núcleo dominante da Academia, liderado por Piñeiro e Galaxia, non partillar os seus criterios normativos –xa vimos en concreto o rexeitamento da terminación *-zón* por el proposta– nin confiar nel como gramático, segundo certifica a opinión de Piñeiro de a gramática de Carré ser “ben malaña” (Piñeiro, & Losada, 2009: 620). Neste sentido, cómpre indicar que a falta de confianza no rigor científico dos traballos filolóxicos de Carré era partillada por outros destacados académicos e dela deixa tamén constancia Lapa (2001: 70-71) na súa correspondencia con Del Riego.

A pesar desta implícita negativa da Academia a aceptar o seu traballo gramatical como referente, Carré Alvarellos sempre debeu de albergar o desexo de ser o autor da gramática e do dicionario oficiais da institución, como poñen en relevo os informes solicitados por el á RAG e a correspondencia a que xa se aludiu. Aquel *Compendio* de 1919, de onde parte todo o seu labor gramatical, debía de ter esa pretensión ao asinalo como “R. A.”, que é abreviatura de “Ramón Alvariño”, pseudónimo utilizado por Leandro Carré noutras ocasións, mais tamén podería selo de “Real Academia”. O folleto inaugura a “Biblioteca Galeguista” das Irmandades da Fala e ten, por tanto, a finalidade de servir de axuda práctica para os autores e autoras do movemento nacionalista emerxente; por iso este saíu na súa defensa cando Fernando Martínez Morás descualifica o traballo como “un mal extracto traducido ó galego, das palabras e exemplos da obra de Saco Arce” (Fernández Salgado, 2000: 126).

Con efecto, a gramática decimonónica de Saco está na base do opúsculo de Carré Alvarellos, a pesar de este declarar na súa defensa terse valido “da ‘Gramática castellana’ que me serviu para estudar cando neno, na escola; dunha ‘Gramática das escolas’ (portuguesa) e da ‘Nova ortografía Portuguesa’” (Carré Alvarellos, 1919). Certamente, a síntese gramatical de Carré Alvarellos ten algunha influencia do portugués (por exemplo, as denominacións dos tempos verbais: “imperfecto”, “mais que perfecto” etc.), mais é directamente debedora da gramática de Saco Arce e tal débida manterase nas sucesivas reelaboracións do traballo gramatical do autor coruñés; véxase, só a modo de exemplo, o similar tratamento da definición, tipos e exemplos de adxectivo na gramática de Saco, no compendio de R. A., na *Gramática gallega* de 1967 e no epitome de 1969:

El adjetivo denota cualidades ó circunstancias de los objetos presentados de un modo inherente á los mismos.

En gallego hay como en castellano unos que son indeclinables en cuannto al género, como se vé en *home cutre*, *muller cutre*, hombre mezuquino, muger mezuquina; y otros que toman diversa desinenencia masculina ó femenina, segun el género del sustantivo que modifican, como en *vaso cheo*, *fonte chea*, vaso lleno, fuente llena.

Los adjetivos de una sola desinencia genérica terminan de varios modos el singular.

Los hay acabados en *e*, como *doente*, rabioso, a; *quente*, caliente; *quite*, libre; *probe*, pobre (Saco Arce, 1868: 33).

Axetivo é a palabra que s'axunta a os sustantivos pra calificalos, denotando cualidás ou circunstancias dos oxetos.

O axetivo pode ser d'unha soila terminazón ou de dúas; é decir que hai algúis que son indeclinables, coma *home cutre*, *muller cutre*; e outros toman a forma masculina ou feminina, según o xénero do sustantivo que modifican, coma *nenho bon*, *nena boa*; *carro cheo*, *hucha chea*; *casa valeira*, *paxe valeiro*.

Os axetivos d'unha soila desinencia xenérica rotatan o singular de varias maneiras.

Hainos rotatados en *e*, coma *doente*, *quente*, *valente*, *doce* (R. A., 1919: 9-10).

El *nombre adjetivo*, o simplemente *adjetivo*, es aquella parte de la oración que se junta a los substantivos para calificarlos por sus cualidades o determinar circunstancias de los objetos [...].

Los adjetivos pueden ser de una sola terminación o de dos; es decir, que hay algunos que son indeclinables; como *cutre*, *posma*, *grande*, *valente*, *lorpa* (tacaño, distraído, grande, valiente, atontado); y así se dice *home cutre*, *muller cutre*; *nenho posma*, *nena posma*; *eira grande*, *hórreo grande*; *can valente*, *cadela valente*; *mozo lorpa*, *moza lorpa* [...].

Los adjetivos de dos desinencias acaban en su mayoría en *o* para el género masculino y la cambian en *a* para el femenino: *cobizoso*, *cobizosa*; *entergo*, *enterga*; *tolo*, *tola*; *morno*, *morna*; *rufo*, *rufa*; *chao*, *chá* (ambicioso, juicioso, loco, templado, sano y fuerte, llano).

Los acabados en *an* y *on*, pierden la *n* que se sustituye por la *a* final del femenino, *aldeán*, *aldeá* (la *á* equivale a la unión de las dos *aa*); *boizán*, *boizá*; *soilán*, *soilá*; *fargallón*, *fargallóa*; *ardigón*, *ardigóa* (aldeano, bonachón, solitario, desidioso, seco). Sin embargo en algunas comarcas se va generalizando la simple adición de la *a*; así *lacazán*, *lacazana*; *turreón*, *turreona* (holgazán, testarudo).

Los que terminan en *r* para hacer el femenino añaden simplemente la *a* característica de éste: *leitor*, *leitora*; *falador*, *faladora* (lector, hablador).

Los adjetivos de una sola desinencia genérica terminan el singular de varias maneras.

Los hay acabados en *a*, como *posma*, *maula*, *trosma* (distraído, tramposo, pasmado).

En *e*, como *cutre*, *doce*, *quente*, *valente* (tacaño, dulce, caliente, valiente) (Carré Alvarellos, 1967: 56-57).

Adxetivo é a palabra que s' axunta aos sustantivos para os calificar, denotando cualidades ou circunstancias dos ouxetos.

O adxetivo pode ser de unha só terminazón ou de dúas; é dicir, que hai algúns que son indeclinábeles, como *cutre*; pois dise *home cutre* ou *muller cutre*; e outros toman a forma masculina ou feminina, según o xénero do sustantivo que modifican, como *bô*, *cheo*, *valdeiro*, *branco*, etc. pois dise: *nenô bô*, *nena boa*; *carro cheo*, *ucha chea*; *xerro valdeiro*, *cunca valdeira*; *can cativo*, *cadela cativa*.

Os adxetivos de dúas desinencias romatan, na maior parte, en *o* para o masculino e en *a* para o feminino. Isto é: que para facer a terminazón feminina, trócase o *o* final pol-*o a* do feminino; exemplos: *cobizoso*, *cobizosa*; *entergo*, *enterga*; *morno*, *morna*; *rufô*, *rufâ*; *tolo*, *tola*; *branco*, *branca*.

Os que romatan en *on*, ou en *or*, para facermos o feminino, se lles engade o *a*, como: *fiador*, *fiadora*; *lambón*, *lambona*; *turreón*, *turreona*.

Os romatados en *an* perden esta terminazón e trócana por *â*, como, de *boizán*, *boizâ*; *irmán*, *irmâ*.

Hai, noustante, algúns que adoitan variar; pois *larchán*, adóitase dicir no feminino *larchana*, *turreón*, *turreona*.

Os adxetivos dunha só desinencia xenérica romatan o singular de varias maneiras. Hainos romatados e[n] *a*, como: *maula*, *posma*, *troзма*.

En *e*, como: *cutre*, *quente*, *doce*, *valente*, *recendente*. (véxase II: *Epítome de gramática galega*).

Este e outros moitos exemplos que se poderían pór veñen a confirmar que Carré Alvarellos elaborou o seu *Compendio* de 1919 tomando como fonte a gramática de Saco Arce e que logo o aproveitou para ir construíndo nos anos 50 e 60 a súa gramática, publicada finalmente en 1967; será a partir desta que realiza a síntese gramatical que a seguir se edita e que leva o título de *Epítome de gramática galega*. Este é o traballo que pon fin ao seu labor gramatical e o que fixa definitivamente o modelo normativo do autor, tanto por estar todo el redixido en lingua galega canto por acentuar o grao de coherencia lingüística a respecto dos anteriores. Aínda así, persisten nel certas vacilacións e incoherencias. No seu dicionario editado pola primeira vez no período anterior a 1936 xustificaba deste modo o uso da grafía <x> en lugar das etimolóxicas <j> e <g> para o son fricativo postalveolar xordo:

Usamos neste dicionario a ortografía que se estila hoxe, dende o rexurdimento da nosa fala no século XIX despois de catrocentos anos de silencio, á pesar de que os anteriormente publicados empregaran o *j* para o son *x*, (*ch* francesa) cousa que raramente se ve nos tempos d'agora. Coidamos dar así unha facilidade mais aos que consulten o dicionario como tamén aos que escriban en galego, e seguimos co'esto a forma gráfica adoutada pol-a case totalidade dos escritores, como xa fixemos no noso *Compendio de Gramática Galega* (Carré Alvarellos, 1933: 6).

Porén, as grafías históricas foran utilizadas por Pintos, De la Iglesia, Pondal, Vaamonde Lores ou o seu propio pai Uxío Carré Aldao, alén de achar ilustres defensores entre os membros das Irmandades da Fala a que el pertencía, en canto a terminación *-zón* que sistematiza definitivamente no *Epítome* apenas tiña uso e defensores no galego literario contemporáneo. Na primeira edición do seu dicionario fixo constar a seguinte nota ao final do “Prontuario ortográfico”: “As antigas terminazons en çon, coma naçon, búsquese en zon (nazón) conforme â Academia Galega”; e ela acrecentou na segunda edición: “O *J* e o *G* con son *X* en galego, búsquese nesta derradeira letra” (Carré Alvarellos, 1933: 37); e na única nota de rodapé que figura no *Epítome* lese: “Podería usarse en galego o *J* sempre que se lle dese o son *X* somellante ao *ch* francés, tal e como se pronuncia en portugués que é, cáseque, o mesmo noso idioma, do que aquel formouse” (véxase II). Se fundamenta a súa defensa de *-zón* en que a propia RAG utilizou esa terminación no seu dicionario iniciado en 1913, tamén se debe ter en conta que neste se facía uso das grafías etimolóxicas para o son fricativo postalveolar.

En conclusión, o *Epítome de gramática galega* de Leandro Carré Alvarellos foi elaborado en finais da década de 60 como unha síntese da súa *Gramática gallega* editada en 1967, por súa vez unha ampliación dos seus traballos de natureza gramatical precedentes. Todos eles son debedores da gramática oitocentista de Saco Arce, do mesmo xeito que o é, por tanto, o *Epítome* que a seguir se edita, onde Carré deixa asentado o seu modelo normativo, non exento de certas incoherencias, mais con vontade de fixar unha norma para a escrita fiel á tradición histórica e depurada de interferencias castelanizadoras.

Por último, canto aos criterios de edición, non se altera en nada a lingua do texto, pois esta, tanto nos seus aspectos gráficos canto nos morfosintácticos e léxicos, fai parte esencial do significado e do interese da obra, de modo que por principio se debe entender que o que consta é o escrito no orixinal, salvo erros involuntarios que se puideren cometer. Non se regularizan, pois, acentos nin grafías e só nalgúns casos se marcan con “(sic)” erros evidentes que non teñen máis explicación que a equivocación puntual do autor e que sen tal indicación poderían inducir a confusión. Cando se trata da omisión dalgunha letra, sobre todo en casos de concordancia, o acrecentamento márcase con parénteses rectos. Os subliñados no texto orixinal, non recomendábeis na obra impresa, substitúense sistematicamente polo uso da letra itálica; acontece isto por sistema na abundante exemplificación, sexan palabras isoladas ou cláusulas, e na introdución de conceptos que son obxecto de tratamento no texto, aínda que nalgunha ocasión nin uns nin outros aparecen marcados, en cuxo caso tamén non se utiliza a letra itálica.

Estes mesmos criterios de edición foron aplicados á correspondencia incluída no capítulo III e aos textos do IV, ben como ás citacións textuais inseridas neste “Estudo introdutorio”.

II. Epítome de gramática galega

Chámase idioma ou lingua o conxunto de verbas e maneiras de falar de cada país. A lingua galega é a forma de expresión dos galegos, rexión constituída pol-as catro provincias da Galiza que son: A Cruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, situadas no extremo noroeste da península Ibérica, e forman parte de España.

Gramática é o conxunto de regras ou normas establecidas pol-o uso na fala e na escrita. Divídese en catro partes, chamadas: *Analogía*, *Sintaxe*, *Prosodia* e *Ortografía*.

ANALOXÍA

Analogía é a parte da Gramática que ensina o valor das palabras con todol-os seus acentos.

Pra representar pol-a escrita os sons de que se as verbas se compoñen, empréganse uns signos chamados *letras*.

As letras divídense pol-o seu son en *vocaes* e *consoantes*.

As vocaes forman unha sorte graduada de sons que parten da gorxa e romatan nos beizos. Esta serie fai unha curva cuxa marcha ascendente encomeza en A, chega a seu cume en I e ao seu debaixo final en U. Estas son as fundamentaes de cada idioma, existindo logo outras intermedias que son E, O, coas que se forman os sons compostos e mais os ditongos. Estas vocaes intermedias poden soar mais craras ou mais xordas, sendo isto o único que distingue entre sí moitas palabras que escribíndose coas mesmas letras teñen significado diferente.

Por exemplo:

Fóra (adverbo)	Fora (do verbo ir)
Pôr (verbo)	Por (preposición)
Présa (adverbo)	Presas (sustantivo)

Algunhas vegadas as vocaes intermedias pronúncianse de tal xeito coase chegan a se faceren afíns coas fundamentaes, sendo esto cousa de que en moitas verbas empréganse indistintamente unhas ou outras asegún as bisbarras dos falantes. Exemplos:

A - E

Antroido ou entroido, aixada ou eixada, bailar ou beilar, gaiteiro ou gueiteiro, airexa ou eirexa, aira ou eira, zarrizo ou cerrizo, etc.

E - I

Códea ou códia, aquel ou aquil, decir ou dicir, mellor ou millor, ese ou ise, pedir ou pidir, meolo ou miolo, mexeriqueiro ou mixiriqueiro, etc.

O - U

Coidar ou cuidar, chapeo ou chapeu, loita ou luita, formiga ou furniga, moxica ou muxica, irmao ou irmau, corruncho ou curruncho, moíño ou muíño, etc.

Pra formar as palabras hai, ademáis das vocaes, as consoantes seguintes:

B C CH D F G H L LL M N Ñ P Q R RR S T V X Y Z¹⁵

Total-as palabras dun idioma colocadas en orde alfabético, forman o seu dicionario.

O dicionario galego débese consultare sempre que queiramos saber o significado dunha verba e mais a maneira de escribila.

Orazón gramatical

Orazón gramatical é a palabra ou xuntanza de palabras coas que espresamos un concepto, como *Pra sabermos nos gobernare na vida é preciso estudar*. Os nenos de hoxe serán os homes do porvir.

As partes da orazón son as seguintes: *artigo, nome sustantivo, nome adxetivo, pronome, verbo, adverbo, preposición, conxunzón e interxeizón*.

15 Podería usarse en galego o J sempre que se lle dese o son X somellante ao ch francés, tal e como se pronuncia en portugués que é, cáseque, o mesmo noso idioma, do que aquel formouse [Única nota de rodapé que é da responsabilidade do autor do *Epítome de gramática galega* e que, por tanto, figura no orixinal que se edita].

As cinco primeiras admiten variacións que modifican a súa estrutura pra denotaren diversas ideas acesorias; chámanse por esto *variábeles*. As outras son invariábeles porque non sofren modificacións.

As modificacións á que están asuxeitadas as palabras variábeles chámanse *aicidentes gramaticaes*. Son dous: *Xénero* e *número*; o primeiro exprime o seiso, e a unidade ou pluralidade o segundo.

Verbas *primitivas* son aquelas que se non compoñen de outras da mesma fala, como *mar*, *lua*; *derivadas* son as que se forman de outras primitivas, como *mariñeiro* ou *maruxo*, *luar*, etc.

Verbas *simpres* son as que se non derivan doutras, como *petar*, *pisar*, *vaca*, *sapo*; *compostas* son aquelas que se forman pol-a engadega de outra como *peta-pouco*, *pisa-mainiño*, *vaca-loura*, *sapo-cocho*, etc.

Artigo

Artigo é a palabra que se pon diante do nome para anunciare o seu xénero e número.

O artigo é *determinado* cando indica un ouxeto xa coñecido, e *indeterminado* se o indica con certa vaguedade. Así, por exemplo, se decimos *o cabalo*, trátase de un cabalo coñecido, xa sabemos cal é. Se dixéramos *un cabalo*, falamos dun cabalo calquera.

O artigo determinado ten as seguintes formas:

	<i>Singular</i>	<i>Prural</i>
Masculino	o	os
Feminino	a	as

O xénero neutro ten a mesma forma que o singular do masculino.

As formas do artigo indeterminado son:

	<i>Singular</i>	<i>Prural</i>
Masculino	un	uns, unhos
Feminino	unha	unhas

A declinación do artigo faise na seguinte forma:

	<i>Singular</i>			<i>Prural</i>	
Nominativo	o	a	o	os	as
Xenitivo	do	da	do	dos	das
Dativo	ao, para o, â, para a			aos	âs
Acusativo	o	a	o	os	as
Ablativo	sen, con, cō, coa			sen, cōs, coas, cās	

Nome

Á parte da oración que serve pra espresare algún ouxeto, persoa, animal ou cousa, chámase *nome sustantivo*: *Antón, can, eixada, árbore*.

Os aicidentes do nome son o xénero e mais o número.

O xénero pódese coñecer pol-o artigo, pol-o significado e pol-a terminazón.

O artigo, determinado ou indeterminado, adoita preceder a todol-os nomes galegos, especialmente se non van na compañía de adxetivos, e denota o xénero ao paso que os individualiza.

Nome común é o que convén a todas as persoas ou cousas da mesma especie, como *home, río, cidade*; *nome propio* é o que se dá á persoa ou cousa determinada para as distinguir das demais da súa especie, como *Paulos, Miño, Pontevedra*.

Aumentativo é o que acrescenta a sinificazón do primitivo, como: *mullerona, arcón, pedrouzo*; e *diminutivo* o que diminúe a sinificazón do nome, como *paxariño, lebracho, lagostela*.

Romatan pois en *on, ona*, os aumentativos, e en *iño, iña, acho, acha, elo, ela*, os diminutivos.

Xénero, é o aicidente gramatical que serve para indicare o seiso das persoas ou dos animaes, e mais os que se lles atribúe ás cousas.

Pol-a sinificazón pertencen ao *xénero masculino* os nomes de varón, animaes machos, e en xeral ás cousas ou seres inanimados aos que se pode antepôr o artigo *o*, como *home, ferreiro, cabalo, tallo, feixe*.

Son do *xénero feminino* os nomes de mulleres, animaes femias, e e cousas ás que se lles pode aplicar o artigo *a*, como *tecelá, cadela, lareira, fenestra*.

Os nomes de países ou terras toman o xénero da súa terminazón, por exemplo: *o Ribeiro, a Mariña*.

O mesmo acontece cós de prantas, árbores, herbas, sendo pol-o tanto masculinos o *sabugueiro, loureiro, buxo, carabel*; e femininos a *cereixeira, silva, vide, carriza*.

Son masculinos os nomes que romatan en *o* e mais en *u*, como *coitelo, carro, pau*.

Os romatados en *l*, como *sinal, mel, fol*.

Os en *n*, como *pan, roxón*. Esceitúanse fin, *orixen, mañán* (que tamén adoita se dicir mañá), *man* (ou mao, mau) e mais os finados en *on* derivados de verbas latinas en *tio*, que conservan a súa orixe, como *razón, atenzón, etc.*

Son femininos os romatados en *a*: *porta, táboa, bufarra, tixola, formiga, vaca, etc.*

Os en *de*, como *parede, piedade, saúde*.

Os monosílabos en *z*: *noz, vez, luz* (que se pronuncian nos, ves, lus).

Dos que romatan en *e* non pode darse regra xeral; son masculinos *monte, dente, leite, couce, sangue, feixe, enxofre, nome, lume, fume, costume, enxame, estrume, arume, chifre, berce, zucre, marxe, croque, celme, milagre, alfinete, molete, ferrete, entrave, prebe*.

Son femininos: *xente, fonte, fronte, noite, corte, semente, fame, morte, ferruxe, neve, forraxe, tarde, imaxe, romaxe, fogaxe, fouce, caste, sorte, prece, moaxe, friaxe, carraxe, moitedume*.

Os romatados en *r* son na súa maior parte masculinos, como *pesar, ár, favor, luar, ollar, colar, cantar* (que ás veces tamen se di *pezare, cantare, favore, etc.*).

Son femininos: *côr, calor, culler, muller, dôr* (que tamen adoita dicirse *côre, calore, cullere, etc.*).

Dos romatados en *s* son masculinos: *solás, relós, carís, cos, mexos* e femininos: *bilis, bris, caries, cras, lis, res*.

Xénero *neutro* é o que se aplica á ideas ou conceptos indeterminados, como *o belo* (o que é belo), *o bon* (o que é bon).

Xénero *común* é o de nomes de persoas que teñen unha sóa terminazón para o masculino como para o feminino, como *o martir e a martir, o artista e a artista*.

Xénero *epiceno* é o de aqueles animaes que con unha mesma terminazón e artigo desinan o macho e a femia, como *o vexato, a perdís, a lebre, o ourizo-cacho, a anduriña, a volvoreta*.

Número é o aicidente gramatical que indica se se fala de un ou de mais de un. Os números son dous: *singular* e *prural*.

Número *singular* é o que se refire á unha persoa ou cousa, como: *nenó, tallo, culler, vaca*. Número *prural* é o que se refire a dúas ou mais persoas ou cousas, como: *nenos, tallos, culleres, vacas*.

O *a* final é a característica do prural; éste fórmase engadindo a letra indicada ao singular cando este romata en vocal; exempro: *terra, terras; canteiro, canteiros; pai, pais; can, cans; árbore, árbores*.

Nos nomes romatados en consoante fanse os pruraes na seguinte forma. Os romatados en *al* perden en xeral o *l* e sustitúese pol-a sílaba *es*, exempro: *xornal, xornaes; sinal, sinaes; vocal, vocaes; metal, metaes*. Esceitúanse os nomes dunha só sílaba, que engaden a terminazón *es* do prural conservando o *l*, como: *mal, males; fol, foles; mel, meles*.

Os romatados en *el* conservan esta terminazón e engaden *es*, como *carabel, carabeles; pichel, picheles; froixel, froixeles*. Esceitúanse *papel*, que fai *papés* ou *papéis*, e *real, reás* ou *reáis*. Tamén os romatados en *il* engaden *es*: *funil, funiles; pernil, pernils; cansil, cansiles*. Esceitúase *cadril*, que fai *cadris*.

Os que romatan en *ol* siguen a regra dos finados en *al*, esto é, perden o *l* final e engaden *es*: *rouxinol, rouxinois; ouriñol, ouriñoes; cartafol, cartafoes*.

Os romatados en *n* engaden *s*: *brañón, brañóns; corazón, corazóns; nazón, nazóns*. Noustante en alguns lugares din: *brañós, corazóns, nazós*; pro é mais correita a primeira forma.

Os romatados en *r* engaden *s*: *culler, culleres; lecer, leceres; muller, mulleres*.

Os que romatan en *s* engaden *es*: *cras, crases; combés, combeses; mes, meses; montañés, montañeses*.

Os romatados en *z*, trocan esta por *c* e engaden *es*: *alfoz, alfoces; luz, luces; noz, nocos*.

Os nomes compostos engaden o *s* do prural nas dúas partes de que se compoñen: *papo-rubio, papos-rubios; soina-moina, soinas-moinas; sapo-concho, sapos-conchos*.

Caso é o aicidente gramatical que espresa situazón e circunstancias que pode ter unha verba respeito de outras na orazón.

Os casos son: *nominativo*, *xenitivo*, *dativo*, *acusativo*, *vocatibo* (sic) e *ablativo*. O conxunto destes casos forma a *decrinazón*.

O *nominativo* desina o suxeito da acción do verbo; como: *Xan é traballador*.

O *xenitivo* denota propiedade ou pertenza e leva a preposición *de*; como: *esta casa é de Xan*.

O *dativo* recibe dano ou proveito dunha acción, e leva as preposicións *á* ou *para*: *á Xan non lle pon medo o traballo*; *para Xan sempre hai fartura*.

O *acusativo* é o termo dereito da acción do verbo; como: *todos pídenlle axuda á Xan*.

O *vocativo* serve pra chamar ou escramar, como: *¡Ou Xan, ti vês?*

O *ablativo* espresa unha circunstancia e leva as preposicións *con*, *de*, *en*, *por*, *sen* sóbor, etc.; como: *confío en Xan*; *vou con Xan*; *seino por Xan*, etc.

Adxetivo

Adxetivo é a parola que s' axunta aos sustantivos para os calificare, denotando cualidades ou circunstancias dos ouxetos.

O adxetivo pode ser de unha só terminazón ou de duas; é dicir, que hai algúns que son indecrinábeles, como *cutre*; pois dise *home cutre* ou *muller cutre*; e outros toman a forma masculina ou feminina, según o xénero do sustantivo que modifican, como *bô*, *cheo*, *valdeiro*, *branco*, etc. pois dise: *nenô bô*, *nena boa*; *carro cheo*, *ucha chea*; *xerro valdeiro*, *cunca valdeira*; *can cativo*, *cadela cativa*.

Os adxetivos de dúas desinencias romatan, na maor parte, en *o* para o masculino e en *a* para o feminino. Isto é: que para facer a terminazón feminina, trócase o *o* final pol-o *a* do feminino; exemplos: *cobizoso*, *cobizosa*; *entergo*, *enterga*; *morno*, *morna*; *rufô*, *rufa*; *tolo*, *tola*; *branco*, *branca*.

Os que romatan en *on*, ou en *or*, para facermos o feminino, se lles engade o *a*, como: *fiador*, *fiadora*; *lambón*, *lambona*; *turreón*, *turreona*.

Os romatados en *an* perden esta terminazón e trócana por *â*, como, de *boizán*, *boizâ*; *irmán*, *irmâ*. Hai, noustante, algúns que adoitan variar; pois *larchán*, adóitase dicir no feminino *larchana*, *turreón*, *turreona*.

Os adxetivos dunha sóa desinencia xenérica romatan o singular de varias maneiras. Hainos romatados e[n] a, como: *maula, posma, trosma*.

En e, como: *cutre, quente, doce, valente, recendente*.

En l, como *baril, enxel, mol, xangal*.

En r, como *mellor, pior, superior, multicôr*.

En s, como *bardallas, cocainas, fugallas*.

En z, como *capáz, feliz, feróz* (que se pronuncian capás, felis, ferós).

Os sustantivos que denotan empregos ou dinidades adoitan adxetivarse, tomando a terminazon feminina, cando se fala de mulleres que teñen relación cō emprego ou cãrrego de que se fala, e así dise: *a capitana, a xueza* (a muller do capitán, ou do xuez).

Chãmanse adxetivos xentilicios ou nazonaes os calificativos que denotan a procedencia ou nazonalidade, como Cruñés, ourensán, galego, francés, portugués, etc.

Tamén adxetívanse os apelidos, decíndose, por exemplo: As Miguezas (fillas de Miguéz), a caeira (muller de Caeiro), etc.

Hai algũns adxetivos que perden unha ou mais letras do final cando se poñen diante do nome, son: grande, santo, malo; e dícese gran señor, gran señora, gran tolo, gran poeta; San Antón, San Silvestre.

O adxetibo (sic) bõ ten dúas formas: unha emprégase denantes e outra atrás do sustantivo; exemplo: *Xaquín é bõ como carpinteiro; mais tamén é un bon home*.

O plural dos adxetivos faise do mesmo xeito que se indica para os nomes sustantivos. Hai algũns que pol-o seu significado non teñen singular; taes son *amos, entramos, seños*.

Graus de sinificazón dos adxetivos. As cualidades dos ouxetos poden ser consideradas en ausoluto ou en comparanza coas de outros. No primeiro caso, ou ben o ouxeto ten a cualidade no grau ordinario e común, e daquela o adxetivo chãmase positivo, ou ben o ouxeto ten aquela cualidade en grau estraordinario, e daquela chãmase superlativo. Exemplo: Xan é bõ (positivo), Antón é fachendosísimo (superlativo).

No segundo caso, a cualidade pode estar nun grau igual, maor ou mais pequeno que noutros ouxetos; desto resultan tres cras de comparanzas: de igualdade, de superioridade ou de inferioridade. Exemplos: *a miña casa é tan boa coma a tua; a horta de Chinto é mais vizosa que a de Manecho; o carro de Pedro é pior que o de Fiz*.

O grau superlativo pódese espresare pol-o adverbio *moi*, poñéndoo diante do positivo, ou pol-as desinencias *ismo, isma*, axuntãdoas à radical deste. Exemplo: *moi quente, ou quentísimo; moi grande, ou grandísimo*.

Os adxetivos non teñen forma especial para espresaren comparanza. Súplense cós adverbos de cantidade *mais*, para a superioridade; *menos* para a inferioridade, e *tan* para a igualdade. Esceitúanse

Bô	(positivo)	Mellor	(comparativo)
Mao	“	Pior	“
Grande	“	Maor	“

Numeraes son os adxetivos que sirven para contar. Chámanse *cardinaes* cando se atende á cantidade, e *ordinaes* cando nos atemos á orde que gardan entre si.

Numeraes cardinaes: *Un (unha), dous (duas), tres, catro, cinco, seis, sete, oito, nove, dez (des), once, doce, trece, catorce, quince, dazaseis, dazasete, dazaoito, dazanove, vinte, vinteun, vintedous, etc. trinta, trintaun, trintadous, etc. corenta, cincoenta, sesenta, setenta, oitenta, noventa, cen ou cento, douscentos ou ducentos, trecentos, catrocentos, cincocentos, seiscentos, setecentos, oitocentos, novecentos, mil ou milleiro, dous mil, tres mil, etc.*

Ordinaes: *Primeiro, segundo, terceiro (sic), carto, quinto, sexto, sétimo, outavo, noveno, décimo, undécimo, duodécimo, décimo terceiro, décimo carto, etc. vixésimo, trixésimo, cadraxésimo, quincuaxésimo, seisaxésimo, oitoxésimo, nonxésimo, centésimo, ducentésimo, milésimo, millonésimo, etc.*

Adxetivos determinativos son os que fixan a estensión en que se toma o significado do sustantivo, como: *este ano, a tua casa, dous bois, algúns bens*.

Os adxetivos determinativos poden ser *demostrativos, posesivos, numeraes e indefinidos*.

Son *demostrativos* os que determinan a sinificazón de algunha cousa, como: *este, ese, aquel neno; esta, esa, aquela nena*.

Posesivos son os que denotan posesión, como *meu, miña, teu, tua, seu, sua, noso, nosa, voso, vosa*.

Indefinidos os que determinan a sinificazón do nome dunha maneira vaga ou xêral, como *alguns, moitos, poucos, uns, todos*.

Pronome

Chámase *pronome* a palabra que se pon no lugar do nome para evitar a repetición deste.

Son de cinco crases: *persoales, demostrativos, posesivos, relativos e indeterminados*.

Pronomes *persoales* son os que se poñen no lugar de persoas ou cousas persoificadas, e son: *eu, ti, el*, que se chaman primeira, segunda e terceira persoa, porque ocupan o lugar da persoa que fala (eu), de aquela a quen se fala (ti); da de quen se fala (el).

Pertencen á primeira persoa as formas *eu, min, me, comigo*, no singular; *nós, nosoutros, nosoutras, connosco*, no plural.

Pertencen á segunda persoa as formas *ti, te, che, contigo*, no singular; *vos, vosoutros, vosoutras, convosco*, no plural.

Pertencen á terceira persoa *el* ou *il, ela, lle, llo, lla, o, a, si, consigo*, no singular; *eles* ou *iles, elas, lles, llas, llos, os, as*, no plural.

Pronomes *demostrativos* son os que indican ou sinalan a persoa ou cousa de que se fala, e son tres: *este, ese ou ise, aquel ou aquil; esta, esa, aquela; esto ou isto, aquilo*, no singular; *estes ou istes, eses, ou ises, aqueles ou aquiles; esas, aquelas*, no plural.

Cando as palabras *este, ese, etc.* van diante do adxetivo outro, pó pódense unir con el facendo unha soa verba: *estoutro, esoutro, aqueloutro, estoutras, etc.*

Pronomes *posesivos*, son os que denotan posesión ou propiedade: *meu, teu, seu, noso, voso, miña, tua, sua, nosa, vosa*.

Pronomes *relativos* son os que fan relación á persoas ou cousas das que xa se falou, e son catro: *que, cal, quen, cuio*.

Pronomes *indeterminados* son os que vagamente aluden á persoas ou cousas; como: *alguén, ninguén, algures, ningures*.

Decrinazón dos pronomes

Primeira persoa

	<i>Singular</i>	<i>Prural</i>
Nominativo	Eu	Nós, nosoutros, nosoutras
Xenitivo	De min	De nós, de nosoutros
Dativo	á min, para min, me	Á nós, para nós, nosoutros
Acusativo	Á min, me	Á nós, á nosoutros, nós
Ablativo	Comigo, de, por, sen min	Con nós, connosco, de, por, sen nós, nosoutros

Segunda persoa

	<i>Singular</i>	<i>Prural</i>
Nominativo	Ti	Vos, vosoutros, vosoutas
Xenitivo	De ti	De vosoutros
Dativo	Á ti, para ti, che	Á vos, para vos, vosoutros
Acusativo	Á ti, te, che	Á vos, vosoutros
Ablativo	Contigo, de, por, sen ti	Con vos, convosco, de, por, sen vos, vosoutros

Terceira persoa

Nominativo	El, ela, o, a	Eles, elas, os, as
Xenitivo	Del, dela	Deles, delas (ou d' eles)
Dativo	Á ele (ou el, il), ela, lle, lla, llo	Á eles, para eles, elas, lles, llas, llos
Acusativo	Á ele (el, il), ela, o, a	Á eles, elas, os, as
Ablativo	Con, de, en por, sen ele (el, il), o, a	Con, de, en, por, sen eles, elas, os, as

Pronome reflexivo

Xenitivo	De si
Dativo	A si, para si, se
Acusativo	A si, se
Ablativo	Consigo, de, por si

O verbo

Verbo é a palabra que desina *esencia*, *feito* ou *estado*, e conxúgase espresando tempo e persoa.

O verbo SER espresa existencia e sustancia, e chámase verbo *sustantivo*; todol-os demais son *atributivos*.

Os verbos atributivos chámanse *activos* ou *transitivos* cando a acción recae ou pode recaer noutra persoa ou cousa, como: ama o traballo, adeprende o libro; *neutros* ou *intransitivos*, cando non pode pasar a outra persoa nen cousa a súa acción; como:

medrar, comer; reflexivos ou recíprocos cando a súa acción recae na mesma persoa ou cousa que os rixe, representada por un pronome persoal; como *avolverse, doerse, emborcarse*.

Chámanse *ausiliares* os verbos que axudan â conxugazón dos outros, como: *Ter, Haber*.

Impersoaes son os que sómente (sic) empréganse no infinitivo e na terceira persoa do singular de cada tempo; como *chover, nevar, orvallar, sarabiar*.

Os verbos son *regulares* cando se atañen ao modelo da conxugazón â que pertencen, e *irregulares* cando se arredan del.

Aicidentes do verbo. Conxugar é poñer o verbo nos seus aicidentes, modos, tempos, números e persoas.

Os *modos* ou maneiras xeraes de se manifestar a sinificazón do verbo son catro: *indicativo, imperativo, suxuntivo e infinitivo*.

Tempo é o aicidente que espresa a época ou istante en que se verifica a acción do verbo. Son tres: *presente, pasado e futuro* ou vindoiro.

Número é o aicidente que dí se quen executa a acción é un ou mais de un.

Persoa é o aicidente que sinala quen é o que executa a acción do verbo. Son, no singular: eu, ti, el; e no prural: nós ou nosoutros, vos ou vosoutros, e eles. Chámanse respectivamente primeira, segunda e terceira persoa.

Ouservazóns encol da conxugazón

Letras *radicaes* dun verbo son as que preceden âs dúas derradeiras ar, er, ir, do infinitivo; como en falar, *fal*; en coller, *coll*; en espilir, *espil*.

Desinencias son as terminazóns compostas polas derradeiras letras que se engaden âs radicaes para esprimiren os aicidentes do verbo.

Conxugazón, para conxugar un verbo regular nos tempos simpres, non hai mais que engadirle âs letras radicaes as terminazóns que compren a cada tempo.

Os tempos compostos fórmanse cô auxiliar e mais o participio pasivo do tempo que se conxuga.

Os verbos reflexivos ou recíprocos, conxúganse sempre acompañados dun pronome persoal.

Tempos. O *presente de indicativo* coñécese en que a acción do verbo verificase no mesmo instante en que se fala; como: *eu vexo unha árbore; ti escoitas o cuco.*

O *pasado imperfecto* denota unha acción que era presente en tempo pasado; como *Xan falaba, os nenos fuxían.*

O pasado perfecto denota que a acción do verbo pasou xa; como: *eu quixen aprender, ti corriches moito.*

O *pasado mais que perfecto* indica cousa que podería ter sucedido; como se *Pedro fuxira* o non *pillaran.*

O *futuro* sinifica cousa que virá; como *ti chegarás a home; virán* outros tempos.

O *condizional* ou *potencial* indica posíbele acción futura respecto de outra que se supón pasada ou que pode se realizare; como Antón facería moitas cousas se poidera.

O modo *imperativo* só ademite o tempo presente, e denota mandato ou rogo; como *loita* pol-o teu ben; *bulide* para romatar axiña.

O *presente de suxuntivo* indica desexo ou condizón; como que *eles recaden* o gando; cando *vos faledes*, escoitaremos.

O *pasado imperfecto* denota a condizón necesaria para que se cumpra a idea espresada por outro verbo; como se Antón viñer, *recibiríao.*

O *futuro imperfecto* indica acción futura en suposición dunha cousa posíbele ao mesmo tempo; como de dixere o que quêr, *obraremos* en consecuencia.

O modo *infinitivo* anuncia en abstracto a idea do verbo: *falar, fender, espilir*; pero en galego ten tamén a súa conxugazón con número e persoa; como para *falarmos* ten que haber con quen; alí están as mazans para *colleres* as que queiras; é preciso *espiliren* esa palla.

O xerundio espresa unha forma particular do infinitivo, e romata en *ando, endo*, ou *indo*; como *xantando, correndo, rebulindo*. É moi adoitado na nosa fala trocar esta forma cō propio infinitivo antepoñéndolle a preposición *á*; *está á xantar; foi á correr; vai á rebulir.*

O *participio* é un adxetivo verbal. Hai dous participios, un *activo* ou de presente; como *abafante, doente, bruante*, e outro *pasivo* ou de pasado; como *falado, chandado, rompido*.

CONXUGAZÓN DOS VERBOS REGULARES

<i>Falar</i>	<i>Coller</i>	<i>Espilir</i>
Infinitivo persoal	Infinitivo persoal	Infinitivo persoal
Falar (eu)	Coller (eu)	Espilir (eu)
Falares (ti)	Colleres (ti)	Espilires (ti)
Falare (el)	Collere (el)	Espilire (el)
Falarmos (nós)	Collermo (nós)	Espilirmos (nós)
Falardes (vos)	Collerdes (vos)	Espilirdes (vos)
Xerundio	Xerundio	Xerundio
Falando	Collendo	Espilindo
Participio	Participio	Participio
Falado	Collido	Espilido

MODO INDICATIVO

Presente

Eu falo	Eu collo	Eu espilo
Ti falas	Ti colles	Ti espiles
El fala	El colle	El espile
Nós falamos	Nós collemos	Nós espilimos
Vos falades	Vos colledes	Vos espilides
Eles falan	Eles collen	Eles espilen

Pretérito imperfecto

Eu falaba	Eu collía	El (sic) espilía
Ti falabas	Ti collías	Ti espilías
El falaba	El collía	El espilía
Nós falabámos	Nós collíamos	Nós espiliámos
Vós falabádes	Vós collíades	Vós espiliádes
Eles falaban	Eles collían	Eles espilían

Pretérito perfeito

Eu faléi	Eu collín	Eu espilín
Ti falaches	Ti colliches	Ti espiliches
El falóu	El colléu	El espilíu
Nós falamos	Nós collimos	Nós espilimos
Vós falastes, ou faláchedes	Vos collestes, ou colléstedes	Vós espilistes, ou espilíchedes
Eles falaron	Eles colleron	Eles espiliron

Pretérito mais que perfeito

Eu falara	Eu collera	Eu espilira
Ti falaras	Ti colleras	Ti espiliras
El falara	El collera	El espilira
Nós falarámos	Nós collerámos	Nós espilirámos
Vos falarádes	Vos collerádes	Vos espilirádes
Eles falaran	Eles colleran	Eles espiliran

MODO IMPERATIVO

Fala (ti)	Colle (ti)	Espile (ti)
Fale (vostede ou el)	Colla (el)	Espila (el)
Falái, ou falade (vostede, vos)	Colléi, ou collede	Espilide (vos)
Falen (vostedes, eles)	Collan (eles)	Espilan (eles)

MODO SUXUNTIVO

Eu fale	Eu colla	Eu espila
Ti fales	Ti collas	Ti espilas
El fale	El colla	El espila
Nós falemos	Nós collamos	Nós espilamos
Vos faledes	Vos collades	Vos espilades
Eles falen	Eles collan	Eles espilan

Pretérito imperfecto

Eu falara ou falase	Eu collera ou collese	Eu espilira ou espilise
Ti falaras, falases	Ti colleras, collese	Ti espiliras, espilises
El falara, falase	El collera, collese	El espilira, espilise
Nós galarámos (sic), falásemos	Nós collerámos, collésemos	Nós espilirámos, espilísimos
Vos Falarádes, falásedes	Vos collerádes, collésedes	Vos espilirádes, espilísides
Eles falaran, falasen	Eles colleran, collesen	Eles espiliran, espilisen

Futuro imperfecto

Eu falare	Eu collere	Eu espilire
Ti falares	Ti colleres	Ti espilires
El falare	El collere	El espilire
Nós Faláremos	Nós colléremos	Nós espilíremos
Vos faláredes	Vos colléredes	Vos espilíredes
Eles falaren	Eles colleren	Eles espiliren

Os tempos compostos fórmanse co verbo Ter como auxiliar:

Indicativo	Teño	} Falado Collido Espilido
Pretérito Imp.	Tiña	
Pretérito per.	Tiven	
Mais que perf.	Tivera	
Futuro	Teréi	
Condizional	Tería	

CONXUGAZÓN DOS VERBOS AUSILIARES*Ter**Haber***MODO INDICATIVO****Presente**

Eu teño	Eu hei
Ti tes	Ti has
El ten	El ha
Nós temos	Nós habemos
Vos tedes	Vos habedes
Eles teñen	Eles han

Pretérito imperfecto

Eu tiña	Eu había
Ti tiñas	Ti habías
El tiña	El había
Nós tiñamos	Nos habíamos
Vos tiñades	Vos habíades
Eles tiñan	Eles habían

Pretérito perfecto

Eu tiven	Eu houben
Ti tiveste ou tiveche	Ti houbече
El tivo	El houbo
Nós tivemos	Nós houbemos
Vos tivestes ou tivéchedes	Vos houbestes
Eles tiveron	Eles houberon

Pretérito mais que perfecto

Eu tivera	Eu houbera
Ti tiveras	Ti houberas
El tivera	El houbera
Nós tiverámos	Nós houberámos
Vos tiverádes	Vos houberades
Eles tiveran	Eles houberan

Futuro

Eu teréi	Eu haberéi
Ti terás	Ti haberás
El terá	El haberá
Nós teremos	Nós haberemos
Vos teredes	Vos haberedes
Eles terán	Eles haberán

Condicional

Eu tería	Eu habería
Ti terías	Ti haberías
El tería	El habería
Nos teríamos	Nós haberíamos
Vos teriades	Vos haberíades
Eles terían	Eles haberían

IMPERATIVO

Ten (ti)	Ha (ti)
Teña (vostede)	Haxa (vostede)
Tede (vos)	Habede (vos)
Teñan (vostedes)	Haxan (vostedes)

MODO SUXUNTIVO**Presente**¹⁶

Eu teña	Eu haxa
Ti teñas	Ti haxas
El teña	El haxa
Nós teñamos	Nós haxamos
Vos teñades	Vos haxades
Eles teñan	Eles haxan

16 A conxugación deste tempo áchase repetida no orixinal [Nota do editor].

Pretérito imperfecto

Eu tivera ou tivese	Eu houbera ou houbese
Ti tiveras ou tiveses	Ti houberas ou houbeses
El tivera ou tivese	El houbera ou houbese
Nós tiveramos ou tivésemos	Nós houberamos ou houbésemos
Vos tiverades ou tivésedes	Vos houberades ou houbésedes
Eles tiveran ou tivesen	Eles houberan ou houbesen

Futuro imperfecto

Eu tivere	Eu houbere
Ti tiveres	Ti houberes
El tivere	El houbere
Nós tivéremos	Nós houbéremos
Vos tivéredes	Vos houbéredes
Eles tiveren	Eles houberen

INFINITIVO PERSOAL

Ter (eu)	Haber (eu)
Teres (ti)	Haberes (ti)
Tere (el)	Habere (el)
Termos (nós)	Habermos (nós)
Terdes (vos)	Haberdes (vos)
Teren (eles)	Haberen (eles)

XERUNDIO

Tendo	Habendo
-------	---------

PARTICIPIO PASADO

Tido	Habido
------	--------

VERBO SER**MODO INDICATIVO****Presente**

Eu son
 Ti és
 El é
 Nós somos
 Vos sodes
 Eles son

Pretérito imperfeito

Eu era
 Ti eras
 El era
 Nós eramos
 Vos erades
 Eles eran

Pretérito perfeito

Eu fun
 Ti fuche ou foste
 El foi
 Nós fomos
 Vos fostes ou fúchedes
 Eles foron

Pretérito mais que perfeito

Eu fora
 Ti foras
 El fora
 Nós foramos
 Vos forades
 Eles foran

IMPERATIVO

Sé (ti)
 Sexa (vostede)
 Sede (vos)
 Sexan (vostedes)

MODO SUXUNTIVO**Presente**

Eu sea ou sexa
 Ti seas ou sexas
 El sea ou sexa
 Nós seamos ou sexamos
 Vos seades ou sexades
 Eles sean ou sexan

Pretérito imperfeito

Eu fose
 Ti foses
 El fose
 Nós fôsemos
 Vos fôsedes
 Eles fosen

Futuro

Eu for
 Ti fores
 El for
 Nós fóremos
 Vos fóredes
 Eles foren

Futuro

Eu seréi
 Ti serás
 El será
 Nós seremos
 Vos sereades
 Eles serán

Condiciona

Eu sería
 Ti serías
 El sería
 Nós seríamos
 Vos seríades
 Eles serían

INFINITIVO PERSOAL

Ser (eu)
 Seres (ti)
 Sere (el)
 Sermos (nós)
 Serdes (vos)
 Seren (eles)

XERUNDIO

Sendo

PARTICIPIO PASADO

Sido¹⁷

VERBOS REFLEISIVO[S]

Deitarse

Magoarse

MODO INDICATIVO**Presente**

Déitome	Magóome
Déitaste	Magóaste
Déitase	Magóase
Deitámonos	Magoámonos
Deitádevos (sic)	Magoádevos (sic)
Déitanse	Magóanse

17 Os tempos do modo subxuntivo, o imperativo, o infinitivo persoal, o xerundio e o participio figuran repetidos no orixinal [Nota do editor].

Pretérito imperfecto

Deitábame	Magoábame
Deitábaste	Magoábaste
Deitábase	Magoábase
Deitabámonos	Magoabámonos
Deitabádevos (sic)	Magoabádevos (sic)
Deitábanse	Magoábanse

Pretérito perfecto

Deiteime	Magoéime
Deitácheste	Magoácheste
Deitouse	Maguóse (sic)
Deitámonos	Magoámonos
Deitástevos (sic)	Magoástevos (sic)
Deitábanse	Magoáronse

Pretérito mais que perfecto

Deitárame	Magoárame
Deitárate	Magoárate
Deitárase	Magoárase
Deitarámonos	Magoaramonos
Deitarádevos (sic)	Magoaradevos (sic)
Deitáranse	Magoáranse

Futuro

Deitareime	Magoareime
Deitaraste	Magoaraste
Deitarase	Magoarase
Deitarémonos	Magoarémonos
Deitarédevos (sic)	Magoarédevos (sic)
Deitaranse	Magoaranse

Condicional

Deitaríame	Magoaríame
Deitaríaste	Magoaríaste
Deitaríase	Magoaríase
Deitariamos	Magoariamos
Deitariadevos (sic)	Magoariadevos (sic)
Deitaríanse	Magoaríanse

IMPERATIVO

Déitate	Magóate
Déitese	Magóense (sic)
Deitádevos	Magoádevos
Déitense	Magóense

MODO SUXUNTIVO**Presente**

Conxúgase poñendo o pronome denantes do verbo

Eu me deite	Eu me magóe
Ti te deites	Ti te magoes
El se deite	El se magoe
Nós nos deitemos	Nós nos magoemos
Vos vos deitedes	Vos vos magoedes
Eles se deiten	Eles se magoen

Pretérito imperfecto

Eu me deitase, etc.	Eu me magoase, etc.
---------------------	---------------------

Futuro

Eu me deitare, etc.	Eu me magoare, etc.
---------------------	---------------------

INFINITIVO PERSOAL

Deitarme	Magoarme
Deitáreste	Magoáreste
Deitárese	Magoárese
Deitármonos	Magoármonos
Deitárdevos (sic)	Magoárdevos (sic)
Deitárense	Magoárense

XERUNDIO

Deitándose	Magoándose
------------	------------

PARTICIPIO PASIVO

Deitado	Magoado
---------	---------

**CONXUGAZÓN DOS VERBOS CON
PRONOMES ENCLÍTICOS**

<i>Mercar</i>	<i>Facer</i>
---------------	--------------

MODO INDICATIVO**Presente**

Mércoo	Fágoo
Mércalo	Ffalo (sic)
Mércao	Faino
Mercámolo	Facémolo
Mercádelo	Facédelo
Mércano	Fanno

Pretérito imperfecto

Mercábao	Facíao
Mercábalo	Facíalo
Mercábao	Facíao
Mercabámolo	Facíámolo
Mercabádelo	Facíádelo
Mercábanno	Facíanno

Pretérito perfeito

Merqueino	Fíxeno
Mercáchelo	Fixéchelo
Mercouno	Fíxoo
Mercámolo	Fixémolo
Mercástelo	Fixéstelo
Mercáronno	Fexéronno

Pretérito mais que perfeito

Mercárao	Fixérao
Mercáralo	Fixéralo
Mercárao	Fixérao
Mercarámolo	Fixerámolo
Mercarádelo	Fixerádelo
Mercaranno	Fixéranno

Futuro

Mercaréino	Facereino
Mercarálo	Facerálo
Mercaráio	Faceráio
Mercaréromo	Faceréromo
Mercarédelo	Facerédelo
Mercaranno	Faranno

Condicional

Mercaríaio	Faceríaio
Mercaríaalo	Faceríaalo
Mercaríaio	Faceríaio
Mercaríaromo	Faceríaromo
Mercaríaodelo	Faceríaodelo
Mercaríaanno	Faceríaanno

MODO IMPERATIVO

Mércao	Faino
Mérqueo	Fágao
Mercádeo	Facédeo
Mérquenno	Fáganno

MODO SUXUNTIVO**Presente**

Mérqueo	Fágao
Mérquelo	Fágalo
Mérqueo	Fágao
Merquémolo	Fagámolo
Merquédelo	Fagádelo
Merquenno	Fáganno

Pretérito imperfecto

Mercáseo	Fixeseo
Mercáselo	Fixésolo
Mercáseo	Fixeseo
Mercásemolo	Fixésemolo
Mercádeselo (sic)	Fixésedelo
Mercásenno	Fixésenno

Futuro imperfecto

Mercáreo	Fixéreo
Mercárelo	Fixérelo
Mercáreo	Fixéreo
Mercarémolo (sic)	Fixerámolo (sic)
Mercarédelo (sic)	Fixerádelo (sic)
Mercárenno	Fixéronno (sic)

INFINITIVO PERSOAL

Mercalo	Facelo
Mercárela	Facérela
Mercáreo	Facéreo
Mercarmolo	Facérmolo
Mercárdela	Facérdela
Mercárenno	Facérenno

PARTICIPIO PASIV[O]

Mercado	Feito
---------	-------

XERUNDIO

Mercándoo	Facéndo
-----------	---------

VERBOS IMPERSOALES

<i>Saraviar</i>	<i>Chover</i>	<i>Cinir</i>
Saravea	Chove	Cine
Saraviaba	Chovía	Cinía
Saravióu	Chovéu	Ciniu
Saraveara	Chovera	Cinira
Saraciará (sic)	Choverá	Cinirá
Saraviaría	Chovería	Ciniría
Saravée	Chova	Cina
Saraciase (sic)	Chovese	Cinise
Saraviare	Chovere	Cinire
Saraviando	Chovendo	Cinindo
Saraviado	Chovido	Cinido

VERBOS IRREGULARES

<i>Estar</i>	<i>Dar</i>	<i>Andar</i>
--------------	------------	--------------

INFINITIVO PERSOAL

Estar	Dar	Andar
Estares	Dares	Andares
Estare	Dare	Andare
Estarmos	Darmos	Andarmos
Estardes	Dardes	Andardes
Estaren	Daren	Andaren

XERUNDIO

Estando	Dando	Andando
---------	-------	---------

PARTICIPIO PASADO

Estado	Dado	Andado
--------	------	--------

MODO INDICATIVO**Presente**

Estóu	Dóu	Ando
Estás	Dás	Andas
Está	Dá	Anda
Estamos	Damos	Andamos
Estades	Dades	Andades
Están	Dan	Andan

Pretérito imperfecto

Estaba	Daba	Andaba
Estabas	Dabas	Andabas
Estaba	Daba	Andaba
Estabámos	Dabamos	Andabámos
Estabádes	Dabades	Andabádes
Estaban	Daban	Andaban

Pretérito perfeito

Estiven	Dei	Andiven ou andéi
Estiveche ou estiveste	Deste ou deche	Andiveste, andiveche
Estivo	Deu	Andivo ou andóu
Estivemos	Dimos	Andivemos
Estivestes	Destes	Andivestes
Estiveron	Deron ou diron	Andiveron

Pretérito mais que perfeito

Estivera	Dera	Andivera ou andara
Estiveras	Deras	Andiveras, andaras
Estiver[a]	Dera	Andivera, andara
Estiverámos	Déramos	Andiverámos
Estiverádes	Dérades	Andiverádes
Estiveran	Deran	Andiveran

Futuro

Estaréi	Daréi	Andaréi
Estarás	Darás	Andarás
Estará	Dará	Andará
Estaremos	Daremos	Andaremos
Estaredes	Daredes	Andaredes
Estarán	Darán	Andarán

Condicional

Estaría	Daría	Andaría
Estarías	Darías	Andarías
Estaría	Daría	Andaría
Estaríamos	Dariámos	Andariámos
Estaríades	Dariádes	Andariádes
Estarían	Darían	Andarían

MODO IMPERATIVO

Está	Dá	Anda
Esté	Dé	Ande
Estade ou estái	Dade	Andáde
Esteen ou estexan	Dean	Anden

MODO SUXUNTIVO**[Presente]**

Estexa ou esteia	Dea	Ande
Estexas, estéias	Deas	Andes
Estexa, estéia	Dea	Ande
Estexamos, esteamos	Deamos	Andemos
Estexades, esteádes	Deades	Andedes
Estexan, Estéian	Dean	Anden

Pretérito imperfecto

Estivese	Dese	Andivese ou andase
Estiveses	Deses	Andiveses, andases
Estivese	Dese	Andivese, andase
Estivésemos	Désemos	Andivésemos
Estivésedes	Désedes	Andivésedes
Estivesen	Dese[n]	Andivesen, andasen

Futuro perfecto

Estiver	Der	Andare ou andivere
Estiveres	Deres	Andares, andiveres
Estiver	Der	Andare, andivere
Estivéremos	Déremos	Andáremos
Estivéres (sic)	Déredes	Andáredes
Estiveren	Deren	Andaren

<i>Caber</i>	<i>Facer</i>	<i>Querer</i>
--------------	--------------	---------------

INFINITIVO PERSOAL

Caber	Facer	Querer
Caberes	Faceres	Quereres
Cabere	Facere	Querere
Cabermos	Facermos	Querermos
Caberdes	Facerdes	Quererdes
Caberen	Faceren	Quereren

XERUNDIO

Cabendo	Facendo	Querendo
---------	---------	----------

PARTICPIO PASADO

Cabido	Feito	Querido
--------	-------	---------

MODO INDICATIVO**Presente**

Cabo	Fago	Quero
Cabes	Fas	Queres
Cabe	Fai	Quer
Cabenos (sic)	Facemos	Queremos
Cabedes	Facedes	Queredes
Caben	Fan	Queren

Pretérito imperfecto

Cabía	Facía	Quería
Cabías	Facías	Querías
Cabías (sic)	Facía	Quería
Cabiámos	Faciámos	Queríamos
Cabiádes	Faciádes	Queríades
Cabían	Facían	Querían

Pretérito perfecto

Couben	Fixen	Quixen
Coubeche ou coubeste	Fixeche ou fixeste	Quixeche, quixeste
Coubo	Fixo	Quixo
Coubemos	Fixemos	Quixemos
Coubestes	Fixestes	Quixestes
Couberon	Fixeron	Quixeron

Pretérito mais que perfecto

Coubera	Fixera	Quixera
Couberas	Fixeras	Quixeras
Coubera	Fixera	Quixera
Couberámos	Fixerámos	Quixerámos
Couberádes	Fixerádes	Quixerádes
Couberan	Fixeran	Quixeran

Futuro

Caberéi	Faceréi ou faréi	Quereréi
Caberás	Facerás, farás	Quererás
Caberá	Facerá, fará	Quererá
Caberemos	Faceremos, faremos	Quereremos
Caberedes	Faceredes, faredes	Quereredes
Caberán	Facerán, farán	Quererán

Condicional

Cabería	Faría ou facería	Querería
Caberías	Farías, facerías	Quererías
Cabería	Faría, facería	Querería
Caberíamos	Faceríamos	Quereríamos
Caberíades	Faceríades	Quereríades
Caberían	Facerían	Quererían

IMPERATIVO

Cabe	Fai	Quere
Cáiba	Faga	Queira
Cabede	Facéi ou facede	Queredede
Cáiban	Fagan	Queiran

MODO SUXUNTIVO**Presente**

Caiba	Faga	Queira
Caibas	Fagas	Queiras
Caiba	Faga	Queira
Caibamos	Fagamos	Queiramos
Caibades	Fagades	Queirades
Caiban	Fagan	Queiran

Pretérito imperfecto

Coubese	Fixese	Quixese
Coubeses	Fixeses	Quixeses
Coubese	Fixese	Quixese
Coubésemos	Fixésemos	Quixésemos
Coubésedes	Fixésede (sic)	Quixésedes
Coubesen	Fixesen	Quixesen

Futuro perfecto

Couber	Fixer	Quixer
Couberes	Fixeres	Quixeres
Couber	Fixer	Quixer
Coubéremos	Fixéremos	Quixéremos
Coubéredes	Fixéredes	Quixéredes
Couberen	Fixeren	Quixeren

<i>Valer</i>	<i>Cair</i>	<i>Ir</i>
--------------	-------------	-----------

INFINITIVO PERSOAL

Valer	Cair	Ir
Valeres	Caíres	Ires
Valere	Caire	Ire
Valermos	Cairmos	Irmos
Valerdes	Cairdes	Irdes
Valeren	Cairen	Iren

XERUNDIO

Valendo	Caendo	Indo
---------	--------	------

PARTICIPIO PASADO

Valido	Caído	Ido
--------	-------	-----

MODO INDICATIVO**Presente**

Vallo	Cáio	Vou
Vales	Câs	Vas
Val	Cai	Vai
Valemos	Caemos	Imos
Valedes	Caedes	Ides
Valen	Cân	Van

Pretérito imperfecto

Valía	Caía	Iba ou ía
Valías	Caías	Ibas, ías
Valía	Caía	Iba, ía
Valiámos	Caiámos	Ibámos, íámos
Valiádes	Caiádes	Ibádes, íádes
Valian	Caían	Iban, ían

Pretérito perfeito

Valín	Caín	Fun
Valiche	Caiche	Fuche ou foste
Valéu	Caéu	Foi
Valimos	Caímos	Fomos
Valestes	Caíchedes	Fostes
Valeron	Caeron	Foron

Pretérito mais que perfeito

Valera	Caíra	Fora
Valeras	Cairas	Foras
Valera	Caíra	Fora
Valerámos	Cairámos	Forámos
Valerádes	Cairádes	Forádes
Valeran	Caíran	Foran

Futuro

Valeréi	Cairéi	Iréi
Valerás	Cairás	Irás
Valerá	Cairá	Irá
Valeremos	Cairemos	Iremos
Valeredes	Cairedes	Iredes
Valerán	Cairán	Irán

Condicional

Valería	Caería	Iría
Valerías	Caerías	Irías
Valería	Caería	Iría
Valeríamos	Caeríamos	Iriamos
Valeríades	Caeríades	Iriades
Valerían	Caerían	Irían

IMPERATIVO

Val	Cáí	Váí
Valla	Cáia	Váia
Valede	Caede	Ide
Vállan	Cáian	Váian

MODO SUXUNTIVO**Presente**

Valla	Cáia	Váia
Vallas	Cáias	Váias
Valla	Cáia	Váia
Vallamos	Caíamos	Vaiamos
Vallades	Caíades	Vaiades
Vallan	Cáian	Vaian

Pretérito imperfecto

Valese	Caíse	Fose
Valeses	Caíses	Foses
Valese	Caíse	Fose
Valésemos	Caísemos	Fósemos
Valésedes	Caísesdes	Fósedes
Valesen	Caísen	Fosen

Futuro Perfeito

Valer	Caír	For
Valeres	Caíres	Fores
Valer	Caír	For
Valéremos	Caíremos	Fóremos
Valéredes	Caíredes	Fóredes
Valeren	Caíren	Foren

Adverbo

Adverbo é a palabra que modifica a sinificazón do verbo, e ás veces a do adxetivo ou a de outro adverbio; como: *fala ben, grande d'abondo, moi lonxe*.

Os adverbos son:

De *tempo*: *Agora, aínda, antano, antonte, arestora, axiña, cando, cedo, daquela, decontado, denantes, despois, andenantes, endiante, entón, entramentres, hoxe, logo, mañán, nantronte, noutrora, nunca, ogano, onte, outrora, sempre, xa, xamais*.

De *lugar*: *Acó, acolá, alén, alí, adiante, algures, arredor, arrente, aló, dentro, descontra, eiquí, embaixo, enriba, fora, lonxe, onde, perto, rente, xunto*.

De *modo*: *Abondo, adoito, adrede, aeito, atréu, amodo, así, arreo, decontado, baixo, boamente, ben, cáseque, derracadamente, descomasí, endoado, engorde, demais, mal, paseniño, quedo, rexo, teimosamente*.

De *cantidade*: *Abondo, avau, ben, canto, case, mais, menos, moito, moi, namais, pouco, tan, tanto, menos, nada*.

De *afirmazón*: *abofé, certamente, certo, certamente (sic), miánicas, si*.

De *negazón*: *endexamais, nada, non, tampouco, xamais*.

De *dúbida*: *apenas, cecais, poida, quizaves, seique*.

De *comparanza*: *maor ou môr, menos, mellor, mais, pior, tan, tanto*.

De *orde*: *antes, denantes, devanceiramente, primeiramente, despois, derradeiramente, últimamente, sucesivamente*.

Modos adverbais son dúas ou mais palabras con sinificazón de adverbos; como: *á cotío, ás avesas, ás toas, á retesía, ás carreiras, de cote, ás ateitiñadelas, á sabendas, en como, se cadra, sen dúbida, antre lusco e fusco, á vultuntún, á montes e a fontes, de súpeto ou de sócato, en cabo, á mantenta, pé ante pé, de hoxe en diante, de ningunha sorte, á bao, á canchapernas, a tergo, de contado, en riola, etc.*

Preposición

Preposición é a verba que espresa a dependencia ou relación que hai entre dúas palabras ou termos, cáseque sempre a primeira das que (sic) é un sustantivo, un adxetivo ou verbo, e a segunda un nome ou outro vocabro ou locución equivalente a ele; como: *vou á Lugo; vaite con Xurxo; a eira de meu curmán; chégate deica a porta; o non vin por alí*.

As preposicións son *separábeles* cando teñen valía de por sí, e *inseparábeles* cando empréganse só en composición con outras verbas.

Son preposicións *separábeles*: *á, de, para, deica, ante, dende, por, onde, baixo, na, no, según, sobre, rentes, entre, sen, su, con, cara, enriba, xunto, contra, hastra, tras, descontra, alén, en*.

Son preposicións *inseparábeles* ou *impropias*: *ab* en *abxurar*, *as* en *asterse*; *des* en *descosido*; *so* en *sorrir*; *dis* en *disforme*; *per* en *perturbare*; *pro* en *promovere*, etc.

Conxunzón

Conxunzón é a verba que serve para unire as parolas e as orazóns, unhas coas outras; son de varias crases:

Conxunzóns *copulativas*, que axuntan simplemente, como: *e, i, nen, que*; *disxuntivas*, que espresan indiferenza ou arredamento; como: *ou, agora, xa, quer*; *adversativas*, que denotan oposición ou contrariedade; como: *mais, pero, inda, descomasí, contodo*; *condizonaes*, que indican condizón, como: *se, coma, con tal que*; *causaes*, que din causa ou motivo; como: *por, porque, pois*; *finaes*, que espresan ouxeto ou fin; como: *para*, por, a fin de que, *ilativas*, que anuncian deduzón ou consecuencia; como: *logo, pois, conque*.

Interxeición

Interxeición é a palabra coa que se espresa un feito veemente da i-alma.

As principaes son: ¡ai!, ¡ah!, ¡ei!, ¡ou!, ¡boh!, ¡bah!, ¡ca!, ¡canté!, ¡vaites!, ¡houga!, ¡oxalá!, ¡asús!, ¡ora!, ¡mália!, ¡hala!, ¡bénia!, ¡hola!, ¡miña xoia!, ¡malpocado!, ¡coitado!, ¡vâ que!, ¡pardiola!, ¡jarre!, ¡xo!, ¡dalle!, etc.

SINTASE

A *sintase* ensina á xuntar unhas parolas con outras para construímos as orazóns.

Divídese en *regular* e *figurada*. Sintase regular é a que quêr que non haxa falla nen sobra de verbas na orazón, e que cada unha delas ocupe o lugar que lle compre. O seu ouxeto é acadar a craridade. Sintase figurada é a que consinte engadir ou desbotar verbas e mais trocar a orde do seu emprazamento. O seu ouxeto é darlle vigor, naturalidade i elegancia ás orazóns.

A sintase regular é afectada cando se usa con moita rixeza; por eso o natural é falar i escribir en sintase figurada.

Concordancia

Concordancia é a conformidade de aicidentes antre dous ou mais partes variábeles da orazón.

A concordancia antre parolas decrinábeles faise en xénero e número e moitas veces en caso.

O sustantivo e mais o adxetivo concertan en xénero e número cando se refiren á un mesmo ouxeto, inda que ás veces non atende ao caraiter gramatical do sustantivo, senón á idea que éste contén, para facer a concordancia: *Vosa escelencia é moi caridoso.*

Dous ou mais sustantivos en singular, cando van xuntos, requiren o adxetivo no plural: *Home e muller son gavaxeiros.* Neste caso, como se ve, o adxetivo ponse en xénero masculino; mais se os sustantivos van en plural, o adxetivo toma o xénero de aquel que ten mais perto: *Abastados eran os meus bens, as miñas poses.*

O verbo concorda cō suxeito, sexa nome ou pronome, en número persoa (sic): *Eu escribo; vos falades; Mingos enreda.*

Cando son varios os suxeitos do verbo e de diferente persoa, ponse o verbo no plural, preferindo para a concordancia a primeira persoa e no seu defeito a segunda, e, por romate, a terceira: *Ti e mais eu entendémonos; ti e mais el non chegaredes á un acordo; Chinto e mais a sua muller van á romaría.*

Réxime gramatical

Réxime é a dependencia que teñen unhas verbas de outras na orazón.

As parolas son *rexintes* se rixen a outras; *rexidas* se están subordinadas ás rexintes, e *meios de réxime* se estabelecen relación antre as rexintes e mais as rexidas.

O nome rixe á outro nome por meio de preposición: *o carro de Xan*; á un adxetivo por meio de concordancia: *Marica a roxa*; e á un verbo directamente: *Paulos traballa.* Cando o nome rixe ao verbo, o nome é o suxeito.

Tanto o adxetivo como o sustantivo poden rixir ou seren rexidos de outras parolas mediante preposición: *un codelo de pan; morto de fame; amantiño con todos.*

O verbo activo ou transitivo rixe á un nome ou un pronome, que é complemento ou termo da súa acción; como: *leo unha historia.* Rixe á outro verbo levado ao infinitivo, ao indicativo ou ao suxuntivo; como: *querer viaxar.* E rixe á un adverbo ou á un nome con preposición, esplicando as circunstancias da sinifcación do verbo; como: *Érguese cedo; bouraba con carraxe.*

Da orazón simple

As orazóns poden ser, pol-a índole do verbo, de verbo copulativo, transitivas ou primeiras de activa, intransitivas ou segundas de activa, primeiras e segundas de pasiva; de verbo reflexivo e de verbo recíproco.

A orazón de verbo copulativo consta de suxeito, verbo ser e predicado; como *Pondal foi poeta*.

A orazón transitiva ou primeira de activa consta de nominativo ou suxeito axente; verbo transitivo na voz activa, e complemento directo ou acusativo paciente; como: *Murguía escribiu a Historia de Galicia*.

A orazón intransitiva ou segunda de activa componse de nominativo ou suxeito, axente e verbo, que pode ser transitivo ou intransitivo; como: *O actor decrama*.

A orazón primeira de pasiva fórmase c'un nominativo ou suxeito paciente, un verbo na voz pasiva e un ablativo axente coas preposicións *por* ou *de*; como: *A dramática galega foi vigorizada por Lugo*.

A segunda de pasiva consta de suxeito paciente e verbo en forma pasiva; como: *A gramática está escrita*.

As orazóns de verbo reflexivo e verbo recíproco compóñense de nominativo e mais un verbo desta cras; *Os homes axúdanse*.

Figuras de costruzón

A sintaxe figurada permite certas licencias na maneira de ordear as palabras. Estas licencias chámanse figuras de costruzón.

Cinco son as figuras de costruzón gramatical: *hiperbaton*, *elipses*, *pleonismo*, *silepsia* e *traslazón*, as tres primeiras son as mais importantes.

Hiperbaton é o mesmo que inversón de verbas, como cando decimos *medra o mainzo*, por *o mainzo medra*.

Elipses quèr dicir omisión de palabras, como cando saudamos: *Bós días*, por *teña bós días*, ou *deséxolle bós días*.

Pleonismo é igual que sobra ou redundancia; como *O vin con estes meus ollos*, en vez de *O vin*, ou mellor *vino eu*. O seu ouxeto é dar mais forza e animazón ao que se di.

O artigo ponse sempre diante dos nomes sustantivos e algunhas veces dos propios ou apelativos, ou parte da orazón que faga as veces daqueles: *o muiño*, *a montaña*, *o Mero*, *a Miguezua*, *o traballar*.

Lévanos algúns nomes de povos ou cidades; como A Cruña, O Ferrol; de comarcas; como *O Couto, O Ribeiro, A Mariña*.

Inda que o sustantivo váia precedido ou seguido de pronome posesivo non por eso deixa de se poñer o artigo: os seus trafegos; a miña mai.

Pódese suprimir cando o sustantivo é apelativo de persoa; como: *Vai á pe de teu tío ou vai á pe do teu tío; acolá ven tua muller ou acolá ven a tua muller*.

Tamén adoita anteporse aos pronomes interrogativos *cal, que*: *Xa che dixen... –¿O qué?; Pillame ese libro – ¿O cal?*

Úsase asímesmo con algunhas preposizóns e adverbos: *Pol-o sí ou pol-o non; Hastra o de hoxe...*

Ponse ante un adxetivo cando antecede á un sustantivo: *O abastado tendeiro; a meiga rapaza*.

Cando os verbos van sustantivados antepónselles tamén o artigo: *O viaxar ensina moito; o comer mata a fame*.

Nos casos de dativo úsase a contraizón de preposizón e artigo *ao, á*; mais nos casos de acusativo deberá de se pôr sómente (sic) artigo: *Fun ao campo e vin o labrego como araba. Estive á escoitar a catadeira cando lle levei a zanfona ao seu pai*.

Pronomes. As formas do pronome *me, te, che, lle, se, o, a, os, as*, nos, vos, lles, adoitan pôrse tras do verbo formando con ele unha sóa dición: *Escíbume o teu fillo; o rapaz fuxiulle ao can; leveilles eu os libros; pillaos ti*; etc.

Póñense estas formas diante do verbo:

1º.- Cando antes deste hai algún pronome negativo, interrogativo ou conxuntivo ou os adxetivos *calquera, poucos*; como: *Ninguén o sabe; quen che dixo eso?; ¡Calquera llo di!; Pouco che deron*, etc.

2º.- Cando o verbo vai precedido dunha conxunzón (esceituando *e, pero, pois*) ou algún adverbo: *Nen llo dei nen penso neso; tamén llo á el dixeron; Hoxe non che trouxo nada*.

Cando se antepoñen ao verbo estas formas pronominaes, dalle certo xeito engardirille o pronome persoal entre meio das dúas: *Por falares moito non coides que ch'eu vou dal-a razón; Ben sabe un onde lle o zoco magoa*.

Cando os pronomes de que falamos van rexidos por un infinitivo ou un xerundio precedido de outro verbo, pódense poñer diante ou despois destes modos verbaes:

Estabame facendo a barba, ou estaba facéndome a barba; Foillo levar, ou foi levarllo. Noustante mais correita é a primeira forma.

En frases negativasponse o pronome denantes do adverbio e seguindo á este o verbo: *O non quixo facer; Lle non presta o crima; non é estrano que che non dé creto, etc.*

No diálogo cóstumaxe (sic) axuntar có verbo o dativo do pronome de segunda persoa ou da terceira, segun o tratamento que se deá ao interlocutor, inda que a este lle non corresponda desempeñar ningún oficio na orazón; exemplo: *–¿Onde vai Pedro? –Non che sei. –¿Estiveche na foliada? –Estiven mais non che había cáseque xente, e volvincheme axiña. –Meu pai, magoílleme nun pe.*

Nalgunhas orazóns, especialmente interrogativas, adóitase espresar o pronome persoal; noutras non é mester facelo; exemplos: *¿Ti ouves? ¿De onde vés ti? –Xa hai tempo que che non vin. Terálo decontado.*

Verbo.- O infinitivo úsase adoito diante d'outro tempo do mesmo verbo para lle dar mais forza á frase: *Ser, é certo que eu o non vin; mas, dixéronmo. Como têr, téñoche traballo d'abondo.*

Coas tres formas impersoas do verbo; esto é, participio, xerundio e infinitivo unidos a certos verbos, pódense facer tempos compostos equivalentes á outros tempos simples dos mesmos verbos; exemplos: *Xa lle teño falado, Xacobe ándalle facendo as beiras á Marica, Imos indo para o muíño.*

Cando o infinitivo dun verboponse despois do auxiliar *haber* para facer tempos compostos, pódese intercalar entre os dous a preposición *de*, inda que as mais das veces omítese: *Houben de caer*; pero é mais enxebre *houben caer*.

Tamén emprégase a conxunzón *que* e algunhas veces *de*, có verbo *ter*; e a preposición á có verbo andar: *Teño de ver eso, ou teréi que estudar mais. Andivemos á coller cereixas.*

A forma indeclinábele do infinitivo emprégase:

1º.- Cando éste tómasse en senso abstracto, prescindindo de persoas: *Compre axudar á quen o precisa.*

2º.- Cando o infinitivo sirve de complemento directo ou acusativo á outro verbo: *Debemos loitar pol-o ben dos nosos fillos.*

O infinitivo toma as súas desinencias persoas:

1º.- Cando se emprega como suxeito de algunha orazón, principalmente de verbo sustantivo, e se espresa a persoa á quen se alude, ou pol-o menos quêrse escoitar

a idea dela; exemplo: *Fagan o favor de iren hoxe. ¡Cánto sinto o non estarmos d'acordo! Ao chegares ti, fuxiron todos.*

2º.- Cando o infinitivo ten valor de un complemento circunstancial de causa, fin, destino, restrición, etc. especialmente se o suxeito do mesmo é tamén suxeito ou réxime da orazón principal; exemplo: *Pra loitares ti con Xaquín tês moi poucas forzas. Teñen tempo pra se falaren.*

Preposición.- A preposición *con* perde o *n* final ante os pronomes *el* ou *ele*, *ela*, este, esta, aquel, aquela, decíndose: *co'el*, *co'ela*, *co'este*, *co'aquela*, etc. Ante os artigos definido e indefinido perde tamén o *n* final e mais forma sílaba *cô* artigo; *cô*, *coa*, ou *p[õ]*ñendo o *c* e apóstrofo: *c'un*, *c'unha*.

A contraición de preposición e artigo *no*, *na*, perde tamén a vocal incorporándose o *n* á palabra seguinte cando esta encomeza por vocal: *neste*, *nel*, *nunha*, etc.

A preposición *por* perde igualmente o *r*, que se troca en *l*, cando vai seguida de artigo determinado, uníndose á *el* por un guión: *Pol-a noite*; *sexa pol-o que for*.

Outras contraicións.- Hai algunhas verbas que perden tamén letras e únense ás seguintes, sinalando estas perdas c'un apóstrofo; pero isto débese facer sómente (sic) cando se queira imitar a fala dos paisanos. Algunhas vegadas, noustante, pódese facer no verso; exemplos: *Seique n'o sabe?*; *eso n'é certo*; *como'o do propio falar*.

O *s* ou *r* finaes de persoas verbáes ou dos infinitivos dos verbos, e mais algunhas outras palabras que se empregan á cotío, trócanse por *l* cando van seguidas dos artigos *o*, *a*, conforme dixemos ao falar da preposición *por*: *Todol-os dias*; *ir tral-os bois*; *poñel-o chapeu*.

A primeira persoa do prural nos verbos perde o *s* final cando se lle engade o pronome *nós*: *Ímonos*; *querémonos*.

PROSODIA

A *prosodia* ensina a boa pronuncia das verbas.

A norma da boa pronuncia hai que a buscare nas persoas cultas que falen ben o noso idioma.

Un dos defeitos mais grandes e perxudiciaes para a nosa fala é a pronuncia falsa, forte, do *j* castelá onde ten que se facer *g* soave, como: *galo* e non *jalo*; *auga* e non *auja*, etc.

O z final pronúnciase sempre como s; así leráse nariz (*narís*); vez (*ves*); luz (*lus*); noz (*nos*); rapaz (*rapás*), etc.

Antigamente usábase moito o ç que aínda hoxe emprégase en portugués e noutros idiomas europeos. O ç ten tamén son de s; así curaçón (*curasón*), começo (*comeso*), etc. Aínda dásele o son *s* nalgunhas bisbarras da Galiza ao *c* e *z*; como en cesto (*sesto*), moza (*mosa*), zume (*sume*), etc. Este son que foi o usado no antigo Reino da Galiza, consérvase aínda por cáseque toda a beiramar, como se conserva tamén en Portugal.

O son galego do J ou g forte, que se empregaba en galego na antiga escrita en verbas como hoje, gente, ja, etc. é x (*hoxe, xente, xa*). Para evitar confusión cō son que se lle da en castelán tense adoutado o uso xeral do x pol-a mor parte, casi a totalidade, dos escritores galegos contemporáneos en todol-os casos.

En galego atópanse adoito dúas vocaes que forman diptongo como lei, cousa, eira, pau. Por vegadas tamén vense tres vocaes xuntas; mais o diptongo é de dúas: vieira, caiar (vi-ei-ra, ca-iar). Algunhas veces dúas vocaes xuntas non constitúen diptongo senon que forman sílabas diferentes: coroa, fiaño, ornear, rua (co-ro-a, fi-a-ño, or-ne-ar, ru-a).

Acento prosódico é a maor intensidade con que se sinala unha sílaba ao pronunciarmos unha verba.

En galego temos dous acentos: o agudo (´) e mais o circunflexo (^).

O acento agudo ten os usos seguintes: indicar nas parolas a vocal onde a voz débese apoiar con mais forza, como en *ánemas, cómaro, acó, nazón*, etc.

Distinguir algunhas verbas que se confundirían antre sí:

á	(preposizón)	a	(artigo)
é	(do verbo ser)	e	(conxunzón)
fóra	(adverbo)	fora	(do verbo ir)
dá	(do verbo dar)	da	(contraizón de a)
nó	(atadura)	no	(id en o)
nós	(pronome)	nos	(id en os)

Indicar a maor forza con que se pronuncian certas parolas cando van en frases interrogativas ou admirativas: ¿Quén foi?, ¿cál é?, ¡quén o pensara!.

O acento circunflexo denota a pronuncia aberta das vocaes, especialmente en sílabas que sufriron contraizón: *â, âr, bô, lêr, irmâ*, etc.

Chámanse agudas as verbas cuio acento carga na derradeira sílaba; como: *funil, aló, brincallón*. Graves, ou chás, se carrega de penúltima; como: *alfinéte, queixéiro, manseliño*. E esdrúxulas aquelas nas que o acento vai na antepenúltima sílaba; como: *cóchegas, apóstolo, lóstrego*.

Son vicios prosódicos que deben de se evitaren o deixo, o tonillo ou sonsonete, a monotónia e a afectazón.

ORTOGRAFÍA

Ortografía é a parte da gramática que trata das regras necesarias para escribir correctamente a lingua da nosa terra.

Todal-os vocabros galegos ou galeguizados deberán escribírense cós sino[s] ou letras do noso abecedario.

O alfabeto galego costa dos seguintes seguintes (sic):

A a, B b, C c, D d, E e, F f, G g, H h, I i, (J j), L l, M m, N n, Ñ ñ, O o, P p, Q q, R r, S s, T t, U u, V v, X x, (Y y) Z z (I).

Poderanse usar ademais en vocabros derivados de nomes propios estranxeiros e nalgunhas parolas universalizadas o K e mais o W; como en kantismo, darwinismo, kilo, etc.

Uso do B e V

B – Ten a mesma pronuncia e valor que nos idiomas afíns castelán e portugués. Nas sílabas bla, ble, bli, blo, blu, bra, bre, bri, bro, bru, poñeráse sempre *b*; como en braceiro, *doble, braña, bruar, blandear*, etc. Esceitúanse *vran* e seu derivado *vranceiro*.

Nas terminazóns verbaes en aba que espresan tempo pasado; como: *deixaba, falaba*, etc.

E verbos romatados en bir; como: *sobir, escrebir, perceber*, etc. Esceitúanse *vir, servir* e *vivir*.

Verbos que romatan en bele; como: caroábele, apracíbele, incalculábele, etc. que tamén teñen o romate vulgar en br

V – As parolas finadas en *ava, ave, avo, iva, ivo, ovo*, cando representan ou espresan calidade dunha cousa deberán de se escribir con *v*; como: porco *bravo*, rapaza *nova*, ár *leve*, etc.

Os verbos rotados en *servar*; como *ouservar*, *preservar*, *conservar*.

Nas persoas dos verbos que non teñan *b* no infinitivo; como *estivo*, *andiveche*, *mantiveron*, etc. menos na terminazón *aba*, do pretérito imperfecto de indicativo que, según dixemos, debe se escribire con *b*.

En verbas que encozegan por *pre*, *pri*, *pro*, escribírase *v*; como: *proveito*, *privanza*, *previr*. Esceitúanse *preboste* e *probar*.

As que encozegan con *en*, *in*; como: *envexa*, *inverno*, *enlevar*.

Uso do C, Z, Q, S

C – Emprégase antes de *a*, *o*, *u*, para o son *k*; como en *casa*, *côr*, *cume*, etc. Diante de *e*, *i*, é substituído por *qu*; como en *queixo*, *quixo*, *esqueiro*, *quentar*.

Para o son *ze*, *zi*, úsase *c*: como en *celme*, *cinza*; e *z* no son *za*, *zo*, *zu*; como en *poza*, *zoco*, *zucré*.

O *z* final ten o son *s*, como en *nariz* (narís); *noz* (nos); *luz* (lus), etc.; mas en verbas nadas d'algúnhas destas que teñen un *e* ou un *i* despois do *z* trócase éste por *c*: *lucente*, *nariceiro*. O mesmo acontece ao facel-o prural: *lucés*, *noces*.

Nalgúnhas comarcas a pronuncia *ce*, *ci*, ou *za*, *zo*, *zu*, faise sibilante como se fose con *s*: *celme* (selme), *cinza* (sinsa), *rapaza* (rapasa), *zucré* (sucré); mas, na escritura non debe de se usar *s* seno (sic) *z* ou *c*, para non dar lugar a confusións en verbas que tendo diferente significado escribíranse igual; como *caza* e *casa*, *louza* e *lousa*, *cea* e *sea*, *roza* e *rosa*, *cocer* e *coser*, *voz* e *vos*, etc.

Antigamente usábase o *ç* sobre todo nos finais en *çon*: *coraçon*, *entençon*, *naçon*, etc. Actualmente *z*: *corazón*, *entenzón*, *nazón*, etc. que se pronunciaban: *corasón*, *entensón*, *nasón*, etc.

Uso do G, J, X

Emprégase *g* para representar o son soave *ga*, *go*, *gu*; como en *fraga*, *logo*, *mágoa*. Diante de *e*, *i*, hai que lle pôr un *u*, que se non pronuncia; como en *aguilloar*, *fungueiro*; mas en algunhas verbas este *u* ten o seu valor propio, e neste caso hai que marcalo c'unha diérese (¨), como en *agüeiro*.

No idioma galego o *J* ten o valor semellante ao francés e portugués, inda que non tan forte coma o do primeiro; mas, como no castelán se pronuncia dunha maneira moi diferente, son que non figura no galego, houbo que proscribir aquel sino do

noso alfabeto, e substituílo pol-o x que non ten tampouco esaitamente o valor do x castelán; pero que se adoita usar para representar a nosa pronuncia; como: *xaneiro*, *xornal*, *xa*, *baixo*, *paxaro*, etc.

O g se non escribe en meio de dizón nen como romate de sílaba, como se fai no castelán en certas verbas (digno, magnífico), senon que se escribirá como se fala: *dino*, *mainífico*, *mainánimo*, etc.

H

Poñeráse h inicial naquelas verbas que o xustifique a súa etimoloxía como en home, humán, honra, hoxe, herdanza, herba, hourizonte, etc.; mas se a calquera parola con h inicial se engadir un prefixo, suprimirase o h: *desumán*, *desonra*, *deserdar*.

Escrebiranse sen h inicial, inda que o leven en castelán: *irmán*, *ovo*, *oso*, *oco*, *onte*, *orfo*.

No meio dos vocabros úsase poucas veces: *unha*, *algunha*, *ningunha*, para indicar que se pronuncia un-a, algun-a e non una, alguna, ninguna. Pero se non poñerá en: *proibir*, *coerente*, *inabilitar*, inda que o leven en castelán.

Escribírase h final sómente (sic) nas interxeizóns *¡ah!*, *¡oh!*, *¡Ouh!*

Uso do I e Y

Todol-os escritores galegos, a partir do século XVIII, empregaron o y en voces como ay, foy, mayo, croyo, etc. En documentos e manuscritos antigos usouse tamén o y en verbas como cavaleyro, dereyturas, yrmao, ayan, seya, etc.

Sendo en realidade o y como o i un son vocálico, nos primeiros anos do presente século algúns escritores encozaron a usar o i na maioría dos casos: foi, lei, rei, cheguéi, etc. e actualmente incluso maio, raio, croio, etc. é dicir; fíxose corrente en todol-os casos. Mas non debe empregarse i como conxunzón, que no galego dícese e: *Xan e Perdro* (sic); *ti e mais eu*; *caldo e compango*. Somente cando a parola seguinte encozaza por e pronúnciase (e tolérase escribir) i: *amontouse na besta i emprendéu a súa viaxe*.

Usabase tamén o y por razón de eufonía antepoñéndoo a verbas que encozazan por a cando a estas precede o artigo feminino a ou a preposición; como: *chimpouo á y-auga*; *naiciña da miña y-alma*. Hoxe nestes casos emprégase igualmente i.

Usos do S e X

Nas verbas que no castelán teñen x, como éxito, extenso, etc. mudan no galego en *is* ou *us* cando a letra inmediata é vocal; como: *áisito, eisento, ousixeno*. Cando sigue un (sic) consoante daquela ten o valor simple de s: *esceso, escusar, estenso*, etc.

Subsiste o prefixo *ex* que se antepón á dinidades, oficios, etc. para indicar que o suxeito á quen se aprica deixou de exercer o cargo ou honore: *ex-ministro, ex-alcalde*, etc.

Interrogazón, escramazón

É comenente sinalar co'estes sinos o comezo e romate das orazóns interrogativas (¿?) ou escramativas (¡!)

O apóstrofo (‘)

O apóstro (sic) úsase cando se suprime unha vocal para que as verbas se fagan mais soaves evitando o hiato; mas non debe de se prodigare, senon empregalo as menos veces posíbele, inda que antigamente tiveron un grande uso. É un sino que como no galego ten apricazón noutros idiomas: o francés e o italián.

Mas non debe de se empregare nas combinazóns das preposicións *de* ou *en* coa forma do artigo definido, nen coas diversas formas pronominaes e adverbos. Estas combinazóns deberán representárense facendo unha só dición: do, da, dos, das, dele, dela, deles, delas, deste, desta, destes etc.; no, na, nos, nas, nel, nela, neste, nesta, nestes, nestas, noutro, naquel, etc.

Pero endexamáis se axuntarán verbas, como por exemplo: *Cand'era tempo d'inverno*, escribindo *candera tempo dinverno*; porque induce a confusion resultando as frases un pouco incomprensíbeles.

III. Correspondencia e documentos anexos

1. Escrito do presidente da RAG a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

[22-04-1955]

En Junta de Gobierno celebrada en 16 del mes que corre, se adoptó, entre otros acuerdos, el que a continuación se transcribe:

“Conforme también a lo acordado en la junta general ordinaria de 3 de abril corriente, en la que se adoptó el acuerdo de que por la Junta de Gobierno se designasen los Numerarios que habrían de dictaminar respecto de la Gramática Gallega que el señor Carré Alvarellos presentó a informe de la Academia, así como su moción acerca de la unificación de la ortografía, fueron designados para tal menester los señores don Paulino Pedret Casado, don Fermín Bouza Brey, don José Filgueira Valverde, don Ramón Otero Pedrayo, don Sebastián Martínez-Risco y Macías y don Manuel Banet”.

Y siendo V. S. uno de los Académicos expresados, me complazco en remitirle la Gramática de que se trata para que se digne examinarla y en su oportunidad emitir el informe que se solicita.

Dios guarde a V. S. muchos años.

La Coruña, 22 de abril de 1955

El Presidente,

M. Casás

Sr. D. Sebastián Martínez-Risco y Macías

Académico de Número

2. Carta de Leandro Carré Alvarellos a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

3 Marzo do 1956

Amigo Risco:

Recibín carta de Velozo, que me encarga dígalle a vostede que esperan con ansiedade o seu libro de versos para a colección “4 Ventos”, e tamén que “para darlle o relevo conveniente á súa conferencia non a publicarán no número de Marzo, onde tería que ser metida na seición “Das accións”, e que virá no inmediato no que abrirá a revista. “Se vie (sic) inconveniente no atraso, é favor de informarlhe con tuda a franqueza”.

Envíame a nota que lle xunto d’ unha excursión da “Associação Jurídica” a Roma, por se quer tomar parte nela.

Aproveito esta oportunidade para lembrarlle o asunto da miña Gramática, e perdoe.

Unha aperta

Leandro Carré

3. Informe de Sebastián Martínez-Risco ao presidente da RAG (AMR)

[07-03-1956]

Ilmo. Sr. Presidente de la Real Academia Gallega:

En cumplimiento del encargo con que al efecto he sido honrado, examiné con todo detenimiento el original del libro “GRAMÁTICA GALLEGA”, del que es autor el académico numerario D. Leandro Carré Alvarellos; y sin perjuicio de compulsar mi modesta opinión y, en su caso, acomodarla a la de los demás ilustres compañeros que forman la comisión a tal fin designada, me complazco en manifestarle, a guisa de juicio anticipado, que considero la mencionada obra, por su método expositivo, por la abundancia de ejemplos con que se explican y esclarecen los diversos conceptos y fenómenos gramaticales de nuestra lengua, registrando incluso las variaciones idiomáticas provinciales y comarcales, y por la claridad y sencillez de su exposición, no sólo digna de atención y acogida por parte de nuestro Centro literario, sino, además, de notoria utilidad para la difusión del conocimiento y la unificación –tan necesaria– en el uso de la lengua gallega.

Sin que suponga, no ya censura, pero ni siquiera demérito alguno de esas excelentes cualidades de la obra, me permito, no obstante, hacer las siguientes observaciones:

1ª Que estimo discutible mantener la subsistencia de la consonante *y* en el alfabeto gallego, o, al menos, sostener la necesidad o razón de orden prosódico de conservarla; porque si es cierto que la pronunciación de esa letra en castellano se acerca a la de la lingual *ll*, es decir, tiene valor de tal consonante (ej.: rayo = rallo; mayo = mallo),

no lo es menos que en la pronunciación gallega, por razón de suavidad idiomática, muestra una clara tendencia a vocalizarse y su valor fonético se asimila al de la vocal *i*, no sólo cuando va entre vocales (rayo = raio; mayo = maio), sino también al final de palabra (ley = lei; rey = rei), siendo de notar que cuando va sola, como conjunción, la vocalización es ya plena.

¿Por qué, pues, conservarla si su representación gráfica no tiene la significación prosódica que en castellano se corresponde, y está perfectamente sustituida, en la fonética gallega, por la vocal *i*?

Cabría, al menos, hacerlo notar así en el texto, en los pasajes pertinentes de las páginas 4, 165 y 166.

2ª Que sería también conveniente recoger, comentándola, la tendencia hoy común en los escritores a prescindir del empleo del apóstrofe y del guión, para aligerar la expresión gráfica del idioma gallego y facilitar la lectura bien asociando las partículas prepositivas a la palabra que las subsigue, o ya separándolas y respetando todas sus letras cuando el hiato no se produce o es muy leve. Y creo que sería conveniente recogerla, porque esa innovación ortográfica, ya muy generalizada y observada por escritores de autoridad, es transcendental.

En rigor, ya se apunta el tema de esta observación en la obra examinada, al decir en su página 17 que en el lenguaje literario no deben exagerarse esas elisiones, y al notar en su página 18 que hay quién exagera el uso del guión.

Reitero, no obstante, en conclusión, el interés y la utilidad del libro examinado.

Dios guarde a V. I. muchos años.

La Coruña, a 7 de Marzo de 1956

4. Escrito de Sebastián Martínez-Risco ao presidente da RAG (AMR)

[27-03-1956]

Ilmo. Sr.:

Habiendo examinado el ejemplar original de la obra “GRAMÁTICA GALLEGA”, de la que es autor el Académico numerario don Leandro Carré Alvarellos, me complazco en devolvérselo a fin de que pueda ser sometido a examen de los demás compañeros de la Comisión nombrada para emitir informe acerca de los méritos de dicha obra.

Dios guarde a V. I. muchos años.

La Coruña, 27 de marzo de 1956

5. Escrito do presidente da RAG a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

[27-03-1956]

Ha sido en mi poder su atenta comunicación, fecha de ayer, con la que se dignaba acompañar la Gramática Gallega que para su examen y dictamen de V. S. se le había enviado oportunamente.

Dicha Gramática, original de don Leandro Carré Alvarellos, pasa con esta fecha a examen y dictamen, según acuerdo de la Junta de Gobierno, de don Manuel Banet Fontenla, como V. S. designado para formar parte de la Comisión correspondiente.

Dios guarde a V. S. muchos años.

La Coruña, 27 de marzo de 1956

El Presidente,

M. Casás

Sr. D. Sebastián Martínez-Risco y Macías

Académico de Número

6. Carta do presidente da RAG a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

La Coruña, 27 de abril de 1956

Señor don Sebastián Martínez-Risco y Macías

Mi querido amigo y compañero:

Próximos a ser entregados los informes individuales de los señores Académicos residentes en Santiago de la Gramática gallega que el Numerario don Leandro Carré Alvarellos sometió a dictamen de la Corporación, y antes de que se celebre la oportuna reunión en que cada uno habrá de defender el suyo, le ruego muy encarecidamente tenga a bien enviarme el que usted ha formado para que conste con la debida antelación en esta Secretaría.

Le anticipa gracias y queda de usted, como siempre, affmo. amigo y compañero

M. Casás

F/M. Casás

7. Escrito do secretario da RAG a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

[20-11-1958]

Rendidos ya los dictámenes acerca de la Gramática gallega que sometió a informe de la Academia su autor don Leandro Carré Alvarellos por los diversos Numerarios que componen la Comisión designada al efecto, cumple ahora que, a la vista de todos aquellos juicios, se reuna la indicada Comisión para la redacción del global y definitivo.

Por tanto, la Junta de Gobierno convoca a V.S. a una reunión que a este objeto se celebrará en la Secretaría de la Corporación el jueves 27 del corriente, a las siete de la tarde, rogándole encarecidamente su asistencia.

Dios guarde a V.S. muchos años.

La Coruña, 20 de Novbre. de 1958

El Secretario,

Fco. Vales V.

Señor don Sebastián Martínez-Risco y Macías

La Coruña

8. Escrito do secretario da RAG a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

[01-12-1958]

No habiendo podido celebrarse la reunión convocada para el día 27 del pasado mes de noviembre, que tenía por objeto la redacción del informe definitivo sobre la Gramática gallega que sometió a dictamen de la Academia el numerario don Leandro Carré Alvarellos, por haber comparecido solamente tres de los seis señores numerarios que componen la Comisión designada al efecto, se convoca a nueva reunión que se celebrará el martes, día 9 de diciembre, a las cinco de la tarde, a la que ruego a V.S. muy encarecidamente se digne concurrir, por lo que anticipadamente le expreso la mayor gratitud.

Dios guarde a V.S. muchos años.

La Coruña, 1 de diciembre de 1958

El Secretario,

Fco. Vales V.

Señor don Sebastián Martínez-Risco y Macías

9. Carta de Carvalho Calero a Fernández del Riego (en Carballo Calero, 2006: 193-194)

Fingoy, 13-II-1961

Sr. Don Francisco Fernández del Riego

Vigo

Meu querido amigo:

Recibín as probas dos grabados en papel caché. Pra indicar os lugares en que deben ir necesito ter os prigos tirados. Recibín dez, pero só un grabado corresponde a iles. Creo que deben levar un pe coa referencia ao apartado, o poema e a páxina a que se refiren. Isto puxen no que axiña che remesaréi, acompañando tres libros que che devolvo, do Marqués de Figueroa e de Vaamonde Lores. Cando vaia tendo os prigos correspondentes aos demais grabados iréinos mandando. Cando teña todos os prigos confeicioaréi o índice.

A Academia citoume pra unha xuntanza o sábado. Trátase da Comisión de Gramática e Antoloxía. Vou ter que renunciar á cadeira, pois éme imposible me encargar de ningún traballo máis. Mal atendo ao que teño e estou terriblemente *surmenagé*. Ide pensando en quen convén presentar pra a miña vacante. Non sei se iréi ou non. Tería que abandonar as crases do sábado. Logo non me apetez asistir o domingo á reunión que se celebrará. Os problemas do Colexio acábanme. Aínda non puider abrir a carpeta que me deixou Bernardino Graña. Fora da *Historia* todas as miñas actividades son sonambúlicas. Supoño que o domingo ti te persoarás na Academia. Mandareiche a miña representación se non temera que non aparecer o sábado, día pra o que me citan con encarecemento particular, sería mal interpretado. Mañá decidiréi.

Apertas,

Ricardo

10. Carta de Sebastián Martínez-Risco a Victoriano Taibo (AMR, rascuño manuscrito)

A Cruña, 24 de febreiro do 1961

Sr. D. Victoriano Taibo

Vigo

Meu benquerido amigo e admirado compañeiro:

Xa vai sendo tempo de que corresponda á súa carta do 15 de Nadal, tras da que recibín outra de data 8 do mes cursante que fai máis urxente a miña resposta, pois vexo por ela que vostede parece atribuír o meu silencio ó contido da primeira. Sei, meu ilustre amigo, disculpar a miña tardanza, non debida a outra cousa que ás miñas moitas angueiras profesioaes, que foron particularmente anguriantes deica hoxe, que non quero pase un día máis sin corresponderme con vostede.

Hei principiar pola súa derradeira. Non tén por qué abrigar vostede preocupación algunha polo contido da primeira, nin por ningún conceuto ou liña do que nela me dí. Nin hai nela pasaxe algún que sexa merecente de espricación. Todo canto me espresa é natural e discreto. Direille máis: con todo estou en xeneral conforme e non digamos coa súa apreciación concreta de que noso amigo, xustamente admirado, Valentín Paz Andrade, é por demáis merecente de ocuparen unha cadeira na nosa Academia. ¿Cómo non ha selo quen, coma il, tánto e tan ben tén traballado polas cousas da nosa terra nas materias literaria, periodística i económica? Di vostede ben que as súas actuacións teñen as raíces na súa mocidade.

Agora ben; eu creo que as eleccións feitas ata de hoxe, recairon nas persoas máis merecentes de ocupar o posto de Numerario, entre as que foron propostas; eu, polo menos, así o estimo; e da miña parte, non me guiará en adiante outro norde á hora de daren o meu voto, igual en valor i eficacia ó de calquer outro compañeiro. Por elo mesmo coidaréi no sucesivo de darllo a aquel que, entre os propostos, poda honrar no cargo á nosa terra. E entre eles está, para min, Paz Andrade.

Din conta privada da súa carta, cando a recibín, ós compañeiros Vales e Carré, como vostede me indicaba. E non a racharei, como me pide. Nin hai motivo pra elo, nin podo facelo sendo da súa man e levando a súa firma.

Un día distes recibirá vostede a comunicación oficial do seu nomeamento como membro da Ponencia que ha redactar a Gramatica galega compendiada. Forman parte del vostede, Aquilino Iglesia, Bouza Brey, Moralejo, Rabanal é Filgueira. Foi criterio da Comisión plenaria ó nomear isa Ponencia, que podan traballar os máis diles na mesma localidade –Santiago–, e o feito de estaren relativamente perto dela Filgueira e vostede, Numerarios residentes en Pontevedra e Vigo. Filgueira ténme chamado por teléfono pra prometerme traballar. Eu prégoille a vostede que tamén o faga, poñéndose en relación cos devanditos compañeiros. Comprendo que pra vostede non será moi doado; mais eu desexo que, en calquera caso, denantes de someterse o proieuto á Comisión plenaria, pase polo xuício e dictamen de vostede.

Cordiaes saúdos de seu amigo, compañeiro e devoto admirador

11. Carta de Victoriano Taibo a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

[03-03-1961]

Sr. D. Sebastián Martínez-Risco e Macías

Meu lembrado amigo e presidente: o seu silencio á miña primeira carta do 15 de Nadal no me estranou: po-lo contido d'ela; po-lo seu cargo, que lle recomenda certa discreción; e po-las súas persoás ocupacións que lle non donan tempo pra desperdiciar. A do 8 de febreiro foi unha acraración que me parecêu precisa e ben oportuna, e que sigo poñendo baixo o seu bon criterio. As cousas débense facer ben; e senon rectificar, acrarar.

Estóu d'acordo con vostede en que as “eleicións feitas recaíron nas persoas máis merecenes de ocupar o posto de Numerario, *entre as que foron propostas*”. A derrota foi lóxica no que atinxe a Leal Insua. Eu tamen-o estimo así. Conformeime c'a derrota, que tamén me atinxia, e ninguén sabe máis que eu o que sentín non poder votar a Parga e a del Riego.

Escoite esta historia: cando a vacante do P. Villar Pardo, cubrin e firméi unha proposta c'o nome de Fernández del Riego, e mandeilla a Otero Pedrayo, quen me contestóu dicíndome que del Riego non quería ser numerario e que el mesmo sinalaba para a vacante do frade de Padrón, a García Sabell, que sería o presentado. Algún tempo despois falei con del Riego e dixome o mesmo, que non tiña intrés en ser numerario, e que se non consideraba con méritos para selo etc. Votéi, votamos todos a García Sabell. Cando alguén, aquí en Vigo, pensóu en Leal Insua, pideuseme a miña opinión, e eu contestéi que me parecía ben. Cando chegou a hora da proposta aconsellei que se non firmase en Vigo, opinión que se aceptóu; pero había queen quería firmala; e uns días antes de enviala puxéronma diante para qu'a firmase e firmeina, consecuente as miñas anteriores manifestacións. Aínda así, propuxen se escribise a Academia preguntando se había algún presentado para a mesma vacante. Contestaron que non, e mandouse a proposta de Leal Insua. Uns días despois presentábase a de Parga Pondal. Eu trataba de evitar luita, e xurdiu.

Despois de firmala primeira proposta era lóxico firmala segunda e firmeina sin saber que Fernández del Riego ía a ser tamén candidato á mesma vacante. Cando me enterei tiver un gran sentimento. Pero ¿firmadas por min as dúas propostas de Leal Insua podía eu ir en contra d'el, sin ir en contra da miña homadía e honorabilidade? Pois a Vigo chegou Piñeiro a pedirme no nome de García Sabell que votara a Fernández del Riego, e para convencerme empregóu argumentos máis ou menos agudos; mais ningún d'acordo c'os principios de seriedade, da homadía e da formalidá. Ahí na Coruña, despois d'aquela sesión na que se falou da proposta a favor de García Martí, xa na rúa, García Sabell pideume o voto para Cunqueiro, e eu negueillo aínda pensando en darllo, e ocorreuuse decirlle que xa era hora de ir

pensando en Paz Andrade. A contestación foi esta: “Hai outros diante”. E foi nese instante cando se despertou en min o [apoio] por Paz Andrade, así o vin proposto e, máis que esquecido, abandonado. Sigo sostendo que debemos pensar en ir pónonos d’acordo e adxudicarlle a primeira vacante, pol-os seus méritos indiscutibles e pola veterania da súa actuación, decote sostida. Comigo opinan Filgueira Valverde, Iglesia Alvaríño e Bugallal Marchesi, pois así mo din en cartas, que conservo. Seguirei falando c’os académicos cando me cadre, e se vostedes fan ahí o mesmo, cando chegue o momento, estará todo feito. Penso que ninguén se arriscará a pórllle outro nome en contra. E os outros, que se citan e están en porta, que esperen unha migalla, que son novos e aínda lles queda tempo. Eu n’iso xa me non meteréi. Estas miñas actuacións chegaron para min e sin eu sospeitalo, con Leal Insua, extendéronse a García Marti e rematarán con Paz Andrade.

Cando da Cruña volvín a Vigo, apresureime a ir ó “Faro” e aconsellar a Leal Insua, retirase a terceira proposta, xa que sería novamente derrotado. Aseguroume que despois do ocorrido non consentiría a nova proposta e que el en ningún caso loitaria en frente de Cunqueiro. Esa terceira proposta xa non-a firmei eu, e fai xa algún tempo que expontaneamente lle ofrecín o meu voto a Cunqueiro, que mo estimou moito. E decir, qu’a proposta que andaba ahi non era cousa de Leal.

Esta historia será a derradeira que lle conto. Ten un obxeto principal: que apareza eu sendo quen son, e non como me fagan.

Bugallal Marchesi opinaba que era agora cando se podía presentar a proposta por Paz Andrade. Eu opinéi que non. Sería opoñela á de Fole, irmos a outra loita inutil. Val máis esperar preparando o camiño, e pode ser numerario sin oposición. A Academia precisa un pouco de paz, inda que non sexa octaviana de todo. Haxa paz e veña un neto. E agora, na cuartilla que sigue, voulle a falar do que a min máis me interesa:

Tratándose d’unha cousa tan seria como é a confección d’un compendio de gramática galega, estimo que non fixeron alá moi ben non consultándome denantes de incribir o meu nome antre os seus redactores, porque eu non son gramático (Os meus conocimientos gramaticás non pasan dos comús que temos todos, aínda que ô escribir teña en conta todo o normativo que hai escrito sobre da nosa fala. Nin os meus conocimientos nin os meus anos e males me aconsellan a aceptación do posto que me ofrecen. Ôs meus 76 anos teño un aparente de robustez e saúde que non é verdade de todo. Son com’as casas vellas, cuidadas, recibadas e branqueadas; mais cheas de polilla e goteiras, en vísperas d’un derrube inesperado. Darío Alvarez Blázquez é o encargado de dar-me un repaso mensual, que me trai en pe. Padezo, antre outras cousas, obturación moi marcada de arterias, c’as coronarias afectadas. Xa non son home par’as escaleiras, costas arriba e todo movemento rápido; o corazón —e isto xa me preocupa— acúsame toda preocupación e disgusto. Aconséllaseme descanso, tranquilidade e un exercicio moi moderado. Este alcaén xa non está pra gaitas.

Ademáis, aínda supoñendo en min algúns coñecementos gramaticás non poderán pasar do que xa está dito. E para iso non se precisa de min. A nosa gramática penso que está virtualmente feita por Saco Arce. Os que poñan n'iso as súas mans terán agora que extractala e póla ó día. E isto derradeiro é o máis importante, e só o poderán facer os profesionales, filólogos e gramáticos: Moralejo, Rabanal, Albariño, Filgueira; e filólogos e bons coñecedores da fala: Albariño, Bouza Brey, Filgueira.

Nese equipo, ben escolleito por certo, eu non fago falla. E n'isto, o que non fai falla, sobra.

E xa feito o Compendio da Gramática Galega pol-os señores sinalados ¿qué podería eu dicir do seu labor, que non foran máis que opinións particulares sobre de aspectos nos que poden recair criterios distintos e todos eles con fundamentos dinos de ter en conta? Non, eu non son o chamado a ser, mellor dito, a facer de censor dos centifica e practicamente enterados, do que saben máis, moito máis ca min.

E non digo máis. Coido que abonda. Espero teñan en conta as miñas excusas pra ben de todos.

Seu bon amigo, sincero admirador con moito saudar

Victoriano Taibo

Vigo, 3 de Marzal 1961

12. Carta postal de Chao Espina a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

A Cruña 28-Novembre-1961

Sr. D. Sebastián Martínez Risco y Macías

Presidente de la Real Acad. Gallega

Meu amigo Sebastián: Recibo a comunicazón interesándovos pol'a tan urxente publicazón da nosa Gramática. Só loubanza merecen cantos tratan de ver feita realidade esta obra que é unha vergoña non teña a nosa terra. Nada podemos facer os que esperamos o «guión» a seguir... Ese guión é tan necesario como unha cunca a auga... Gostaría falar dúas palabras contigo desto, ¿pode ser? No entanto, espero... agardo... desespero... pois xa tiveron tempo de facer o guión.

Teu sempre hirmán

E. Chao Espina

13. Carta de Fermín Bouza Brey a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

23-I-962

Sr. D. Sebastián Martínez-Risco

La Coruña

Querido Sebastián:

Ante todo, como todos los santos tienen octava, te felicito por el tuyo celebrado el 20.

Después paso a agradecer tu carta sobre mi intervención acerca del epítome gramatical gallego, y, a este propósito con motivo de una derivación de esta intervención mía, te escribo estas letras.

Se trata de que durante la reunión tenida, Rabanal manifestó que, mientras no hubiese trabajos monográficos respecto del gallego, esto es, estudios gramaticales sobre las distintas partes de la oración, no podría hacerse una Gramática en forma, pues había tales variantes en una porción de casos que, mientras no hubiese una norma que se impusiese, sería difícil escoger. Objeté que eso no era obstáculo para la formación de un compendio gramatical como el que se buscaba, pues todo consistía en buscar una norma general, que iría en el impreso en letra redonda corriente, y colocar en letra de tipo menor las excepciones o variantes de la misma, y que si se tuviese forzosamente que escoger entre varios criterios o cuestiones fácticas, esta labor la realizaría la Academia con su autoridad y después expondría, como dignos de nota los demás criterios en menor cuerpo de imprenta. Entonces añadió que me daría a mí, personalmente, una serie de palabras análogas, con sus variantes, que él tenía agrupadas. Acepté. Pero, con sorpresa, he visto en “La Noche” el artículo que te acompaña y que ruego me devuelvas referente a la cuestión, por el que daba publicidad o estado público a la conversación conmigo tenida, y haciéndolo en forma que se dirigía a la Academia, como ves.

Aquí algunos de los que nos habíamos reunido, como don Paulino Pedret, no le sentó bien la cosa, y entonces yo me puse al habla con Rabanal rogándole que suspendiese los arts. hasta que la Academia me diga si debe trascender así, publicamente, lo que parece como una lección, pues yo no estaba autorizado para dar, como dije, estado público a la conversación, discusiones o puntos de vista de los reunidos.

Acedió Rabanal a ello, y yo lo pongo en vuestro conocimiento para que me digáis si debe continuar la serie de arts. anunciada o si, por el contrario, debe suspenderla y en la reunión decirnos lo que haya.

Esto es todo y ruego me contesteis seguidamente, pues ya por mis ocupaciones va esta retrasada, y además, pensaba que entretanto viniese Piñeiro, trajese noticias y nos pudiésemos reunir otra vez; pero aun no lo he visto.

Recibe un saludo y un abrazo de tuyo amigo y compañero en tantas cosas y en Galicia,

14. Carta de Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (AMR)¹⁸

Compostela, 26 de xaneiro do 1962

Sr. D. Sebastián Martínez Risco

Presidente da Real Academia Gallega

A Cruña

Benquerido Sebastián:

Recibín a tua carta, tan chea de cordialidade e de entusiasmo estimulante. Non-a quixen contestar mentres non tivera feita a xestión con Saco, pra te informar do resultado. Mais, como me parecía indicado ir persoalmente cabo dil, tiven que agardar a podelo facer, pois esta tempada estamos moi atafegados co Apéndice do D. Eladio, que xa vai polas catro mil voces vivas e localizadas. O lus fun a Monforte e falei con Cesáreo. Prometeu facilitarnos o seu material unha vez revisado i ordeado, que será labor de pouco tempo. Despois estará a disposición da comisión pra que o utilice como lle conveña.

Diste xeito quedan facilitados os plans iniciás da comisión, que aínda son vagos e imprecisos. Dende logo, polo ton da tua carta, temo que teñas unha impresión demasiado outimista sobre as posibilidades inmediatas da aspiración académica. Quizáis che falaron de iniciativas e de propósitos sin che falar das dificultás, que son moito meirandes do que a simple vista poideran parecer. Eu dígocho porque estou bastante identificado –hai moitos anos que o problema do idioma preocupame profundamente– coa realidade da nosa situación lingüística e, mesmo por eso, en condicións de poder apreciar a distancia que hai entre esa situación i a pretensión aitual da Academia. Créeme que esa distancia non se pode galgar dun pulo, porque é moita e abondo fragosa.

Confésoche que me alarma unha miga esa facilidade con que a Academia simplificou tan complexo e delicado problema, sin duda movida dos mellores

18 A correspondencia de Ramón Piñeiro con Sebastián Martínez-Risco, que se custodia no arquivo particular deste, pode lerse completa en Freixeiro Mato (1994: 201-240).

e máis nobres desexos, pro, evidentemente, con concencia pouco crara da sua verdadeira responsabilidade idiomática. Deixouse levar polo aguillón das urxencias sin meditar sobre das verdadeiras posibilidades. I a Academia non debe, *non pode* dar un paso en falso no problema idiomático. Estamos nun semi-caos lingüístico. Pra saíremos dil necesitamos da autoridade normativa da Academia. Eso obrígalle a proceder con moito tino e coa meirande responsabilidade. Pensar que no estado aitual dos nosos coñecementos lingüísticos pode a Academia publicar a Gramática “académica” do galego é bastante alarmante pra quen teña concencia da nosa realidade idiomática e dos seus intrincados, múltiples e delicadísimos problemas.

Ora, como considero que teño o deber de contribuir coas miñas cativas forzas ó acerto do labor académico –e por ser, de toda a aitividade da Academia, a sua responsabilidade idiomática a que máis me preocupa e me interesa–, teño mentes de vos enviar un informe craro e preciso sobre todo esto, con un plan positivo pra que a Academia poida levar a cabo, con realismo i eficacia, a sua elevada misión neste terreo. Pro antes quero falar con Moralejo e Rabanal, pois si iles coinciden pódennlle dar moita máis autoridade.

Pro, independentemente de todo esto, a min gustaríame moito que comprobases a ouxetividade destas dificultás de que che falo. Mesmamente pola responsabilidade representativa do teu cárrago, considero moi comenente que dispoñas dos mellores e máis solventes asesoramentos en materia tan importante e na que ti non eres especialista, como lles ocorre ós restantes académicos, pois os dous únicos que o son –Rabanal e Moralejo– nin son galegos nin conocen o galego na medida necesaria. Non se trata de que te documentes do aspecto técnico-lingüístico que non é necesario, senón da dificultade real que ten hoxe en día a Academia para poder publicar a *sua* Gramática. Eu aconsélloche, ou mellor dito encarézoche, que lle consultes iste asunto a unha mente tan crara, tan espermentada e tan solvente como é Vicente Risco. Douche ise nome porque il é, entre todolos académicos, o que máis fonda e lúcidamente terá meditado sobre iste problema. Antes de que moitos de nós souperamos ler i escribir en galego xa il conocía ben a trascendencia do idioma e tiña cavilado sobre os seus problemas. Consúltalle. Xa verá como aconsella prudencia e siso. Xa verá como aconsella que se teña máis en conta a responsabilidade dos pasos académicos que as urxencias que poidan presioar sobra a Academia.

Como che dixen, estamos rematando o Apéndice do D. Eladio. Tamén está moi adiantada a edición de COUSAS, de Castelao, que sairá decontado. Na imprenta temos a tradución galega –moi fermosa– da AULULARIA de Plauto, que nos entregara o Aquilino pouco antes de morrer. O Carballo rematou o primeiro tomo da sua gran Historia Crítica da Literatura Galega. Domingo traballa no seu libro

de ensaios. Estamos preparando os grabados pra o segundo tomo de COUSAS DA VIDA, que recollerá medio cento de dibuxos moi fermosos. Imos enviar á censura o libro de Lugrís sobre “Vicente Risco na cultura galega”, xunto co tomo do teatro que premiástedes en Lugo. En fin, que hai aitividade.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

15. Carta de Sebastián Martínez-Risco a Fermín Bouza Brey (AMR, copia mecanografada)

29 de enero de 1961 [= 1962]¹⁹

Sr. D. Fermin Bouza Brey

Compostela

Mi querido y admirado amigo Fermín:

Mil gracias por la felicitación que con motivo del día de mi fiesta onomástica me diriges al comienzo de tu carta del próximo pasado día 23, dando prueba de que tu erudición se extiende al conocimiento del Santoral, en uno de cuyos rincones se encuentra el Santo de mi nombre, tan ilustre y abnegado como el que más, pero ajeno al sonar de campanas y campanillas que pudieran recordar el día de su conmemoración.

De nuevo tengo que agradecerte tu interés en relación con el asunto, que tanto nos preocupa a todos, de la redacción de un compendio de Gramática Gallega, interés demostrado, una vez más, por la información y opiniones que me suministras en tu dicha carta. En cuanto a lo principal de ella, he de decirte que ya conocía esa «Primera carta a la Academia», publicada en «La Noche» por nuestro ilustre colega D. Manuel Rabanal, y que la conocían también mis compañeros de Junta de gobierno, con los que en una anterior al recibo de tu carta tratamos del problema académico que planteaba, en sus diversos aspectos, llegando a conclusiones unánimes, coincidentes con tus opiniones y con la decisión que, fundado en ellas, te anticipaste a adoptar.

Uno de esos aspectos –el más importante–, es el de la presunta incompatibilidad de los trabajos periodísticos anunciados por el articulista, y los trabajos

¹⁹ Na copia mecanografada que figura no arquivo do presidente da RAG lese con clareza a datación de “1961”, mais trátase dun erro do autor por “1962”, segundo se deduce do propio contido da carta, que é resposta á nº 13.

internos de la Comisión a que aquél pertenece. Para nosotros –aludo a la Junta de gobierno–, y salvando el criterio que al respecto puedan tener los demás académicos, y desde luego la Junta general, la publicación de esos trabajos supone una desviación hacia el terreno público de la labor, más que útil efficacísima, que su autor puede y debe realizar en el seno de la Comisión, sin ventaja conocida para la Academia; puede contribuir a crear la impresión, nacida de la opinión, desde luego muy autorizada, de un académico, de que lo acordado por la Academia es punto menos que inasequible –la «Primera carta» llega a admitir que el tiempo se encargue de «emparedar sus resultados»– y que, por tanto, nos hemos metido en libros de caballerías, cuando ello no es así, porque se trata de redactar un epítome para uso de escolares, que venga a llenar el sensible vacío sufrido hasta ahora, y no de realizar una labor exhaustiva que abarque el aspecto filológico, y alcance a las variantes fonéticas, morfológicas y sintácticas; y, en fin, creemos que no está bien que un miembro de la Comisión se relacione a través de la Prensa con otro, nominalmente designado –ese otro eres tú–, para tratar un tema que tiene el encargo oficial de abordar en colaboración directa con sus compañeros de Comisión, y que tratado mediante artículos periodísticos puede originar un diálogo público inconveniente e inoperante en relación con el acuerdo adoptado por la Academia.

Nada de lo dicho supone coartar en lo más mínimo la lícita iniciativa de nuestro compañero el Sr. Rabanal en orden a la sustentación de sus personales opiniones y a la elección de su medio de expresión; ni menos todavía entraña censura para él, al que todos consideramos y admiramos.

Por lo demás, la orientación que en cuanto a la marcha en la redacción de la Gramática expones en tu carta, y que expusiste en la reunión a que aludes, me parece acertadísima.

Sigue, pues, amigo Fermín, prestando al importante encargo el calor que hasta ahora le has prestado; y considerad los miembros de esa subcomisión, que una vez ultimado vuestro trabajo, ha de ser sometido a la Comisión en pleno, y estudiado particularmente por todos y cada uno de sus miembros, por lo cual, vuestra responsabilidad científica, como la de la propia Academia, ha de quedar siempre a salvo.

Si lo deseas, por creerlo oportuno, puedes hacer partícipes de esta carta a todos nuestros compañeros de esa, sin excepción.

Recibe un fuerte y cordial abrazo, impregnado de gratitud, de tu buen amigo y devoto admirador,

16. Carta de Ramón Piñeiro a José Luis Pensado (en Alonso Girgado, Abal Santorum, & Cillero Prieto, 2009: 43-45)

Compostela, 4 de febreiro de 1962

Sr. D. José Luis Pensado

Oviedo

Querido José Luis:

Recibín a tua carta. Non deixo de comprender as dificultás que me sinalas pra asumires unha plena responsabilidade na elaboración da Gramática Normativa Galega, pois non desconozo que os teus roteiros académicos sempre estiveron alonxados da nosa complexa realidade idiomática aitual. ¡Qué lástima que en lugar de estares en Oviedo non estiveses eiquí en Compostela! ¡Cántas cousas se resolverían! De todolos xeitos, o saber que se pode contar co teu consello écheme de satisfacción, como lles ocurrirá a todolos demáis en canto lle-lo comunique. Pola miña parte non deixarei de recabar o teu consello esteñas onde esteñas.

Cavilei bastante no problema que a Academia nos prantexou. Reconozo a necesidade da Gramática. Reconozo tamén a súa urxencia. Trátase dun problema que compre acometer. Mais será ben acometelo co meirande realismo. Por eso me parece que antes de elaborar a súa Gramática, a Academia debería dar un paso previo: promover o estudo de algúns problemas fundamentás da nosa realidade idiomática viva. Podía, por exemplo, convocar un concurso con premios importantes sobre istes dous temas: determinación das zonas e características dialectás do galego; estudo e ordenación do noso verbo. Si os premios teñen a importancia económica debida, seguro que haberá xente que acometa o estudo dises dous problemas. E ises traballos serían unha boa base ouxetiva prá elaboración da Gramática, coidando moito, eso si, de manexar os datos con moito tino no intre de preferir as formas que se han de consagrar “oficialmente”. Nise orde de cousas son moi asisadas as catro recomendacións que ti fas e haberá que as ter ben en conta. Un escesivo esquematismo sistemático alonxaríanos demasiado da realidade viva, da que, en definitiva, temos que partir.

Pensei en que a Academia debería patrocinar istes estudos como base da súa elaboración gramatical porque eso daríalle máis fundamento e máis garantía. De non ser así, forzosamente tería que se apoiar nos coñecementos empíricos que da nosa realidade idiomática temos os pouquiños que nos preocupamos do problema. Quizáis poida parecer que abondaría o estudo dialeitolóxico sin necesidade de facer un estudo especial do verbo galego. Con todo, eu coido que iste estudo é necesario, que é extraordinariamente entrambilicado. Continuamente te atopas con unha pluralidade de formas que non hai máis remedio que considerar. Por exemplo, eu teño rexistradas estas cinco do verbo facer: *facer, faguer, faser, faer, fer*. Todas as cinco están vivas e teñen plena vixencia. O mesmiño che podería decir de formas

tales como *sea, seia, sexa, seña*; ou *salgo, salio, sallo*; ou *sepa, sepia, seipa, saiba*; ou *fostes, fóstedes, fóchedes, fúchedes*; ou *déunolos, diunolos, dóunolos*; ou *cheguei, cheguein, cheguín*, etc., etc. Unha investigación e ordeación de toda esa enorme riqueza de formas verbás sería moi comenente como documento básico na escolla das formas que deberán converterse en académicas. ¿Non cho parez?

Vexo que andas en tratos pra ires ós EE.UU. Non está mal dar unha voltinha por alá. Xa me terás ó tanto da marcha, pois en New York hai algúns amigos nosos que vos poden atender.

¿Sabes una (sic) cousa curiosa e interesante? Os universitarios composteláns piden oficialmente que se ensiñe o galego na Escola de Idiomas que funciona na Universidade. Apoian a petición, iniciada polos de Filosofía, totalas restantes Facultás.

Moitos saúdos nosos pra Enriqueta e maila nena. Pra ti unha forte aperta do teu amigo certo

Ramón Piñeiro

17. Carta de Chao Espina a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

Coruña, 7-II-62

Meu benquerido amigo e compañeiro Sebastián: Eiquí tens a carta do Bouza Brey... ¿qué ch'e parece?... Cuido que isto non pode ser; a Gramática non pode estar sin fazer por mais tempo, e vou vendo a razón do incomodo do noso veterano Dn. Manuel cando fixo ver a necesidade de traballar sin mais demorar a cousa. Si non damos creto a Xuntas –como di o Bouza Brey– pr'a que valemos e pra que sirve a nosa Academia c'oas suas xuntas e xuntanzas? Agradezo-che laboures porque a Gramática sexa unha realidade, estou ó teu lado pr'a todo e non escurro o traballo que faga falta: n' unha hora de boa vontade fai-se mais que en anos de boas verbas. Xa ves o INDICE, bon ou malo, pode probar o que digo: BOA VONTADE e por-se a traballar con amor e direzón... depressa, con bon senso.

Devolve-me a carta do Bouza e dime que ch'e parece de todo isto e aínda o que convendrá faguer. Unha aperta de verdadeiro hirmao.

Henrique Chao

P./D. ¿Fixe-ches o encargo do amigo Ogando? Non te esquezas e aproveita un bocadiño de vagar, é un gran rapaz e quer-nos moito.

Outra aperta do Chao

18. Carta de Chao Espina a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

11-Fevereiro-1962

Meu lembrado amigo Sebastián:

Eiquí me tes dando conta do que acabo de fazer. Como o da nosa Gramática parece que segue o “mesmo”... Escibín ao Presidente da Comisión (por correo certificado). Envio-che a copia do que lle digo. Ademais do escrito enviei-lle un Índice de temas e algunhas orientazós por si poden servir de algo a quenes están encargados da direuzón. No sobre a parte escrevo-che como Presidente da nosa Academia, e envío-che o INDICE que pr’a Sant-Iago foi... Como podes ver, acomodei á nosa Gramática o mesmo método pedagoxico dos meus libros de Portugués. Pro, o que mas importancia, cuido que tem, é meter un pouco de entusiasmo e de «refusía» nos que teñen que empuxar esta obra, que xa é unha vergoña non teñamolos galegos. ¡Unha Academia!... sem Gramática!... Unha língua que fica nos beizos das xentes, língua que cada un fala como quer... Os gramáticos non fixeron a língua pero son eles os que teñen que fazer a ciencia da linguaxen; teñen que cuidar que vaya por donde debe evitando unha «anarquía» mesmos (sic) dos que falan e son «analfabetos»; no povo está a canteira, os académicos temos que ser os artistas desa canteira.

Da vergoña que Galiza esteña no século XX sin Gramática.

Envio-che, también a miña derradeira publicazón.

Ando a fazer unha Gramática pr’as miñas alumnas de Língua Española, doime a pluma entr’os dedos cando penso que hay centos de Gramáticas Españolas (hoxe non se chama Castelana) e a nosa Galiza aínda non ten ¡UNA! fixen duas de Portugués... Hay docenas de boas gramáticas catalanas... os vascos traballaron hasta fazer a sua... Nos seguimos com’os bois rumiando e «paseniño»... Unha aperta, perdoa esta carta tan longa e tan «pregadora» fala o corazón do teu sempre irmao que te abraza.

E. Chao

19. Carta de Antonio Fraguas a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

Instituto Nacional de Enseñanza Media «Rosalía de Castro»

Santiago de Compostela

Catedra de Geografía e Historia

Santiago 12 de Febreiro de 1962

Sr. D. Sebastián Martínez Risco

Coruña

Meu caro amigo y-estimado Presidente: Fai xa algun tempo que teño a nota do lembrado compañeiro Aquilino. Ahi vai pra que a repase e se non parece ben faremos outra.

Non sei nada da Gramática. Fai tempo que non vexo a Piñeiro pra poder dar outra cheda o carro. A xuntanza que se fixo eiqui gustoume e parece-me que xurdirá logo unha orientación nun senso ou n-outro.

Faga o favor de ler os folios que mando, pro ler e se non son do seu agrado teña a ben de decirmo pra facer outros, van pois con pauto de retro, bueno non sei se será moi xusto iste remoque-te xuridico, mais é sinceiro o deseo de facer unha cousa garimosa.

Unha forte aperta do seu amigo e subordinado académico

Antonio Fraguas Fraguas

20. Carta de Sebastián Martínez-Risco a Chao Espina (AMR, copia mecanografiada)

14 de febreiro do 1962

Sr. D. Enrique Chao Espina

Cidade

Meu benquerido amigo e colega:

Recibín as dúas cartas que me dirixes, a garimosa privada e a oficial, coas copias que as acompañan, do esquema gramatical e da misiva que dirixes enviando éste a Fermín Bouza Brey. Agradézoche unha e outra como Presidente e como amigo; e aínda que no primeiro senso dareiche contestación oficial unha vez que a Xunta de Goberno da Academia —á que lle darei conta na primeira sesión que celebremos— coñeza o teu meritorio traballo, non quero deixar de acusarte agora recibo pra espresarte a miña complacencia polo interés que aquíl demostra poñes na execución do proxecto do noso compendio de Gramática galega, como membro que eres da Comisión redactora. Eu abundo nas túas inquiredanzas ó respecto; entendo, coma tí, que é pra nos un deber de cumprimento urxente dar ciume a ise proxecto, e agardo que ista acertada intervención túa sirva pra estimular a actuación dos colegas de Santiago. Eu sosteño tamén correspondencia con Fermin, da que xa te enterarei.

Moitas gracias tamén, amigo Enrique, polo envío e garimosa ad[i]catoria da túa obra «La Cruz y otros temas de religión», traballo interesantísimo tanto pola abundante documentación histórica como polos seus valores literarios, encol de un tema tan importante e suxestivo. Conservareino en lugar preferente da miña biblioteca.

Devólvoche, asegún me pides, a copia da túa carta a Bouza; e sen máis por hoxe, recibe unha forte e garimosa aperta de teu de cote amigo e devoto admirador,

MR/M.

21. Carta de Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

Compostela, 17 de febreiro do 1962

Sr. D. Sebastián Martínez Risco

Presidente da Real Academia Gallega

A Cruña

Querido amigo e Presidente:

Velahí o informe encol da nosa situación lingüística, das súas necesidás máis inmediatas e das posibilidades da Academia pra lles facer frente axeitadamente. Cumpro así o anunciado na miña carta anterior, coa única diferenza de que decidín non recabar a opinión de Moralejo e Rabanal –de cuia conformidade plena estou seguro–, porque non me pareceu oportuno influir no seu ánimo, sobre todo porque pra nós é un problema entranábel e pra iles, como non galegos, é un problema puramente técnico.

Por considerar que o problema da língoa é o máis grave i o máis importante da nosa cultura, quenes lle consagramos unha constante e intensa preocupación estamos na obriga de percurar nos demáis a meirande concencia do problema. Esa necesidade de crara concencia lingüística é particularmente importante no caso da Academia, pola gran responsabilidade que lle incumbe na unificación do noso idioma.

O amor ó idioma i a lealtade á Academia foron os únicos móbiles do adxunto informe. Confío en que será acollido co mesmo espírito constructivo con que foi feito.

Unha forte e cordial aperta de

Ramón Piñeiro

[Texto anexo: Informe de Ramón Piñeiro á Real Academia Galega]²⁰

A NOSA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA

Dende o punto de vista idiomático, Galicia non acadou aínda a súa unidade. Non existe o “galego común”. Certamente que en toda Galicia se falou e se fala galego, pro ise galego varía notoriamente dunhas zonas a outras. Problema que totalas línguas tiveron, mais que o puideron superar gracias ó influxo de dúas poderosas forzas de unificación que o galego non chegou a ter: a consagración oficial da modalidade falada na zona da capital política i a fixación literaria da língoa culta. Galicia non tivo unha capital política que convertise en língoa oficial o seu galego, nin tivo un desenrolo literario que acadase a unificación i a fixación do galego como língoa de cultura. Carente de oficialidade política e carente de cultivo literario, o galego quedou abandonado, ó longo dun milenio, á libre acción de totalas forzas diferenciadoras. Forzas que tamén aítuan nas demais línguas vivas –pois de seu sempre tenden á evolución dialeital–, mais que están enérxicamente contrarrestadas pola acción unificadora da fixación oficial e da fixación literaria. A vida das línguas é un contínuo equilibrio entre esas dúas forzas: diversificación e unificación. No galego nunca chegamos a tal equilibrio. Aituo sempre unicamente a forza espontánea da diversificación. E aituo dende o nacemento do galego deica os nosos días, sin atrancos de ningunha cras. O resultado é ise complexo mosaico lingüístico, tan entrambilicado de diferencias fonéticas, morfolóxicas e léxicas, que nos caracteriza. Non existe o galego; existen varios galegos. A evolución de cada un deles produciuse de maneira ceibe e autónoma, sin ningunha presión interna nin esterna cara formas de vixencia común. Quedou preso na súa primaria estruturación dialeital que se foi acentuando ó longo do tempo.

Temos, por unha banda, diferencias de léxico, multiplicidade de nomes para unha cousa. Isto, de primeiras, pode semellar riqueza, mais pra que a for verdadeiramente necesitábase que tal abundancia pertencese ó uso común. E non hai tal cousa. Cada unha das formas ten un dominio xeográfico propio. Tomemos, por exemplo, o verbo castelán “jadear” e axiña nos asombraremos de que en galego haxa nada menos que dez verbos pra espresar o seu significado (en Láncara *alasar*, no Caurel *alcadar*, en Lugo *arquexar*, en Silleda *afolsear*, en Muros *escorrexar*, en Tebra *estafar*, en Quiroga *folguexar*, en Cambados *inar*, en Pontedeume *iñar*, noutras partes –abonado por Carré– *tresfolgar*). Son si, dez verbos distintos co mesmo significado, pro cada un deles vive nun couto espacial privativo.

20 Este informe non se acha entre a abundante documentación que figura no AMR, mais si no ARA. Foi editado e anotado por Santamarina Fernández (2009) no boletín académico (véxase “Informe de Ramón Piñeiro á Real Academia Galega”, *BRAG*, 370, 2009, 7-17). Polo grande interese que posúe para o tema que nos ocupa e por Piñeiro o enviar a Martínez-Risco como texto anexo á presente carta, reproducése a seguir.

Non conviven, non circulan nun caudal léxico de uso común a toda Galicia. O mesmo ocorre con centos e centos de exemplos que se poderían poñer: o “orzuelo” ten, que eu seipa, nove nomes en galego (*orizó, tircó, tirizol, tirizollo, torizó, tormelo, toromelo, turumelo*); a ‘corda para atar o carro cargado’ seis (*adibal, liame, sedeño, tereixa, trelo, treixa*); o ‘talo da col’ nove (*cóbado, coeiro, coio, colas, couceiro, cobelleiro, chanteiro, toco, troxo*); a “salamandra” oito (*píntiga, sabandixa, sacabeira, sacarrancha, salamanca, saramaganta, pintárraga, pinchorra*); a “llovizna” dezaseis (*barruzada, borraxeira, chuvieira, froallo, lapiñeira, marmalla, marmaña, mocalleira, mocallo, patañeira, pulpizo, poalleira, poallo, zarzalleira, zarzañeira, zarzo*); o ‘copo de neve’ trece (*falopa, farrapo, falampo, felepa, felerpo, ferrepa, foleca, folepa, folerpa, follaca, pifarro, zalopa, zarrapico*); o verbo ‘podar’ seis (*cepar, cernar, chapodar, demoucar, fradar, repolar*); etc., etc. Poderíase seguir cos exemplos indefinidamente. Non é preciso. En cambio compre insistir en que, hoxe por hoxe, tal superabundancia non equivale a riqueza. Somentes denuncia a fragmentación xeográfica do galego. Fragmentación que se debe a dúas causas: a polixénesis da nosa língoa i a falta de homoxeneidade na evolución fonética de cada unha das súas modalidades. Houbo, de certo, diversos focos de formación do galego que lle impuñeron diferencias orixinarias (si o “panal” do mel se chama nunhas partes de Galicia *entena*, noutras *trebo* e noutras *favo*; ou si o “divieso” se chama nunhas partes *carbunca*, noutras *bieita*, noutras *leixenzo*, noutras *xarigo* etc.; ou si o “columpio” nunhas partes se chama *trondieira*, noutras *carriola*, noutras *acaneadoiro*, noutras *arroliqueiro*, noutras *randeeira*, noutras *zángole* etc. eso débese a diferencias orixinarias na formación léxica do galego). Esas diferencias de orixen, por falta de presións políticas ou culturás que as arrastrasen cara un caudal común de vixencia pan-galega, mantivéronse pechadas no seu isolamento. Pro non se mantiveron estáticas senón que, á súa vez, evolucionaron. Mais como a súa evolución fonética non foi homoxénea, dela derivouse unha nova pluralidade de formas, unhas procedentes da pervivencia das distintas etapas do proceso diacrónico (*caipo - queipo, canizo - cainzo - quenzo, quenecho - guenecho - guecho, cavianca - caivanca - queivanca, altro - outro - outro*, etc.) i outras procedentes da diversidade de solucións (*allar - anllar - inllar - ullar - unllar, vran - vrau - vrao - verán - verao - verau, bailar - beilar - beillar, coxote - conxote - cuxote - quixiño, queira - queiroga - queiroa - queiruga - quiroga - queirota*, etc. etc.).

Por outra banda, temos o mesmo problema de proliferación de formas nos restantes elementos do idioma. Non se trata somentes de nomes. Ocorre igual cos verbos, cos pronomes, etc. Por exemplo, eu teño rexistradas e localizadas cinco formas vixentes do verbo ‘facer’ (*facer, faxer, faguer, faer, fer*) cada unha coas súas correspondentes particularidades na conxugación; reparemos, por exemplo, o verbo ‘salir’ e moi axiña nos atoparemos con esta pluralidade de formas: *salgo, salio, sallo, saio*, todas elas vixentes; ou co verbo ‘ser’, e atoparémonos con estas: *sea, seia, sexa, seña*; ou co verbo ‘ir’ e teremos: *fostes, fóstedes, fôchedes, fústedes, fúchedes*; ou co verbo

‘chegar’ e teremos *cheguei, cheguein, cheguín*; ou co verbo ‘saber’ e teremos *sepa, sepia, seipa, saiba*. E si pasamos ós pronomes, velahí tres formas plenamente vixentes: *il-ila, il-ela, ele-ela*; ou ben zonas en que se emprega únicamente a forma *ti*, zonas en que se emprega únicamente a forma *tu* e zonas en que se simultanean as dúas, inda que con certas distincións sintácticas. O mesmo acontece cos demais elementos (por exemplo: *sequer, siquer, siquera, xiquer, xiquera*).

Si pasamos á formación do plural, de novo batemos coa multiplicidade: *irmáns - irmaos - irmaus - irmás; mans - maos - maus - mas; corazóns - corazóns - corazois; amables - amabres - amábeles - amábels* (danse todas no galego escrito), *animales - animás - animaes - animais*.

A todo esto hai que engadir –ou *ennadir* ou *ennader*– a contaminación que exerce o castelán, lesionando e desplazando formas e xeitos enxebres a través do seu monopolio cultural oficial, i a existencia de fenómenos autóctonos como a geadá, o seseo, o ceceo, a pervivencia das nasales de tipo medieval en certas zonas, etc., etc.

A resultante de todo isto é, como dixemos inantes, que Galicia está convertida nun mosaico lingüístico moi complexo i entrambilicado. Sobre un fondo xa diferenciado pola polixénesis, polos varios focos de formación, aituaron sin freio nin contrapeso as forzas espontáneas da diversificación dialeital. Faltou sempre a forza ou corrente unificadora que poidese crear o “galego común”.

A NOSA NECESIDADE LINGÜÍSTICA

A gran necesidade cultural que en orde ó idioma se nos presenta é a súa unificación. Sábese ben por todos, pois incluso hai unha profunda concencia popular do problema. Despois de séculos de abandono ó decorrer espontáneo da diversificación oral, agora que comenza a se converter en língoa de cultura corremos o grave perigo de facer do galego literario o mesmo mosaico dialeital que ó galego falado; corremos o risco de que, en lugar de escribíremos nun galego común, cada un escriba no seu galego, en parte dialeital i en parte arbitrariamente persoal. Agora que emprende con pulo a súa vida de língoa literaria, a primeira, a máis radical das súas necesidás é librarse do poliformismo anárquico que a caracteriza en canto *sermo vulgaris*.

A unificación poderíase acadar por dous camiños: escollendo unha das variantes dialeitás –a que se considere mellor de todas– e consagrándoa como galego “oficial” (oficial académicamente, claro), ou, pola contra, tomar toda a diversidade existente e, por un proceso de selección normativa, chegar a un galego académico que, por vía cultural, convírtase no “galego común”. O primeiro camiño –impoñer o galego de Lugo, ou do Ulla, ou calisquera outro, como galego “oficial”– soio acadaría éisito si se fixer por vía política, ou seña, si se convertise en língoa administrativa, pois a non ser así provocaría a reación localista dos demais “galegos”. O segundo camiño, o

da unificación normativa baseada na total realidade lingüística de Galicia, será, estou seguro, aceptada sin dificultade, porque eisiste a concencia aguda da súa necesidade.

Ora, calquera dos dous camiños descansa necesariamente no coñecemento previo –e profundo– da nosa realidade lingüística. Tanto pra determinar cal dos dialeitos é o máis merecente de se converter no galego canónico –determinación que soio se podería acadar por vía comparativa– como pra escoller entre as múltiples formas hoxe eisistentes aquelas que deberán integrarse, como máis idóneas, no sistema normativo académico, compre partir do coñecemento sólido e fondo da realidade lingüística de Galicia. Sin esa base, toda tentativa que se faga carecerá de responsabilidade.

Necesitamos a unificación. A unificación necesita afincarse no coñecemento fondo, íntimo, da nosa realidade lingüística. ¿Estamos en posesión dese coñecemento? ¿Están estudados os complexos problemas lingüísticos que o galego plantexa? ¿Dispoñemos de datos ouxetivos e seguros en que basar, coa necesaria responsabilidade os criterios de unha sistematización normativa? Evidentemente, non. Velahí, xa que logo, a nosa primeira e máis urxente necesidade: facer ise estudo, percurar ises datos, acadar ise coñecemento.

O PAPEL DA ACADEMIA

En todo iste problema, a nosa Academia ten un papel de gran trascendencia: o de ser a única autoridade “lexislativa” con que contamos. Por unha especie de anoloxía inconsciente ca Academia Española, o país reconócelle á nosa unha autoridade lingüística decisiva. Tal autoridade é unha forza valiosísima que debemos administrar con tino. Non pode malgastarse en tentativas prematuras nin en ensaios carentes da necesaria base ouxetiva. A misión máis alta da Academia Galega é mesmamente ésta crear a unificación do galego, dar as normas que farán do galego o “galego común”.

Xa temos visto que no estado aitual dos nosos coñecementos lingüísticos a tentativa de Gramática académica do galego é prematura. Fáltalle base ouxetiva, fáltanlle os necesarios datos sistemáticos. Non interesa, en absoluto, que a Academia publique unha Gramática galega máis, un novo ensaio provisional de Gramática galega. A Academia ten que publicar a Gramática do galego, que é cousa abondo distinta. As Gramáticas provisionás son necesarias e compre que se publiquen, cantas máis mellor. Pro esa non debe de ser responsabilidade da Academia senón persoal dos seus autores. Poden e deben publicarse Gramáticas galegas, pro con carácter individual, sin comprometer máis autoridade que a persoal do seu autor, que pode ser moita. A Academia non pode comprometer a súa autoridade máis que na Gramática normativa do galego.

O desenrolo total do problema ten estas tres etapas forzosas:

a) Estudo da realidade lingüística pra acadar o coñecemento ouxetivo dos seus feitos.

b) Redución da multiplicidade polifórmica eisistente, despois da asisada ponderación e contrastación dos seus elementos, a un sistema coherente e integrado. Labor moi delicado, que require, tanto como os coñecementos técnico-lingüísticos o coñecemento vivo e íntimo do “xenio” do noso idioma. Non se poderán aplicar criterios apriorísticos demasiado rixidos, senón, máis ben, sopesar os feitos á luz de varios criterios: da pureza fonética ou etimolóxica, do maior prestixio literario, da meirande afinidade co portugués, da maior eufonía (criterio iste importantísimo, por ser a musicalidade unha das leis esenciais do galego), etc. etc.

c) Elaboración, co resultado das dúas operacións precedentes, da Gramática normativa do galego, ou seña, da Gramática académica.

Pra todos será evidente o encadeamento sucesivo das etapas. Nin se pode prescindir de ningunha delas nin se pode alterar o seu orde. Con eso voltamos á afirmación anterior: a Academia non está en condicións, hoxe en día, de publicar a Gramática do galego, ou seña, a súa Gramática, a Gramática da Academia.

Non se caía no erro de coidar que a Academia non pode facer, nefeito, a súa gramática hoxe en día, mais pode facer, en cambio, un epítome ou resume dela. Mentres non exista a Gramática académica non poderá facerse un resume académico desa Gramática. Os problemas e dificultás son enteiramente os mesmos. Non se pode resumir algo que aínda non existe. E si o que se pide é un simple ensaio abreviado de Gramática galega, xa dixemos que ise labor é ben que se faga, pro sin comprometer nin (sic) máis que a autoridade persoal do seu autor, non a da Academia.

O QUE A ACADEMIA PODE FACER

Unha vez sinaladas as etapas da unificación lingüística, compre que consideremos o que a Academia pode e debe facer neste proceso unificador.

A primeira etapa –a do estudo dos feitos lingüísticos que darán a imaxe real do noso idioma vivo– teñen que a realizar os lingüistas. Poderíaa realizar a Academia si contase con lingüistas dispostos a facer tal investigación. Si nonos ten, terán que a facer os lingüistas interesados no problema, señan ou non da Academia, por non ser ésta necesaria para tal labor, inda que debería coidarse de non quedar ó marxe dun estudo tan fundamental como é o do idioma. Logo veremos o que pode facer.

A segunda etapa –a de ponderación, contrastación e selección dos feitos idiomáticos que han de se integrar no sistema normativo do galego académico– ten que se levar a cabo dentro da Academia. Pro tén que ser obra de estreita colaboración entre o saber lingüístico e mailo fondo, entranábel, sutil coñecemento do xenio espresivo do galego.

A terceira etapa –a de elaboración da Gramática normativa do galego académico– tamén é da responsabilidade da Academia. Mesmamente ahí é onde ten que comprometer toda esa autoridade científica que tan xenerosamente, por reflexo da Española, lle reconece o país, porque esa Gramática debe ser a chave do “galego común”.

Bótase de ver que, das tres etapas, soio a segunda e máis a terceira son de realización intra-académica. A primeira é independente.

Mais ocorre que sin realizar a primeira non se pode camiñar nas outras. De ahí que a Academia teña –ou polo menos deba ter– un interés moi dereito na realización da primeira etapa. Ora, no caso de non ter no seu seo lingüistas en disposición de facer tales investigacións ¿cómo pode a Academia participar na súa realización? Pois pode facer unha cousa moi importante: poñer en marcha a investigación. A Academia pode convocar un concurso sobre os temas fundamentais que han de servir de base ó labor da segunda e terceira etapa. Non é necesario dicir que os premios deberán ter o decoro que lle acai á propia Academia e que a importancia dos traballos require. Non é ningunha empresa descomunal prá Academia o recabar as axudas económicas necesarias. Pedir e xuntar o diñeiro preciso pra promover o estudo do noso idioma entra plenamente na esfera das súas posibilidades. Máis aínda: por ise camiño é por onde a aitividade pode penetrar na realidade viva do país.

Si leva a cabo a súa misión nestas tres etapas, dentro de catro ou cinco anos poderá ser un feito a unificación “gramatical” do galego, e a partir de ahí comenará a ser un feito a súa unificación cultural. Eso abondará pra que a Academia Galega se cubra de gloria pra mentres eistan galegos no mundo. A nosa língoa leva mil anos agardando por ese esforzo unificador. A Academia leva 55 anos sin facelo, tantos como ten de eistencia. A oportunidade que agora se lle presenta de prestar ise trascendente servicio á nosa cultura é, quizáis, esceicional. Un deber de lealtade obrígame a confesar que no ánimo dos máis preocupados polos problemas do noso idioma –entre os que me conto– foi madurecendo dende hai tempo a idea de percurar a solución unificadora ó marxe da Academia, ou seña, de substituir a autoridade académica pola autoridade científica. Un equipo de lingüistas galegos que está en formación, dentro de poucos anos poderá acometer e resolver cientificamente o problema sin necesidade de contar coa autoridade da Academia. Así se resolveu o problema da unificación do catalán: coa autoridade científica de Pompeu Fabra. Polo íntimo vencellamento persoal que teño cos nosos lingüistas e pola responsabilidade moral que me cabe como membro da Academia non me semella leal silenciar esta perspetiva. Por eso, quéroa facer constar neste informe.

RAMÓN PIÑEIRO

Compostela, febreiro do 1962

22. Carta de Victoriano Taibo a Francisco Vales Villamarín (AMR)

[10-11-1962]

Sr. D. Fco. Vales Villamarín:

Querido amigo: xa fai días recibin un oficio por ti firmado, no que se me pide participe ô Presidente “el estado en que se encuentran los trabajos relacionados con el encargo que se les hizo en sesión celebrada por la Corporación en 13 de noviembre de 1960”, o que se refire ós académicos que forman a comisión encargada de redactar a Gramática Gallega, antre os que se me designou a min.

Naquela fecha dirixinme a Martínez Risco declinando razonadamente a designación. Fixeno en carta particular, e este foi, supoño eu o meu erro, xa que agora vexo non surtir efecto. Pero aínda pode subsanarse este defecto. A min pedíase que tomase parte na redacción, e senon que fose o encargado de revisar o labor que fixesen os outros. Ás dúas cousas renunciéi expoñendo os motivos. É posíbre que Martínez Risco conserve a carta miña.

Eu non estóu para nada, e si estóu para algo, será para pouca cousa. E facer unha gramática é cousa seria, traballo improbo par’o cual se precisa estar fortemente documentado. Eu non son filólogo nin gramático e teño por norma non meterme no que non sei. Coido que é cousa de Licenciados en Filosofía e Letras, e na Academia hainos e competentes. Para eles o traballo será bon de levar. O fundamental téñeno en Saco Arce, Lugris e Couceiro.

Eu ando xa nos setenta e sete anos e nas mas dos médicos. Teño unha chea de lacras e non vexo máis que d’un ollo. Fala con Risco, que lembre a miña carta. Espero as tuas noticias.

Unha aperta acariñante

Victoriano Taibo

Vigo, 10 Samartiño 1962

23. Carta de Sebastián Martínez-Risco a Antonio Fraguas (AMR, copia mecanografiada)

A Cruña, 5 de marzal do 1962

Sr. D. Antonio Fraguas Fraguas

Santiago de Compostela

Meu benquerido amigo e colega:

Chegou ó meu poder, no seu tempo, a súa grata do 12 de febreiro, e con ela a nota biográfica en honra de noso inesquecible compañeiro Aquilino. Parecéume ben, como escrita da súa man: é precisa, completa, e concebida e lograda no espírito e no tono que conviñan ó seu obxeto. Do mesmo parecer son os compañeiros da Xunta de goberno a quenes lla din a ler. Non se pode exercitar contra dela *o retracto*, coma vostede dí con modestia inxeniosa, porque “no ha lugar a él”. Na proisima Xunta ordinaria, convocada pra o día 18 do cursante, oirémoslla, si vostede pode asistir –si non pudera, daríalle lectura ó Segredaña (sic)–, e logo faráse pública no noso Boletín.

Andamos co da Gramática. Temos recibido un interesante informe de Piñeiro que propón cuestiós dinas de sopesar polos membros da Comisión, e acordamos sometelo á opinión de cada un deles. Unha vez emitidas todas, convocaremos unha Xunta extraordinaria pra acordar o que millor conveña encol do asunto. Piñeiro propón a ouservancia de tres etapas: estudo dos feitos lingüísticos, é decir, da multiplicidade polifórmica do galego; unificación selectiva, e redacción da Gramática. Considera que a primeira debe ser sometida ós nosos lingüistas, e que as outras dúas competen á Academia. Tal é, sustancialmente, o informe que, como vostede comprenderá, supón un sensible axornamento na execución do noso acordo inicial. Alá veremos. Coido que o asunto é capital.

Con todo afecto o saúda e mándalle unha forte aperta seu bó amigo e devoto admirador,

24. Carta de Leandro Carré Alvarellos a Sebastián Martínez-Risco (ARA)

1 de Maio de 1965

Ilmo. Sr. D. Sebastián Martínez Risco

Presidente da Real Academia Gallega

A Cruña

Ilustrísimo señor:

Cando eu espiquéi unhas leizóns de lingua e gramática galega a pedido da “Agrupación Cultural O Facho”, composta na súa maoría por xente nova, preguntáronme por qué algúns escritores usaban a forma *ao* (contraición da proposición e artigo) e outros *ó* ou *ó*. E pedíronme se lles eu podería espicar concretamente non só como debía ser en realidade, senon tamén por qué, e se había regras fixas encol deso.

Escribín eu daquela as follas cuia copia envíu a V. S. I. xunto con esta carta, e relembro agora a cousa, e máis por considerar necesario o nos pormos d'acordo, pol-o menos no “Boletín” desta Real Academia, coas normas establecidas pol-a mesma no seu Dicionario, rógole se teñan en conta esas regras nas publicacións da Corporación, para tratarmos de unificar a gramática do noso idioma vernáculo, e romper co mau exemplo e máis o mau efecto dunha Entidade que amosa nas súas edicións unha verdadeira anarquía idiomática sendo precisamente a que debe tratar de rexir e encauzar a lingua rexional galega.

Igual que o caso a que devanceiramente me refiro, temos o das verbas romatadas en *zon* ou en *ción*, do que tratei tamén d'acordo coa folla que tamén vai xunta. Esta forma *zon* está sendo usada xa por moitos dos nosos escritores, seguindo o exemplo de Pondal que di no noso himno:

Pois donde quer xigante
A nosa voz pregoa
A *redenzón* da boa
Nazón de Breogán.

Saúdao coa maior consideración

Leandro Carré

Xunto:

Consideracións encol de *ao* e *o*

Id encol de *zón*

[Textos anexos]

O AO Ó Ó

Un dos casos da sintaxe galega en que máis desacordos andan os nosos escritores, e que ten dado orixe a grandes controversias en diversas épocas, é o da unión da preposición *á* e máis o artigo masculino *o*, (*ao*) equivalente *ao* castellano *al*.

Cando aló pol-o 1920 ou vintetantos, a invitación de D. Manuel Portela Valladares, propietario do diario “El Pueblo Gallego”, de Vigo, escribía eu unha serie de artigos encol de temas filolóxicos galegos, tratéi daquel tema, e dicía eu:

Teño observado que os que adoitan escribir *ó* ou *ó* en vez de *ao*, úsano indistintamente en casos de dativo e de acusativo, demostrando así que teñen sen estudar, o

descoñezan, esta particularidade da fala galega, e pol-o tanto que empregan *ô* ou *ó* por se non decataren de que o galego é diferente do castellano que usa *al* nos dous casos, namentras que na nosa lingua emprégase preposición e artigo no dativo, mas, sómente (sic) artigo, sen preposición no acusativo.

No galego, como no portugués, que mantén as características da nosa fala ao se fundar o reino de Portugal no século XII con territorio do galego Condado Portucalense decrarado independente por Alfonso Henríquez, fillo do Conde Henrique de Borgoña que o gobernara, débese escribir (e dicir) *vai ao mar* (caso de dativo); mais non debe de se dicir nen escribir endexamais *vin ao mariñeiro*, senon *vin o mariñeiro* (caso de acusativo).

Vexamos para confirmar esto, o que dí o Dicionario Gallego-Castellano publicado pol-a Real Academia Gallega, no seu caderno número 12:

AO. Combinación de la preposición *a* con el artículo *o*. Al. – “...*damos et offerecemos por sempre a Sancta Maria de Monffero, et ao Abbade dõ Paris et ao conuento desse méésimo lugar quantas erdades nos avemos*” [...].

AO CABO. loc. adv. Al cabo. Al fin, a la postre; por último. – “*Estivo cavilando por onde faria o viaxe, si por mar, ou por terra; e ao cabo resolveuse pol-o pirmeiro que lle ofrecia mais avantaxes*” [...]. López Ferreiro. *O Castelo de Pambre*, fº 4. [...].

AO CERTO. loc. adv. Al cierto, a lo cierto. Con certeza, ciertamente.

AO CHOU. loc. adv. Al azar, a lo que salga, al tuntún.

AO DESDÉN. loc. adv. Al desdén. Al descuido, sin arreglo, con indiferencia, sin interés, etc. [...]

AO DOUTÁN. loc. adv. “*Botarse ao doután: vagamundear*”. P. Sobreira. V. A doután

AO FORRO. loc. adv. A lo que más hiere, molesta o mortifica.

AO JUSTO. loc. adv. Al justo. Ajustadamente, igualmente, con exactitud, exactamente.

AO MÁIS. loc. adv. A lo más. A lo sumo.

No meu dicionario Galego-Castelán, figura, naturalmente, así.

No de D. Eladio Rodríguez González, publicado recentemente por “Galaxia”, de Vigo, consínase tamén:

AO. Combinación de la prep. *a* con el art. *o*: al, a lo; p. ej.: *vai ao monte*, va al monte; *ao millor*, a lo mejor... etc.

Temos unha proba de que neste estamos conformes coa lingua portuguesa, no trecho que vou copiar da “Sonata de primavera”, de Valle Inclán, tomado da versión â fala lusitana feita por Domingos Monteiro (Porto, 1958, páx. 33):

“Na minha carta narrei tudo pormenorizadamente a Monsenhor Sassoferrato, e, depois de a haver lacrado *chamei o mordomo* e entreguei-lhe a carta para que, etc... (en castellano: me dirigí al mayordomo).

“Feito o que dirigi-me ao oratorio da Princesa, onde, sem intervalo...” (een castellano: me dirigí al oratorio).

Esta maneira de usar sómente artículo para o caso de acusativo e a unión de preposición e artículo para o dativo, emprégase tamén en francés:

“J’ai vu *le général* quand il allait au champ” (eu vin o xeneral cando ía *ao* campo).

De documentos do século XIII, tomo estes apontamentos:

“E o merino recebeo *o* fiador e nomearon e posseron uigaros”

“...Como vai das Sequeiras de Vilachá *ao* porto dos carros”

Na “Crónica Troyana”, vertida ao galego da edizón francesa, no século XIV, collo ao chou estes dous trechos:

“Os do castelo depois que viron *os* troyaos fóronos ferir todos de consún...” (páx. 137)

“E *ao* ferir bradaron e deron tan grandes vozes que os vales retenian...” (páx. 195)

D’ unha versión galega da “Crónica Xeral de España”, de 1344:

“Na decida da montaña hu el rey don Paayo venceu *os* mouros” (páx. 39)

“Coidou que ele conde Nepuciano que podía aver o reyno por forza; e travailhouse quanto mais pode e axuntou compañías e grandes poderes que se a ele chegaron como fazen *ao* mao que se alça contra el rey”... (páx. 399)

Na “Colección de muchas palabras, voces y frases gallegas que el año 1745 oí, leí y observé en Galicia, estando a divertirme en la villa de Pontevedra, en donde me

he criado, y habiendo andado por varias partes del Reino”, escrito por Fr. Martín Sarmiento, conocido también Diálogo de 24 rústicos y o Tío Marcos da Portela, que yo personalmente copié en la Biblioteca Nacional de Madrid del manuscrito que allí se conserva, pódese ver, por exemplo:

Meniñas de Noya
Cando van *ao* mato
levan a merenda
ao santo San Marcos

E Pondal, tamén

“O vento que é triste oír
Funga nas esquivas uces
(que están *ao* redor de ti”

E, por romate; das moitas frases que teño anotadas, ouvidas por min de viva voz, vaian estas:

–¿Viches por aí *o* forasteiro?

–Non; foiche *ao* muíño.

Non cabe dúbida, pois, que esta foi e sigue sendo a maneira correita de usar *o* artículo ou *ao* unión de preposición e artículo nos casos reseñados.

Para saber con certeza cando debe usarse *ao* (unión de preposición *á* e artículo *o*, ou *a* no feminino) ou cando empregar *o*, *a*, (artículo) abonda ter en conta o seguinte:

O dativo indica na orazón, na frase, a persoa ou cousa a quen afecta a sinificazón do verbo, sen sere ouxeto dereito d’ela. Poden facerse estas preguntas: ¿para quen? ¿para onde?

Exemplos:

–Vaite axiña levar esta fouciña... (¿para quen?) (para *o* ou) *ao* labrego.

Neste caso non debe de se empregar *ó* nin *ô*, senon sempre *ao*.

–Cando chegues, ou cando vaias... (para onde?) (para *o*, ou) *ao* muíño.

Para designar la persona o cosa sobre la que se ejerce directamente la acción expresada por el verbo:

Cando chegou *ao* castelo...

Dalle este boneco *ao* teu neno

Con sustantivos de significación correspondiente a los verbos que piden complemento directo:

É mester obediencia *aos* pais

Con adjetivos que designan cualidades propias de un objeto al cual se refieren:

O zume da laranxa é gorentoso *ao* paladar

O vicio é perxudicial *â* saúde

Con un... outro, precediendo a éste:

Botáronse uns *aos* outros como lobos famentos

Cuando en caso de omitirse puede resultar ambigüedad:

No entanto ameazaba *ao* sogro o seu xenro...

Cando designa proximidad:

A nai estaba *ao* pe do berce

Cando se refiere a medio o instrumento:

Ir *âs* escuras e andar *aos* tomballóns non é comente.

El *acusativo* indica término directo de la acción del verbo transitivo, es decir, del verbo cuya acción pasa a otra cosa; es la aclaración del atributo envuelto en todos los verbos activos; es lo que contesta a la pregunta: ¿qué cosa?

Ejemplo: Vou escoitar ¿qué cosa? *o* conferenciante

En este caso no debe ponerse *ao*, *ó*, ni *ô*; sino simplemente el artículo *o* o *a*. Tes que ir ouvir a cantadeira.

¿Viches por ahí... (¿que cosa?) *o* carpinteiro

Se exceptúa cuando se cita una persona por el nombre propio:

Eu non atopéi nen *á* Marica nen *á* Xan; mas atopei *o* señor cura

Sentiuse tan mal que mandou chamar o médico.

VERBAS ROMATADAS EN ZON OU CION²¹

Nos documentos e libros antigos escritos en galego, cuíos manuscritos consérvanse, e algúns dos cuaes están publicados, vense grafías como *entençon*, *oraçon*, *quitaçon*, *vendiçon*, etc. que na Edade Meia pronunciábanse entensón, orasón, quitasón, vendisón, como aínda lixeiramente variado, úsase en Portugal: *intenção*, *oração*, *quitação*, *vendição*, que se pronuncian cáseque igual, inda que con maior nasalidade como si levaran o *n* final que conserva o galego.

Mas atualmente pol-a parte central da Galiza, aparte o grande seitor de beiramar onde se mantén aquela pronuncia, dícese como en castelán: *entención*, *oración*, etc. e moitos escritores así o poñen. Noustante no diccionario que encomezou a publicar a Real Academia Gallega, atopamos: *adulazón*, *alegazón*, *animazón*, *benzón*, *carnazón*, *calificazón*, etc. pol-o que eu así consineino (sic) tamén no meu.

Como ista forma é a equivalente da clásica terminazón *çon* e mais da aínda usada en Portugal *ção* (devanceiramente xa dixen que se pronuncia igual: *saon*, sendo case mudo o *a*), coído que debe ser a que usemos no galego se habemos de conservar a pureza do noso idioma.

25. Carta de Carvalho Calero a Fernández del Riego (en Carballo Calero, 2006: 394-396)

Fingoy, 31-V-1965

Sr. Don Francisco Fernández del Riego

Vigo

Meu querido amigo:

Recibín agora mesmo a túa carta do 29, co meu artigo do *Faro*. Gracias.

Teño mentes de que deixaches sen contestar unha carta miña anterior; pero como non me lembro do seu contido, supoño que non che falaría de nada importante, ou que teremos tratado os asuntos que nela se apuntasen nalgunha das rápidas coincidencias persoás que dende entón creo que teríamos.

Compráceme que se esgotaran os nosos *Contos*. A ver se me fas a liquidación deles e o Pondal; é dicir, as edicións de Fingoy. Temos en preparación o traballo que

21 Trátase de un folio mecanografado por unha cara que figura como anexo a esta carta no ARA, onde existe outra versión bastante máis longa que fora enviada aos membros da Comisión de gramática da entidade.

como becario fixo Ferrín sobre Pero Meogo; pero por esceso de traballo demórase o remate das copias. Logo teño moitos materias pra un segundo Pondal. Pero ¿quén pensa niso coas triganzas da *Gramática*?

Hoxe mesmo traballéi nela. Recibíu un certo pulo. Non sei se viches no boletín interior do “Facho” unha noticia sobre ela. Vai inzando, mais é imposible se facer ilusíons: nas condicións en que traballo se non pode prever cándo a remataréi. Presenta, como podes comprender, mil dificultades, e os problemas boligan arredor de cada custión. Hai unha corrente de opinión desfavorable á empresa. Os seus representantes coidan que istas enerxías debínan consagrar ao segundo tomo da *Literatura*, porque a *Gramática* non pode saír tan ben que xustifique o tempo empregado en compoñela. En fin, eu estou xa embarcado na empresa, que me resulta penosa, e que posiblemente non satisfaga a ninguén: pero se a considerades necesaria ¿quén a fa facer? Os capacitados pra elo dificilmente queren arriscar o seu prestixio nisa tarefa, que considerarán política e non científica. Terán medo a Dámaso Alonso, que ten dito que por moito tempo non será posible unha *Gramática* galega como a catalana de Badía. Isto é certo, pero nós queremos facer outra cousa. Mais hai moitos que consideran que isa outra cousa non hai por qué a facer. É decir, que creen que o mellor é non facer nada. A propósito ¿tendes por ahí a gramática de Badía? Seríame útil vela, inda que xa se sabe que a miña non se vai parecer nada a ela.

Como sabes, o curso pra nós remata a principios de xulio. Penso deixar a dirección do Colexio. Non sei con qué recursos contaréi, pero non podo aturar máis nise posto. Así que disporéi, de todos xeitos, de máis tempo pra traballar na *Gramática*, inda que en circunstancias tan incertas sería ilusorio fixar data pra a rematar.

Sabes tamén que temos presentada unha proposta a favor de don Antonio García Conde pra a Academia, que ao parecer conta coa conformidade xeral. De xeito que supoño que a de Pérez Hervada será pra a vacante de Sigüenza. Pra non alporizar aos da Coruña, sería comenente presentarmos a un da cidade sorriso. Dende logo, coído que no sucesivo, e salvo casos moi especiáis, non debemos votar a quenes non escriban en galego. Piñeiro fálome de Mariñas [del Valle], agora que saíu premio Castelao. Presentemos a súa candidatura e demos a batalla. É o máis axeitado se ha ser un da Cruña. Se non ha ser da Cruña podíamos pensar noutros. Medita isto. Máis que saír triunfantes, hoxe, que temos bastante xente, interesa votar sistematicamente de acordo cos nosos principios. Debíamos constituir unha comisión que estudase istes casos e que resolvera por maioría a custión das candidaturas, para que nolas propora. Logo, cada un sería libre pra votar, pero casi sempre é de supor que nos conformáramos, e así habería máis orde e seguridade nistes asuntos. Dubido que toda a Xunta de Goberno se comprometa sin máis con Hervada, pois estamos en condicións de adoutar unha enérxica actitude de oposición pechada que non poderán resistir. Xa comprenderás que a comisión de que falo non é unha comisión

oficial, senón unha comisión do noso grupo, pra uso interno, sen prexuício de que percuráramos apoio nos demais pra os nosos candidatos. En realidade, xa vimos facendo iso, pero non hai ninguén especialmente encargado, o que entorpece o labor, fai perder tempo e pode crear desconcerto. Abondaría con que ti, Piñeiro e García Sabell, por exemplo, vos puxéades de acordo, sen consultar a ninguén máis, pra designar esa comisión, que non debe ter máis de tres membros, e que, designada por vós, representaría o ponto de vista de Galaxia. Como ninguén estaría obrigado a seguir os seus dictames, non habería que lle dar carácter público; pero podería funcionar eficazmente e na práctica aseguraría as eleccións, recadando os votos necesarios. Mesmo vós mesmos poderíades ser a comisión. Así habería sempre candidatos de Galaxia, e inda que todos –i eu o primeiro, ou o derradeiro– poderíades disentir e votar independentemente, coído que sempre teríades asegurado un número de votos suficiente. Pra o caso presente, coído que debes coller o teléfono e falar con Piñeiro, e decirlle que pra primeira vacante eu propoño, de acordo co que il mesmo suxeriu, a Mariñas, se o candidato ha de ser da Cruña; e se non ha ser da Cruña, a Celestino. Porque ¿qué outro podería ser? E nada de sabios que non escriban en galego ou de boas persoas que se supón que nos ven con simpatía, mentras teñamos xente acretada que siga a nosa liña. Niste caso, eu aceito calquera dises dous nomes, vótoo e propoño se é mester. No futuro, debe funcionar esa comisión que fará, sen carácter coactivo –*la liberté avant tout!*– as oportunas recomendacións.

Cando queras que che faga pra *Grial* a crítica dun libro, dimo. Poderéi facela ou non, pero se non podo, dígocho a volta de correo. En troques, me non decido a tomar iniciativas, como me tes dito, ante o temor de que haxa outro encargado, que represente mellor ca min o criterio da dirección da revista. Porque eu, craro, escribiría con toda *liberté*, e non me coidaría da *fraternité*. Pero vulgaría moi razonabre que non me publicárades o que consideráderes (sic) incomente; anque coído que o máis comente (sic) é deixar que cada un fale de acordo co seu propio criterio. *Liberté, liberté chérie!*

Eu iréi o sábado á Cruña, pra fuxir dun acto que temos no Colexio.

Fortes apertas

Ricardo

26. Carta de Carvalho Calero a Fernández del Riego (en Carballo Calero, 2006: 411-413)

Fingoy, 16-VII-1966

Sr. Don Francisco Fernández del Riego

Vigo

Meu querido amigo:

Fas moi ben en supor que ando moi atafegado coa *Gramática*. Tiraniza a miña vida. Decidín me choer en Fingoy, sen acaroarme ao mar iste vran, pra poder rematala, sexa como sexa, en setembro. Rexeiteí, asimesmo firmar un contrato que me enviou “Anaya” pra unha edición do *Caballero das Botas Azules*, inda que me deixaban en branco o prazo de entrega, pois de momento non quero máis compromisos. Traballo moi arreo, e a cousa vai marchando, e xa medio lle vexo o fin. Teño feitas as partes que corresponden a xeneralidade, morfoloxía e fonética, e agora estou nada menos que coa sintaxe. Éche un grande lío, e a cada momento descubro cousas que me obrigan a refacer dous (sic) e tres veces o testo primeiramente redactado. Xa veremos cómo sai todo. O meu propósito é ir persoalmente a che entregar o manuscrito algún día de setembro. Coido que uns meses depóis de editala, sería comenente estudar se conviría ou non imprimir unha versión máis popular, suprimindo algunhas partes do testo e todas as notas.

Conviría que me mandaras algún manual de Filoloxía Románica que teñas a man, e *Como falan os brañegos*, de Noriega. Eu comezarei axiña a che devolver algúns dous (sic) poucos libros de consulta que me deixaches.

A nota sobre *O espello na serán*, libro cuia lectura tiven que interrompir, poderá sair no próximo *Grial*, xa que hai tempo pra facela. Inda que todo o meu traballo, mesmo as miñas leituras, están orientada[s] á *Gramática* de cuia posesión demoníaca desexo me liberar, adicarei algún tempo a *O espello*, pra poder cumprir o compromiso xa contraguido.

Recibirá a Fundación Penzol unha instancia da miña alumna Carmen Enríquez Salido en solicitude dunha beca. É asunto xa convido con don Antonio Fernández. Mandarédeme a instancia pra informe, e a contestaredes conforme conviremos entón. Nós resolvimos conceder isa beca a nome da Fundación, pra o traballo diste vran. De xeito que Fingoy sufragará os gastos, i eu administraré a subvención. Como membro do Consello, pódese delegar en min a ises efectos, ou adoutar calquer outra fórmula. O certo é que nós pagaremos, pero que a beca debe se considerar como outorgada pola Fundación. Se isa rapaza aparez por ahí, aténdea, porque estuda a fala do Grove, e cicáis a podas axudar na identificación dos peixes cuios nomes está recollendo.

O famoso “Breviario antolóxico” que andaba a se imprimir en Barcelona continúa vivindo intrauterinamente. Non volvín saber nada do asunto dende que en Santiago me dixeches que “xa estaba”. Hei de lle escribir a Sebastián sobre isto. Quixera que xiquera poidéramos dispor dil a principios de curso.

Apertas

Ricardo

27. Carta de Leandro Carré Alvarellos a Sebastián Martínez-Risco (ARA)

1 de Febreiro de 1967

Ilustrísimo Sr. D. Sebastian Martínez-Risco

Presidente da Real Academia Gallega

Ilustrísimo señor:

Leín estes días as respostas que enviaron á Academia os Srs. Académicos nomeados para o estudo das miñas proposicións gramaticas, que eu sometín á Corporación có oxeto de que no Boletín e noutras publicazóns se tiver en conta o que no Dicionario da Entidade figura con respecto ao emprego da terminazón, así en *zón*, e mais ao uso da contraición da preposición e artigo masculino *ao*.

Como acho que aquelas respostas non din nada en concreto, e os pareceres nelas espostos non se axustan á realidade do noso idioma, coa presente carta envíolle a V. I. as miñas ouxezóns, para que o asunto poida ser estudado novamente con mais conocimiento da cousa e mais da causa.

Saúdao coa maor considerazón

Leandro Carré

[Texto anexo]

***OBJECIONES A LAS RESPUESTAS RELATIVAS A MI PROPOSICION
DE 1 DE MAYO DE 1965***

acerca de temas filológicos²²

En primer lugar he de manifestar mi extrañeza al observar que la consulta hecha al Académico Sr. Rabanal acerca de mis proposiciones, haya sido contestada publicamente en un diario antes de enviar la respuesta a la Academia. ¿Finalidad que se proponía con esto? No puedo suponerla. Ni me importa; pero creo que el procedimiento no es el más adecuado.

He leído las opiniones de los Srs. Académicos consultados con respecto a mis proposiciones que tendían a procurar establecer algunas medidas para unificar diferencias lingüísticas por lo menos en los artículos publicados en el Boletín de la Real Academia Gallega de acuerdo con el Dicionario por ésta publicado.

22 O texto, coidadosamente mecanografiado en seis folios e custodiado no ARA, leva ao final a datación manuscrita de 31-01-1967.

Observo que no se han fijado bien los señores Académicos consultados en lo que yo decía en mi exposición de hechos, garantizados por los correspondientes ejemplos, a que yo me refería, y han contestado un poco a la ligera.

Por sí, toda vez que mi escrito lo fué en nuestro idioma gallego, no lo han comprendido bien, me expresaré ahora en el idioma oficial español, para esclarecerlo, y extendiéndome algo más para atar cabos sueltos.

1º. Es un hecho que antiguamente se usaron en Galicia palabras que figuran en documentos y códices, tales como: “absolviço” o “absolviçon”, “adevinaçon”, “avocaçon”, “bendiço” o “bendiçon”, “confeyçon”, “comparaçon”, “coraçon”, “esleeçon”, “oraçon”, “quitaçon”, “vendiçon” (así con el significado de venta), etc. etc. No creo que sea necesario que consigne todas las que tengo anotadas.

Es una realidad que nuestra lengua gallega fué, y sigue siendo, el idioma nacional de Portugal y el Brasil, que así se conservó hasta nuestros días, con las mismas características básicas del lenguaje que se hablaba en Galicia; porque Portugal nació con el Condado Portucalense, que hasta entonces era una parte de nuestro territorio.

No creo que los señores Académicos consultados se nieguen a reconocer la cultura portuguesa, aún cuando se desarrolla en el mismo romance gallego, y en la cual figuran las palabras: “aberraçon”, “abjudicaçon”, “abnegaçon”, “bençaon” o “bendiçaon”, “consecuçao”, “persecuçao”, “oraçao”, “publicaçao”, “conjuncçao”, “preposiçao”, “especulaçao”, “presunçao”, etc. etc., como nosotros hubiéramos seguido escribiendo sin la interrupción obligada que hemos sufrido en nuestro país.

Y cabe que haga una mención especial de dos frases empleadas por el Sr. Rabanal en su primer artículo, refiriéndose precisamente, a estos anteriores vocablos:

“pero *no deberá galleguizar artificialmente*, así por las buenas, los cultismos y latinismos mas o menos recientes, sino que deberá dejarlos, al *igual que las demás lenguas romances cultas, en su forma latina*”.

Los dos párrafos subrayados por mi demuestran poco conocimiento de la cuestion que venimos estudiando, por parte del Sr. Rabanal y de los otros señores Académicos que aceptan y suscriben sus razonamientos que son, a mi entender, sin consistencia. Los ejemplos que figuran en mis escritos, comentados por el Sr. Rabanal en sus artículos de *La Noche, no están galleguizados artificialmente*, sino que son copias exactas de documentos y libros de distintas épocas, que cito para que se puedan comprobar, y demuestran la forma real como se usaba nuestro idioma en el antiguo Reino de Galicia; e incluso en Castilla, cuando los castellanos, andaluces y los

de Extremadura, imitaban a los poetas gallegos, de los cuales aprendieron el arte de trovar, usando la misma lengua, como ha dicho el Marqués de Santillana. Y aquellas formas, aún hoy son empleadas en Portugal, porque, como he dicho y es bien sabido, el idioma gallego fué el mismo del nuevo Estado portugués. Lengua romance *culta* es la de Portugal, aún cuando sea diferente, y se manifiesta en ella también una cultura diferente; pero no inferior a la castellana. Lengua y cultura que es la expresión y el espíritu de unos 86.000.000 de personas. Y en cualquier diccionario portugués o brasileño puede comprobarse la existencia de los términos que cito en uno de los párrafos anteriores, y que al Sr. Rabanal *no le parecen cultos*, porque no se asemejan a la manera castellana de la grafía ni de la pronunciación.

Pero es que también en francés hay voces como: “leçon”, “oraison”, “pâmoison”, que tampoco se ajustan a ellas.

2º. Dice el Sr. Rabanal:

“Y se me consulta también si en gallego el complemento directo de persona debe llevar preposición ‘a’ como en castellano, o debe no llevarla, como sucede en portugués (sic)”.

Este “(sic)” fué puesto con una intención que no quiero comentar.

Anteriormente ya he dicho por qué me refiero al portugués: Si la lengua portuguesa es nuestro antiguo idioma gallego que allí se ha perpetuado y en ella se conserva ¿Por qué vamos a despreciar aquellos elementos que son tan nuestros como suyos?

El Sr. Rabanal escribe:

“Opino entre las dos formas del enlace de preposición mas artículo: la hiática ‘ao’ y la contracta ‘ó’ ‘ô’, prefiero ‘ao’. Pero tampoco dejo de comprender la presión de la tendencia, a contraer en ‘ó’...”

“Indudablemente entre la tendencia, llamémosle *culta*, conservadora, etc. ‘ao’ y la convencional o popular ‘ó’...”

Otra cosa que me gustaría saber es: ¿Por qué en el primer caso (las terminaciones en “zon”) el Sr. Rabanal, y los otros señores Académicos que suscriben su opinión y aceptan como bueno su criterio, prefieren las formas *cultas* (según ellos) de la terminación castellana en “ción” a las populares (según ellos) de “zón”; que son las que figuran en el Diccionario de la Academia; y en cambio en el caso de la contracción “ao” (culta y más clara), prefieren las formas *populares* (que no lo son, sino convencionales y casi me atrevería a decir, caprichosas) “ó” y “ô” (que son más confusas e inciertas)?

Porque además, resulta que aquellos que suelen usar las formas “sincopadas” “ó” “ô”, usan en todos los casos: dativo o acusativo, una de estas y no distinguen entre el empleo del artículo solo “o”, cuando debe aplicarse así, o el de la contracción “ao” cuando esta es obligadas, como se indica en los ejemplos y normas de su uso por mi explicadas, que *no inventadas*.

Debe tenerse en cuenta que la forma “ao” no se pronuncia a la manera castellana, cuyas vocales no tienen mas que un sonido siempre igual, mientras que en gallego forman como un diptongo decreciente en el cual la “a” es más clara y la “o” más débil y oscura; como cuando se dice “mao”.

La Comisión de redacción del Diccionario Gallego-Castellano de nuestra Academia, cuya publicación se inició el año 1912 paralizándose en el cuaderno 26, el año 1928, estaba constituida por los señores Académicos de número siguientes:

D. Andrés Martínez Salazar

D. Rafael Perez Barreiro

D. Salvador Golpe Varela

D. Eugenio Carré Aldao

Y la clasificación de papeletas, formada por los Srs. Numerarios:

D. Salvador Golpe

D. Francisco Tettamancy

D. José Perez Ballesteros

D. Manuel Murguía

En el citado Diccionario Gallego-Castellano de la Real Academia Gallega, como he dicho ya en mis escritos anteriores, pueden verse consignadas las palabras “audizón”, “banizón”, “bendizón”, “bonificazón”, “aclimatazón”, “acelerazón”, “canzón”, “carregazón”, etc. etc. Y yo creo que el hecho de figurar por acuerdo de la Academia en su día, aquellas grafías, no deben anularse, *así por las malas*, para sostener una opinión personal adversa, sin una razón evidente, indiscutible.

Creo que los señores Académicos citados que componían aquellas comisiones de redacción y clasificación, que fué aprobada por la Corporación, han tenido en cuenta las razones que yo ahora repito después de estudiar otros elementos que aquellos no conocieron, y de realizar grabaciones en magnetófono que me permitieron recoger pruebas fehacientes e inconcusas para mis afirmaciones.

Se refiere el Sr. Rabanal a la terminación en “zón”, diciendo que en realidad en vez de esta debería usarse en todo caso “çón”. En efecto; pero nos pasaría igual que cuando se pretendió usar la escritura etimológica: que la gente leía con la pronunciación castellana la *j*, y en vez de pronunciar, por ejemplo: “xa percuréi quen m’axudara”, decían tal cual “ja percuréi quen m’ajudara”. Usando la *ç* leeríase: “as mocas cantaban lindas cancións”, por desconocer el sonido de la *ç*, como tengo oído algunas veces por la radio: en vez de “Cansons do Miño” o “As mosas da miña terra” decir: Cancóes do Mìn-o, o As mocas da min-a terra. Por eso se ha adoptado la forma “zón”, porque siempre se leerá bien; los que usen el seseo: dirán canción, los que usen ceceo: canzón.

Estudí nuestro idioma desde mi infancia y he recorrido nuestra tierra toda por el litoral, por el interior, por los valles y las montañas, en las villas, en las aldeas y en los pueblecitos marineros. Por eso conozco la lengua y las costumbres; los cuentos y los cantares; los refranes y las leyendas y romances; tengo recogido muchísimas frases para conocer las modalidades sintácticas... Pero he estudiado también los libros, los cancioneros, los documentos, los códices, las crónicas...

Mi diccionario, cuya 4ª edición estoy preparando, contendrá unas 27.000 voces, y no pasando el de Valladares de 9.300 voces (que era el más copioso de los anteriores) puede apreciarse mi labor.

Conozco también el idioma portugués; porque he tenido que usarlo, y lo estudié durante mi estancia en la ciudad de Porto cerca de tres años, continuando desde entonces relacionándome con amigos y escritores lusitanos, y colaborando en algunas revistas; y tengo el honor de pertenecer a varias instituciones culturales: el Instituto Histórico do Minho, la Sociedade Martins Sarmento, y el Instituto Portugués de Arqueología, Historia y Etnografía.

Me he relacionado y relaciono con distintos filólogos de varios países, y conozco el libro del alemán Harri Meier, que fué director del “Boletín de Filología”, publicado por el Centro de Estudios Filológicos, de Lisboa, al que hace referencia el Sr. Rabanal, titulado “Ensaio de Filología Románica”; pues conservo entre algunos volúmenes de obras portuguesas sobre estas y otras materias científicas y literarias, aquel magnífico estudio del cual me ha hecho presente su autor de un ejemplar avalorado con honrosa dedicatoria.

Y en él, el ilustre filólogo hace esclarecimientos “sobre a diferença que ofrecen as duas línguas peninsulares” (Español y Portugués), con las cuales estoy de acuerdo en lo que respecta al gallego, que viene a ser el mismo portugués con ligeras variantes modernas, que no alcanzan al motivo por mi tratado y propuesto a la Real Academia Gallega, el cual nunca fué tema de discusión en Portugal.

3º.- Que en cuanto las gramáticas que se publiquen vayan dando a conocer las reglas gramaticales del gallego clásico escrito, confirmadas y perpetuadas en Portugal por el uso constante, como también por el actual lenguaje de comarcas gallegas poco contaminadas por los barbarismos tan corrientes en los arrabales de las ciudades, irán desapareciendo los defectos introducidos con el lenguaje popular por influencias extrañas, principalmente por la mezcla y corrupción de palabras ajenas.

Que siendo el gallego anterior al castellano (D. Ramón Menéndez Pidal que en su magnífica obra “Orígenes del Español” se olvida un poco de las influencias de nuestra lengua vernácula en la formación de aquel idioma, dice en su “Gramática Histórica Española”: El español del gallego-portugués tomó voces de muy antiguo, pues la poesía lírica en lengua gallega fué cultivada por los poetas castellanos de los siglos XIII al XV.”), fué Castilla la que modificó a su manera nuestra lengua, de la cual se apartó; puesto que en los primeros escritos del romance castellano se conservan aún restos de ella, como, por ejemplo: “fallaron”, de falaron; “fechos”, de feitos; “dexando”, de deixando; “sopieron”, de souberon; “coñoscieron”, de coñesceron; “ficieron”, de fixeron; “dantes”, de denates o d’antes; “diximos”, de dixemos; “fuerça”, de força; “troxo”, de trouxo; “fijo”, de fillo; “fizolo”, de fixoo. Otras vemos que son puramente gallegas: “leis”, “alongando”, “agora”, “desque”, “guardarlo”, “levarllo”, “maldiçon”, “toller”, “Arcebispo”...

Todas esas palabras precedentes son tomadas de un documento de “donazon”, “fecho” en Palençia, doce días de abril, “ano” 1311, por el Rey don Fernando.

O como pueden apreciarse subrayadas en estos versos del poeta castellano Alfonso Alavarez (sic) de Villasandino”, que figuran en el Cancionero de Juan Alfonso de Baena, del siglo XV.

La novela esperança
 En que *he meu coraçõ*
 Me fase cobrar *folgança*
 E perder *tribulaçon*
 He *trocado* mi ventura
 Como vos ora *direy*
 Dy pesar por *folgura*
 E mal por ben que *cobrey*
 Fortuna por *abondança*
 Meus troques tales sson
 Lexo *perda* por *ganança*

Vyl tormento por perdón
 Pues troqué de tal figura
Sempre ledo andarey
 Loando su grant altura
 Del muy ensalçado Rrey
 En que ay *muyta omildança*
 E orgullo con rrasón
 Gran cordura syn *dudança*
 Syguen en todo *ssason*
 Ya de al *non teno cura*
Meus amigos, pois achey
 Rrey cumplido de mesura
A quen sempre servyrey
 Con muy pura lealtança
 E fermosa *entençon*
 Loaré gentyll senblança
 Adorando el *seu* perdón

En el Diccionario de la Real Academia Española figuran muchos vocablos con la etimología: “del portugués...” quizá para darle al hecho mayor importancia, como aquel que procura la nobleza de una alcornia superior.

Todas estas cosas resultan un poco confusas para quienes conocen la lengua gallega y la portuguesa solo muy superficialmente, y, claro está, sus apreciaciones y sus juicios acerca del gallego resultan equivocados.

No es, pues, que los gallegos querramos diferenciar nuestra lengua de la castellana; sino todo lo contrario. Es decir; que los castellanos han ido diferenciando su lengua de la nuestra, que habían empleado en los albores de su cultura y de su poesía. Lo que pretendemos nosotros; lo que yo deseo hacer comprender, es conservar el idioma propio, usándolo con nuestras auténticas palabras y cuidando que estas no se pierdan sustituidas por otras ajenas o por ellas corrompidas. Y si unas son más o menos cultas que las otras no se debe a las palabras en sí, sino a quien y como se usen, y a las frases e ideas que con ellas se expresen.

Por otra parte: para *modernizar* o *actualizar* nuestra lengua ¿debemos recoger y usar en escritos *cultos* las formas populares de aquellas personas que, sobre todo en los arrabales de las ciudades más populosas emplean un lenguaje muy corrompido? ¿Hemos de aceptar las odiosas *geadas* que tanto daño han hecho a nuestra hermosa

lengua? ¿O los barbarismos “aer”, por onte; “chaval”, por neno; “mantener”, por manter; “destiño”, por destino; “ventán”, por fenestra o vidreira; “juevo” por ovo; “ajua”, por auga, etc. etc.?

Ruego a los señores Académicos que piensen; piensen con serenidad, dejando a un lado prejuicios y caprichos personales para atenerse a la esencia y espíritu de la auténtica cultura gallega y de su lengua que, como ha dicho el notanle (sic) poeta D. Manuel Lago Gonzalez, Arzobispo que fué de Compostela: “me ha parecido siempre la más hermosa de las lenguas neolatinas y aún acaso la más bella de cuantas se hablan en el mundo”. (Discurso pronunciado en la sesión inaugural de la Real Academia Gallega celebrada el 30 de Septiembre de 1906).

Y si no la estudiamos bien y la cuidamos con interés verdadero y con amor sincero, corre el riesgo –entonces sí– de convertirse en un lenguaje puramente convencional e híbrido.

Leandro Carré²³

28. Carta de Leandro Carré Alvarellos a Sebastián Martínez-Risco (ARA)

8 de marzo de 1968

Señor don Sebastián Martínez-Risco

Presidente da Real Academia Gallega

Meu querido amigo:

Como lle digo en outra carta que diríxolle con esta data, non me será posibre asistir á xunta ordinaria que celebrará a Academia en Sant-Yago o domingo proximo, debido ao meu estado de saúde. Pol-o tanto, non poderei estar presente nas deliberacións da comision correspondente que tratará da miña proposta sobre cuestións gramaticás. Fágao así constar aos señores que a constitúen, dicíndolles, ademáis, canto sinto non participar con eles na devandita reunión.

Exprésalle a súa gratitude o seu amigo e compañeiro

Leandro Carré

F/ Leandro Carré

23 Após a sinatura manuscrita, na parte inferior dereita do folio figura tamén escrito a man co mesmo tipo de letra: “Las respuestas traen fechas de Diciembre 1966! / 31 de Enero de 1967”.

29. Carta de Leandro Carré Alvarellos a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

1 de Xunio do 1969

Sr. D. Sebastian Martinez Risco

Xerona

Meu querido amigo:

Moi agradecido pol-a súa carta, amábele mostra de estima e lembranza, e mais interesante pol-as informacións que me dá encol desa cidade que confirman e amplían algo que xa sabía dela por un bon amigo xerundense que ahí teño. Dun povo de Xerona era meu bisabó, e poida que desa “semente” enverdecera en min as fondas raigañas de amor â terra e mais â nosa fala.

Polas noticias que lle vai dando o amigo Naya está vostede informado do que por acó vai acontecendo e mais do que se fai na Academia, onde malia da nosa boa vontade, nótase a falla de vostede, que, por sorte, agardamos sexa por pouco tempo e poida voltar axiña.

O Boletín está xa no prelo e nestes días poderemos enviar alguns exemplares â Fundación Barrié, o que compre facer pra que nos repitan a subvención. Faléi hai días cô señor Díaz de Rábago e díxome que non deixarán de nos axudar. Eu coido comenente demostrarlles o emprego da súa axuda apresentándolles a obra feita.

Antonte cobreí na Caixa de Aforros a [doendela?] que nos concederon como os anos devanceiros, que ingreséi na conta do Banco.

Perdón por non ser máis largacío no escrito, pro ando a voltas coas correizóns de probas da 4ª edición do meu Dicionario que urxe espallar pol-as librerías que o veñen solicitando.

Côs meus saudos para a a súa estimada familia, envíalle unha aperta pra vostede seu amigo

Leandro Carré

30. Carta de Leandro Carré Alvarellos a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

28 de setembro do 1969

Sr. D. Sebastián Martinez Risco

Xerona

Meu querido amigo, e Presidente:

Escríbolle hoxe fondamente desgostado. Cumprindo os seus desexos, faley con Vales pra tentarmos de celebrar as xuntanzas dos sábados baixo a presidencia interina de Freyre de Andrade; mas é o caso que dende aquela non voltéi a ver o Segretario da Academia. Dixome Naya que ía algunha vez e que volba (sic) a saír de cote sempre apresado. Hay quince días dixerlle que era comenente celebrar xunta xeral e que lle encargara a vinda de onte, sábado para acordarmos a data a celebrar a xeral. Mas tampouco apareceu nen dixo por qué. E así seguimos nunha anormalidade que xulgo improcedente, perxudicial e molesta. Penso se será comenente que Freyre chame un sustituto accidental que actue como secretario. ¿Que opina vostede?

Tive o pracer de enviarlle hai uns días o libro “As lendas tradizonaes galegas” editado en Portugal. Supoño o terá recibido e poderá servirlle de distraizón algúns momentos, tal é o meu desexo.

Que se conserve ben de saúde, e reciba unha aperta do amigo

Leandro Carré

31. Carta de Sebastián Martínez-Risco a Leandro Carré Alvarellos (AMR, rascuño manuscrito)

Gerona, 4 de outubro do 1969

Sr. D. Leandro Carré Alvarellos

A Cruña

Meu benquerido amigo e compañeiro:

Recibin e atópome lendo con tanto gosto como ademiranza, xunguido pola lectura á lembranza da Terra nista outra catalana, tan enxebre de seu, o erudito e fermoso libro da súa autoría. “As lendas tradizonaes galegas”, do que tivo a bondade, que moito agradezo, de enviarme un exemprar agarimosamente adicado. É unha obra de celmoso contido, belamente impresa, coa que vostede rende un novo e importantísimo servizo ó coñecimento e á cultura de Galiza, que moitas aportaciós lle debe xa nise terreo. Pode vostede, amigo Leandro, gabarse, e gabarse en xusticia, de ter cumprido sobexamente deica a nosa Terra a obriga que todos temos, non somentes de amala, mais tamén de honrala e servila coas nosas obras dentro das nosas horas; pois as súas son ben numerosas e ardidias. Di con razón o prologuista que o libro ficará como ensaio indispensable pra quen quixer [indagar?] nun sector da etonografía galego-portuguesa.

Reciba, pois, a miña noraboa, co anaco que me corresponde da gratitude de que tódol-os galegos sómoslle debedores.

A noticia que vostede me da sobor da aitude de pasividade –ou máis ben inhibición– do compañeiro Vales deica a nosa Academia solprendeume moito. Eu participo no seu desgosto porque o labor da Academia non pode nin debe deterse sen grave dano, e non atino a comprender os motivos de un tal desachego, cando precisamente agora a interinidade orixinada pola miña ausencia funcional do cárrago *facía máis necesario atender o desenrolo* das actividades académicas.

Esa miña ausencia colócame nunha situación pouco doada pra decidir encol da solución disa crise, mais non pra opinar sobor dela. Vostede sabe que cando fun destinado a ista Audiencia ó reingresar na carreira –por motivos persoaes ineludibles–, posto que iba ter a miña residencia legal fora da rexión, cumprín o deber de participalo á Academia, nun escrito que vostedes tiveron a bondade de non cursar oficialmente deica agora. Ista medida, que eu agradezo, debía iren acompañada dunha sustitución regramentaria na Presi. propia das ausencias temporaes, e, como lle digo, dunha aituación regular e normal da Xunta de Goberno na súa propia esfera e na celebración de Xuntas ordinarias i extraordinarias. A aitude do Segretario, de persistiren nela, ven a obstaculizalo e pode poñelos a vostedes no trance de cursar aquil escrito meu. ¿Darase conta o amigo Vales de que esa pode ser a consecuencia da súa aitude? Conviña aclaralo.

Agora ben; pra sair dise atranco que ocasiona o desachego do Segretario titular dos deberes do seu cárrago entendo que a solución é regramentariamente doada: Facer por oficio firmado polo Presidente aicidental a citación do Segretario pra celebración de Xunta de Goberno, e se non comparece, sustituiilo polo académico mais xoven dos residentes na Coruña. Unha vez reunida a xunta pode tomar os acordos normais da súa competencia, i entre eles o de sinalar día pra celebración de Xunta ordinaria i extraordinaria. Opino eu que isa, e non a de nomear un sustituto aicidental, é a solución correita do caso.

Penso disfrutar dunha licencia no mes de santos vindeiro. Xa lle puntualizarei as datas da miña estanza ehí.

Reiterándolle as gracias pola atención do envío do seu derradeiro libro, reciba fortes apertas de seu decote amigo e devoto admirador

32. Carta de Leandro Carré Alvarellos a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

22 d'outono do 1969

Sr D. Sebastian Martinez Risco

Xerona

Meu benquerido amigo e Presidente:

Recibin a sua carta que traspaséi â Academia pra tratar de resolver as propostas de colaborazón do señor José L. Pensado. Coido interesante a pubricazón no Boletín do “Tumbo de Iria”. O demais tamén inda que xa se trata de asunto de maor monta por cousa do diñeiro que solicita.

Hoxe escribille para lle dar conta de que o Segretario sinte medo por non ter cumprido cós “Estatutos” no que se refire â baixa de vostede. Por consecuencia deso non quer que celebremos ningunha xunta xeral, e ocurriúselle facer unha chamada aos compañeiros académicos para consultar con eles o que debemos facer. Como Freyre está mal de saúde, encamado, convocóu a Bugallal en substitución d’aquel e, parecéndolle ben a proposición de Vales, foi enviado o seguinte “Saúda” “atentamente e con todo afeto ó seu esgrevio amigo e compañeiro D... e moito lle agradecerá tivese a ben concorrer á reunión que a Xunta de Goberno d’esto rexio instituto proxecta celebrar o día 26 do corrente mes, ás once horas, na que se tratarán asuntos de carácter urxente, que convén coñezan todol-os señores académicos”. (firma o Secretario).

El está na idea de proqramar a baixa de vostede e a vacante da Presidencia, salvo que na xuntanza privada que se faga no domingo, poida atoparse algunha fórmula para continuarmos na situación actual, rexíndonos por un presidente accidental.

Non fago comentarios. Escribille sómente para que esté sabedor deso por se non o informaron.

Unha aperta de seu amigo e compañeiro

Leandro Carré

33. Carta de Leandro Carré Alvarellos a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

29 de Outono do 1969

Sr. D. Sebastian Martinez Risco

Gerona

Meu benquerido amigo e Presidente:

Vouno informare do que acontecéu na Xunta de Goberno do domingo día 26 celebrado baixo a presidencia aicidental de Bugallal, e coa presenza dos numerarios Fernandez del Riego, Chamoso, Piñeiro, Chao, Meijide, Dónega, Vales e mais eu. Alguns de fora desculpáronse de asistiren.

O sábado foi Isidro Parga Pondal â Academia para escusarse tamén por ter que ire a Santiago o domingo, e preguntou de que se trataba; e Vales espricoulle o asunto. Parga dixo que a súa opinión era que, posto que os dous mais vellos, Artaza e Freyre, estaban enfermos, según o regramento debía ser eu o que actuase como presidente interino, ao que Vales ouxetóu que non podía ser así porque eu era o tesoureiro, ao que reprecou Parga que él opinaba que debía ser eu o presidente e Bugallal ocupar tamen interinamente a tesourería, e díxolle a Vales que comunicase aos compañeiros que este era o seu parecer.

Na xuntanza do domingo, Vales expuxo a súa opinión de que era preciso declarar a vacante de vostede por ausencia, d'acordo cō Reglamente. Eu dixen que por se tratar d'unha ausencia de pouco tempo, e tendo en conta que D. Julio Dávila, Cabanillas, Castelao e Rey Soto, todos eles ausentes seguiron considerándose como numerarios, igual debíamos facelo con vostede. Del Riego manifestouse no mesmo senso, e todolos demais asentiron. Falouse de celebrar unha Xunta Xeral o mais pronto posíbele para informar oficialmente a todos do asunto e obrar en consecuencia.

Vales que o sábado pol-a tarde foi visitar a Artaza para lle rogar que fora a presidir a xuntanza do domingo, en vista de que aquel díxolle que dada a súa idade e o mal estado de saúde non llo permitía, dirixiuse a casa de Freyre para vere de conseguir que este fora â Academia; mas, contestáronlle que estaba enfermo e non podía recibir.

Desto non dixo nada na xunta, nen nada dixo da opinión de Parga Pondal. Eu calei a boca porque non quixen dar unha nota desagradábele para todos. Mas, consideróu que se non podía celebrar xunta xeral en tanto non se recibiran escritos de Artaza e de Freyre manifestando a súa imposibilidade de asistir para que outro poidera ocupar a presidencia.

Leeu unha carta dun estudante da Universidade de Lisboa solicitando algúns datos referentes a Añón e o libro deste publicado pol-a Academia. Esta carta tiña data do 10. Eu dixen que se tivera coñecimento dela xa estaría contestada, porque ademais era cousa de puro trámite que non era preciso someter â xunta.

Hoxe dixéronos que Freyre está algo mellor e que se ergueu un pouquiño. Eu alégrome, porque coído que sendo ele o presidente interino, eu aforrareime molestias e desgustos vista a aitude de Vales.

Como nas conversas que seguiron na xuntanza do domingo aludíuse ao proxecto de imprintazón do Epítome de Gramática Galega, vou enviarlle as copias das tres ou catro respostas que temos encol dela, e por se se tratar na próisima xunta xeral dese asunto, rógolle me envíe un escrito decindo por qué me foi encargada por vostede a redaizón, e ouxetos que pretenden con ela.

E nada mais por hoxe.

Unha aperta de seu amigo e compañeiro

Leandro Carré

34. Carta de Sebastián Martínez-Risco a Leandro Carré Alvarellos (AMR, copia manuscrita)

Gerona, 2 de Santos do 1969

Sr. D. Leandro Carré Alvarellos

A Cruña

Meu benquerido e lembrado amigo: Agradezo moi de veras as novas informativas encol da miña *situación presidencial*, que tivo a atención de darme na súa prezada carta do 22 de outubro derradeiro. Comprendo o medo, e aínda a aitude, do Segretario perante a dita situación, orixinada pola miña ausencia; e máis tendo en conta que de agora non tratou, polo que vexo, de paliála coa miña substitución reglamentaria mediante a situación dun presidente aicidental. O caso paréceme natural, e son eu o primeiro –dito sexa a vostede particularmente, mais sin furtarme a decilo oficialmente sendo preciso– que nin por asomo desexo crear á Academia problema algún derivado da miña ausencia, porque pra min o primeiro é o interés da propia Academia, e que verei como medida xusta a declaración da miña baixa, non somentes na presidencia, senón tamén na condición de Numerario; que pra eso declarei oportunamente a miña falta da Cruña. O que xa non me parece tan natural é a forma estrana en que o Segretario quer provocala, convocando unha irregular *Xunta de Goberno - ordinaria*, mistificación estatutaria que non ten sentido, valideza nin oportunidade algunha. O dereito é convocar unha Xunta, ordinaria ou extraordinaria, e dar conta do meu escrito. En fin; agardo novas do caso, que até de agora somentes tiven por vostede. Mais conste o dito.

Como non teño nova algunha de D. Francisco Vales, permítome enviarlle as adxuntas cartas de Rodrigues Lapa, Castroviejo, Rodolfo Lama (2), Fraga Iribarne e Xulio Monteagudo, pra coñecimento da Academia, curso e contestación; e prégolle que as cartas que alí cheguen a meu nome e cárrago, fagan o favor de abrílas e despachalas, pra non ter que reexpedilas.

Unha forte aperta de seu decote amigo

Sebastián M.-Risco

(Rubricado)

35. Escrito de Filgueira Valverde, Carvalho Calero e Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (ARA)

[20-11-1969]

Ilmo. Sr. Presidente

Os Académicos que suscriben teñen a honra de propor á Academia:

1º A adopción das normas ortográficas que se acompañan, con carácter provisional.

2º A impresión e difusión dun folleto en que se divulguen as mesmas.

As circunstancias aconsellan, a xuício dos firmantes, a máxima urxencia na resolución da proposta, polo que rogan a V. I. acelere os trámites indispensables a tal fin.

Deus garde a V. I. moitos anos.

Santiago, 20 de novembro de 1969

Xosé Filgueira Valverde R. Carballo Calero Ramón Piñeiro

Ilmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega

A Cruña

36. Escrito de 5 académicos a Sebastián Martínez-Risco (ARA)

[5-01-1970]

Os cinco académicos numerarios que suscriben, acolléndose ao disposto nos artigos 35 dos Estatutos desa Corporación e 32 do seu Reglamento Interior, solicitan de V. S.:

Que, no uso das facultades que lle están conferidas, teña a ben convocar a *Xunta Xeneral extraordinaria* da Real Academia Gallega, pra someter a discusión, e ulterior aprobación si procede, o Proieito de Normas ortográficas da língoa galega, que se axunta á presente solicitude.

Por se tratar dun asunto que os solicitantes estiman da meirande importancia pra o porvir da nosa cultura, encarecen a V. S. a urxente fixación de data na que a dita xunta ha de se celebrar, considerando que a convocatoria deberá facérese con dez días de anticipación.

Deus garde a V. S. moitos anos.

A Coruña, 5 xaneiro 1969 [erro = 1970]²⁴

24 O erro é evidente polo propio contido do escrito. O texto orixinal que figura no ARA, onde hai outras copias del, leva a seguinte anotación do secretario da entidade: "Presentada hoxe, día 15 de xaneiro de 1970. Fco. Vales V. Secret^o".

Asinan

F. Fernández del Riego
XLorenzo

J. Ferro Couselo
R. Otero Pedrayo
D. García Sabell

ILMO. SR. PRESIDENTE DA REAL ACADEMIA GALLEGA

37. Escrito de Filgueira Valverde ao presidente da RAG (ARA)

[04-02-1970]

En cumprimento dos acordos corporativos recollidos na súa apreciada comunicación do día 24 de xaneiro, teño a honra de comunicarlle que, posto en relación cos membros da Ponencia a que se refire, acordamos:

- a) Redactar o informe conxunto encol do libro da “Gramática”.
- b) Facer nosas as “Normas” ortográficas pranteadas por vinte señores académicos, rogando que se proceda ao seu estudo e aprobación, si procede, na Xunta Extraordinaria solicitada.

V. S., sin embargo, disporá.

Pontevedra, 4 de febreiro de 1970

Xosé Filgueira Valverde

EXCMO. SR PRESIDENTE DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRUÑA

38. Carta de Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (AMR)²⁵

Santiago de Compostela, 19-II-70

Querido Sebastián:

O plan trazado pra sacar adiante na Academia unhas “Normas de unificación ortográfica” deu o resultado previsto: Xa están aprobadas. Houbo, sí, rosmadelas previas, como era de agardar, pro na sesión reinou entusiasmo, esprito de colaboración e respeito mutuo. Todo foi ben. Agora trataremos de que os xornás

25 Nesta altura Martínez-Risco áchase destinado na Audiencia Provincial de Xirona, unha vez reincorporado á carreira xudicial por breve período de tempo, á espera da xubilación como Maxistrado, que se producirá no mes seguinte. Carta tamén reproducida en Freixeiro Mato (1994: 215-216).

Ile dean a meirande difusión pra o gran público e que a Academia as publique de contado nun breve folleto. Trátase dun primeiro paso moi importante. Si se consolida –e debemos agardar que se consolide–, podemos intentar un segundo paso máis importante e decisivo: a unificación normativa da lingua.

Eu falei co Constantino García da colaboración no Boletín da Academia. En principio quedamos en que o Departamento de Románicas se podía encarregar de facer un número do Boletín cada ano, íntegramente adicado a temas de filoloxía e lingüística galega. Xa sabes a miña vella preocupación polo Departamento de Románicas da Universidade. Eles traballan, investigan a nosa lingua, cousa que a Academia non pode facer. Levan recolleita unha cantidade de material léxico realmente imponente e siguen recollendo sin descanso, porque movilizan cada ano aos estudantes. Teñen tamén bastantes tesis de licenciatura, en marcha varias de doutoramento, estudando sistemáticamente zonas lingüísticas. Ora, iste labor dalles automáticamente unha autoridade natural sobre os problemas da nosa lingua coa que non se podería competir. Temos que nos adiantar e percurar a súa colaboración coa Academia. Necesitamos “asocialos” urxentemente, pra que reforen e respalden a autoridade da Academia. Coido que poderemos encauzar ben esta colaboración.

Dixéronme que virás axiña. Alégrome.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

39. Carta de Sebastián Martínez-Risco a Ramón Piñeiro (AMR, fragmento de rascuño manuscrito)²⁶

[s. d.]

[...] novas que, por tanto, vin xa recollidas.

Moito celebros as novas que tuveche a atención de darme na túa carta do 19 do mes cursante encol da aprobación das “N. de unif. ortográfica”. E celebros tamén que a sanción teña sido cousa doada, sin obstrucións que eu barruntaba se produxesen. Polo que me dis, vexo que o *esprito académico* manifestouse por riba das ‘rosmadelas’ consabidas, que eu tamén agardaba. Millor foi así. Creo, coma ti, que o paso é importante en moitos aspectos, dos que non é o

²⁶ No AMR consérvase este rascuño manuscrito e incompleto como resposta á carta anterior. Falta a datación e a parte inicial.

máis leve a fe de vida que a Academia da do seu labor. E si agora se completa co da unificación normativa da lingua, da que me falas, chegaríamos moito mais adiante nas nosas ineludibles aitividades. Tanto unha cousa, xa felizmente feita, como a outra, en proxecto, deben e deberán moito á túa axuda, ós teus intelixentes azos e ó teu afervoadado apoio á Academia, que xa ten contraída contigo unha cuantiosa deuda.

Pareceume do meirande interés a túa entrevista co Constantino García, e participo da túa opinión de que precisamos asociar urxentemente a íl e ó seu equipo ó noso labor lingüístico. Non deixes de seguir *pulsando esa tecla*. De esto e de outras cousas falaremos longamente de eiquí a pouco, pois ben logo, pasados curtos días, reintegrareime á Cruña – e si seguides perdoando xenerosamente a miña forzosa deserción ás tarefas académicas. Namentras, recibe unha forte aperta do teu amigo moi afecto e sinceiro admirador.

40. Carta de Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

Compostela, 9-III-70

Querido Sebastián:

Acabo de recibir do Instituto P. Sarmiento iste recorte do xornal de hoxe coa reseña da derradeira xuntanza, na que, como podes ver, trataron das Normas Ortográficas aprobadas pola Academia e acordaron *seguilas oficialmente nas suas publicacións*. Foi escelente cousa que tomasen ise acordo e, ademáis, que o fixesen público. Como é natural, na lista de entidades e persoas a quenes deberás enviar o exemplar das “Normas” temos que incluír o Instituto P. Sarmiento.

Aínda non tiveron tempo de falar co Constantino verbo do número do Boletín da Academia. Por certo que tomou unha iniciativa moi importante: orgaizar cursos de lingua e cultura galega, pra mestres, na Universidade. Xa falou co Rector e chegaron a un acordo.

Como ves, a evolución dos problemas é rápida, crecentemente rápida. A Academia non pode quedarse atrás. Pra o outono teremos que nos meter a fondo co problema da unificación normativa do idioma.

Deica pronto. Unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

41. Carta de Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

Compostela, 9-III-70

Querido Sebastián:

Mándoche iste comentario que acaba de aparecer na “Vanguardia” de Barcelona sobre a nosa recente unificación ortográfica. Tamén tuven carta do Lapa falando do problema e pedíndome información detallada. Por certo que se mostra moi ledo de que se poida acadar unha colaboración entre a Academia e maila Seición de Románicas, sobre todo en beneficio do noso “Boletín”, cuia misérrima fásquía cultural lle produce arrepío. Pra esta renovación, o Lapa ofrécenos a sua axuda. Volve insistir –dende logo con razón–, na comenencia de reeditar o Martin Codax de Oviedo y Arce. Evidentemente, a Academia deberá levar a cabo unha serie de publicacións importantes –ademáis do “Boletín”– pra acadar unha presenza importante no desenrolo cultural do país.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

42. Escrito de Sebastián Martínez-Risco á Academia (AMR, copia mecanografiada)

[20-03-1970]

Á Xunta de Goberno da *Real Academia Gallega*

O académico que suscribe ten a honra de facerlle presente que desaparecidas as causas da súa obrigada ausencia e restituído de xeito permanente no seu domicilio nesta cidade, coída encontrase de novo en condicións de asumiren a presidencia da Corporación, á que se propón reintegrarse o vindeiro día vinteoito do mes que decorre, si non eisiste acordo impeditivo.

E para o debido coñecemento desa honorable Xunta, fáino así constar, na Cruña, a vinte do marzal do mil novecentos setenta.

43. Carta de Ramón Piñeiro a Basilio Losada (en Piñeiro, & Losada, 2009: 795-799)

Compostela, 22-III-1970

Querido Basilio:

Desgraciadamente, as xestíós co Riquer xa perderon a razón de ser porque ten renunciado á presidencia do tribunal. O Lourenzo saíu perdendo porque o substituíu

un tal Induráin –de Zaragoza– a quen non conocemos nin sabemos onde colga o pote. Foi un descuido, porque cando o Dámaso Alonso lle escribiu falándolle do Lourenzo o Riquer díxolle: “si me avisaras antes, non renunciaba”. Non fagas, xa que logo, a xestión co Noy.

Eu tamén estou de acordo en que a *Historia da literatura galega* prá Alianza Editorial, si chega a ir adiante, non debería facela o Carballo pra evitar a monotónia dos puntos de vista. En realidade, cando falaba desto co Garagorri eu máis ben pensaba en que a fixeses ti. De calquera xeito, si a cousa vai adiante é seguro que me consultarán a min e poderemos influír na decisión.

Xa ves que as *Normas de unificación ortográfica* son abondo prudentes. Parten da realidade actual dentro da evolución cultural da lingua. En conxunto case tódolos académicos coidan que se deberán achegar máis ó portugués, pro tivemos moi en conta que a única cultura gramatical e ortográfica dos mestres e dos nenos (e dos lectores) galegos é a castelá e convén partir dise feito pra facilitar a asimilación do galego como lingua escrita. Dentro de algús anos, cando o cultivo do galego esteña plenamente afianzado, será ocasión de que a mesma Academia dea un paso máis á percura das afinidades posibles do portugués, poisque ó cabo o noso ámbito cultural *natural* é o galego-luso-brasileiro. O que ocorre é que temos que partir da situación creada pola dominación escrusiva do castelán e debemos de seguir un proceso evolutivo gradual, sin caéremos na tentación simplista de aceptar de plano e con carácter definitivo o dominio ortográfico castelán, como tan asañadamente pretende o Manolo Vidán, según terás visto na *Voz de Galicia*. Digo que o terás visto pro, en realidade, na *Voz* non aparece o trasfondo do problema. Como me parece comenente informarte das súas interioridades, velahí os datos ilustrativos.

Hai cousa de ano e medio matinamos algús académicos na necesidade de poñer en marcha unha iniciativa encamiñada á aprobación dunhas *Normas de unificación ortográfica* por parte da Academia. Como na Xunta de Goberno da Academia hai membros –concretamente o Carré– con criterios ortográficos rixidos e hoxe pouco aceptables, decidimos levar o problema polo camiño inverso, creando unha Comisión *espontánea* de académicos –Filgueira, Carballo, Millán e mais eu– que elaborase unha ponencia que se comunicaría aos demais académicos e que, unha vez conocida i en principio aceptada por istes, presentárase oficialmente á Academia pra ser discutida por todos en vista á súa aprobación e publicación ulterior con carácter oficial. No pasado maio, aproveitando unha xuntanza que se celebrou eiquí en Compostela pra tratar dos problemas do bilingüismo sin que tiveramos resolta a unificación ortográfica do galego. Os tres concordaron nesa necesidade e quedamos en falar do asunto canto antes. O Vidán e mailo Morente enteráronse polo Millán desta iniciativa e viñeron á miña casa a pedir que se

incorporase ó Vidán nesa Comisión. Espriqueilles que se trataba dunha Comisión intra-académica, cuio labor seguiría unha tramitación regulamentaria, e que non era viable a incorporación *esceicional* dun membro estra-académico, tanto máis que hai bastantes persoas fóra da academia que terían tantos ou máis méritos que o propio Vidán pra seren incorporadas e non se podía facer unha esceición a favor díl, nin regulamentaria nin moralmente. Con gran asombro, comprobei que non escoitaban en absoluto as razóns que lles daba e limitábanse a insistir teimosamente na súa pretensión. Coa morte do meu pai, que ocorreu aquil mesmo día, eu desentendínme momentaneamente deste asunto e, poucas semás despois, marchamos a América. Cando voltamos, reanudamos as conversas os membros da Comisión, e soupen polo Filgueira que lle tiñan escrito o Vidán e mailo Morente reclamando a incorporación do Vidán á Comisión, carta que Filgueira deixou sin resposta. En vista do silencio do Filgueira, foron á casa do Marino Dónega e pasaron sete horas seguidas insistindo monotonamente na mesma reclamación. Como as explicacións do Dónega viñan ser coincidentes coas miñas –o carácter intra-académico da Comisión–, foron falar co Naya pra lle facer saber que a Academia tiña que consultar co Vidán, e como o Naya nada lles podía resolver, o Vidán emprendeu unha serie de viaxes pra falar co Millán, co Amable Baliñas, co Pepe Manteiga, co Ramón Lourenzo, co crego Consiliario do Ensino, etc., pra os convencer da incompetencia *técnica* da Academia –e nalgúns casos da incompetencia do Carballo– e pra crear un clima de oposición á Academia. O Millán aconselloulle que, si tiña tanto interese en que se conecesen os seus puntos de vista, debía facer un escrito espoñéndoos e enviarllo á Academia, pro eso pareceulle pouca cousa porque entendía que el debía de ser consultado. Na mesma casa do Millán tivo ocasión de ver o borrador da ponencia que discutimos inicialmente os catro. En vista de que a ponencia seguía o seu curso iniciou a serie de artigos na *Voz de Galicia* adicados á cuestión da ortografía.

Ora, nesa rarísima aitude ocúltase a soberba pretensión de que a Academia adoite como oficialmente súa a ortografía imposta por Vidán no *Misal*. Coida que é intolerable e escandaloso que se estableza unha ortografía oficial que non seña a do *Misal*, non só pola vaidade *científica* do autor senón porque o Vidán e mailo Morente metéronse na arriscada aventura de editar pola súa conta –con un empréstimo da Caixa de Aforros– o *Misal*, que se vendeu moitísimo menos do que lles calculaban e percuran que a Comisión Litúrxica interdiocesana o faga oficial –xa o fixo provisionalmente– e desta maneira lles garante a venda. Nesta pretensión tropezarán co incomente de que a Comisión Litúrxica, nos seus textos oficiáis, ten acordado seguir o criterio ortográfico da Academia. De ahí que lles importase tanto impoñer na Academia a ortografía do *Misal*. Xa ves ti, querido Basilio, como os intereses materiáis e mais os espritoáis se mesturan sorprendentemente cando menos agardas.

Na Academia, en cambio, todo ocorreu máis doadamente do que coidabamos. Celebrouse unha sesión extraordinaria pra tratar das *Normas*. Houbo gran animación e un sincero desexo de que a Academia dese ise paso necesario. Presentáronse e discutíronse varias enmendas á ponencia, algunhas das cales foron aprobadas, de xeito que o texto final é en realidade obra colectiva da Corporación. Non houbo atrancos negativos. Si resulta ben iste ensaio, haberá que proceder a unha segunda etapa unificadora nos eidos morfolóxico e sintáctico.

Na miña opinión, as razóns que dás pra renunciar ao convite que che fan os de B. Aires son máis ben infundadas. Dá a impresión de que coidas que o ambiente cultural da nosa colexividade é punto menos que o da Academia platónica. Todos ises distingos de formalidade cualitativa que ti te plantexas, só teñen realidade na túa mente, pro no ambiente da nosa xente de B. Aires sonche verdadeiras *macanas* sin significado algún. Entre un profesor *encargado* de Lingua e Literatura Galega de Universidade de Barcelona e un profesor *titular* de Lingua e Literatura Española de Valladolid, íles non van mirar a titularidade nin a obra, que ben pouco lles interesa na súa realidade ouxetiva, senón que van facer a comparanza estimativa sobre a base de que un diles fala en castelá e o outro fala en galego. Ten en conta que, alí, a vara de medir é emotiva e non conceitual-formal. As categorías que alí teñen vixencia son as emotivas. Cousa distinta é si en realidade che convén ou non íres alá, poisque a túa situación alí –como a de calquera que vaia de eiquí– estará estreitamente vixiada pola Embaixada e pode ter repercusións eiquí no teu encárrago de cátedra, que é moito máis importante que a xeira platense. En todo caso, de íres terás que ter en conta que falar en B. Aires é o mesmo, ou quizais peor, que falar na Cruña ou en Barcelona aos efectos da espreita oficial.

Alégrome que prepares o ensaio sobre Valle e Brecht.

Lembranzas garimosas pra toda a familia e pra ti unha aperta de

Ramón

44. Carta de Carvalho Calero a Fernández del Riego (en Carballo Calero, 2006: 479-482)

Santiago, 16-IV-1970

Sr. Don Francisco Fernández del Riego

Reconquista, 1

Vigo

Meu querido amigo:

Recibín a túa carta do 10.

A nota informativa encol das normas ortográficas, facer, fãgocha. Mandareicha un día déstes.

Canto ao traballo de Zamora Vicente sobre a gheada, non podo decir que non teña necesidade del, pois sempre o necesito. Pero sendo teu non é natural que se prolongue indefinidamente a súa permanencia nas miñas mans. Este traballo está encadernado con outros do mesmo autor, dos cales tamén me é necesario o relativo aos sufixos -ao, -an. Así que, para coonestar eses dous intereses, o teu e o meu, mandaréi o volume, pero ti farás aí tirar fotocopia deses dous traballos, e ma mandarás. Por suposto, coa nota do importe, para que cho abone. Agora ben, esto enlázase coa preparación da terceira edición da *Gramática*. Penso introducir nela máis dados sobre fenómenos dialeitás, e teño que ter á vista os traballos de Zamora Vicente. De xeito que diferiremos, se che parez, o envío ate que prepare a parte correspondente, que está ao principio do libro. Dime se che parez ben esta solución. Se necesitaras urxentemente o traballo, mandariacho de contado, pero entón ti me mandarías fotocopia axiña que a fixeras despóis de recibilo, pois mentras non o teña á vista non podo refundir os pasos correspondentes do meu libro.

A pregunta que me fas de cómo andan as correicións para a terceira edición da *Gramática* déixame un pouco confuso, tanto máis canto me dis que conviría que chas mandase para dar o testo á imprenta. Non sabía que urxira facelo. Teño unha morea de papeletas para mellorar o testo, pero non me preocupéi en absoluto de incorporalas porque agardaba indicación de que xa procedía preparar a nova edición. Ti me falas como se crearas que xa estaba advertido; pero a realidade é que esta carta túa é o primeiro aviso que recibo de que compre preparar o testo. Poréime, pois, a elo. Desfaréi dous exemprares, pegaréinos en follas e sobre elas faréi as correicións i engádegas. Teño preparado un índice alfabético para o mellor manexo do libro, índice que haberá que por de acordo coa paxinación que leve a terceira edición. Tamén ando pensando se incluír ou non algúns dados sobre a lingua arcaica. Para resolver este punto fai o favor de me enviar unha *Gramática* de Tavani, portuguesa. De todos xeitos, eu comezo a traballar inmediatamente na ordenación da terceira edición, que agardo mellore moito a segunda. Aumentará dabondo de volume, aínda que suprimiréi certos pasaxes que perderon actualidade, na Introducción, e, se non a amplío con nocións do galego antigo, tamén algunhas notas que incidentalmente se ocupaban deste. Endebén, se fican cincocentos exemprares da segunda edición, penso que non hai moita presa, pois hai existencias dabondo. ¿Cántos volumes se tiraran?

Vexo que facedes segundas edicións de libros que non me mandades. Non importa se son simples reimpresións. Pero coido que nalgún caso hai novidades.

Entón interésame ter os libros, e como non sempre me enteiro, podo perder unha información que necesito. Así que non deixedes de mos mandar, ou informarme por se me interesa mercalos.

Estóu xa enteiramente desbordado polo traballo. Non podo encher o programa mínimo que me trazo, pois as moitas clases do Instituto e da Universidade, coas súas esmagadores (sic) obrigas de preparación e correicións de exercicios, téñenme totalmente fora de cacho. A famosa *Historia da Literatura II*, adíase máis e máis; e por segunda ou terceira vez por culpa da *Gramática*. Verdadeiramente, non sei qué facer. Esquézome de moitas cousas, porque non teño cabeza para tantas. Unha simple carta que reciba do estranxeiro pedíndome información sobre o galego na Universidade, unha conferencia que me soliciten, pertúrbanme ate o límite da perturbación, tanto máis canto que sei moi ben que ninguén cree que realmente a miña asfisia sexa tan real como o é.

Supoño que irás á Cruña o sábado. Eu, non. Se o domingo non traballo para poñerme ao día ¿cándo o vou facer? Mandéi a miña representación a nome de García Sabell, porque éste é seguro que asistirá. Calquera que sexa o resultado da votación do domingo ficarei disgustado. ¡Mal arranxo ten eso!

Da cadeira de galego, xa sabes o que hai. Nada, ou peor que nada, co que teño que estar pendente sempre de posibilidades, de incertidumes, sen poder organizar un plan racional de traballo, cun tempo razonable de traballo. Resisto moitísimo, pero sin tempo non se pode facer cousa que valla a pena en materias como as que teño entre as mans.

Todo esto non o digo máis que para que non te colla de sorpresa unha súpeta crise, que me produza unha parálise inteleitual que me deixe inútil para o traballo; ou, cando menos reduza a cero o meu rendimento habitual.

¡Con qué gosto prepararía, e con qué esmero, a terceira edición da *Gramática* se dispuxera do tempo humanamente desexable! E agora vou facer ese traballo esganándome, atropelándome, trabucándome, asaíñándome, magoándome, co que non pode menos de resultar peor do que podería ser en circunstancias menos anormás.

Desde logo, xa levo certo tempo preparando a edición dos *Contos* de Fingoy, para a que teño a autorización correspondente. Pero eso, no que me axuda esporádicamente unha discípula, irá polos seus pasos, e non é cousa que urxa, pois o mesmo dá que saia un día que outro.

Apertas

Ricardo

45. Carta de Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

Compostela, 21-IV-70

Querido Sebastián:

Velahí unha lista de persoas ás que se lles debería enviar o folleto coas “Normas Ortográficas”, como xa temos falado.

Temos que preparar unha xestión ben planeada en favor da provisión da cátedra de galego na Universidade. Un día distes irei por ahí e xa falaremos.

Unha forte aperta de

Ramón Piñeiro

[Folio anexo]

Dámaso Alonso (con unha carta anunciándolle que é o primeiro paso prá unificación idiomática que il, con razón, reclama e que confiamos levar a cabo sin demora).

Manuel Rodrigues Lapa. Anadía. Portugal (con unha carta semellante a anterior).

Joseph M. Piel. Casal do Chafariz. Penedo. Colares (Sintra). Portugal (con unha carta semellante ás anteriores, poisque istes tres poden colaborar na futura unificación).

José Luis Pensado. Salamanca (tamén se lle debería escribir en senso semellante aos anteriores).

Constantino García. Departamento de Fololoxía Románica. Facultad de Filosofía y Letras. Santiago (con unha carta máis ou menos semellante).

Instituto P. Sarmiento. Con unha carta agradecendo a colaboración que prestan á Academia na empresa da unificación ortográfica.

Eugenio López. Anunciándolle que a Academia ten en marcha o estudio da plena unificación normativa da nosa lingua e que o teremos informado.

Antonio Pastor de la Medén. Anunciándolle igualmente que é o primeiro paso prá unificación e que se preparan novos pasos que lle serán comunicados. Gustaralle que se lle teña ao tanto e compre cultivar o seu interés polas cousas académicas dado o papel decisivo que ten nas subvencións da F. Barrié.

Cardeal Quiroga Palacios. Como académico extraordinario e como cabeza da eirexa galega.

Bispo auxiliar (Cerviño, non sei o nome). Como presidente da Comisión Litúrxica interdiocesana que ten ao seu cárrego a tradución ao galego dos textos bíblicos e litúrxicos.

Débeselle mandar a Isidoro Millán. Tamén sería ben enviarllo a Filgueira, si é que non se envía a todos os académicos.

Basilio Losada (Débeselle mandar oficialmente por ser o profesor de galego na Universidade de Barcelona).

46. Carta de Basilio Losada ao Departamento de Filoloxía Románica da USC (en Piñeiro, & Losada, 2009: 1052-1053)

Barcelona, 14-III-1971

Departamento de Filoloxía Románica

Universidad de Santiago de Compostela

Meus estimados Srs.

Recebin o *Método* arranxado con tanta habilidade como competencia por ese Departamento. Coido que a súa decisión marca un fito decisivo cara á integración da Universidade na realidade auténtica do país. Dende a miña perspectiva de universitario e de galego vexo a súa iniciativa como o comezo dunha nova etapa de inmediatos e afalagadores resultados pra Galicia. Vaia, pois por diante o meu agradecemento.

Con relación á súa consulta, coido que conviría manterse o mais achegados que se poida ás normas ortográficas de Academia. Precisamente dende Cataluña pódese estimar cabalmente o que supuxo pra o catalán a aceptación cáseque unánime –e agora e dende hai anos unánime de todo– das normas de Fabra aceptadas polo Institut d’Estudis Catalans. Unha duplicidade normativa levaría ao desconcerto aos escritores e aos lectores galegos e non iba a beneficiar a ninguén. Por outra parte, as normas académicas teñen a ventaxa de manter no posible a vencellación do galego ao ámeto lingüístico portugués, do que non convén alonxarnos por unha chea de razóns entre as que conta tamén a difusión dos nosos libros en Portugal e no Brasil. E pra o galego-falante –cando dispoña dunha escola galega– non vai ser esto un tollemento insuperable nin muito menos. Polo contrario, tamén pra o lector galego non tería máis que ventaxas.

O grupo *ct* débese manter, coido eu, na lingua escrita. Non vexo comenente a aceptación de ruralismos que serían rexeitados polo falante culto. E penso que cara ao futuro o ideal é que cada galego-falante sexa un falante culto.

Coido acertada a solución proposta pra o punto 2 e mais o 3.

Na formación dos plurales en *-n*, tamén a forma *irmán-irmáns* penso que é a mellor. Nos plurales das palabras rematadas en *-l*, parécese comenente a forma *-ais*, *-eis*,

que non repugna á concencia actual do galego-falante e que ten a ventaxa de estar máis achegada ao portugués.

No punto 5, a solución por vostedes proposta é a única aceptable.

Agradézolle a atención cara a min que supón esta consulta. Unha vez máis quéroilles siñificar a miña satisfacción pola súa iniciativa. O valor do seu esforzo, ímolo ver no futuro, e xa resulta prazenteiro dabondo ver como a nosa Universidade vai afincando as súas raiceiras no país real.

Estou ao seu dispor pra canto gosten

B. Losada

47. Carta de Ramón Piñeiro a Basilio Losada (en Piñeiro, & Losada, 2009: 848-850)

Compostela, 22-III-1971

Querido Basilio:

O sábado celebrouse a xuntanza idiomática convocada polo Departamento de Filoloxía Románica. Acudiron arredor de 30 persoas de distintas cidades –Cruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago, Monforte–, e durou dende as 11 da mañá hastra as 7 da tarde, con un breve intervalo pra o xantar colectivo no bar da Universidade.

Como che tiña dito, no ámbito interno do Departamento fôrase desenvolvendo unha tendencia autarquizante e unha certa tensión –non moi disimulada– coa Academia. Tratouse de presentar como un fronte de *novos lingüistas* e outro de *vellos académicos*, o primeiro baseado na *ciencia* e o segundo na *literatura* (pronunciando esta palabra co desdén con que un positivista pronuncia a palabra *metafísica*), e, en realidade, na lista dos convidados percibíase a intención de asegurar o predominio do Dep. fronte aos *vellos académicos*. Con todo, ocorreu unha cousa excelente: que nas respostas que foron recibindo, tanto de novos como de vellos, aparecía moi crara a adhesión á autoridade da Academia. Non en todas, pro sí en moitas.

O xefe do Dep., Constantino García, decatouse moi ben do panorama e actuou con moito tino. Comenzou por declarar que por ter a Universidade a responsabilidade idiomática dos textos escolares pra o ensino do galego –responsabilidade encomendada recentemente polo ICE–, decidiran facer un Método en tres grados que será editado oficialmente pola Universidade. Que pra estes textos escolares cómpre unificar o galego, e que o Dep. leva a cabo esa iniciativa unificadora “sin máis pretensións que esas do uso escolar e sin pretender entrar na esfera propia da

Academia⁷. Esta declaración previa, feita con certo instinto diplomático, dispou os receos e facilitou o desenvolvemento do coloquio, que foi aberto e cordial, ás veces abondo vivo e movido.

A maioría das opinións concordaron nos seguintes puntos:

Sufixo -ANU, -an (irmán)

Sufixo -ANA, -a (irmá)

Plural nomes en -n, ns (irmáns, cans)

Plural nomes -l, -is (animáis, papéis); os monosílabos, en es: val-es, pel-es, sol-es, frof-es, así como os seus compostos pousafol-es, chuchamel-es, etc.

Conservación grupo -ct- nos cultismos.

Acentuación etimolóxica nos imperfectos: amabámos, levabámos.

Houbo moito debate no tocante a estas dúas formas: *colle-lo* millo e *coller* o millo, *todolos* e *todos os*, *millolo farías* e *millor o farías*, etc. A postura do Dep. era moi rixida neste punto a favor das formas enclíticas.

En xeral, o Dep. tiña —e sigue tendo— dous puntos de vista fundamentais: non distinguir entre lingua falada e lingua escrita (poderíase decir que todo o reducen á fala) e o fanatismo antiportugués.

Para che resumir a miña impresión direiche que é francamente boa, porque quedou anulada a pretensión encuberta de desplazar á Academia e porque o Dep. tuvo ocasión de comprobar que no país hai gran preocupación polo problema da lingua e solidariedade coa Academia, ademais de comprobar igualmente que o sentir da maioría non coincidía con todas as formas propostas por eles.

Debo insistir, dende logo, en que a prudencia, a habilidade (sic) e o tino de Constantino foron a clave do éxito do Coloquio.

A Academia prepara as *Normas de unificación morfolóxica*. Afortunadamente, moitas delas coinciden coas que eiquí apoiaba a maioría, así que o Coloquio resultaralles útil. Xa che mandaremos copia da ponencia pra que digas o teu parecer como académico.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

48. Carta de Basilio Losada a Ramón Piñeiro (en Piñeiro, & Losada, 2009: 850-852)

Barcelona, 26-III-1971

Sr. D. Ramón Piñeiro

Compostela

Meu querido amigo:

Esperaba con impaciencia os resultados da xuntanza do día 20. Penso que foi unha data crucial prá nosa lingua, e polo visto afortunadamente superada. O que resulta incomprensible é a actitude do Departamento, prantexando a custión dun enfrentamento ca Academia nun intre en que semellaba que as normas académicas foran aceptadas sin reservas. Unha duplicidade normativa sería agora unha catástrofe. Eu xa falara desto acó co Alonso Montero. Realmente o fonetismo extremo que eles propuñan obrigaría a escribir en castelán, *soldao*, *marcao*, ou aquela coña unamuniana de *ca pan calá*. Poida que o resultado final deste conflito sexa a posibilidade dunha colaboración futura entre o Departamento e mais a Academia, que é o que sería desexable.

Supoño que nos veremos en Pamplona. Eu irei no auto e penso chegar aló o día 3 pola noite. Onte estiven falando con Badía – imos ser compañeiros nun programa da Universidade de Illinois en Barcelona– e sei que eles van carregados de custións e cun equipo de xente, co inefable Aramon coma bandeirante.

Entreguei antonte pra editar en Ocnos un libro baixo o título de *Poetas gallegos de posguerra*. En realidade é a vella escolma que fixen pra *Claraboya*, moi ampliada no limiar e na aportación dos poetas. Farán unha tirada de 3.000 exemplares cunha presentación moi fermosa. A escolma de Rosalía, que tiñan previsto os de Salvat publicar xa o mes pasado, vana deixar pra encetar a nova serie de libros RTV.

Anda por acó o bon do Ortiz Alonso, que hoxe abre unha exposición na Sala Rovira. O que lle vin paréceme un paso atrás. Introduciu nos seus vellos esquemas líricos e informalistas –que é a súa línea máis válida– unha carga de colaxes, fotos, etc., e o resultado non é precisamente bon. Pola contra, ten augafortes espléndidos. Tamén hoxe o Blanco-Amor –incorporado ao equipo de Ricard Salvat e ao Teatro Nacional de Barcelona– estrena unha adaptación de *El caballero de Olmedo*. Pódelle dar algúns cartos. Sei que andaba un pouco escorado economicamente. Eu presenteille a Salvat e ligaron ben, no senso profesional –claro– e poden facer boas cousas. Salvat sigue co seu vello proxecto de poñer en escea o seu *Castelao y su tiempo*, cando llo permita a censura.

O día 13 morreu a miña tía Josefa, despois dunha tremenda agonía. Os seis meses derradeiros foron de proba pra min, non sólo no aspecto espritoal senón tamén no do esforzo físico. Tiña que pasar as noites –cáseque todas– a carón dela, e a presenza do dolor, así tan brutal, desfáciame. Despois pasei pola proba esperpéntica do enterro, tamén terrible. Pra que collera na tumba tiveron que esmagar o cadáver do meu pai. Foi unha escena de arrepío. Todo pasou, e agora espero que a vida siga o seu xeito normal. Un destes días vai saír a miña mai pra Lugo. Logo eu irei recollela a finais de xunio. Aproveitarei pra facer unha escapada a Sada, pra ver o Museo Maside, e pasarei tamén por Compostela.

Estes días ofrecéronme un posto de profesor nun programa da Universidade de Illinois en Barcelona. A cousa está moi ben. Tiven tamén unha oferta pra ir aló, de profesor. Poida que máis adiante faga tamén a miña esperencia americana por un período de un par de anos.

Teño pra *Grial* unha versión boa de Rimbaud, feita por un rapaz de acá, X[oán] X[esús] González Gómez. Heicha mandar por si vos interesa publicala. O que pasa é que resulta un pouco longa de máis.

¿Quen é o Anaya ese que fixo o traballo encol da depresión cultural galega? O traballo gustoume moito. Acó, Joaquim Marco vaille facer un comentario. Heicho mandar.

Unha aperta. Saúdos a Isabel.

Basilio

49. Carta de Ramón Piñeiro a Basilio Losada (en Piñeiro, & Losada, 2009: 863-864)

Compostela, 27-V-1971

Querido Basilio:

Recibín a túa carta. Nefeito eu dinlle ao Prado Coelho o teu nome pra comentar libros galegos na revista *Colóquio*, que el dirixe. A difusión da revista é moi ampla, tanto no mundo lusíada como nos centros lusófilos. Mesmo por eso, é un excelente vehículo pra dar a conocer neses ámbitos a nosa realidade cultural. Coido que os comentarios debes facelos en galego, si ben acentuando as afinidades.

O libro universitario quedou ben e ten grande éxito no público. Evidentemente, no Seminario de Filoloxía Románica hai prexuícios que se refrexan no libro. Teñen a visión de fonetistas e de dialectólogos, que xa é de seu unha limitación –ja eterna limitación da técnica!–, e a maiores uns certos prexuícios antiacadémicos

e anti-varias-cousas. O Constantino, en realidade, leva a iniciativa, o peso e a responsabilidade da promoción realizadora, pro nos problemas do galego acepta os puntos de vista dos seus colaboradores. En todo caso, non se deixou arrastrar a un enfrentamento coa Academia e fixo o necesario pra o evitar. Penso –e neso coincide o mesmo Constantino– que as discrepancias son secundarias e non val a pena resaltalas. O que pasa é que o criterio da Academia é un criterio no que se pensa a lingua como instrumento *culto* de cultura e non como mero instrumento oral de comunicación. Pártese da distinción entre a lingua coloquial e a lingua escrita. Esta segunda pode unificarse; a primeira, non. Para os do Seminario, a única realidade é a lingua falada. Non comprenden a perspectiva cultural do problema. De tódolos xeitos, a Academia proseguirá o seu labor na liña do seu criterio. En definitiva, os escritores serán quen es decidan. Que haxa unhas certas diverxencias, non é grave.

Alégrome ben que veñas con vagar. Falaremos longamente.

Xa ves que a censura vai endurecéndose.

Unha forte aperta de

Ramón

Podes aconsellarlles aos do Centro Gallego que escriban á Universidade felicitándoa polo *Método*. Sería ben que recibisen prácomes.

Aínda non puíden ler a tradución de Rimbaud. Teño lido cousas interesantes dise rapaz na páxina literaria do *Progreso*.

Hai xente nova que val, pro non forman parte da rolada Alonso-Manuel María.

50. Carta de Carvalho Calero e Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (ARA)

Compostela, 9 de xuño de 1971

Sr. D. Sebastián Martínez-Risco

Presidente da Real Academia Galega

A Cruña

Querido Presidente e amigo:

Prácenos enviar a adxunta proposta con unhas normas para a unificación morfolóxica da nosa lingua, continuación das normas ortográficas anteriormente aprobadas.

Pola importancia do problema e pola responsabilidade da Academia na súa orientación, coidamos que é urxente a decisión do noso Rexio Instituto sobre esta cuestión. Con tal fin permitímonos rogar a esa Xunta de Goberno que faga os trámites oportunos coa maior rapidez posíbel.

Un cordial saúdo

R. Carballo Calero Ramón Piñeiro

[Texto anexo]

ALGUNHAS NORMAS PARA A UNIFICACIÓN MORFOLÓXICA DA LINGUA GALEGA²⁷

Introducción

Cando a Academia Galega publicou as *Normas Ortográficas* aprobadas con data 15 de febreiro de 1.970, iniciou con cautela que parecêu prudente o labor de ordenación do idioma. Para proseguir ese labor era preciso, en primeiro termo, abordar algúns problemas de morfoloxía, co propósito de avanzar uns pasos decisivos na unificación da lingua escrita, aspiración que por todas partes se manifesta na actualidade.

Xa se comprende que, aparte da ortografía e da morfoloxía, a codificación dun idioma literario abranxe outros aspectos. Mais, dunha banda, non é natural forzar académicamente esa modificación, sen agardar a que a lingua, en liberal competencia de formas, madure para ese fin. Por outro lado, se recae acordo sobre un determinado número de puntos ouxeto de controversia, referentes á forma das palabras, a lingua adquirirá inmediateamente unha coloración uniforme, á que non afectarán os posíbeis matices que nalgún escritor sinalan pequenas inflexións, as cales apenas serán variantes estilísticas que irán fundíndose en solucións unitarias, polo libre xogo de contraste, conforme o tempo transcurra.

Propor, pois, un mínimo de normas para o uso da lingua escrita, que, naturalmente, co avance cultural, repercutirán, en maior ou menor medida, na falada, semellou o ouxetivo máis realista nas actuáis circunstancias. Elexíronse quince estremos. É razoábel pensar que son número axeitado para imprimir á lingua literaria a necesaria e suficiente fixeza.

Como se indicou, estas normas refírense á forma das palabras, pero non en termos absolutos. O punto 1, propiamente ortográfico, entraña decisións que afectan á fonética. ¿E quen poderá xebrar con nidia precisión os aspectos da lingua?

27 Reprodúcese a copia que figura no AMR e que vai asinada polos tres autores da proposta, pois presenta substanciais e significativas variacións a respecto das normas finalmente aprobadas e editadas pola Academia (cf. Real Academia Gallega, 1971: 19-30). Nesta copia en primeiro lugar figuran as “Normas” e a seguir a “Introducción”, mais supomos que se trata só dun desaxuste na ordenación.

Chamamos ás presentes “Normas morfolóxicas” porque eso son principalmente, e porque semella aconsellábel un tíduo conciso e orientador; mais temos de entender a expresión nun sentido máis indicativo que definitivo.

Consideramos que as referencias de gramática histórica que se fan en ocasións, eran indispensábeis. Elas permiten sistematizar e reducir a orden os problemas, que de outro xeito se resolverían nunha casuística complicada e de aparencia arbitraria. Pomos, con estas normas, as bases dunha unificación da lingua escrita; pero non pretendemos escribir un método elemental de ensino do galego. Os profesores haberán de axear ao grao correspondente a formulación das regras que aquí lles ofrecemos. O mesmo que no caso das normas ortográficas, estas han ser explicadas polo docente ao alumnado, e traducidas en versións mais populares cando sexa preciso. Pero esas versións, para ser eficaces, amiude terán de ser provisionalmente inesactas, xa que non hai pedagogía que permita insinalo todo dunha vez. Endebén, aquí debiamos rexistrar as normas coa máxima precisión, para o cal as referencias históricas ofrecíannos moitas veces o único método axeitado.

Ben se deixa entender que esta precisión de que falamos é a compatíbel coa realidade da lingua, como se forxa a vida, na inseguridade, na contradición e na dúbida. O que quera unha solución absoluta, unívoca e escluinte para cada problema que lle presente a lingua, o que reclama unha fórmula matemática para cada feito da fala, deberá percurala no cultivo do esperanto ou de calquera outra lingua artificial que, mentras non se defronte verdadeiramente co mundo real que ten de espresar, poderá manter precariamente a regularidade sen eisceicións do seu código.

Así, a Academia non pretendéu forzar a simetría do idioma, encaixándoo dogmáticamente nunha escritura ríspeta. Apenas quer codificalo en contornos que o perfilen ordenadamente.

É principio fundamental o recoñecemento da evolución das leis do idioma, que determinan camadas diversas de vocábulos. As leis teñen unha idade: xorden, modifícanse, crúzanse, caducan. Non podemos inmovilizar o idioma de acordo cunha organización teórica dos seus elementos. Aínda nunha consideración sincrónica, o sistema lingüístico no momento dado é resultado do equilibrio de forzas de distinta antigüidade. Mantéñense os resultados de normas vedrañas acarón de novas formacións producidas por normas insurxentes. Sería desasisado impor, por exemplo, unha solución única cando a lingua real nos presenta tres solucións históricas, que conviven como na sociedade conviven as distintas xeneracións.

Se cadra, o estudioso quixera que se lle informara en casos como o suposto en qué estrato, e por tanto con qué forma, deberá considerar integrado un vocábulo determinado, sobre cúa posición histórica se lle prantean dúbidas. Estas normas non poden suplir un dicionario ou unha gramática oficial que, mediante a oportuna

consulta, resolvería o problema. Hai moitos idiomas que endexamáis contaron con tal dicionario e tal gramática, e atinxiron un nivel altísimo de sistematización e coerenza. Como no caso dos falantes deses idiomas, o estudioso da nosa hipótese pode acudir aos dicionarios e gramáticas de máis creto de autoría particular. O labor académico consagra un fenómeno lingüístico, pero non o crea.

A Academia, neste caso, codificou as normas xa conservadas polo pobo e polos escritores, tendo presente todo o desenrolo histórico da lingua. As formas maioritarias de máis prestixio son as xeralmente adoutadas. Como unha fixación da lingua supón unha lingua literaria, a tradición neste aspecto considérase de especial virtude. Certas formas estendidas na fala vulgar durante os séculos en que cesou o cultivo literario e que son craramente esóxenas, e pugnan con rasgos esenciais do galego, non son admitidas, e prescribense as enxebres, conservadas como minoritarias ou cultas, ou ben restauradas por un movemento de reactivación literaria do idioma. Non se pretende, endebén, refacer a lingua de outrora como se resusta (sic) un corpo morto, e foron, naturalmente, aceptadas formas que evidentemente proceden dun influxo de adstrato ou superestrato. A relación do galego coas linguas oficiáis dos dous estados peninsulares, relación que preside a realidade da súa existencia histórica e actual, desemboca nun matizado xogo de dependencia que hai que ordenar e equilibrar nunha dosificación axeitada, se o que se pretende, como se pretende, é manter o galego en forma literaria, non como fala local confinada á expresión da vida rústica na súa elemental economía.

Xa se comprenderá que a formulación das normas que seguen non se levou á práctica sen longas consultas que, dun xeito ou outro, supuxeron a toma en consideración de canta realidade lingüística e de canta opinión competente foi posíbel arrecadar. O feito de que tal punto non estableceza como normativo o uso de determinada comarca ou a solución proposta por este ou estoutro tratadista, siñifica que nese caso semellou atinada outra decisión, e non que as non recollidas non foran coidadosamente estimadas e renunciadas sen mágoa perante a necesidade imperiosa de eleixir, con todos os riscos que unha elección comporta.

Por suposto, foron tidas en conta as distintas modalidades do galego literario. Tomouse nota dos precedentes rexistrados en anteriores ensaios de codificación, nos tratados e dicionarios existentes, así como nas manifestacións formuladas en ocasións diversas por persoas con axeitado títuo, lingüistas de oficio ou escritores de creto. Especial interés revestiron para a adoución de normas os traballos do Seminario de Estudos Galegos, da cadeira de Lingüística e Literatura galega da Universidade de Santiago, do Departamento de Filoloxía Románica do mesmo Centro superior, do Seminario didáctico da lingua galega, celebrado en Vigo en 1966, como as consultas espresamente elevadas a especialistas do país ou estranxeiros. En fin, percurouse a máis ampla información, en todos os sentidos, antes de decidir.

A esta copiosa laboura previa, que a prudencia e a modestia aconsellaban, correspondéu o limitado da codificación como aconsellaban a mesma modestia e a mesma prudencia. Xa fican explicados os motivos polos que, de momento, reducíronse a un mínimo os puntos codificados. Agora será oportuno razoar brevemente os criterios seguidos en cada caso.

1. Fenómenos fonéticos dialectáis, carentes de trascendencia semántica, non teñen por qué refrexarse na lingua escrita. Son vulgarismos de cor local, que non deben afectar á morfoloxía da lingua literaria.
2. Non se pode consagrar a reposición do -l- intervocálico, cuia caída é característica do galego, na formación dos plurais dos nomes, agás o caso dos monosílabos. A solución que recomendamos, característica hoxe do galego oriental, non resulta violenta para ningún galego, coincide co portugués e está abonada historicamente.
3. A tradición literaria máis abundante, representada por Rosalía, Pondal, Castelao, Amado Carballo, Manuel Antonio, consagra o mantemento do -n nos plurais.
4. Non haberá controversia sobre o carácter común das formas que se establecen fronte ao dialectal das que se esclúen.
- 5, 6, 7. Só a historia de cada palabra pódenos decidir a incluíla nunha ou noutra camada léxica. Serían de desexar inventarios a este respecto.
8. Seguimos a tradición literaria máis prestixiosa.
9. A solución adoptada permite a flexión -an/-a (masculino/femenino), i está apoiada na fala de varias comarcas de Galicia.
10. *Estábil*, *semellábel*, *móvel* son solucións que aparecen nos documentos galegos desde o século XIII. Están, pois, abonadas pola historia. Coinciden coa norma portuguesa actual. Igualmente está documentado o plural *mouuis*.
11. Sería artificioso de máis manter nas voces cultas ou modernas os sufixos -zon, -zo, -za, que deixaron de ter vitalidade.
12. As formas que eliden a sílaba -de son vulgarismos ou produto da erosión da lingua oficial.
13. Convén salvar a distinción entre o dativo singular e o plural do pronome de terceira persoa cando contrae co acusativo do mesmo vocábulo.
14. Pronunciámonos pola distinción, doada de ouservar, entre as (sic) verbos das tres conxugacións.
15. Tamén aquí hai que aplicar a doutrina dos estratos para evitar hiperenxebri-mos.

Normas

1.- Non se rexistran na escrita os fenómenos dialectáis de tipo puramente fonético, como son a gheada, o *-e* paragóxico, o *i* (ou *u*) epentético en fonética sintáctica, e certas matáteses con síncopas que a tradición literaria máis firme considera vulgarismos. Así, non escribiremos **ghalo* (ou **jalo*, ou calquer outra versión gráfica que trate de recoller a aspiración ou enxordemento do *g*-); **sereixa*, **lus*; **mullere*; **a iauga*; **drento*; **dreito*, senón *galo*; *cereixa*, *luz*; *muller*; *a auga*; *dentro*; *dereito*.

2.- Na formación dos plurais dos nomes –sustantivos, adxetivos, pronomes– rematados en *-l* hai que distinguir o caso dos monosílabos e o dos que teñen máis dunha sílaba. Os monosílabos forman o plural engadindo o morfema *-es*: *mal*, *males*; *mel*, *meles*; *mil*, *miles*; *mol*, *moles*; *tul*, *tules*. Os polisílabos substitúen *-l* por *-is*: *animal*, *animáis*; *papel*, *papéis*; *cadril*, *cadris*, *español*, *españóis*, *azul*, *azúis*. Mantéñese esta norma no caso de que o acento da palabra non vaia na vocal que precede ao *-l*: *increíbel*, *increíbeis*; *útil*, *utis*. Como se ve nos exemplos propostos, o sufixo *-is* funde na escrita o seu *-i* co *i* do singular que resulte inmediato pola perda do *l*: *cadris*, *utis*. Hai palabras compostas de monosílabos nos que estes seguen a regra correspondente: así, o plural de *aquel* é *aqueles*, o de *pirifol*, *pirifoles*.

3.- Os nomes rematados en *-n* forman o seu plural engadindo *-s*: *irmáns*, *roibéns*, *xazmíns*, *lacóns*, *uns*. Mantéñese esta norma no caso de que o acento da palabra non caia na vocal que precede ao *-n*: *xovens*.

4.- Considéranse dialectáis as formas de diptongos *ai*, *au*, *ui* cando se opoñen ás comúns *ei*, *ou*, *oi*, que son as usadas no galego escrito. Así, escribiráse *eira*, non *aira*; *outro*, non *autro*; *loita*, non *luita*. Os diptongos *ai*, *au*, *ui*, pois, persistirán na escrita só nos casos en que non se dea dialectalmente a indicada alternancia: *hai*, *autor*, *suido*, cultismos as máis veces.

5.- No tratamento dos grupos latinos iniciáis CL-, PL-, FL-, hai que distinguir tres estratos, según a antigüidade das palabras. Estas poden ser patrimoniáis, semicultismos e cultismos. Nas primeiras, CL-, PL-, FL-, dan *ch-*: *chamar*; *chan*, *cheirar*; nas segundas, *cr-*: *crego*, *preito*, *fror*; nas terceiras, mantéñense os grupos dos étimos: *clima*, *plétora*, *flabelo*.

6.- Os mesmos estratos hai que distinguir no caso do grupo interior -CT-. Primeiro estrato, solución *-it-*: *eito*. Segundo estrato, solución *-ut-*: *doutor*. Terceiro estrato, mantéñese o grupo etimolóxico: *acto*.

7.- No caso do grupo -PL- –cando non desembocou nun sonido palatal– distínguense dous estratos. No máis antigo a solución é *-br-*: *dobre*, *cobre*. Na maioría dos casos, trátase de cultismos que manteñen o grupo orixinario: *simple*, *templo*, e constitúen o segundo estrato.

8.- Nos vocablos que a lingua recibiu en herdo, a solución do sufixo -ANU é *-an: irmán*.

9.- En palabras igualmente tradicionáis, o sufixo -ANA fica resolto en *-á: irmá, mazá*.

10. O sufixo latino *-bile*, propio de adxetivos incorporados á lingua cando ésta xa estaba formada, resólvese en *-bel: estábel, solúbel*. Fican coas súas formas primitivas aqueles poucos vocábulos que nos foron legados pola lingua antiga, como *nobre*, e os cultismos usuáis, como *móvil, débil*.

11.- Agás nas palabras tradicionáis, documentadas no galego histórico, ou vivas na fala actual, que manteñen as súas desinencias, como *benzón, vezo, priguiza*, os sufixos latinos *-tione, -tiu, -tia* resólvense hoxe en *-ción, -cio, -cia*. Escribiremos, pois, *resolución, trapecio, Galicia*.

12.- Mantéñese sen esceición o final *-de* procedente de *-TE*, nominal e verbal: *bondade, virtude, falade, saíde*.

13.- A concurrencia de dativo do pronome persoal de terceira persoa plural *lles* coas formas do acusativo do mesmo pronome, *o, a, os, as*, resólvese en *llelo-a-os-as*.

14.- Os verbos de infinitivo en *-ar* fan en *-óu* a terceira persoa de singular do pretérito perfecto simple (pretérito indefinido); os do infinitivo en *-er* fan en *-éu* esa mesma forma verbal; e fana en *íu* os do infinitivo en *-ir: falou, batéu, saíu*.

15.- Agás verbas hereditarias como *falcoeiro, lacoeiro, ladroeiro, padroádigo, razoar*, aquelas que rematan en *-n* conservarán este *n* nos derivados: *Cancioneiro, funcionario, pensionar*.

Xosé Filgueira

R. Carballo Calero

Ramón Piñeiro

51. Carta de Ramón Piñeiro a Basilio Losada (en Piñeiro, & Losada, 2009: 865)

[Compostela, verán 1971]

Querido Basilio:

Contabamos que viñeras por eiquí neste mes, como nos tiñas anunciado, e non apareciches. ¿Que ocorreu pra modificares os teus plans?

Como podes ver, a Universidade dá un novo e interesante paso no terreo idiomático.

A Academia está a preparar as normas para a unificación morfolóxica da lingua.

O Cunqueiro, levado pola emoción xornalística, publicou hoxe no *Faro* a ponencia que presentamos o Filgueira, o Carballo e mais eu. En realidade haberá modificacións, así que ben puido agardar para dalas a conocer en versión definitiva. Hai unha importante enmenda á norma 2, que eu apoiarei canto poida porque me parece moi asisada. Coido que prosperará, co cal ganará notablemente o conxunto das Normas.

Apertas nosas para todos

Ramón

52. Carta de Vales Villamarín a Carvalho Calero (ARA, copia mecanografiada)

10 de xullo do 1971

Sr. D. Ricardo Carballo Calero

Santiago

Estimado Ricardo:

Estóu facendo a toda presa copia das normas para mandala inmediatamente ao prelo, mais antes desexo que vostede –se lle parece ben– me puntualice este extremo: o vocábulo *reás* ¿debe figurar no texto –apartado 2– como unha excepción da regra ou silenciámos o caso?

Prégolle unha rápida resposta.

Unha moi forte e fraternal aperta

(Francisco Vales Villamarín)

53. Carta de Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

Compostela, 12-X-71

Benquerido Sebastián:

Recibín, hai días, o folleto da Academia coas Normas de unificación do noso idioma. Quedóu ben a edición. Eu alegreime moito e aínda che podó decir que me emocionéi, porque detrás dese folleto ocúltanse bastantes horas de preocupación e de xestión. Agora, unha vez publicado, ninguén poderá decir –como viñan decindo–

que a Academia non cumpre coa súa misión no tocante á lingua. Ese folleto faina presente –inevitabilmente presente– no proceso unificador. Que sigan ou non as nosas Normas, ahí están. Sobre esta base global como punto de partida, teremos que seguir dando pasos adiante e publicando de vez en cando, mesmo nos xornáis, acordos orientadores sobre problemas da lingua.

Temos que aproveitar a oportunidade da aparición do folleto para que a Academia se faga presente en moitas entidades que a desconocen ou teñen unha idea vaga e distante da súa existencia. Dentro de dez ou doce días hei de ir por ahí –agora non podo porque teño que facer un viaxe– e xa falaremos de todo esto.

Para mandar a varios profesores e escritores que viven fora de Galicia pedín 15 exemplares do folleto á Academia, dende logo coa intención de os pagar. Comunicáme o Naya que mos enviades gratis, dada a finalidade que sirven. Pola miña parte, moi agradecido.

Unha cordial aperta do teu amigo

Ramón

54. Carta de Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

Compostela, 12-XI-71

Querido Sebastián:

Recibín esta carta do Sixto. Trátase, dende logo, dunha carta absolutamente privada –confidencial mesmo–, pro que me parece comenente que tu conozas, tamén confidencialmente.

Confésoche que me produciu certa mágoa a nosa pouca diplomacia, pois é ben certo que o 15 de xullo o Patronato Rosalía de Castro proporcionoulle á Academia unha ocasión moi honrosa de facer pública e solemne proclamación, ante o pobo e as autoridades, de un dos acordos máis trascendentes na historia da nosa Academia: a unificación idiomática. Nada nos costaba –ademáis de ser xusto– facer un recoñecemento da importancia daquel acto padronés, tanto polo que representa de homenaxe a Rosalía como pola significación que ten para a historia da nosa lingua.

A min dóeme máis porque eu mesmo movilizara no seu día o entusiasmo do Patronato para darlle á Academia unha espléndida ocasión de amosar unha presenza activa ante o país.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

55. Carta de Sebastián Martínez-Risco a Ramón Piñeiro (AMR, copia mecanografada)

1 de Nadal de 1971

Sr. D. Ramón Piñeiro López

Compostela

Meu caro Ramón:

Recibín a carta na que me inclúes outra de Sixto laiándose de non figurar na reseña da nosa derradeira sesión académica o acto de inauguración da Casa-Museu de Rosalía, e xuzgando que o dito acto debeu ser recollido nas actas da Academia. Non existe para a queixa motivo algún, pois non se da ningunha de ambas omisións. Certo que non se informou á Xunta ordinaria do 31 de outubro do devandito acto; mais o motivo é ben craro, como comprenderás axiña e aspiro tamén a que o comprenda Sixto. A Xunta de goberno da nosa Academia adoita, como é debido, informar á Xunta ordinaria de todos aqueles actos ou acontecementos académicos ocorridos dende a derradeira, dos que os numerarios non tiveran, naquila xeira, coñecemento; e dase o caso –que poderás comprobar pola serocopia de *saúdo* que te adxunto– de que do acto en cuestión foron a seu tempo persoal e individualmente enterados todos e cada un dos Académicos de número, a maior parte dos cauais –senón todos– estiveron presentes no solene acto de Padrón. ¿Qué ouxeto tiña, entón, que a Xunta de goberno, e eu como a súa cabeza, *informase* dil aos Académicos? Esa é, sen dúbida, a razón de que tampouco ningún dos numerarios asistentes fixese manifestacións referentes ao asunto –que de ter sido feitas figurarían, craro está, na acta da sesión–, por mais que todos iles, e entre iles eu, celebrárono no seu momento.

Tampouco ten lugar a queixa de Sixto en canto a que a data do 15 de xulio non fose recollida nas actas da Academia; pois figura reiteradamente nas da Xunta de goberno –que reflexan a historia puntual da Corporación– dende o primeiro ate o derradeiro momento daquela saínte celebración.

Creo, pois, amigo Ramón, que podes desbotar a túa mágoa polas pretendidas omisións, e o amigo Sixto a queixa da que, con visos de censura, che fixo partícipe. Certo que, coma tí dis, o Patronato Rosalía de Castro proporcionoulle a Academia honrosa ocasión de facer pública a promulgación das *Normas ortográficas e morfolóxicas* do noso idioma; mais tamén creo certo que a Academia cumpriu coa súa adhesión afervoadada e a súa asistencia masiva aos actos de Padrón.

Unha cordial aperta de teu bó amigo

Sebastián M. Risco

56. Escrito do Instituto Eusebio da Guarda ao presidente da RAG (AMR)

Instituto Nacional de Enseñanza Meida “Eusebio da Guarda”

La Coruña

La Coruña, 4-II-72

Sr. D. Sebastián Martínez-Risco

Presidente de la Real Academia Gallega

La Coruña

Mi querido amigo y compañero:

Contestando a su amable carta, fecha 26 de enero próximo pasado, tengo el gusto de adjuntar a ésta los informes que he recogido en los Institutos de Enseñanza Media de esta ciudad, con respecto a la información atinente a la enseñanza de la lengua gallega en los mismos.

Muy atentamente le saluda, con un cordial abrazo de su buen amigo,

A. Meijide

En noviembre de 1971, en la ciudad de Santiago, se celebró una reunión de los Directores de Instituto de E. Media de Galicia. Además de éstos, asistieron a la misma D. Ricardo Carballo Calero, Prof. Encargado de la Cátedra de Lengua y Cultura Gallega de la Universidad compostelana; Don Constantino García y Don Manuel Díaz, Catedráticos de Lingüística y Latín de la expresada Universidad, respectivamente; y los Inspectores de E. Media del Distrito Universitario, Srs. Gayoso Díaz y Fernández de Penedo.

A instancias del Instituto de Lengua y Cultura Gallega, adscrito a la Facultad de Filosofía y Letras, en la citada reunión fue acordada, siguiendo el espíritu de la Ley General de Educación, la medida de impartir –a nivel de Distrito– la enseñanza del gallego en los Institutos de E. Media, en el 5º curso del actual Bachillerato, en los Centros donde fuera factible de conformidad con la dotación de Profesorado idóneo disponible para dicha enseñanza. Y se acordó que ésta fuese: 1), con carácter de voluntariedad para el alumnado; 2), a título experimental; y 3), sin validez académica.

Por lo que respecta a La Coruña, actualmente ya se están impartiendo dichas clases de lengua vernácula, siguiendo el método titulado “GALLEGO. 1” (texto editado por la Cátedra de Lengua y Cultura Gallegas de la Universidad compostelana), en

dos Institutos: en el “Eusebio Da Guarda” (femenino) y en el “Agra del Orzán” (mixto). La enseñanza está a cargo de los Profesores de Literatura, Don Raimundo Pereiro Vázquez y Don Santiago Portela Covelo, respectivamente.

En cuanto a los Institutos Masculino y de Monelos, está programada la implantación de esta enseñanza por los Srs. Vidán Maceira y Fraga García, Profesores de Latín y Literatura, respectivamente, y únicamente se está pendiente para dar comenzo a las clases a resolver cuestiones de horario.

57. Carta de Xaime Seixas Subirá a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

17 xaneiro 1972

Señor Don Sebastián Martínez Risco

Presidente da “Real Academia Galega”

A Cruña

Distinguido amigo,

Veño de leer con ledicia a nova da sua conferencia en Vigo encol do noso idioma.

E vexo no sumario da conferencia que toca vostede tamén o rol da língoa na liturxia da Eirexa.

Eis por iso que teño o atrevimento de escribirlle ista letra para decirlle que eiquí temos unha “Comunidade de Vida Cristiá” (da que eu son o asesor relixioso) no seo da cal hai unha seición de liturxia.

Ista seición, formada por leigos, traballa no espallamento da nosa liturxia. Según os datos que obran no noso poder, adxúntolle unha lista das misas festivas que nós coecemos deica agora. Compre ter en conta que en non poucas aldeias ou parroquias (sóbor de todo na P^a de Ourense) fan toda a liturxia en galego: misas de diario, funerás, etc.

Tamén lle adxunto un pequeno traballo ou resume onde poderá ver que no 7 de xaneiro do 69 había somente no País cinco misas festivas no idioma; o 26 de xulio do 70, había 46; e o 26 de Nadal do 71, había xa 167. O ano santo 71 foi o ano do gran salto da nosa liturxia.

Nista mesma Comunidade hai tamén a Seición Pondal, de xente nova, que adícase á nosa cultura. O día da sua conferencia deixamos a crase de galego pra ir todos a escoitalo a vostede, pois coidamos que isa será pra nós a mellor crase.

Pode facer o uso que queira disas estadísticas (totalmente serias) aínda que prefiro non apareza o meu nome.

E agora perdoe unha pregunta: nós no noso espallamento litúrxico seguimos sempre as “Normas Ortográficas e Morfolóxicas” aprobadas pola “R. A. G.” que vostede tan dignamente preside; máis eiquí non as atopamos pra mercalas i estudialas nas nosas crases; non podrían poñelas á venta pública?

Ca esperanza de poder saludalo persoalmente, ten moito gusto en ofrecérselle o seu afmº amigo q. s. a. s. a.

xaime seixas subirà, S. I.

Comunidade de Vida Cristiá
Nª Sª da Guía e Santiago Apóstolo
Apartado 1542
Vigo (Galiza)²⁸

58. Carta de Xaime Seixas Subirà a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

Comunidade de Vida Cristiá
Nª Sª da Guía e Santiago Apóstolo
Apartado 1542
Vigo (Galiza)

13-Febrero-1972

Señor Don Sebastián Martínez Risco
Presidente da “Real Academia Galega”
A Cruña

Estimado e benquerido amigo,

Recebin e agradezo moito os exemprares das “Normas” disa “R. A. G.” Agradecemento que lle dou tamén no nome dos alumnos da nosa “Seición Ponal” (clase de galego).

28 Esta carta vai acompañada dun “Resume histórico das misas en galego ao rematar o ano 1971, según os datos poseídos pola ‘Comunidade de vida cristiá Nª Sª da Guía e Santiago Apóstolo’, seición de liturxia - de Vigo (Galiza)”, moi pormenorizado por provincias e por cidades, mesmo de fóra da Galiza; consta de tres páxinas mecanografadas con tamaño de letra moi reducido, que non reproducimos por exceder os obxectivos deste traballo.

Teño escoitado moi favorabres comentos encol da súa conferencia do “Círculo Mercantil”. Pra min foi unha conferencia moi ben documentada e razonada. Profunda e crara ao mesmo tempo. Coido fixo moito ben pra escrarecer puntos importantes encol do noso idioma. Agradezo tamén moito as inmerecidas verbas que tivo a bondade de adicarme.

Nós seguimos a laboura en prol da nosa liturxia. Agora temos un equipo de cregos e leigos (oito en total) que traballamos semanalmente i enviamos sinopsis de homilias en galego a todos os cregos que as piden. Coido que isto pode facilitar o desenrolo da nosa liturxia.

Renovándolle o ofrecimento en nome propio e dista Comunidade, queda de vostede afº s. s. e amigo e Capelán en X-C,

xaime seixas subirà, S. I.²⁹

59. Carta de José Morente Torres a Sebastián Martínez-Risco (AMR)

Comisión Interdiocesán
prá Liturxia en Lingua Galega
Segredaría
A Coruña

15-3-73

Sr. D. Sebastián Martínez Risco

Plaza

Estimado amigo:

Esta Comisión Interdiocesana para la Liturgia en lengua gallega, de la que es presidente monseñor Cerviño, Obispo Vicario Capitular de Santiago, ha realizado la traducción a nuestri (sic) idioma regional de algunos de los correspondientes textos litúrgicos con el deseo de publicarlos a la mayor brevedad posible.

Ahora bien, esta Comisión quiere en una tarea tan importante, con claras repercusiones en la fijación de una determinada grafía, ajustarse a aquellas normas ortográficas y morfológicas que más hagan al caso, no sólo desde el punto de vista científico sino también *pedagógico*.

²⁹ Esta carta tamén está acompañada dun folio mecanografado de “Sinopsis de homilia”, que non se reproduce pola mesma razón que na carta anterior.

Pero como, por otra parte, ni los escritores ni los mismos organismos cualificados en el estudio y defensa del idioma gallego han llegado todavía a una total coincidencia en esta normativa y la publicación de los textos litúrgicos es urgente, esta Comisión ha acordado recabar el sabio consejo de usted y de otros hombres de prestigio en el mundo de las Letras gallegas sobre algunas grafías que hoy son especialmente objeto de litigio.

Mucho agradecerá, por tanto, que usted a título personal envíe a esta secretaría sus respuestas al adjunto cuestionario, acompañadas –pudiendo ser– de las razones que le mueven a elegir, entre otras, una determinada grafía.

Aunque esta Comisión tiene por norma dirigir todas sus comunicaciones en idioma gallego, comprenderá usted que en esta ocasión hagamos una excepción adoptando el idioma castellano. Sencillamente, no queremos significar nuestra preferencia por una u otra determinada grafía, anticipándonos así a las sabias respuestas de usted y de otras personas de Galicia que están siendo igualmente consultadas.

Esperando vernos honrados con su valiosa aportación, le saluda atte. s. s. s.

José Morente Torres

-secretario-³⁰

30 Non se achou no AMR copia de ningún texto que fose resposta ao requirimento desta carta, en cuxo caso sería totalmente oportuna a súa reprodución.

IV. Outros textos

1. Moción de Manuel Banet Fontenla á RAG sobre ortografía (ARA, 1960)

Sr. Presidente da Real Academia Galega

O Académico que suscribe ten o honor de propoñer á Real Academia esta moción en col da ortografía da nosa fala.

Na derradeira xuntanza ordinaria da Academia foi tomado o acordo de facer un epitome ou síntesis da Gramática Galega e mais unha Antoloxía de traballos escolleitos, e estimo pol o tanto sere esta moción de carácter urxente pra que os señores Académicos encargados do labor teñan de empregaren xa de antemán a debida ortografía, limpa e sinxela.

En tal intelixencia propoño as observanzas seguintes que poderan se trocaren régoas ortográficas se a Real Academia lles dera a súa aprobación, a sabermos:

1ª

O alfabeto galego componse de vintecinco caracteres propios ou letras, maiúsculas e minúsculas. As vocás son cinco: a, e, i, o, u, e as consoantes son vinte: b, c, ch, d, f, g, h, l, ll, m, n, ñ, p, q, r, s, t, v, x e zeda. Son sempre os nomes de todas elas do xénero masculino.

Con respecto as consoantes compre se facer de cárrego de algunhas particularidás:

a) Coma queira que no galego non hai o son gutural que ten no castelán a j diante de total as vocás e o g diante das febles, tense por acordo tácito de cantos escribir en galego o emprego do x, có seu son úneco semellante ao x francés, deixando así desbotado o dito j do noso alfabeto debendo de se engadir a o g un u enantes das vocás febles e, i; e así dicimos xamón, axenxo, arxilado, roxo, xusto, e galo, ningúen, guindar, gonce, segundo.

b) O *ch*, grupo ou consoante composto ten seu característico son co as vocás: *cha*, *che*, *chi*, *cho*, *chu*.

c) O *h*, fora do seu emprego dito có *c* non ten valor fonético, é mú, e poidera moi ben sere desbotado, pro non ouso propoñelo *promé* (sic) de certo respeito etimolóxico nas falas neolatinas taes como, *home*, *hora*, *honore*, que pol o xeneral ese *h* foi na nosa substituído pol o *f*.

d) O *q* emprégase só seguido dun *u*, diante das vocás febles pra espresar o mesmo son que produce o *c* diante das fortes; e así dise: *carro*, *quente*, *equí*, *acó*, *curro*.

f) O *z*, emprégase do xeito semellante ao do *q* pra facer ou espresar diante das vocás o son que xa vai dito que ten o *c* diante das febles; e así se di *poza*, *canto*, *cincoenta*, *zoco*, *zugar*.

g) *Canto o y grego* está de mais, porque seu son espresao compridamente o *i latino*.

2ª

Os signos ausiliares ortográficos son: *ponto final*, *pontos suspensivos*, *a coma* pra asinalarmos os *incisos*, *ponto e coma* pra marcar o remate de unha oración, e os dos (sic) *pontos se o contido da oración se ainda non rematou*.

Canto aos acentos, chega ben o *agudo*. As *verbas chás* non precisan o *acento*, se non só as *esdrúxulas* e as *agudas*; e *canto aos signos de interrogación e de admiración* abundan tamén os de *cerre* ou *remate*, e o *paréntesis* pódese indicar tamén có *guión*, non empregando este pra ningún outro *alicerce*; así temos de escribir *ferro carril* ou *ferrocarril*.

3ª

O *apóstrofo* non ten ningún valor fonético, e nada sinifica, e, pol o tanto, o non tendo, dito é, que non sirve pra *suprir*, nin siquera indicial a *elisión* de calquera vocal que *teña* de se pronunciar.

Estas observanzas son as que me permito ofrecer á *Presidencia*, pra que si o estimar conveniente, dé conta desta *moción* á *Xunta de Goberno* e á *ordinaria da Real Academia*, por si quizais esta tivera a ben o estimala.

Cruña, 20 de San Martiño de 1960

O Académico;

Manuel Banet Fontenla

2. Informe da Comisión Académica da RAG sobre o idioma galego (AMR, 1961)³¹

El idioma gallego

“El verdadero idioma de Galicia y los gallegos es el gallego *actual*, esto es, el que es actual en cada momento de la historia lingüística de un país. En este gallego actual confluyen en mayor o menor proporción todos los que se hablaron anteriormente, ya prelatinos, ya latinos, ya suevos, ya germánicos, con voces llegadas por diversos conductos del griego, del árabe, de las lenguas indígenas americanas, etc. Un idioma está siempre en movimiento, fundiéndose con elementos que llegan en mayor o menor número de otras lenguas. Saber cuál fué el primitivo idioma de Galicia o de otro pueblo, es una “desiderata”, que apenas puede rastrearse”.

(Informe enviado por la Comisión Académica constituida por los Sres. Bouza Brey, Iglesia Alvaríño y Carré Alvarellos, suscrito el de aquéllos dos el 1º de febrero de 1961, y el del último el 21 do los propios mes y año; cuyo informe fué solicitado por D. José María Bouzas Araujo, y se remitió a éste por copia el 6 de marzo de 1961).

3. Programa do curso “Gramática galega” (Leandro Carré Alvarellos, 1964)³²

Curso da Gramática Galega, orgaizado pola Agrupación Cultural O Facho, que se celebrará os martes e xoves, de 8.30 a 9.30, a partir do día 2 de Santos, cun total de 26 leiciós.

PROGRAMA

Leición 1ª. FONETICA. Consonantes. Vocás. Diptongos.

Leición 2ª. FONETICA. Eufonía. Prosodia. Apóstrofos e guións.

Leición 3ª. FONETICA. Ortografía. Exercicios. Vocabulario.

Leición 4ª. MORFOLOXIA. Partes da oración. Derivación. Prefixos e sufixos. Voces compostas. Vocabulario.

31 Trátase dun texto manuscrito depositado no AMR, con letra de Sebastián Martínez-Risco; no lado esquerdo, en vertical, leva a seguinte anotación da mesma man: “Composición del gallego actual”.

32 Este programa, elaborado por Leandro Carré, desenvolveuno nun curso impartido por el en outubro de 1964 na Coruña e organizado pola Agrupación Cultural “O Facho”. Está reproducido na tese de doutoramento de Maceira Fernández (2005: 323-325).

Leición 5ª. O ARTICULO. Artículos determinados. Artículos indeterminados. Contraicións.

Leición 6ª. O SUSTANTIVO. Número. Vocabulario.

Leición 7ª. O SUSTANTIVO. Xénero. Vocabulario. Exercicios.

Leición 8ª. DO ADXETIVO. Xénero e número. Patronímicos. Exercicios. Vocabulario.

Leición 9ª. DO ADXETIVO. Grados. Adxetivos numerás. Vocabulario.

Leición 10ª. DO PRONOME. Pronome personal. Exercicios.

Leición 11ª. DO PRONOME. Pronomes refreisivos. Pronomes indefinidos. Exercicios. Vocabulario.

Leición 12ª. DO PRONOME. Pronomes demostrativos. Negativos. Interrogativos. Conxuntivos. Posesivos. Exercicios.

Leición 13ª. DO VERBO. Modos. Tempos. Persoás. Números. Vocabulario.

Leición 14ª. DO VERBO. Verbos regulares. 1ª conxugación. 2ª conxugación. Exercicios.

Leición 15ª. DO VERBO. 3ª conxugación. Notas. Exercicios. Vocabulario.

Leición 16ª. DO VERBO. Verbos auxiliares. Exercicios.

Leición 17ª. DO VERBO. Verbos irregulares. Vocabulario.

Leición 18ª. DO PARTICIPIO. Participios irregulares. Vocabulario.

Leición 19ª. DO ADVERBIO. Adverbios de lugar. De tempo. De cantidade. De modo. Afirmativos e negativos. Vocabulario.

Leición 20. DAS PREPOSICIOS. Vocabulario. Exercicios.

Leición 21ª. DA CONXUNCION. Exercicios. Vocabulario.

Leición 22ª. DAS INTERXEICIOS. Exercicios. Vocabulario.

Leición 23ª. DA SINTAXIS. Artículo. Sustantivos e adxetivos. Pronomes. Exercicios.

Leición 24ª. DA SINTAXIS. O verbo. Pleonasmos. Adverbios. Exercicios.

Leición 25ª. DA SINTAXIS. Preposicións. Conxuncións. Exercicios. Vocabulario.

Leición 26ª. Modismos. Toponimia. Meses, estacións, días. Denominación dos ventos. Exercicios. Vocabulario.

4. Tres artigos de Manuel Rabanal sobre a estandarización do galego

4.1. “*Primera carta a la Academia. Sobre variaciones o variantes del gallego*” [finais de 1961 ou inicios de 1962]³³

Un distinguido Numerario de la Real Academia Gallega acaba de reunirse con los integrantes de la comisión encargada de redactar un compendio, o epitome, o librillo escolar de Gramática galaica, para tratar de sacar tan bonito proyecto del estancamiento en que la muerte del llorado Aquilino, y la falta de tiempo de sus apenados compañeros de comisión, lo tenían sumido.

Nada debo adelantar sobre las positivas y más inmediatas medidas acordadas en dicha reunión. El tiempo se encargará de airear, o de emparedar, sus resultados.

Entre tanto, el columnista pide permiso para cumplir publicamente lo que prometió cumplir por una vía privada. De esta manera, a la vez que queda bien con los reales académicos y acredita una vez más su cariño por las cosas más nobles de Galicia, cumple sus honrosos y veteranos compromisos con LA NOCHE, a la que en justicia se debe.

Es indudable que una Gramática académica –algo muy distinto de un Tratado universitario, o de una tesis de contenido dialectológico– tiene que aspirar a ser una especie de canon del mejor decir y no un inventario de peculiaridades coloquiales.

Por falta de una seria regulación académica, la lengua gallega no es sólo distinta de provincia a provincia, de comarca a comarca. Lo es también de hablante a hablante, y aun de escritor a escritor.

Se impone, pues, sentar las bases de una lengua común, de una «koiné» culta o literaria. Y ello obliga, como primer paso, a ordenar en catálogo todas y cada una de las vacilaciones, variantes o discrepancias fonéticas, morfológicas, sintácticas, etc., a que el uso, eminentemente popular, conversacional, de la lengua vernácula, ha llevado a este bello romance occidental hispánico, y, una vez ordenado dicho catálogo, como segundo paso, a decidirse –con serenidad, con tacto cariñoso pero con pulso firme– por la más prestigiosa, o más eufónica, o más extendida, de las variantes en litigio.

Ni un gramático, por sabio que sea, ni una comisión de expertos, por amplia y sesuda que también sea, deben cargar con la grave responsabilidad de tal opción. Debe ser la propia Academia la optante. Y, para ello, el último de sus correspondientes se dispone a brindarle el primer repertorio de materiales de trabajo, siempre susceptible de retoques ampliatorios por parte de personas entendidas, que no faltan.

33 Publicada en *La Noche* en data anterior ao 23-01-1962, pois na carta nº 13 faise referencia a ela. No recorte que figura no AMR e que aquí se reproduce non aparece a datación concreta.

Mi labor va a ser muy sencilla. Mas no por eso fácil ni menguada. Posiblemente lleguen a quince, o veinte, las «nebulosas» que, en forma de «cartas a la Academia», irán ocupando sendos rincones en esta página hasta presentar a la docta corporación que radica en La Coruña el inventario de más importantes vacilaciones del gallego, sobre las que se tendrá que decidir.

Haré mi relación a la vista de las gramáticas de Couceiro, de Saco Arce y de Lugrís Freire, y aunque procuraré no coaccionar con mi criterio extragalgaico, a veces no podré menos de echarle a la lista un poco de jugo valorativo o selectivo aunque sólo sea para dar gracia periodística al tablero.

Atención, pues, don Fermín, y aun Real Academia Gallega entera, al nebulosario de las próximas semanas. Se trata de podar el bosque, la maraña, para ir transformándolos en jardín. La operación no es única. Se ha dado, y se dará, muchas veces en la historia.

M. Rabanal

4.2. “Consultas gallegas” (1965)³⁴

Se me consulta, entre otras, la siguiente cuestión de lengua gallega: ¿El sufijo de los nombres de acción, tipo “aclaración”, “santificación”, “petición”, etc., debe ser en gallego también “ción”, o mejor “zon”, que parece una evolución fonética más típicamente galaica?

Mi respuesta, que podría ser mucho más larga, puede ser también así de breve: Respeto toda opinión contraria. Pero según la mía, que es la que se me pide, lo mismo que el castellano llega a “-zón” en las voces verdaderamente populares, tipo “razón”, “corazón”, “trabazón”, “ligazón”, “tizón”, “granazón”, “sazón”, etc., pero conserva “-ción” en los cultismos o semicultismos, tipo “oración”, “preposición”, “locución”, “porción”, “canción”, “lección”, “estación”, “persecución”, etc., el gallego deberá conservar, o restaurar si preciso fuere, su cadencia “-zon” –que, por cierto, denuncia una fonética castellanizante, porque lo verdaderamente galaico sería “-çón” (con africada), o incluso “-són” (con seseo)– en las voces verdaderamente populares y romanceadas así en Galicia –García de Diego: “nazón”, “inzón”, “condezón”, “persequçon”, etc.–; pero no deberá galleguizar artificialmente, así por las buenas, los cultismos o latinismos más o menos recientes, sino que deberá dejarlos, al igual que las demás lenguas romances cultas, en su forma latina: “preposición”, “liberación”, “conxunción”, “pubricación”, “especulación”, etc.

34 Este artigo e o seguinte foron publicados na sección “Nebulosa” do diario santiagués *La Noche* cara a finais de 1965. Reprodúcense estes dous recortes de xornal que figuran no ARA, onde non consta a datación concreta; van asinados co pseudónimo “R. del Camino”.

Y se me consulta también si en gallego el complemento directo de persona debe llevar preposición “a” como en castellano, o debe no llevarla, como sucede en portugués (sic).

A lo cual respondo: No me parece enteramente exacto afirmar que el portugués desconozca el uso de preposición ante el objeto directo personal. Tampoco se crea que la cosa es exclusivamente castellana. Para informarse bien respecto a lo segundo pueden mis consultantes leer lo que acaba de escribir el profesor Lapesa en su trabajo “Los casos latinos: restos sintácticos y sustitutos en español” (Boletín de la RAE, cuaderno CLXXI, Madrid 1964, pg. 76): “El uso de ‘a’ ante objeto directo personal se da también en el Centro y Mediodía de Italia, en Sicilia y Cerdeña, en retorromano, triestino, algunos dialectos provenzales, en el francés de Friburgo y Bruselas y sobre todo en portugués y catalán; pero mucho más restringido que en español”. Y, para más detalles, el trabajo de Harri Meier “Sobre as orixens do acusativo preposicional nas línguas románicas”, publicado en “Ensaio de Filoloxía Románica” (Lisboa, 1948).

Y para informarse más concretamente de lo primero: las muchas ocasiones en que el portugués, precisamente, usa ‘a’ ante complemento directo de persona, podrán ver los mismos consultantes, por ejemplo, las páginas 38 y siguientes de la “Syntaxe Histórica Portuguesa” de Silva Días.

Y finalmente veo que en la propia “Gramática do idioma galego”, de Lugrís Freire (página 102) se indican usos gallegos de ‘a’ con complemento directo en casos como “amar a Deus e odiar ao demo”; “quero a Xan, amo ao xeneral Freire”.

Perdón. Quedan otras consultas para el jueves próximo.

R. del CAMINO

4.3. “Consulta y buena noticia” (1965)

La consulta es la última de las formuladas por un lector gallego y parcialmente evacuadas el otro jueves. ¿Debe decirse, o escribirse, “fun ao monte” (fuí al monte), o “fun ó monte” (también “fun ô monte”)?

Opino: Entre las dos formas del enlace preposición mas artículo: la hiática “ao” y la contracta “ó”, “ô”, ante complementos indirectos, etc., masculinos (o neutros), personalmente –y por varias razones: mayor respeto a la individualidad de las palabras; menos ambigüedad; ahorro de enojosos acentos diacríticos, etc.– prefiero “ao”. Pero tampoco dejo de comprender la presión de la tendencia a contraer en “o” por más de una razón de peso: la dureza de un hiato como “ao”; la frecuencia de contracciones en gallego; la propensión de los hablantes del país a todo tipo de sinalefas; más concretamente la simetría o analogía con otras formas de preposición mas artículo definitivamente

contraídas –o en crisis– en gallego –”do”, y no “de o”; “da”, y no “de a”; “á”, y “â” (a la), y no “a a”; “co” (con el) y “cos” (con los), y no “co-o”, ni “co-os”, etc.

Indudablemente, entre la tendencia, llamémosle culta, conservadora, etc., “ao”, y la conversacional o popular “o” (al), habrán de ser los buenos hablantes y los buenos escritores del gallego los que habrán de ser tenidos en cuenta para decidir. Y basta.

Basta de consulta porque necesito espacio para dar hoy mismo unha buena, bonísima noticia.

La noticia –por hoy no pasará de noticia; otro día le llegará el turno al comentario– es que “Galaxia” acaba de publicar en su colección “Manuales” una “Gramática Elemental del Gallego Común”, obra personalísima del profesor Carballo Calero, en cuya lectura estoy invirtiendo mis pocos cuartos de hora libres con tanto interés como provecho.

Decir que una obrilla como esta flamante Gramática del Gallego estaba haciendo mucha falta; y que su aparición ha venido a llenar un hueco que urgía llenar, no es decir nada. Y, sin embargo, había que decirlo. Como hay que decir que no hace falta ser profeta para adivinar que no tardará en agotarse su primera edición dado el felizmente mucho interés que hoy sentimos todos por conocer más y mejor ese tesorillo lingüístico que es el gallego vivo, y dada también la penuria bibliográfica que en tal campo de estudio se estaba haciendo sentir.

Enhorabuena, por hoy, a “Galaxia” y al amigo y colega don Ricardo Carballo, gramático cabal y bien informado. Cuenten ambos con la promesa de no lejanas y más reposadas palabras sobre su acierto de poner en circulación una gramatiquita gallega, sucinta y “elemental”, pero basada en muy sólidos y modernos fundamentos científicos.

R. del CAMINO

5. Actas das reunións do “Seminario didáctico da lingua galega” (Vigo, 24-25-26 de agosto de 1966)³⁵

5.1. Reunión de 24 de agosto de 1966

SEMINARIO DIDACTICO DA LINGOA GALEGA

Ás cinco da tarde do día 24 de agosto do 1966, reúnen-se en Vigo, nos locás da Fundación Penzol, os seguintes profesores de gallego: Xosé Ramón e Fernández

35 Unha copia destas actas está depositada no AMR, de onde tamén foron reproducidas en Freixeiro Mato (1994: 175-178).

Oxea, Albino Núñez, Xesús Alonso Montero, Alfonso Álvarez Gándara, Xohán Bernárdez, Agustín R. Caamaño, e X. L. Méndez Ferrín. Foi elixido Presidente o primeiro e Segretario o derradeiro. Acórdase abordar, de xeito inicial, unha revisión da ortografía galega e unha elaboración de normas a seguir no insino do galego e por todo-los cultivadores do idioma. Sobre da base das normas do Seminario de Estudos Galegos e da práctica editorial dos derradeiros tempos, acordouse o seguinte:

Vócás.- Discútense se as vocás abertas e pechadas van ter representación na grafía. A. Núñez móstrase partidario de que haxa un signo gráfico que represente a apertura vocálica. Acórdase deixar sin representación gráfica a apertura vocálica.

Acórdase elaborar unha lista de palabras de grafía igoal e pronunciación igoal ou diferente as cales, pra se diferenciaren, levarán acento agudo na vocal tónica, aberta ou longa.

Acórdase desbotar as formas AO, AA, i escribir isa contracción Ó, Á.

Semivocal.- O sonido semivocal, e semiconsonante, representaráselle sempre por *i* latino. Fica rexeitado da nosa ortografía o *y* grego.

Consonantes

-Acórdase prescindir do ç.

-O *h* escribiráselle soio nas palabras que o teñan no latín. Así, moitas palabras que o levan en castelán non o precisan en galego, como: irmán, oso, orfo, achar, encher. E levarán, por contra *h*: herba, horta, etc.

-O *x* terá dous valores: o de prepalatal fricativa xorda e o de KS.

-Escribiráselle sempre con *X* o son de prepalatal fricativa xorda: baixar, raxo, xato. Quedan, pois logo, desbotáda-las letras *J, G* pra representar este sonido.

-O *x* dos cultismos, con valor de KS, soio se escribirá en posición intervocálica: nexo, sexo, máximo. Entre vocal e consoante trocaráselle por un g: estraño, non extraño.

Despois dos denanteriores acordos, leuse unha comunicación de Leandro Carré Albarelos.

Levantouse a sesión.

O SEGREDARIO

5.2. Reunión de 25 de agosto de 1966

SEMINARIO DIDACTICO DA LINGOA GALEGA

Ás dez da mañán do día 25 de agosto de 1966 reúnense no lugar do día denanterior os profesores Fernández Oxea, Alonso Montero, Núñez, Álvarez e Méndez. Continúase revisando a ortografía, tomando os acordos que siguen:

-Desbótase a norma do Seminario que ordeaba escribir *s* e non *z* á final das palabras: noz, voz, luz. O cal non quere decir que non se pronuncien como *s* si o leutor é seseante.

-En xeral os grupos cultos (pt, x, ct, etc.) deben conservarse en galego, agás naquelas voces que ou simplificaron ou vocalizaron algún elemento do grupo. Así: apto, obvio, himno, actitude acta, técnica; pero, pauto, direuto, elétrico, dino.

Siños ortográficos.- En principio seguiránse as normas do castelán. Como se dixo denanteriormente confeccionarás unha lista de palabras homógrafas, das cales acentuarás a que seña tónica ou leve vocal aberta ou longa. Así, *é* verbo, pero *e* conxunción; *pór* verbo, pero *por* preposición. Isto soio valerá prás homógrafas e homófonas monosílabas. As polisílabas levarán a acentuación que lles corresponda.

-Discútese a eliminación do apóstrofo e acórdase que ista seña radical. Escribirás xuntas as contraccións de preposición e artigo: do, dunha. Pero separado as de preposición e outra palabra: de Ourense, de iste, de aquel (adv. daquela escribirás xunto).

-Acórdase separar mediante guión o *i* eufónico (yod de tránsito) do *a* tónico inicial do sustantivo seguinte: da i-auga, á i-alma, a i-alba.

-Acórdase separar por medio de guión as formas lo, la, los, las, artigo ou pronome, resultado da asimilación dun *r* ou *s* final e mai-lo *l* inicial do artigo ou pronome arcaico: face-lo, come-lo, mai-las, po-lo. Decráranse ausolutamente inaxeitadas a colocación antiga do guión: nunca facel-o, comel-o, mail-as.

-Acórdase introduci-lo guión ante o adv. *non* reducido a *n-* ante as palabras que escomezan por vocal: n-a vin, n-o levei.

Levántase a sesión e reanúdase ás cinco da tarde coa asistencia de Isidoro Millán González Pardo, Constantino R. CAAMAÑO e Xohán Bernárdez, ademáis dos asistentes á sesión da mañán.

Os non asistentes a sesións denanteriores son informados do traballo e conculsións feitas. Unha vez sabedores do acordado, fan precisións e quedan contestes.

Acórdase escribir separado e sin guión, as formas co esto, co elas.

Decídese elaborar unha lista de palabras erroneamente usadas na literatura.

Pásase á discusión de aspectos metodolóxicos do insino do galego. Inicialmente atópase coa ausencia dunha gramática, dun resume ou prontuario de gramática, dunha antoloxía de textos literarios e mais dun dicionario manual.

Acórdase, como labor previo, que o seminario faga un compendio do insino de galego. Acórdase recomendar o insino activo da gramática sobre os textos. Levántase a sesión.

O SEGREDARIO

5.3. Reunión de 26 de agosto de 1966

SEMINARIO DIDACTICO DA LINGOA GALEGA

Ás dez da mañán do día 26 de agosto reúnense as seguintes persoas: Fernández Oxea, A. Núñez, Alonso Montero, Méndez Ferrín e Álvarez Gándara.

Continúanse discutindo probremas metodolóxicos e síguese apuntando a necesidade de que as crases señan amenas, prácticas, feitas sobre os textos.

Acórdase que o Compendio de Insino do Galego leve o seguinte contido:

Introducción:

 criterios do galego literario

Orientacións metodolóxicas pra os profesores

Prontuario de Gramática:

 ortografía, morfoloxía, sintaxe, lexicografía

Antoloxía.

Encarrégase a Fernández Oxea a primeira redacción da antoloxía; ortografía e morfoloxía a Ferrín; introducción, sintaxe e lixicografía a Alonso. Istan aportacións personás serán sometidas á consulta de todo-los membros do Seminario e modificadas segundo o criterio da moría nunha nova reunión que será oportunamente fixada polo Comité Coordinador.

Levántase a sesión.

Reanúdase ás cinco da tarde, coa presenza de Xesús Ferro Couselo e Xosé Luis Rodríguez Pardo. O primeiro é informado das conclusións e queda conteste.

Propón que se recomende a non acentuación dos monosílabos si non é por razóns diacríticas e a supresión do acento nos perfectos. Acórdase face-lo. Rodríguez Pardo é igoalmente informado do estado dos traballos, e igoalmente queda conteste.

O SEGREDARIO

6. Entrevista con Ricardo Carvalho Calero (*La Voz de Galicia*, 07-02-1970)

DECLARACIONES DEL PROFESOR CARBALLO CALERO. *Soy partidario del liberalismo idiomático más absoluto. El uso de las lenguas vernáculos españolas no debe estar sujeto a ninguna traba legal. La Real Academia Gallega tomará acuerdos tendentes a la unificación ortográfica.*

El profesor don Ricardo Carballo Calero pronunció ayer por la tarde, en el Paraninfo del Instituto “Eusebio da Guarda”, la lección inaugural del “Curso de iniciación ao estudo do idioma galego”, organizado por los Institutos de Enseñanza Media coruñeses, en colaboración con la Agrupación Cultural “O Facho”.

Al acto asistió numeroso público que siguió con gran interés la conferencia del señor Carballo Calero que versó sobre el tema “A lingüística galega no século XIX”.

El profesor Carballo Calero es una de las más destacadas figuras de la cultura gallega de hoy. Por ello hemos solicitado de él unas cuantas opiniones sobre todo aquello que se refiere a nuestra lengua y a nuestra literatura, así como su expansión y estado en que se encuentra en la hora en que vivimos.

—La lengua gallega -nos dice- es, desde luego, de uso común en nuestra tierra y en los círculos de gallegos emigrados. Se puede considerar prácticamente eliminado el prejuicio social que en algún tiempo la menospreció. La literatura gallega, cada vez más brillante y más extensa, ha sido un factor decisivo en la restauración de la conciencia, de la dignidad del gallego hablado.

—El gallego que se escribe difiere mucho del que se habla, sobre todo en el medio rural. ¿A qué obedece esto?

—El gallego que se escribe se parece al que se habla, poco más o menos, en la misma proporción que el castellano escrito se parece al castellano hablado.

PRESTIGIO SOCIAL

—El gallego, al menos hasta hace poco -y aún ahora en algunos sectores-, era una lengua despreciada e ignorada. ¿A qué fue debido?

–Este fenómeno se inició cuando la nobleza gallega comenzó a emigrar hacia la Corte y como consecuencia, también, de la venida a nuestro país de funcionarios forasteros. Fue entonces cuando el castellano se convirtió en la lengua de la Administración. La Administración es prestigiosa por sí misma, y un sector importante de la sociedad gallega buscó prestigio social imitando la locución de los representantes del poder.

–La lengua gallega ha sido oficialmente reconocida, al igual que otras españolas, por la Iglesia como idioma litúrgico. Sin embargo, a pesar de ello, no se utiliza con carácter general, especialmente en el medio rural. ¿Qué explicación nos da usted?

–La explicación es análoga a la dada en la respuesta anterior.

–Usted es miembro numerario de la Real Academia Gallega. ¿Está realizando esta institución algún trabajo relacionado con el idioma?

–En efecto. La Academia Gallega tomará en breve acuerdos tendentes a la unificación ortográfica de nuestra lengua, unificación que, por otra parte, se manifiesta hace tiempo con un impulso espontáneo de la lengua literaria.

–¿Y el aspecto docente? ¿Ha hecho la Academia alguna gestión ante la Administración?

–La Academia ha hecho gestiones en este sentido hace ya bastante tiempo y de ello se hizo eco en su momento toda la prensa de Galicia.

INTERES DE LA JUVENTUD

–Usted es profesor encargado de la Cátedra de Lengua y Literatura gallega de la Universidad de Santiago. ¿Tienen los universitarios gallegos interés por nuestra lengua y por los problemas de Galicia?

–Indudablemente. El funcionamiento en la Universidad de una Sección de Filología Románica en la que se acogen los estudios referentes al gallego, ha favorecido extraordinariamente la difusión entre la juventud la preocupación por nuestra lengua.

–¿No habrá en todo ello un “algo” o un “mucho” de “snobismo”?

–No hay en esta preocupación el más ligero “snobismo”, sino un interés científico, por una parte, y por otra, un sentido de responsabilidad hacia su tierra.

–El proyecto de Ley General de Educación Básica contiene un reconocimiento oficial a la existencia de las lenguas vernáculas españolas, cosa que nunca había ocurrido en disposiciones anteriores de este tipo, y recomienda que dichas lenguas deben cultivarse en sus aspectos literario y artístico. ¿Considera usted adecuado,

en una ley de tanta trascendencia para el futuro de los españoles, que las lenguas hispánicas sean vistas únicamente bajo dichos aspectos?

–Tengo noticia de la existencia de numerosas enmiendas presentadas al artículo correspondiente a la Ley. Este hecho prueba que se estima lógico ampliar el reconocimiento a que la pregunta alude.

–¿Es usted partidario del bilingüismo?

–Supongo que esto significa si creo que se debe otorgar al gallego en Galicia paridad con el castellano desde el punto de vista oficial. Lo creo así, efectivamente.

–¿Podría, entonces, decirnos cómo concibe usted una futura ordenación de las diferentes comunidades lingüísticas españolas?

–El uso de las lenguas españolas y su cultivo literario no debe estar sujeto a ninguna traba legal. Soy partidario del liberalismo idiomático más absoluto.

ENSEÑANZA BILINGÜE

–Dentro de la problemática socioeconómica de Galicia, ¿qué importancia puede tener, a su juicio, la enseñanza bilingüe en nuestra región?

–Es una necesidad de la misma estructura social en el campo idiomático. La docencia debe registrar este hecho vital y no volver las espaldas a la realidad.

–Próxima la discusión en las Cortes del proyecto de ley al que nos hemos referido más arriba, ¿tiene usted noticia si algún procurador gallego está dispuesto a defender la inclusión del gallego en todos los niveles de la enseñanza, especialmente en la primaria?

–Sí; como he indicado antes, tengo noticia de la preparación y presentación de enmiendas en ese sentido.

–¿Qué es para usted ser gallego y qué ser galleguista?

–Ser gallego es un azar histórico; ser galleguista es asumir el destino determinado por ese azar.

El profesor Carballo Calero prepara actualmente numerosas notas para ampliar la tercera edición de su “Gramática elemental del gallego común”. Trabaja también en el segundo tomo de “Historia da literatura galega”, que abarcará el período de 1870 a 1936. El primero fue publicado por “Galaxia” en 1963.

J. F. F.

7. Entrevista con Sebastián Martínez-Risco en Radio Nacional de España (1971)³⁶

1. ¿Cree Vd. que el idioma gallego, tal y como es en la actualidad, tiene porvenir?

–Su pregunta enfoca todo un verdadero problema de biología lingüística. Veremos de condensar su contestación.

Es difícil predecir el futuro de un idioma, porque sobre él actúa la fricción del tiempo mediante variaciones morfológicas que pueden modificarlo e incluso hacer que sufra una transformación total, dando nacimiento a otro. Pensemos, como ejemplo más inmediato, en el latín, del que se desprendieron, entre otras lenguas, el castellano y el gallego, a costa de la propia vida de la lengua del Lacio. Y como ejemplo más remoto, las lenguas prelatinas, principalmente el céltico, del que sólo se conservan vestigios léxicos.

Ahora bien; la pregunta que usted me hace es más concreta: si el idioma gallego tiene porvenir “tal y como es en la actualidad”. La contestación depende de la medida temporal de ese “porvenir”. Desde luego, es notorio que el gallego está en uno de los momentos más florecientes de su historia, tanto en su propio desarrollo como en lo extenso del censo de sus hablantes; y creo que en su actual estado tiene asegurada su supervivencia, aun sometido a las naturales variaciones, o, mejor dicho, a la evolución morfológica de que antes le hablé. Es decir, que a mi juicio el idioma gallego tiene, por así decir, carga suficiente para proyectarse y subsistir en un futuro relativamente lejano.

2. Dadas las diferencias existentes con el portugués y el brasileño, idiomas afines al gallego, ¿no cree Vd. que nuestra lengua vernácula quedará siempre arrinconada a los estrechos límites de la conversación familiar?

–Las diferencias a que usted alude son meramente ortográficas, morfológicas y fonéticas, es decir, accidentales. La explicación es clara: el portugués y el brasileño son, respectivamente, hijo y nieto del gallego antiguo. Esas diferencias, simplemente estructurales y susceptibles de eliminación, tuvieron por causa un fenómeno natural de continuidad en su cultivo por razón de *oficialidad*, condición que el gallego adquirió en Portugal y Brasil desde el nacimiento de cada una de esas dos naciones. Pero tales diferencias no impiden que en el fondo sean los tres, no ya idiomas afines, sino un sólo y mismo idioma, en el que es dable entenderse a los connacionales de los tres

36 No AMR áchase un folio mecanografiado coas preguntas e cinco folios manuscritos, con letra de Sebastián Martínez-Risco, coas respostas. Para un mellor seguimento da entrevista, íranse intercalando preguntas e respostas. Como consta nas anotacións do AMR, a entrevista foi realizada en Radio Nacional de España e, aínda que non figura a datación, polo contido dedúcese que corresponde a finais do ano 1971, pois fai referencia a que se acababan de publicar as normas ortográficas e morfolóxicas da RAG.

países. La prueba no es difícil de hacer. Nosotros la hemos hecho numerosas veces con resultados abiertamente positivos. Por cuanto le he dicho, es harto remota la posibilidad de que la lengua gallega quede reducida a la conversación familiar, como usted teme.

3. ¿Será posible en el futuro que convivan, cada una con su pureza y rigor, las lenguas española y gallega que en la actualidad en nuestra región se influyen y “destrozan” recíprocamente?

—Plantea esta pregunta suya otro interesante problema: el del bilingüismo. La contestación que me sugiere es francamente afirmativa. La convivencia del castellano, como lengua oficial, y el gallego como lengua regional, puede considerarse hoy una feliz realidad. Lo permiten, aparte de alguna otra, dos manifestaciones decisivas en ese orden de la convivencia lingüística: la inclusión del estudio de la lengua gallega en los distintos niveles de la enseñanza oficial, desde el preescolar hasta el universitario, dispuesta por la Ley General de Educación de 1970, y su admisión por parte de la Iglesia en la liturgia, al lado del castellano. Ambas medidas impedirán, al facilitar el comparatismo lingüístico, que, como usted bien dijo al formularme la pregunta, ambas lenguas se “destroquen” recíprocamente.

4. ¿Que diferencias dialectales son más notables en la región gallega y como cree que puede llegarse a una unificación del idioma?

—Más que “diferencias dialectales” yo diría “vulgarismos diferenciales” que afectan principalmente a los sufijos, como, por ejemplo, *man* o *mao*, *gran* o *grau*, etc. Cosa distinta es la relativa a la existencia de formas múltiples de ciertos vocablos, que suelen corresponderse con distintas comarcas. Los vulgarismos son obra de la voz popular, que debe ser respetada y que no influye en la vitalidad de un idioma, sobre todo a la hora de escribirlo. Pensemos en casos como el de la pronunciación castellana de *cuidao* por *cuidado*. Las formas múltiples, es decir, la pluralidad de vocablos significativos de una misma cosa, lejos de ser un síntoma de pobreza es una señal de riqueza del idioma gallego; pero ello no quita para que se tienda a lograr su unificación mediante una selección inteligente promovida por vía académica, didáctica y literaria a un tiempo; tarea cuya dificultad estriba, más que en sí misma, en el tiempo que habrá de requerir. Pero es con ella como podrá llegarse a la unificación del idioma gallego, por la que su pregunta se interesa.

5. ¿Considera fundamental para el futuro de la lengua vernácula la enseñanza de la misma en las escuelas y centros docentes de todo tipo, además de la unificación de la que nos acaba de hablar?

—Indudablemente. La presencia de la lengua gallega en la didáctica -escuelas, Institutos de Enseñanza Media y Universidad-, a la que me he referido ya, puede ser otro medio eficazísimo para su unificación. Pero aparte del beneficio que la propia

lengua recibirá con su vigencia en las aulas, los mismos escolares resultarán con ello beneficiados, porque el aprendizaje de todo idioma dota a la juventud, como dijo Unamuno, de uno de los dones más raros: del “sentido científico”.

6. ¿Podría resumirnos el momento actual de la literatura gallega y su influencia en la lengua que hoy se habla en nuestra región?

—El momento actual de la literatura gallega es de visible florecimiento. Nuevas generaciones de escritores estudiosos de la lengua vernácula y cultivadores de los diversos géneros literarios: la poesía, la narrativa, el ensayo en sus distintas vertientes, el periodismo, realizan un eficaz y positivo proselitismo idiomático.

7. ¿Cuan (sic) es la labor que en la actualidad está realizando la Academia que preside en pro del idioma gallego?

—La Real Academia Gallega atiende en general el estudio de aquellas disciplinas que más pueden contribuir al conocimiento de Galicia, como lo exigen sus estatutos. Entre esas actividades culturales figura, con preferencia impuesta por su misma importancia y por exigencias sociales de nuestro tiempo, la referente a nuestro idioma regional. En cuanto a él, aparte de importantes trabajos lingüísticos, algunos de ellos insertos en su boletín corporativo, y de los informes que emite en esa materia a instancias de autoridades y particulares, destacan en el momento presente la redacción de las normas ortográficas y morfológicas del idioma gallego, recientemente publicadas, y la tarea de formar un vocabulario manual que resultará de gran utilidad.

8. ¿Existen o no existen prejuicios sociales a la hora de hablar en gallego?

—Quedan, inexplicablemente, algunos que van siendo excepción. Son los sustentados por aquellas personas que olvidan o ignoran que el gallego fué en los primeros siglos de la reconquista lengua culta del reino de León; que entonces y después fué lengua cortesana, que sonaba en los regios salones, en boca de reyes como Alfonso VI y Alfonso el Sabio; que en ella se escribieran los bellísimos cancioneros medievales galaico-portugueses; que en ella cantó el mismo Rey Sabio los loores de Santa María... ¿Para qué seguir? Como las realidades históricas y el imperativo de los tiempos se imponen, son ya, como le digo, contadas personas las que tienen al idioma gallego en ese absurdo y paradójico concepto de “poco fino”.

9. ¿Desea añadir alguna cosa más para los oyentes de Radio Nacional de España sobre este importante tema?

—Si. Deseo añadir algo. Que quienes nos hacen el honor de escucharnos, sean gallegos o no lo sean y hablen o no la lengua de Rosalía, bastando que sean españoles, se enorgullezcan, como se enorgullecería el sabio Menéndez y Pelayo, de la riqueza literaria de España, que, según hacía notar el ilustre polígrafo, cuenta, además de

la rama euzquera, con tres linguas romances: el castellano, el catalán y el gallego. No cabe duda de que al abrigar ese legítimo sentimento, nuestros oyentes rendirán culto interior a los valores espirituales de la patria común. Y más todavía si, en cuanto les sea posible, cultivan y frecuentan el idioma gallego, bebiéndolo, por así decir, en el manantial que fluye de nuestra rica literatura regional.

8. Intervención de Sebastián Martínez-Risco na televisión (1974)³⁷

O idioma galego é, como todo idioma, unha das condicións do existir autónomo do home galego, un dos atributos da súa personalidade e, por conseguinte, do seu existir colectivo. Á sentenza “penso, logo eisisto”, hai que engadir “falo, logo convivo”.

Á beira desta sinificación persoalista ou vital, cabe considerar: a súa entidade ontolóxica; a súa vixencia no pasado do pobo galego; a súa presenza aitual, e a súa proiección no porvir.

Deixando aparte razóns de orde estrictamente lingüístico, abonde pra avaliar a súa categoría idiomática, un testemoio empírico, mais de autoridade: o concepto que a Real Academia Española lle atribúe de lingua na vixente edición do seu Dicionario, desbotando o de *dialecto* que lle asinaba en denanteriores edicións.

Da súa realidade histórica non cabe dubidar por estar manifesta no tempo e no espacio. Na longa etapa que decorre dende os séculos IX e X, nos que nace o galego falado; pasando polo século XII, no que agroma o galego escrito adequirindo expresión documental; e polos XIII e XIV, nos que o idioma galego acada prentitude literaria nos cancioeiros galego-portugueses e adoita seren lingua palacega, deica aos nosos días, salvo unha longa xeira de silencio escrito. Doutra banda, ¿cómo se vai dubidar da realidade histórica dun idioma que deu lugar aos dialectos, hoxe idiomas, portugués e brasileiro?

Problemas máis fondos son os que atinguen á presenza ou, si se quer, á operatividade actual da lingua galega, e á sorte que o porvir lle ten reservada. O primeiro dises problemas está vencellado ao seu espallamento nos medios de comunicación social e do ensino, hoxe, por sorte, máis receptivos. O segundo problema do seu porvir é de seu incerto e continxente; por máis que eu penso, contra dos que lle sinalan un fin dramático de escurecemento, que os idiomas non morren, senón que se transforman; e contra dos que cren que a cultura rural está sendo penetrada pola cultura urbán, que a primacía demográfica dos galego-falantes campesiños –perto das cinco sextas partes da poboación de Galicia– seguirá sendo o axente impulsor da pervivencia do idioma galego.

37 Este texto manuscrito con letra de Martínez-Risco que figura no AMR leva a seguinte indicación inicial, entre parénteses: “Para la televisión, grabado el jueves 8 de agosto de 1974, para emitir el 12, lunes, a las 12 del día”.

Referencias bibliográficas

- Alonso Girgado, Luís, Abal Santorum, Élida, & Cillero Prieto, Alexandra (eds.) (2009). *Cadernos Ramón Piñeiro (XII). Cartas de Ramón Piñeiro a José Luis Pensado*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia.
- Alonso Girgado, Luís, Cuquejo Enríquez, María, & Fariña Miranda, Carmen (eds.) (2004). *Cadernos Ramón Piñeiro (V). Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Alonso Montero, Xesús (1991). *Informe(s) sobre a lingua galega (presente e pasado)*. Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio.
- Alonso Montero, Xesús (2003). *A batalla de Montevideo. Agravios lingüísticos denunciados na UNESCO en 1954*. Vigo: Xerais.
- Alonso Pintos, Serafín (2002). *Para unha historia do estándar galego. As propostas do período 1966-1980*. Madrid: UNED.
- Alonso Pintos, Serafín (2006). *O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Carballo Calero, Ricardo (1966). *Gramática elemental del gallego común* (1ª edición). Vigo: Galaxia.
- Carballo Calero, Ricardo (1979). *Gramática elemental del gallego común* (7ª edición). Vigo: Galaxia.
- Carballo Calero, Ricardo (2006). *Epistolario a Fernández del Riego*. Transcripción e edición de Dolores Vilavedra e Montserrat Pena. Vigo: Galaxia.
- Carré Alvarellos, Leandro (1919). “A Gramática Galega. Incógnita desfeita”, *A Nosa Terra* (25-04-1919), p. 3.
- Carré Alvarellos, Leandro (1928). *Diccionario Galego-Castelán e Vocabulario Castelán-Galego*, vol. 1. A Coruña: Lar.
- Carré Alvarellos, Leandro (1931). *Diccionario Galego-Castelán e Vocabulario Castelán-Galego*, vol. 2. A Coruña: Lar.

- Carré Alvarellos, Leandro (1933). *Diccionario Galego-Castelán e Vocabulario Castelán-Galego*, A Coruña: Imprenta e Papelería Zincke Hermanos. Reeditado en 1954 (A Coruña: Litografía e Imprenta Roel), 1972 (A Coruña: Editorial Moret) e 1979 (Santiago de Compostela: Imprenta Velograf).
- Carré Alvarellos, Leandro (1967). *Gramática gallega*. A Coruña: Moret.
- Carré Alvarellos, Leandro (1974). “Acerca de ‘A Recuperação Literária do Galego’”, *Colóquio/Letras* 17, 76-77.
- Chao Espina, Enrique (1958). *Curso de lengua portuguesa*. Viveiro: Artes Gráficas A. Santiago.
- Couceiro Freijomil, Antonio (1935). *Ortografía Gallega. Bases para su Unificación. Con un Apéndice del Prof. Abelardo Moralejo*. Ourense: Imprenta “La Popular”.
- Couceiro Freijomil, Antonio (1935). *El Idioma Gallego. Historia. Gramática. Literatura*. Barcelona: Casa Editorial Alberto Martín.
- Fernán-Vello, Miguel Anxo, & Pillado Mayor, Francisco (1986). *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Barcelona: Sotelo Blanco.
- Fernández Baz, Miguel Anxo (2003). *A formación do nacionalismo galego contemporáneo (1963-1984)*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Fernández del Riego, Francisco (2000). *Un epistolario de Ramón Piñeiro*. Vigo: Galaxia.
- Fernández Rei, Francisco (2008). “A creación do Instituto da Lingua Galega en 1971 e o desencontro normativo coa Academia”. En Axeitos, Xosé Luís, Grandío Seoane, Emilio, & Villares, Ramón (eds.), *A patria enteira. Estudos en homenaxe a Xosé Ramón Barreiro*, 985-1009. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, RAG & USC.
- Fernández Salgado, Benigno (2000). *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos galegos de principios do século XX (1913-1936)*. Anexo 47 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Ferro Ruibal, Xesús (2015). “Filgueira Valverde, un profesor-alcalde nas Cortes”, *BRAG* 376, 129-182.
- Franco Grande, Xosé Luís (2004). *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración*. Vigo: Galaxia.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1994). *Sebastián Martínez-Risco na cultura galega*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2011). “Carvalho Calero e a lingua galega: coherencia, compromiso e visión de futuro”. En Biscainho Fernandes, Carlos Caetano, & Sánchez Rei, Xosé Manuel (coords.), *Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación*, 69-85. A Coruña: Universidade da Coruña.

- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2016a). “A lingua galega na época das Irmandades”. En Fernández Pérez-Sanjulián, Carme (ed.), *As Irmandades da Fala cen anos despois*, 123-139. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2016b). “Introdución”. En *Onde ferve o amor por Galiza. Correspondencia do galeguismo do exterior con Sebastián Martínez-Risco (1942-1977)*, 13-26. A Coruña: Deputación da Coruña.
- García, Constantino (1971). “Orixen e problemas do método de galego”, *Grial* 32, 129-141.
- Gómez Torres, Camilo (2005). *O tempo vital de Manuel María*. Vigo: A Nosa Terra.
- González González, Manuel (2006). “Ramón Piñeiro: o compromiso coa lingua”. En *Encontro Ramón Piñeiro. Actas do encontro realizado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural en Santiago de Compostela, o día 19 de outubro de 2005*, 13-27. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Instituto de la Lengua Gallega (1971). *Gallego 1*. Santiago de Compostela: USC.
- Ínsua, Emilio Xosé (2016). *A nosa Terra é nosa! A xeira das Irmandades da Fala (1916-1931)*. A Coruña: Baía.
- Lapa, Manuel Rodrigues (2001). *Cartas a Francisco Fernández del Riego sobre a cultura galega*. Vigo: Galaxia.
- López Varela, Elisardo (2001). *Unha casa para a lingua. A Real Academia Galega baixo a presidencia de Manuel Murguía (1905-1923)*. A Coruña: Espiral Maior.
- Lugrís Freire, Manuel (1922). *Gramática do Idioma Galego*. A Coruña: Imp. Zincke Hnos.
- Maceira Fernández, Xosé Manuel (2005). *Leandro Carré Alvarellos na literatura galega. Anexo*. Tese de doutoramento, inédita, tomo II, Universidade de Santiago de Compostela.
- Maceira Fernández, Xosé Manuel (2014). *Leandro Carré. Un século de cultura e compromiso*. Santiago de Compostela: Alvarellos.
- Monteagudo, Henrique (2008). “Limiar”. En Piñeiro, Ramón, *A linguaxe e as linguas*, 9-46. Vigo: Galaxia.
- Piñeiro, Ramón (1971). “Gallego 1. Instituto de la Lengua Gallega”, *Grial* 33, 363-364.
- Piñeiro, Ramón (2007) [1967]. *A linguaxe e as linguas*. Vigo: Galaxia.
- Piñeiro, Ramón, & Losada, Basilio (2009). *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia (1961-1984)*. Edición de María Xesús Lama e Helena González. Vigo: Galaxia.
- R. A. [Leandro Carré Alvarellos] (1919). *Compendio de Gramática Gallega*. A Cruña: Imprenta Nova. Biblioteca Galeguista.

- Real Academia Gallega (1967). *Primera y segunda asambleas lusitano-gallega. Actas y comunicaciones*. Madrid: Editora Nacional.
- Real Academia Gallega (1970). *Normas ortográficas do idioma galego*. A Cruña: RAG.
- Real Academia Gallega (1971). *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Cruña: RAG.
- Risco, Sebastián (1968). “Función da Academia no futuro da Língua”. En *O porvir da lingua galega*, 21-25. Lugo: Círculo de las Artes.
- Rodríguez Sánchez, Francisco (1996). “Definición, características e periodización da literatura galega”. En Ansedo, Alberte, & Sánchez, Cesáreo (dirs.), *Historia da literatura galega*, vol. 1, 5-32. Vigo: AS-PG & A Nosa Terra.
- Rubiralta Casas, Fermi (1998). *De Castelao a Mao. O novo nacionalismo radical galego (1959-1974): orixes, configuración e desenvolvemento inicial da U.P.G.* Santiago de Compostela: Laiovento.
- Saco Arce, Juan A. (1868). *Gramática gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- Samartim, Roberto López-Iglésias (2005). “Ideia de Língua e Vento Português na Galiza do Tardofranquismo: o caso de Galaxia”, *Agália* 83/84, 9-50.
- Samartim, Roberto López-Iglésias (2012). “Língua somos: A construción da idea de lingua e da identidade colectiva na Galiza (pré-)constitucional”. En *Novas achegas ao estudo da cultura galega II*, 27-36. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2005). “Trazos xerais da tradición gramatical galega”, *Revista Galega de Filoloxía* 6, 93-121.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2009). “Manuel Lugrís Freire, gramático”. En Fernández Pérez-Sanjulián, Carme, García Negro, María Pilar, & Rabuñal Corgo, Henrique (eds.), *Congreso sobre Lugrís Freire*, 107-129. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2016): “Descrición e prescrición na *Gramática do idioma galego* de Lugrís Freire (1922, 1931)”. En Fernández Pérez-Sanjulián, Carme (ed.), *As Irmandades da Fala cen anos despois*, 141-156. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Santamarina Fernández, Antón (2009). “Informe de Ramón Piñeiro á Real Academia Galega”, *BRAG*, 370, 7-17.
- Vaqueiro, Vítor, & Xamardo, Nicolás (2017). *Da identidade à norma. Língua, singularidade, consenso, antilusismo, reintegracionismo, jornalismo: de Galicia Confidencial a Sermos Galiza*. Santiago de Compostela: Laiovento.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Área de Filoloxía Galega e Portuguesa

Outras publicacións:

Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor”

1. Xaime Quintanilla: DONOSIÑA (Edición e estudo de Laura Tato)
2. Denis Diderot: O PARADOXO SOBRE O ACTOR (Ed. bilingüe de X. Carlos Carrete Díaz e Francine Sucarrat Boutet)
3. Antón Villar Ponte: ENTRE DOUS ABISMOS E NOUTURNIO DE MEDO E MORTE (Edición e estudo de Emílio Xosé Ínsua López)
4. Oscar Wilde: ERNEST (Edición bilingüe de Miguel Pérez Romero)
5. Aristóteles: POÉTICA (Edición bilingüe de Fernando González Muñoz)
6. Hildegarde de Bingen: O DESFILE DAS VIRTUDES (Edición bilingüe de Xosé C. Santos Paz)
7. Ramón Otero Pedrayo: O FIDALGO E O TEATRO. TRES TEXTOS DRAMÁTICOS (Edición e estudo de Xosé Manuel Sánchez Rei)
8. TRES PEZAS CÓMICAS MEDIEVAIS (Edición bilingüe de Henrique Harguindey Banet)
9. Pedro P. Riobó Sanluís: O TEATRO GALEGO CONTEMPORÁNEO (1936-1996)
10. O TEATRO DE CHARLES BAUDELAIRE. PROXECTOS (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
11. Ricardo Carvalho Calero: ESCRITOS SOBRE TEATRO (Edición de Laura Tato)
12. António Ferreira: CASTRO (Edición e estudo de M^a Rosa Álvarez Sellers)
13. Rosvita de Gandersheim: OBRA DRAMÁTICA (Edición bilingüe de Xosé C. Santos Paz)
14. Llorenç Villalonga: DESBARATOS (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
15. José Oliveira Barata: O ESPAÇO LITERÁRIO DO TEATRO. ESTUDOS SOBRE LITERATURA DRAMÁTICA PORTUGUESA
16. Alexandre Ballester: NUN PREGUE DE VELUDO (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
17. O TEATRO DE XAN DA COVA. LA GALICIANA E MARÍA PITA (Ed. e estudo de Goretti Sanmartín Rei)
18. Josep Pere Peyró: DESERTOS (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
19. Afonso Álvares: AUTO DE SANTIAGO (Edición e estudo de Juan M. Carrasco González)
20. Ramón Cabanillas: A VIRXE DO CRISTAL (Edición de Manuel Ferreiro e Goretti Sanmartín Rei)
21. TEATRO BRASILEIRO: TEXTOS DE FUNDAÇÃO (Edición e estudo de Maria Aparecida Ribeiro)
22. Roberto Cordovani: TEATRO BRASILEIRO NA GALIZA (Edición de Eisenhower Moreno)
23. Joan Guasp: O VENDEDOR DE AMENDOÍNS (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
24. François Riccoboni: A ARTE DO TEATRO (Edición bilingüe de Roberto Salgueiro)
25. M^a Isabel Morán Cabanas: FESTA, TEATRALIDADE E ESCRITA. ESBOÇOS TEATRAIS NO CANCIONEIRO GERAL DE GARCIA DE RESENDE
26. Ana Kiffer: ANTONIN ARTAUD. UMA POÉTICA DO PENSAMENTO (Prefácio de Evelyne Grossman)
27. Paulino Pereiro: A MÚSICA TEATRAL [SG]
28. Francisco Gomes de Amorim: FÍGADOS DE TIGRE (Edición e estudo de Carme Fernández Pérez-Sanjulián)
29. Gil Vicente: FARSA DOS ALMOCREVES (Edición e estudo de Xoán Carlos Lagares)
30. Manuel María: EDIPO (Estudo introdutorio de Miguel A. Mato Fondo)
31. Eugène Labiche [e Marc-Michel]: UN CHAPEU DE PALLA ITALIANA (E. bilingüe de Ana Luna Alonso)
32. Manuel Lourenzo: INSOMNES (Estudo introdutorio de Carlos Paulo Martínez Pereiro)

-
33. Cándido A. González: ¡MAL OLLO!... (Edición de Manuel Ferreiro e Laura Tato)
 34. Iolanda Ogando: TEATRO HISTÓRICO: CONSTRUCCIÓN DRAMÁTICA E CONSTRUCCIÓN NACIONAL
 35. Euloxio R. Ruibal: MINIMALIA. 20 PEZAS DE TREATRO BREVE (Estudo introd. de Inmaculada López Silva)
 36. Antoni Nadal: O TEATRO MALLORQUINO DO S. XX
 37. Emilio Xosé Ínsua López: SOBRE O MARISCAL, DE CABANILLAS E VILLAR PONTE
 38. Xesús Pisón: NOITE INVADIDA (Estudo introdutorio de Henrique Rabuñal)
 39. Duarte Ivo Cruz: O TEATRO PORTUGUÊS: ESTRUTURA E TRANSVERSALIDADE
 40. Afonso Becerra de Becerreá: O RITMO NA DRAMATURXIA. TEORÍA E PRÁCTICA DA ANÁLISE RÍTMICA (A PARTIR DA PRIMEIRA DRAMATURXIA GALEGA EN VERSO)
 41. DOCUMENTOS PARA A HISTORIA DO TEATRO GALEGO (1919-1924) (Ed. de Silvana Castro García)
 42. QUE (NON) É O TEATRO? [Manuel Lourenzo / José Oliveira Barata] / CATÁLOGO DE PUBLICACIÓNS (1997-2005)
 43. Marica Campo: CONFUSIÓN DE MARÍA BALTEIRA (Estudo introdutorio de María Pilar García Negro)
 44. Manuel Lugrís Freire: A COSTUREIRA D'ALDEA (Edición e estudo de Teresa López)
 45. Hélène Cixous: A CONQUISTA DA ESCOLA DE MADHUBAI (Ed. bilingüe de Purificación Cabido Pérez)
 46. Uxío Carré Aldao: MEMORIA CRÍTICO-BIBLIOGRÁFICA SOBRE EL TEATRO REGIONAL GALLEGO (Edición de Xoán López Viñas)
 47. Manjula Padmanabhan: LUCES FÓRA! (Edición bilingüe de Antía Mato Bouzas)
 48. Teresa Rita Lopes: COISAS DE MULHERES! TEATRO REUNIDO (Prefácio de Perfecto E. Cuadrado)
 49. D. Francisco Manuel de Melo: O FIDALGO APRENDIZ (Edição e estudo de Evelina Verdelho)
 50. Aristóteles: POÉTICA (Segunda Edición bilingüe revisada de Fernando González Muñoz)
 51. Carlo Gozzi: TURANDOT. Volume I (Edición crítica italiana e versión galega de Javier Gutiérrez Carou)
 52. Carlo Gozzi: TURANDOT. Volume II (Edición crítica italiana e versión galega de Javier Gutiérrez Carou)
 53. Luís de Camões: AUTO CHAMADO DOS ENFATRIÓES (Edição e estudo de Leticia Eirín García)
 54. Marica Campo: O DIVINO SAINETE (Adaptación teatral da obra homónima de Curros Enríquez)
 55. Antonio Gramsci: ESCRITOS SOBRE TEATRO I [1916-1917] (Ed. e versión galega de Xesús González Gómez)
 56. Antonio Gramsci: ESCRITOS SOBRE TEATRO II [1918-1920] (Ed. e versión galega de Xesús González Gómez)
 57. Camilo Castelo Branco: O MORGADO DE FAFE EM LISBOA E O MORGADO DE FAFE AMOROSO (Edição e estudo de Carlos Paulo Martínez Pereiro)
 58. Xosé Teixeiro: DOUTOR, POR FAVOR, MÁTEME CON XEITO (Edición bilingüe de Francine Sucarrat Boutet e Xosé Carlos Carrete Díaz / Prefacio de Carlos Paulo Martínez Pereiro)
 59. Laura Tato Fontañá: RELACIÓN DE NOTICIAS SOBRE TEATRO NOS FONDOS DA BIBLIOTECA-ARQUIVO TEATRAL 'FRANCISCO PILLADO MAYOR' (1882-1975)
 60. Alva Martínez Teixeira: O HERÓI INCÓMODO – UTOPIA E PESSIMISMO NO TEATRO DE HILDA HILST
 61. Iolanda Ogando: ALMEIDA GARRETT, RETRATO PARATEXTUAL COM TEATRO AO FUNDO
 62. Henrique Rabuñal: O TEATRO EN JENARO MARINHAS DEL VALLE
 63. Pepetela: A REVOLTA DA CASA DOS ÍDOLOS (Edição e estudo de Francisco Salinas Portugal)
 64. Raúl Dans: MATALOBOS (Estudo introdutorio de Dani Salgado)
 65. Octave Mirbeau: OS MALOS PASTORES (Edición bilingüe de María Obdulia Luis Gamallo)
 66. Teresa Moure: CÍNICAS (Estudo introdutorio de Carlos Paulo Martínez Pereiro)
 67. Maria de Lourdes Nunes Ramalho: A FEIRA. O TROVADOR ENCANTADO (Edição e estudo de Maria de Lourdes Nunes Ramalho, Valéria Andrade e Ria Lemaire)
 68. A ARCA DE NOÉ (Tradución ao galego de Noah's Ark do Newcastle (non-cycle) Play e The Fall of Angels (York Cycle)) (Edición bilingüe de Isabel Moskowich, Begoña Crespo e Cristina Mourón Figueroa)
 69. Leandro Carré: TEATRO RECUPERADO (Edición de Carlos Caetano Biscainho Fernandes)
 70. Julio Montero, Paulino Pereiro e Juan Pérez Berná: MÚSICA ESCÉNICA. TRES PROPOSTAS [Libro/CD] (Prefacio de Carlos Paulo Martínez Pereiro)
 71. A. D. R. Castelao, G. Salinas, A. Nan de Allariz, E. Charlón e M. S. Hermida, E. Balás, X. M. López Castiñeiras, S. Cabeza de León, M. Posse, X. Ares, M. Vidal e M. Rei Pose: TEXTOS RECUPERADOS (Edición de Iolanda Ogando e Estudo introdutorio de Laura Tato)
 72. MACHADO DE ASSIS E A MUNDANA COMÉDIA. CINCO PEÇAS TEATRAIS (Edição e estudo de Alva Martínez Teixeira e Carlos Paulo Martínez Pereiro / Prefácio de Marco Lucchesi)

Serie “Clásicos e Modernos”

Área de Filoloxía Galega e Portuguesa

1. CLÁSICOS E MODERNOS / 1 (1999). Xosé Luís Méndez Ferrín (Álvaro Cunheiro), Pilar Pallarés (Manuel Antonio) e Xosé M^o Álvarez Caccamo (Celso Emilio Ferreiro).
 2. CLÁSICOS E MODERNOS / 2 (2000). Manuel María (Ánxel Fole), Xosé Manuel Martínez Oca (Castelao), Xosé Carlos Caneiro (Otero Pedrayo) e María Xosé Queizán (Blanco Amor).
-

Actas

CASTELAO NA GALIZA DO SÉCULO XX (2000). En colaboración coa ASPG.

RICARDO CALVALHO CALERO, MEMORIA DO SÉCULO (2002). En colaboración coa ASPG.

Revista Galega de Filoloxía. Números publicados

REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 1.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 2.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 3.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 4.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 5.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 6.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 7.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 8.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 9.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 10.

REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 11.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 12.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 13.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 14.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 15.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 16.
REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA, nº 17.

Monografías

1. Xosé Manuel Sánchez Rei: OS PRONOMES DEMOSTRATIVOS: DO LATÍN AO GALEGO CONTEMPORÁNEO.
2. Ramón Mariño Paz: O IDIOMA GALEGO NO LIMAR DA SÚA RENACENZA.
3. Xosé Ramón Freixeiro Mato: OS MARCADORES DISCURSIVOS. CONECTORES CONTRAARGUMENTATIVOS NO GALEGO ESCRITO.
4. Xoán Carlos Lagares: O XÉNERO GRAMATICAL EN GALEGO.
5. José António Souto Cabo: DOCUMENTOS GALEGO-PORTUGUESES DOS SÉCULOS XII E XIII.
6. Xosé Manuel Sánchez Rei: O COMPLEMENTO PREPOSICIONAL EN GALEGO. ANÁLISE DESDE A GRAMÁTICA DE VALENCIAS.
7. Goretta Sanmartín Rei (editora): CONSIDERACIÓNS SOBRE A DECADENCIA E A REHABILITACIÓN DA LINGUA GALEGA. HOMENAXE A MANUEL GARCÍA BLANCO.
8. Xoán López Viñas: DICCIONARIO DE AFIXOS E VOCES AFIXADAS DO GALEGO MEDIEVAL.
9. Leticia Eirín García / Xoán López Viñas (editores): LINGUA, TEXTO, DIACRONÍA. ESTUDOS DE LINGÜÍSTICA HISTÓRICA.
10. María Aldina Marques / Xosé Manuel Sánchez Rei (editores): NOVAS PERSPECTIVAS LINGÜÍSTICAS NO ESPAÇO GALEGO-PORTUGUÊS.
11. María Álvarez de la Granja / Ana Boullón Agrelo / Ernesto González Seoane (editores): APROXIMACIÓNS Á VARIACIÓN LEXICAL NO DOMINIO GALEGO-PORTUGUÊS.

ESTA OBRA
SAÍU DO PRELO
DE LUGAMI EN BETANZOS
O DÍA
10 DE NOVEMBRO DE 2017

